

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

utad

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA

A FENDA DIXITAL
LA BRECHA DIGITAL
e as súas implicacións educativas
y sus implicaciones educativas

Xosé Manuel Cid Fernández
Xesús Rodríguez Rodríguez
coords.

nova escola galega

A FENDA DIXITAL

E AS SÚAS IMPLICACIÓNS EDUCATIVAS

Cid Fernández X. M., Rodríguez Rodríguez, X. (Coords).

Imprime: Tórculo Artes Gráficas, S.A.

Deseño e fotografía da cuberta: José María Mesías Lema

ISBN: 978-84-611-6458-5

Depósito Legal: C 1105-2007

INDICE

Páx.

Prólogo ix

CONFERENCIAS

Educar e educarse na era dixital (Domingo Docampo Amoedo) 3

Catorce anos de Pé de Imaxe (Miguel Vázquez Freire) 9

A Escola no Laberinto Tecnológico (Manuel Area Moreira) 39

La Contribución de las TICs al desarrollo y progreso de la Escuela Rural del S. XXI (Esther del Moral Pérez) 67

Las Brechas Digitales y la Educación (Javier Echevarría) 79

MESA REDONDA

A Fractura Digital Em Portugal (Joaquim Escola) 95

As TIC na Sociedade Galega: En 2005, agardando aínda por un plan (Roberto V. Noguerol) 111

De fendas internas. Consideracións sobre a influencia das TIC no desenvolvemento organizativo e profesional dos centros educativos (Lourdes Montero Mesa) 125

Sobre brechas digitales y puentes. Apuntes para analizar las políticas de inclusión social (Adriana Gewerc Barujel) 135

EXPERIENCIAS

As TIC como instrumento dinamizador nas bibliotecas escolares (María José Vitorino Gonçalves) 145

As TIC como instrumento dinamizador na biblioteca escolar (Cristina Novoa) 151

Experiencia informática en contextos de educaçao de Infancia (ICEI) (Uma experiencia no jardim de infancia de Parada de Cunhos Vila Real (María Gabriel Bulas Cruz, Margarida María Gomes Teixeira) 161

Educación Vial e Matemáticas. Unha Experiencia mediante o uso das T.I.C. (Luis Carlos Cachafeiro Chamosa) 179

"Ponte... Nas Ondas". Novas e vellas tecnoloxías ao servicio da interculturalidade (Xosé M. Cid, Xerardo Feijoo, Santiago Veloso) 193

O Hipertexto como alternativa ao libro de texto (Alicia Eva Garea Traba) 215

COMUNICACIÓNS

BLOQUE **A**. *As TIC nos Concellos*

A Estrada Dixital (Carlos Andújar) 235

Lugo Dixital (Julio González Lavandeira) 247

Vilas Dixitais. Internet ao servizo dos cidadáns (Manuel Cainzos López) 251

As Tecnoloxías da Información e Comunicación no Ensino. A Ciberescola de Pedrouzos e o Ciberinstituto de Viceso no Concello de Brión (Yolanda García Vázquez, Francisco Xosé Armas Quintá, Xosé Carlos Macía Arce) 255

Web educativa municipal (Ana Isabel Quián Roig, José Rodríguez Martínez) 267

Alfabetización dixital: Realidade e experiencia (Carmen Mª Prego Lamas) 273

O plan de alfabetización dixital para a provincia de A Coruña. Realidade da legislatura 1999-2003 (Carlos M. Varela Ulla) 279

BLOQUE **B**. *As TIC na sociedade do coñecemento*

La alfabetización Digital: Hacia una correcta concepción del Proceso (Álvaro Lorenzo Rey) 295

A Comunicaçao educativa e os desafíos da Sociedade do Conhecimento (Joaquim José Jacinto Escola) 307

O uso das Novas Tecnoloxías nun programa de dinamización sociocultural e integración social de persoas en situación de risco social (Ana Isabel Castro Rodríguez) 319

Formación de Adultos para el uso de las TIC: Unha experiencia con personas mayores de 60 años (Miguel Ángel Nogueira Pérez, Mª del Mar Fernández Sestelo) 327

As TICs ao serviço do ensinar/aprendendo-do lúdico ao (in) formativo (Isaura Gomes de Sousa) 337

TIC e Libros de Texto, ¿Qué aprendemos ou non aprendemos do pasado? (Xesús Rodríguez Rodríguez) 347

BLOQUE **C**. *As TIC na Universidade*

Papel del "Teletutor" en el modelo de Educación a Distancia (Julia María Crespo Comesaña) 357

La utilización didáctica del reproductor de vídeo en el ámbito universitario (Eva Mónica Martínez Suárez) 365

Experiencias de formación con Squeak (Fernando Fraga, Adriana Gewerc) 373

Observatorio Galego de E-Learning (María I. Doval Ruíz, Beatriz Cebreiro López, Carmen Fernández Morante, Marta Fernández Prieto, Javier García Tobío, Manuel Gromaz Campos, María José Rodríguez Malmierca) 387

BLOQUE **D**. *Valores e TIC*

A educación en valores ante a influencia dos medios de comunicación e da publicidade (Mª del Carmen Caldeiro Pedreira) 397

Contributo das TIC na educaçao para os valores (María Carolina Lopez Sousa Carneiro) 407

Afecto X: Una propuesta de educación sexual y nuevas tecnologías (Miguel Caneda Barreiro) 413

Aproximación virtual a la ciencia y la música a través de la pintura (Rocío Chao Fernández, Marina Fernández Bouza, Mª José Fernández Yánez, Rosa Ana Fernández, Mª José Vergara) 419

BLOQUE **E**. *Selección de Sofware*

La selección de sofware educativo (José Rodríguez Martínez, Ana Isabel Quián Roig) 431

A utilización de materiais didácticos en soporte impreso e dixital. Unha oportunidade para reflexionar sobre o papel dos recursos educativos na nosa práctica docente (Montse Castro Rodríguez, Xesús Ferreiro Núñez, Inés García Seijo, Xesús Rodríguez Rodríguez, Rosa María Vicente Álvarez) .. 439

Os materiais curriculares em suporte impreso e digital e as dificultades de aprendizagem (Margarida María Ferreira Delgado Paiva) 455

BLOQUE **F**. *O uso das TIC*

A Utilizaçao de software educativo multimedia na superaçao de dificultades de lectura e de escrita, no 1º ciclo do E.B. (Ana María Bastos) ... 465

Estudio da implementaçao das TIC nas Escolas do 1º ciclo do concelho de Gondomar (Paula Alves Cuadros Flores, António Flores) 475

A Par e Passo: A Escola, os profesores e as TIC (Paula Alves Cuadros Flores, António Flores) 485

Formaçao docente para o uso educativo das tecnologías da informaçao e a comunicaçao na escola (Mª Pilar Vidal Puga, Bettina Sterem dos Santos) .. 495

A Fenda dixital conxugando elementos lúdicos e educativos (Rocío Chao Fernández, Vicente López Pena) 503

CONCLUSIÓNS 515

PRÓLOGO

O libro que tedes nas vosas mans é froito dun intenso traballo de reflexión e análise que durante varios días tivo lugar na Casa de Cultura do Concello de Silleda e na que participaron diversos profesores e profesionais do mundo do ensino.

O propósito fundamental dos organizadores do congreso foi o de provocar un debate ao redor das Tecnoloxías da Información e a Comunicación e que tivera como principal fío condutor a problemática da Fenda Dixital. O certo é que logo dun tempo falando das TIC, comezan a xerarse numerosas cuestións, preguntas, problemas ao redor destes medios, moitos deles relacionados coa posible Fenda Dixital, nun tempo no que tamén se fala de incerteza. Durante moitos anos vivimos e por suposto seguimos vivindo uns momentos de ilusión e de interese por querer introducir as Tecnoloxías da Información e da Comunicación na aula. Pero tamén é certo que ultimamente, comezan a abrollar, novas preguntas e interrogantes, que nos preocupan e que se constituíron moitos deles en importantes guías a través das cales desenvolver o congreso. Contribúen as TICs a que sexamos máis iguais ou desiguais? Están os distintos centros, colectivos, etc., en igualdade de condicións para afrontala mesma "velocidade" que nos impoñen as TIC?, son tan diferentes os problemas que temos coas TIC na nosa escola dos que temos con outros medios?, que teñen que dicir os concellos nesta historia? Estas e outras cuestións foron obxecto de discusión ao longo deste congreso.

Aínda que estamos ante un tema específico dentro do campo da Tecnoloxía Educativa (A Fenda Dixital), é unha das cuestións nas que hai que ter en conta un maior número de perspectivas (dende a pedagoxía, socioloxía, psicoloxía...) e no que se necesita contar cun variado número de profesionais da escola e de fóra da escola. Neste senso, quixemos contar con perspectivas do rural, do urbano, do formal, do non formal, a opinión dos centros de primaria e secundaria, o mundo universitario... Un dos aspectos que resultou especialmente enriquecedor foi o cruce de perspectivas entre os participantes de Galicia e Portugal.

A continuación presentamos dun modo resumido o que debatemos e analizamos estes días a través das conferencias, mesas redondas, experiencias e as comunicacións.

En canto ás conferencias, o reitor da Universidade de Vigo Domingo Docampo, no seu traballo ***Educar e Educarse na Era Dixital***, enfía algunhas reflexións sobre o papel do profesor na sociedade da información e o coñecemento; unha sociedade que pon en valor a capacidade de extraer

coñecemento a partires da información recibida. Unha sociedade abondosa en información de doado acceso.

O profesor Miguel Vázquez Freire na súa conferencia ***Catorce Anos de Pé de Imaxe***, axudounos a recordar algúns dos inicios das TIC en Galicia, tendo como punto de partida todo o traballo desenvolto polo Grupo de Pé de Imaxe (Nova Escola Galega) na Coruña. Hoxe é un moi bo momento para retomar, para ver ao mellor en que medida o que se formulaba por entonces segue tendo vixencia na actualidade, que foi o que se cumpriu ou non se cumpriu do que se esperaba, que persiste ou non persiste daquelas inquedanzas ou necesidades que o profesorado galego tiña en relación con este tema e que preguntas seguen no tinteiro.

O profesor Manuel Area achegounos á ***escola no Labirinto Tecnolóxico*** e analiza cales sons algúns dos principais desafíos aos que se enfronta a escola como institución tendo como referente a revolución tecnolóxica que se está a producir nos eidos económicos, sociais e culturais e realiza unha análise dos problemas e retos educativos da institución escolar.

A profesora Esther del Moral, achegounos á ***contribución das TIC ao desenvolvemento e progreso da escola rural do s. XXI*** e realiza unha análise da situación da escola rural e reflexiona sobre as contribucións das TIC ao desenvolvemento da escola rural.

O profesor Javier Echeverría, no seu texto ***As brechas dixitais e a educación***, discutiu a Brecha dixital como unha nova forma de desigualdade que se manifesta de diversas maneiras e escalas e reflexiona sobre o papel das escolas, da educación e as Tecnoloxías como recursos para loitar contra a brecha dixital.

Na mesa redonda, ***A Fenda Dixital en Galicia e Portugal***, os profesores/as Lourdes Montero, Alfonso García Tobío, Adriana Gewerc, Joaquim Escola e Roberto Noguerol, presentaron diferentes visións sobre este problema e propuxeron diferentes medidas para loitar contra a Fenda Dixital.

A través das experiencias, temos a oportunidade de coñecer de primeira man as achegas das TIC no traballo nas escolas, así como as dificultades que se encontran no desenvolvemento das iniciativas.

As profesoras José Vitorino Gonçalves (Portugal) e Cristina Novoa (Galicia), presentaron a experiencia ***as achegas das TIC como instrumento dinamizador nas bibliotecas escolares,*** na que nos dan conta da diversidade das posibilidades que ofrecen as TIC, no traballo coas bibliotecas.

A profesora María Gabriel Bulas Cruz e Margarida María Gomes Teixeira, presentáronnos a súa experiencia ***informática en contextos de educaçao de infancia (ICEI)***. ***Unha experiencia no jardim de infância de Parada de Cunhos en Vila Real.*** Este sub-proyecto foi desenvolvido para apoiar a utilización e crear hábitos de convivencia coas novas tecnoloxías nos nenos en idade

preescolar, en xardins de infancia localizados na rexión de Trás-os-Montes e Alto Douro.

O profesor de Matemáticas Luís Cachafeiro, do IES Pontepedriña, descríbenos a experiencia ***Educación Vial e Matemáticas. Unha experiencia mediante o uso das TIC***. Nesta presentación quíxose mostrar como as TIC permiten realizar enfoques do traballo nas Matemáticas desde unha metodoloxía diferente da clásica.

Xerardo Feijóo, Santiago Veloso, Lourdes Carita e Xosé Manuel Cid preséntanos a fermosa e recoñecida experiencia ***"X anos de Ponte nas Ondas".*** Unha experiencia pedagóxica que na súa orixe fomentaba a radio interescolar, co obxectivo de buscar elementos culturais transfronteirizos, e procurar pontes que eliminen as barreiras de comunicación que se construíron con estas fronteiras, tanto entre pobos veciños da raia galego-portuguesa, como entre pobos máis afastados, portadores de elementos culturais e lingüísticos semellantes, mediante a emisión dos programas por internet. Trátase dunha actividade que pretende a toma de conciencia do valor que encerra a nosa cultura tradicional e da necesidade da súa incorporación nos procesos educativos e nos procesos de difusión e creación cultural.

A profesora de Filosofía Eva Garea contounos a súa experiencia ***O hipertexto como alternativa ao libro de texto. Unha experiencia de traballo a través de internet no ensino da Filosofía***, na que relata a súa experiencia co traballo coas TIC no ámbito das clases de Filosofía no IES Virxe do Mar ao longo de xa, case sete cursos académicos.

No transcorrer do congreso presentáronse varias comunicacións, que agrupamos nos seguintes bloques fundamentais: **As TIC nos concellos, As TIC na sociedade do coñecemento, Valores e TIC, Selección de Software e O uso das TIC.** A presentación dos relatorios foi un dos aspectos do Congreso Ibérico que nos produciu moita satisfacción, tanto polo elevado número de investigadores interesados neste foro de debate e intercambio científico, como pola calidade das achegas, tanto do lado galego como do norte de Portugal.

Isto animanos a organizar o Congreso como un evento de carácter bianual, tomando como referencia a vila de Silleda, ideal para favorecer a participación das universidades convocantes, debido á súa posición xeográfica e aos equipamentos que ofrece para facilitar a realización do evento. O persoal da Casa de Cultura acolleu o Congreso con moito entusiasmo, e contribuíu ao seu éxito, feito que xoga a favor de manter esta sede. Aínda que se poida ir alternando con algunha edición en terras de Tras-Os-Montes, para reforzar o carácter ibérico, unha nova convocatoria en Silleda axuda a consolidar o proxecto.

Con todos estes factores favorábeis, debemos, non obstante, adiar a realización do segundo á primavera do ano 2008, pois nin a edición das actas, nin a continuidade do Congreso están entre os principais intereses do actual rexedor

municipal. Non é viable polo tanto falar da nova edición do Congreso ata despois de realizadas as eleccións municipais, pois este feito sí que pode incidir decisivamente para manter a sede actual ou trasladarse a outra localidade. A pesar do desinterese amosado nestes últimos meses, debemos agradecer ao Concello, en particular ao Alcalde e Concelleiro de Cultura, o apoio prestado para a organización do I Congreso Ibérico, tanto pola achega económica e de equipamentos, como pola colaboración do persoal destinado na Casa de Cultura. Por suposto, para eles, o noso recoñecemento.

Así mesmo, como coordinadores deste libro, temos que agradecer o respaldo de Nova Escola Galega e das Universidades de Coruña, Santiago, Vigo e Tras-Os-Montes, organizadoras do encontro, así como as achegas aos comités organizador e científico, e aos autores e autoras das colaboracións aquí recollidas.

Santiago, 30 de decembro de 2006

Xesús Rodríguez Rodríguez

Xosé Manuel Cid Fernández

CONFERENCIAS

Conferencia Inaugural

EDUCAR E EDUCARSE NA ERA DIXITAL

Domingo Docampo Amoedo
Reitor Universidade de Vigo (1998-2006)

As ideas que vou expor son resultado da miña experiencia como educador, e ultimamente como xestor educativo, e do saudable exercicio da dúbida e posta en cuestión dos saberes adquiridos, do que J.K. Galbraith chamara, en expresión de non doada tradución, "conventional wisdom".

Non deben pois considerarse aportacións científicas, tal como o meu colega e amigo Xosé Manuel Cid xenerosamente indicou na súa presentación, mais espero axuden a aguillar o debate sobre algunhas cuestións relevantes no tema que hoxe nos ocupa neste espléndido marco da Casa da Cultura de Silleda.

O obxectivo da miña intervención é enfiar algunhas reflexións sobre o papel do profesor na sociedade da información e o coñecemento; unha sociedade que pon en valor a capacidade de extraer coñecemento a partires da información recibida. Unha sociedade abondosa en información de doado acceso.

Albert Borgmann (Borgmann, 1999) fala do enorme incremento da nosa capacidade de seleccionar libremente a información que consumimos; advirte que "a cultura contemporánea está próxima a unha condición na que a fartura de información pode ser aínda máis perniciosa que a súa escaseza en tempos pasados. Así como neste último caso estariamos presos na escuridade da ignorancia, hoxe en día podemos acabar cegados polo escintileo da información excesiva e confusa".

O mesmo efecto de saturación témolo coas tecnoloxías, que xogan un papel importante, se convenientemente asimiladas e desmitificadas son instrumento dúctil para viaxar con fasquía no mar da información, pero acaban sendo un atranco se, totemizadas, perden a súa condición de instrumento para converterse en fin.

Hai uns meses visitábanos en Vigo Manuel Castells, autor dun ensaio que pode considerarse a biblia da sociedade da información (M. Castells, 2000); díxonos que a partires da análise realizada durante a súa prolongada estadía en Norteamérica chegara á conclusión de que para garantir a mellor preparación dunha persoa en calquera campo de especialidade o máis importante é que a primeira formación sexa de caracter xeral, que desenvolva a capacidade de

aprender moitos máis conceptos cós que son propios dunha soa disciplina; díxonos ademais que a Universidade debera prestar menos atención aos cantos de serea con que as veces nos sorprenden as profesións (formar profesionais moi competentes con contidos e coñecementos moi concretos e moi axustados ás necesidades específicas da empresa e da industria) xa que podemos confundir o esencial co accesorio, fornecer pan para hoxe e fame para o día de mañá, e defraudar as expectativas dos nosos estudantes coa vista posta no longo prazo.

Parece xa que logo que podemos concluír coa primeira tese desta mañá, a necesidade de volver a centrar a educación en mellorar a capacidade de aprendizaxe do estudante.

Sentada pois a tese de que aprender a aprender segue sendo o principal obxectivo da educación, nomeadamente na era dixital, falemos agora do valor do coñecemento na sociedade actual. Recordo e cito frecuentemente, unha conferencia de Pedro Miguel Etxenike (Etxenike, 2001) na que contrapuña con moitísima habilidade as dúas visións tantas veces enfrontadas na educación: a de aqueles que confían na utilidade do coñecemento fronte aos que todo o fían ao coñecemento do útil. Os estudantes precisan de contextos educativos que promovan e faciliten desenvolveer a capacidade de aplicar por si mesmos os coñecementos para logo tirar partido desa habilidade nun proxecto concreto ou nunha situación particular.

Desde logo, non é enchendo os programas con múltiples e repetitivas aplicacións (habitualmente de encerado) como se desenvolve este tipo de capacidade. É preferible axudar a que o estudante constrúa a súa armazón intelectual e logo brindarlle ocasións nas que poida utilizar o seu coñecemento. Nos modelos de aprendizaxe que se teñen demostrado eficaces procúrase facilitar que os estudantes aprendan facendo e fagan aprendendo, que tomen iniciativas no proceso de aprendizaxe. Lembro, a ese respecto, que a segunda vez que fun como profesor visitante aos Estados Unidos cos meus fillos, o máis vello cursaba unha materia de introdución á tecnoloxía. O primeiro día de curso pola noite contoume que nesa clase ían desenvolver ao longo do cuadrimestre un proxecto: construír unha maqueta dunha pequena vila, con servizos xerais de alumeado, sumidoiros, etc. O tempo de clase sería aproveitado para que os grupos de traballo, nos que o profesor dividira aos estudantes, resolveran xuntos coa axuda do mestre as súas dúbidas, mais a iniciativa ficaba nos estudantes. Anos máis tarde a miña filla pequena tivo que aprender nun curso de pretecnoloxía a lista dos instrumentos que se utilizan en carpintería, albañilería, etc. Unha das estratexias axuda a facer aprendendo e a aprender facendo. A outra non semella ir ben encamiñada, ¿Non si?

A sacralización dos contidos ten feito moito dano en todos os niveis educativos. En particular, o volume de contidos dos programas universitarios obriga aos estudantes a realizar un gran esforzo con escaso rendemento. Unha

mellor planificación das tarefas docentes e da aprendizaxe podería tirar maior partido do esforzo estudantil, ao tempo que contribuiría notablemente a reducir a taxa de fracaso e a conseguir que os estudos universitarios se achegasen na súa duración real á que está nominalmente prevista.

O coñecemento non se transmite, adquírese con motivación e esforzo. Desde a información pódese extraer coñecemento se se dispón da capacidade de aprendizaxe necesaria e do bagaxe previo de coñecementos asimilados. Non todo é cuestión de canto se non de cómo, por qué e para qué. Se pensamos en xerar contextos de aprendizaxe naturais, pronto descobremos que existen variadas formas que estimulan aos estudantes a chegar ao coñecemento, ás que hai que atopar acomodo no traballo previsto para eles nos planos de estudo. O novo concepto de crédito europeo, ao valorar o labor global do estudante, introducirá sen dúbida unha revolución nas aulas, que poderán converterse pouco a pouco en lugares aos que se vai a aprender, como gustaba dicir o malogrado Antoni Caparrós, colega reitor que foi da Universidade de Barcelona.

Segunda tese pois que avanzo nesta mañá: hai que deixarlles aos estudantes tempo para pensar, procurar que tomen a iniciativa e facilitar que aprendan a manexar o seu tempo; para conseguilo, debemos aliviar a carga de contidos dos planos de estudo, xa que o obxectivo non é acabar o programa, senón que os estudantes aprendan o que se pode aprender, como xa dixera oportunamente Ortega (Ortega y Gasset, 1987).

As novas tecnoloxías son instrumentos de extraordinaria eficacia para dar máis versatilidade e capacidades aos modos de comunicación entre un profesor e os seus estudantes, a partir de aplicacións tan simples como o correo electrónico que permite que un profesor poda estar localizado sen que medie contacto físico, ata a capacidade de organizar a información electrónica para facilitar o traballo conxunto dunha clase, pasando polas posibilidades ilimitadas dos programas de simulación. Hai moitas ferramentas a disposición dos profesores para desempeñar con eficacia o seu papel de educadores, polo que debemos facer un esforzo por capacitar ás institucións e dotalas de infraestruturas suficientes, e proporcionar a formación axeitada para que todos os docentes sexan capaces de tirarlle partido ás novas tecnoloxías. Pero non nos esquezamos de que no momento en que a tecnoloxía dá un paso máis alá da súa condición de instrumento, estamos creando un problema. Ás veces este tipo de medios ou axudas para a comunicación convértense nun lastre.

As novas tecnoloxías deben ser liberadoras; debemos xa que logo reflexionar sobre a mellora real que aportan á educación. Non se trata de usar unha ferramenta porque si, porque hai que estar á última, senón porque aporta valor ao proceso educativo. Tomemos lección dunha empresa galega que constitúe un paradigma da nova economía, Zara, que integra no seu modelo de negocio a tecnoloxía precisa, a que resolve problemas sen introducir maior complexidade, a

que está ao servizo das persoas, non ao revés. Chamo a atención sobre un exemplo concreto, co fin de que se me entenda o que quero dicir no contexto educativo. Son moi interesantes os trebellos electrónicos, software incluído, para a presentación da información cando a compoñente visual prima sobre o contexto no que se insire (unha imaxe vale máis que mil palabras). Mais cando se usan indiscriminadamente para conducir información non visual (moitas veces para que o conferenciante repita palabra por palabra, o que está escrito na pantalla) máis que *power point* habería que falar de *frauder point* para quen ten que aturar esas presentacións.

Os estudantes de agora móvense con moita desenvoltura nas novas tecnoloxías, especialmente no mundo da imaxe. O gran éxito dos vídeo xogos entre as novas xeración non se debe a que ofreza un entretemento pasivo, senón a que consegue a participación activa dos xogadores. Os xogos van sofisticándose progresivamente e adquirindo un nivel de complexidade elevado. Un xogo estándar forza ao xogador a tomar un grande número de decisións nun ambiente complexo e con moi pouco tempo para deliberar. Algúns xogadores desenvolven certas patoloxías, mais todos melloran as súas capacidades de traballo simultaneando diversas tarefas, avaliando riscos para tomar decisións, facéndonse máis flexibles para aceptar e adaptarse aos cambios e, o que é máis importante, para aceptar os fracasos como unha compoñente esencial do proceso de aprendizaxe. Amais de todo o que acabamos de apuntar, desenvolven accións cooperativas para aprender conxuntamente, o que da lugar a un proceso de xestión do coñecemento que para si quixeran as empresas e organizacións; os estudantes constitúen o mellor recurso educativo para capacitar aos seus mestres.

Terceira tese no día de hoxe, aprendamos dos nosos estudantes a integrar a tecnoloxía. Venzamos a fenda xeracional, que non a fenda dixital, que nos impide advertir o grande valor educativo que agacha a cultura visual das novas xeracións. É o menos que lles debemos, xa que estamos educando cidadáns para una sociedade cambiante na que certas habilidades, como algunhas das que estimulan os vídeo xogos, son vitais.

Esta excursión polo mundo da cultura visual alicerzada na tecnoloxía conduce inexorablemente a relexionar sobre a forma na que aprenden os estudantes, a forma na que foron educados e as destrezas que desenvolveron nos seus estudos de secundaria. É común o comentario entre profesores acerca do mal preparados que chegan os alumnos. Mídeselles coa rapa coa que os profesores fomos medidos no seu día (coa memoria envellecida e embelecida que sempre nos devolve a imaxe de que eramos máis listos) cando se lles educou con outra metodoloxía e outros obxectivos, nun contexto tecnolóxico radicalmente distinto.

Nin se me pasa pola cabeza facer aquí un xuízo de valor sobre a educación secundaria para o que non dispoño de elementos abondo. Só quero dicir que é tremendamente inxusto que non se utilicen criterios de valoración axeitados para

medir o rendemento dos estudantes alén do consabido bastanteo dos contidos que foron quen de asimilar. Os actuais bachareles teñen as súas carencias, outros tivemos outras. Pero tamén teñen as súas habilidades. Triste sería que o profesor non fose capaz de tirarlles partido e seguira abaneándose no laio estéril e autocompracente do que parece gozar ultimamente.

Se a todos nos desen a oportunidade de tirarnos partido naquilo que somos máis hábiles, é evidente que seriamos moito máis eficaces. Isto non significa que a adaptación do papel do profesor requira a realización de fazañas educativas extraordinarias; paréceme que nos podemos apoiar no que foron as boas prácticas de sempre. Tempo atrás preguntáballe a un profesor da nosa Facultade de Belas Artes sobre o que lle pedían os seus estudantes en relación co achegamento ás novas tecnoloxías, consciente de que nesa facultade realizaran un esforzo notable de incorporación de novas técnicas no deseño e o arte. A súa resposta non puido ser máis elocuente para o tema que hoxe estamos aquí tratando: o que máis reclaman os estudantes é o contacto persoal, que falemos con eles, que o profesor sexa capaz de establecer un diálogo participativo; os estudantes de hoxe piden o que pediran os estudantes de sempre: que sexamos accesibles, que teñamos tempo para eles e que suscitemos neles o desexo de coñecer.

Mais lembremos que para conseguir a participación activa dos estudantes convén primeiro comezar por crer neles, por confiar nas súas posibilidades, por aguillar o seu talento e premiar xenerosamente o seu esforzo, o que nos leva a reflexionar sobre a nosa relación cos estudantes. ¿Cántos estudantes participan activamente aportando as súas propias ideas?¿A cántos profesores nos fan preguntas? O medo ao ridículo dos alumnos é proverbial, arranca xa nos inicios da súa educación, pasada a etapa preescolar na que os nenos carecen en absoluto de vergoña. Pouco a pouco comezan a sentir o medo a preguntar por non demostrar que descoñecen algo, polo simple e elemental medo ao ridículo, cando non polo medo a importunar a un profesor que non xerou a confianza precisa para que os seus estudantes participen.

Esa falta de participación debemos combatela. Pensemos se non a estamos estimulando cunha docencia excesivamente dependente dun tipo de clase maxistral na que un dita para que outros tomen nota, un anacronismo na era da información. Hai que procurar por todos os medios a participación dos estudantes. Esa misión sempre foi parte do papel do bo guía, do bo profesor. O labor do profesor ten algo de actor, de persoa capaz de interpretar un papel, de aí ven a suxestión, a motivación e o gancho para chegar a ese coñecemento que queremos compartir cos cosos estudantes.

Eduardo Punset (Punset, 2000) dinos que na educación do século XXI temos que dar menos énfase, sobre todo, ao formal. A vida non é formal. Aprendemos cousas moi formais, cando na vida cotián non adoitamos ser nada formais:

cómpre saber avanzar, realizar aproximacións, dar argumentos, discutir. Para conseguir maior participación hai que reforzar a simplicidade. A interactividade debe ser considerada elemento fundamental da educación na era dixital. Velaí que a misión fundamental do profesor segue sendo arestora a de sempre, ser máis guía que director, ser quen de presentar os problemas e facilitar as claves para que os estudantes poidan por si mesmos chegar ao coñecemento: o que Sócrates propugnaba hai 2400 anos segue estando plenamente de actualidade.

Cuarta e derradeira tese desta mañá, o modelo de profesor para este novo tempo parécese moito ao que Sócrates deixou para a emulación hai máis de vintecatro séculos, o que con gran acerto denomina Peka Himanen (Himanen, 2001) "modelo académico aberto", como o do *hacker*, que "se asemella ao da Academia de Platón, onde os estudantes non eran considerados puros receptores do coñecemento transmitido, se non que eran tratados como compañeiros na aprendizaxe". Ogallá poidan os nosos estudantes dicir dos seus profesores o que un dos discípulos de Sócrates, Aristipo, dixo, segundo relata Filodemo na Retórica, a quen lle preguntaba pola maneira en que o axudara o mestre: "permitiume atopar por min mesmo compañeiros satisfactorios de estudos filosóficos". Unha forma sinxela de describir o papel do profesor na era dixital.

Bibliografía

Borgmann, A. (1999). *Holding on to Reality: The Nature of Information at the Turn of the Millennium*. Chicago: The University of Chicago Press.

Castells, M. (1996). *The Information Age: Economy, Society Culture*. Cambridge, Massachusetts: Blackwell Pub. Inc.

Etxenike, P. (2001). Lo útil de conocer, conferencia pronunciada co gallo da Festa Patronal na Universidade de Vigo.

Himanen, P. (2001). *La ética del hacker y el espíritu de la era de la información*. Barcelona: Ediciones Destino.

Ortega y Gasset, J., Misión de la Universidad, Obras Completas, IV, Madrid, Alianza, 1987. Tamén accesible en http://www.um.es/letras/deletreos/ortega1.html

Punset., E. (2000). *Manual para sobrevivir en el siglo XXI*. Barcelona: Galaxia Gutemberg, Círculo de Lectores.

CATORCE ANOS DE PÉ DE IMAXE

Miguel Vazquez Freire

Nova Escola Galega

1.- Presentación, obxectivos e breve historia

Cando me pediron presentar unha a xeito de historia sobre a traxectoria de Pé de Imaxe (PdI), pensei que podería ser unha boa oportunidade para facer unha revisión das aportacións desenvolvidas ao longo dos nove Congresos, así como das principais problemáticas en relación coa Educación para os Medios (EpM) que daquela foron suscitadas e que, en boa medida, seguen aínda vivas hoxe. O primeiro problema co que me atopei foi a dificultade de reunir a documentación[1] porque, trala celebración do último Congreso, en 2000, e a conclusión da relación coa EIS da Coruña, non contamos cun espacio para arquivo e os materiais se atopan dispersos e desorganizados. Por outra parte, malia todos os esforzos realizados, tan só en dúas ocasións (V e VI Congresos), e nunhas condicións nada satisfactorias (a traducción dos textos, por exemplo, é manifestamente mellorable), puidemos editar as actas do Congreso con axudas da Universidade e Concello da Coruña. Por esta razón, esta presentación só pode ser tomada como un primeiro paso nun labor que, me gustaría pensar, poderei (eu ou outros) continuar no futuro.

Neste sentido, non creo que o relevante aquí sexa sinalar cousas como o número e nacionalidade dos relatores (máis de 50 de 21 países só no Encontro Mundial), o número e procedencia dos asistentes, e outras cifras que seguramente servirían para alimentar certo, por que non dicilo, lexítimo orgullo por unha traxectoria importante, e mesmo tamén certa nostalxia, pero que pouco dirían a esta audiencia.

Permítase comezar, só a título de breve información, cunhas notas sobre a xeración de PdI: nace inicialmente como grupo de traballo dentro de NEG para o intercambio de experiencias no campo do que por entón chamabamos Pedagoxía da Imaxe. O Congreso Internacional prodúcese como resultado da actividade deste grupo de traballo ao contemplar a necesidade de coñecer os modelos teóricos e realidades prácticas producidas no mesmo campo noutros países. O

[1] É obrigado que agradeza aquí a contribución da compañeira de Pé de Imaxe Charo Belda, esencial para a recuperación de boa parte desa documentación.

contacto co profesor Roberto Aparici, da UNED, resulta decisivo para poder contactar con expertos doutros países e outras universidades. A activa colaboración da Escola de Imaxe e Son da Coruña (e posteriormente tamén da Facultade de Humanidades, logo Pedagoxía, da Universidade coruñesa) permítenos dispor non só de locais adecuados, senón tamén dos medios técnicos (tanto instrumentais como humanos) para o bo desenvolvemento dunhas actividades que nalgún caso incluíron conexións pioneiras de internet en forma de aulas virtuais ou videoconferencias, con participantes de varios continentes (coas conseguintes frustracións por deficiencias técnicas en máis dun caso, cómpre dicilo todo). Os Congresos, que se desenvolveron entre o ano 1992 e 2000, contaron con axudas económicas da Consellería de Educación e, en ocasións, da Dirección Xeral de Política Lingüística (especialmente para os gastos de traducción á lingua galega), que había que negociar cada ano e que oscilaban grandemente co conseguinte problema para a continuidade e estabilidade. O último Congreso realizouse mediante un acordo coa Universidade Internacional Menéndez Pelayo.

Os obxectivos que se perseguían nestes Congresos, poden resumirse en tres:

- 1, promover encontros arredor dos mellores especialistas en EpM que permitisen unha reflexión aberta e continuamente renovada sobre as propostas tanto teóricas como prácticas, ben no campo da investigación universitaria, ben no do desenvolvemento de experiencias de aula;
- 2, crear un grupo de opinión que actuase a favor da incorporación dos novos medios ao curriculum escolar baixo perspectivas pedagóxico – educativas;
- 3, promover un espacio para, simultaneamente, a formación permanente do profesorado interesado na EpM, mediante a organización de obradoiros prácticos, e a presentación de experiencias concretas de traballo na aula.

Tratábase, logo, dun concepto, que pensabamos novidoso, que pretendía establecer unha fórmula mixta entre o Congreso, coas súas características predominantemente verticais (onde se dá voz a un grupo reducido de expertos), e a Escola de Verán, máis aberta á horizontalidade.

Secundariamente, esperabamos que este tipo de dinámica podería servir para establecer vínculos entre individuos, grupos de traballo e asociacións do moi escindido e pouco organizado movemento a favor da incorporación plena da EpM nos curricula escolares. De feito, na maioría dos Congresos abríronse espacios onde se desenvolveron xuntanzas coa presencia de representantes dos principais grupos e asociacións existentes no Estado Español e Portugal. Por desgracia, esas xuntanzas non deron o froito esperado, que era a constitución dunha estructura de coordinación común a nivel de toda a península, que debería ter servido para

actuar como poderoso grupo de presión no debate sobre os contidos curriculares que se estaba a desenvolver arredor da aprobación da LOXSE. Hoxe debemos constatar a desaparición de APUMA, asociación de ámbito estatal, mentres sobreviven, con gran vitalidade, asociacións en Cataluña e Andalucía, e con desiguais oscilacións, en Valencia, Euskadi, Aragón e Canarias e, por suposto, aquí en Galicia. Pero, en calquera caso, sen manter ningún tipo de vínculo estable entre elas, o que, na miña opinión, debilita significativamente a súa capacidade para influír nas decisións ministeriais que afectan ao *curriculum* do Estado. Porque, por moito que desde a LOXSE se fale dun "*curriculum* aberto", todos sabemos ben que os *curricula* que se deciden nas autonomías están, as veces definitivamente, condicionado polo DCC estatal.

Outro efecto, e este non secundario, que agardabamos de PdI, era a proliferación de iniciativas de traballo nas aulas arredor da EpM, e especialmente no ámbito galego. Neste sentido, cómpre salientar que desde o primeiro momento PdI realizou un gran esforzo a prol de manter un compromiso de galeguización, o que significou establecer o carácter do galego como lingua oficial a carón do inglés e do castelán, cos conseguintes incrementos de gastos en traducción simultánea (e, as veces, certas incomprensións por parte de sectores dos asistentes procedentes de rexións que só teñen o castelán como lingua oficial...). Sinalo isto porque en PdI eramos ben conscientes de que, en boa coherencia, a renovación das prácticas educativas a partir da EpM debería complementarse coa necesaria normalización lingüística e a defensa do noso idioma. A galeguización das prácticas educativas non constitúe por si soa unha auténtica renovación pedagóxica, pero non hai auténtica renovación pedagóxica en Galicia se non vai acompañada dun proceso paralelo de defensa e compromiso coa lingua. Isto, que a estas alturas debería ser xa unha obviedade, non obstante cómpre relembralo.

Pois ben, nós agardabamos de PdI un efecto multiplicador que incrementase ano a ano o número dos ensinantes e grupos de traballo que nos centros de ensino galegos se fosen incorporando a utilizar os novos medios e traducisen en prácticas novas as ideas e propostas escoitadas en PdI. Durante varios anos, promovimos concursos de creación de vídeos escolares e en todos os Congresos ofrecemos as máximas facilidades para que o profesorado galego puidese presentar as súas experiencias, ben en forma de comunicacións, participando en debates ou mesmo intervindo como relatores, porque en todas as convocatorias reservamos polo menos un dos relatorios para unha voz que falase desde Galicia. Por desgracia, temos que constatar que o incremento desexado non se chegou a producir e as actividades no campo da PdM seguiron sendo en Galicia dispersas e illadas, froito as máis das veces de iniciativas voluntaristas de pequenos grupos de profesores, sen apoio nin da administración nin, moitas veces, do propio claustro. O por qué isto foi así ten que ver, penso eu, coas razóns xerais que proporei máis

adiante sobre os atrancos que o sistema educativo opón á definitiva integración do ensino dos medios no curriculum.

Tratarei, de seguido, de revisar algunha das principais cuestións que foron suscitadas ao longo das nove edicións de PdI, apoiándome na documentación que puiden analizar e sen eludir introducir reflexións persoais. Estas cuestións concentrareinas en tres grandes campos: 1, a cuestión do nome, que aínda que poida parecer secundaria, na miña opinión é un indicador da indefinición e falta de consenso que se produce neste campo e que contribúe a dificultar a súa normalización no ensino institucional; 2, a análise dos principais atrancos que contribúen a esa dificultade e, a partir dela, a proposta de posibles vías de superación; 3, os modelos ou paradigmas pedagóxicos -e os debates arredor deles- que foron presentados polos principais relatores que interviñeron en Pdi. Xa na conclusión, incluirei tamén unhas breves notas sobre aspectos relacionados cos cambios na tecnoloxía da comunicación que tamén foron obxecto de atención en PdI, e que sen dúbida están chamados a ter unha gran influencia sobre a evolución futura da EpM.

2.- A cuestión do nome

Cando en 1992 convocamos o I Congreso Pé de Imaxe, adoptamos o nome de Pedagoxía da Imaxe para a actividade que se trataba de promover. Ese nome fora utilizado por vez primeira moitos anos antes, en 1972, durante un dos primeiros encontros organizados en España de ensinantes interesados por incorporaren á escola os medios audiovisuais, encontro que tivo lugar na cidade de Xixón, como unha das actividades desenvolvidas arredor do *Festival de Cine para la Infancia y la Juventud* (hoxe trocado en Festival de Cine Negro, as voltas que dá a vida) e del nacería a OPI (Oficina de Pedagoxía da Imaxe), primeiro esforzo por constituír unha estructura organizativa orientada a integrar os esforzos e intercambiar experiencias das daquela escasas persoas interesadas nese campo. Con esa denominación queríase salientar que o uso da imaxe non implicaba un simple recurso máis senón que, ben ao contrario, a incorporación dese recurso debería ir acompañada de cambios nas concepcións pedagóxicas e nas metodoloxías didácticas. Ao mesmo tempo, con "da" Imaxe pretendíase subliñar tamén que o cambio debería integrar novos contidos curriculares vinculados á cultura da imaxe. En definitiva, a denominación "Pedagoxía da Imaxe" trataba de chamar a atención sobre o inaceptable desprezo da comunicación por medio de imaxes no *curriculum* oficial, centrado practicamente de forma exclusiva na cultura da palabra e do número, cando a sociedade contemporánea era xa desde había tempo, cando menos, tanto unha sociedade da imaxe como da palabra. Debo dicir que eu sigo pensando que Pedagoxía da Imaxe non era unha mala denominación pero cómpre recoñecer que o substantivo "pedagoxía" arrastra connotacións a miúdo tinxidas máis de sospeitas

que de confianza: o pedagogo, aceptémolo, non goza de boa sona e, despois da case cruenta guerra da LOXSE, as poucas que tiña en España acabou por perdelas definitivamente (por certo, en boa medida inxustamente porque, contra o que moitos pensan, non foron pedagogos os auténticos ideólogos da LOXSE senón máis ben psicólogos, pero en todo caso esta é outra historia...).

O certo é que, como en tantas outras cousas, en cuestión de nomes a referencia adoitan marcala os países anglosaxóns e neles o concepto "Pedagoxía da Imaxe" (ou o paralelo, e algo máis neutro, de Ensinanza da Imaxe) non gozou de ningunha fortuna[2]. Nos anos en que poñiamos en marcha PdI, o nome que tendía a prevalecer nos encontros internacionais sobre o tema era o de *Media Education*, de non doada traducción para as linguas latinas: ¿Educación para os Medios?, ¿Educación nos Medios?, ¿Educación dos Medios? (*Éducation aux médias*, resolveron os franceses). Sectores latinoamericanos veñen propoñendo o neoloxismo "educomunicación" ou, máis sinxelamente, *Educación para la comunicación*, que tamén se está a usar en España. O nome anglosaxón, en todo caso, ten a virtude de pór o acento sobre o factor determinante que impón a urxencia da transformación educativa que reclamamos: o desenvolvemento e ampla influencia dos medios de comunicación de masas que transmiten mensaxes audiovisuais entre os nenos e mozos que chegan ás escolas. Pero esa virtude é tamén, en certo xeito, o seu defecto porque dá a entender que o cambio educativo que se propón está orientado en exclusiva sobre a análise dos medios, orientación que certamente prevalece quizais na maior parte dos educadores que traballan neste campo.

Na miña opinión, semella máis axeitado o nome que nos últimos anos parece ir cobrando forza en disputa con outro que a min me parece radicalmente rexeitable. Refírome a *Visual Literacy* (que podería traducirse por Alfabetización visual), mentres que o rexeitable sería o de Novas Tecnoloxías para a Educación ou, variante máis recente, Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC). Comezarei por explicar o por que dos rexeites. Desde os 1ºs congresos, numerosos relatores advertiron contra o perigo de que o reclamo dunha maior atención á cultura da imaxe derivase nunha incorporación de artefactos ás aulas sen o acompañamento dunha renovación das ideas e as prácticas educativas. Agora podemos dicir xa que en boa medida iso é o que está a acontecer e o indicio máis indiscutible é a rápida integración dos ordenadores e da materia de informática cando, sen embargo, a xeneralización dos *personal computer* non se produciu practicamente ata os anos noventa, mentres que os contidos asociados cos medios audiovisuais, cunha antigüidade de ¡máis de cen anos!, seguen sen atopar a súa ubicación curricular indiscutida. Por esta razón, Alfabetización visual (ou audiovisual) resulta un nome moito máis axeitado, porque do que se trata é xustamente de compensar o exceso logocentrista do *curriculum* ata hoxe

[2] En Suecia, segundo información de Ana Graviz, utilizouse o nome "*mediapedagogik*".

predominante para situar, a carón do número e a palabra, a imaxe. E porque, mediante ese nome, desde o inicio se está a pór o acento no feito de que, contra a crenza da maioría da xente, a comprensión e a producción de imaxes non é o resultado dun proceso espontáneo senón producto dunha aprendizaxe que, como acontece no caso da escrita e da lectura, debe marcarse uns determinados obxectivos e uns determinados pasos. Porque cómpre que advirtamos que tamén existe un analfabetismo audiovisual, responsable en parte de que a maioría da xente non poida aproveitar en toda a súa riqueza e complexidade as posibilidades lectoras e de escrita coas imaxes. Xustamente iso é o que se quere evidenciar co nome de Fenda dixital que aquí nos reúne: que, cando nos países desenvolvidos practicamente se ten acadado unha plena alfabetización na lectoescritura, xorde agora o risco de novos analfabetismos, a dos que non son quen de interpretar e producir mensaxes cos medios tecnolóxicos máis recentes. Unha fenda, non esquezamos, que se abre cando o outro analfabetismo segue por desgracia afectando a boa parte da poboación dos países subdesenvolvidos, que son tamén os máis danados polo novísimo analfabetismo.

3.- A situación da EPM no mundo

Pero, ¿por que, despois de tantos anos, segue habendo tantas resistencias á integración curricular da EpM?

No III Congreso Internacional PdI, celebrado en 1995, simultaneamente tivo lugar un magno Encontro Mundial que supuxo unha excepcional ocasión para comprobar o estado da cuestión da integración da EpM nos *curricula* dun bo número de países. Desde entón, non temos noticias de que o panorama se teña modificado sensiblemente así que aquel diagnóstico da situación con toda probabilidade segue sendo aplicable á actualidade[3]. Máis de doce expertos doutros tantos países presentaron informes sobre planos de estudio e experiencias, a partir das cales podemos construír ese panorama (que

[3] En 1990 celebrouse un coloquio en Toulouse co título *"Education aux Medias et nouvelles orientations"* que, en parte, afrontou obxectivos análogos de avaliación do estado da cuestión no mundo; as actas dese congreso foron publicadas en Bazalgette, Bevort, Sabino (coord.) (1992): *L'éducation aux. Medias dans le monde: nouvelles orientations*. Paris, British Film Institute / CLEMI / UNESCO. Por desgracia, malia os intentos desenvolvidos por PdI e NEG, non foi posible a edición das actas do Encontro Mundial. Hai unha edición limitada en inglés hoxe difícil de atopar. Boa parte dos autores que participaron nese Encontro Mundial presentan contribucións ao libro coordinado por Roberto Aparici (1993): *La revolución de los medios audiovisuais*, Madrid, Ediciones de la Torre. Unha revisión actualizada da situación pode consultarse na contribución do propio Roberto Aparici no libro interactico editado en Cdrom por Corporación Multimedia e o Vicerrectorado de Extensión universitaria da Universidade Complutense de Madrid *Educación para la Comunicación. Televisión y Multimedia* (2002).

completamos con datos adicionais obtidos doutras fontes, que en cada caso se fan constar).

En principio, cabe constatar tres situacións ben diferenciadas:

- A dos países anglosaxóns, pioneiros na introducción dos estudios sobre os medios, e nos que é frecuente que se combine a existencia dunha materia específica de estudio coa presencia de contidos transversais integrados, sobre todo, nas materias de Inglés e Artes.
- A dos países europeos continentais, que incorporaron máis tardiamente os estudios sobre medios, e nos que parece predominar a opción da transversalidade.
- A dos países latinoamericanos, que contan cunha rica tradición de experiencias neste campo, pero xeralmente desenvolvidas a través de iniciativas cívicas ou de institucións alleas ás especificamente educativas.

3.1. PAÍSES ANGLOSAXÓNS:

Gran Bretaña (informe presentado por Cary Bazalgette, do British Film Institute):

Desde os anos 70 existe a posibilidade de ofertar por parte dos centros unha materia formal denominada Estudios de Medios válida para o Certificado Xeral de Ensino Secundario (14-16 anos) e para o Ensino de Nivel Avanzado (16-18 anos). Aínda que se di que é unha das materias optativas populares entre os estudiantes, o certo é que non abandona o carácter de "asignatura relativamente marxinal", sendo escollida por unha media de 30.000 alumnos sobre un total de 250.000. Por outra parte, hai elementos de EpM noutras materias, nomeadamente en Inglés e, en menor medida, en Artes, Linguas Estranxeiras e Historia. A impresión da informadora, non obstante, baseada nunha investigación promovida polo BFI, era que a incorporación de facto deses contidos á aula concentrábase fundamentalmente no uso de películas e adaptacións televisivas de novela e teatro para o estudio da literatura e, en menor grao, documentais, anuncios televisivos e xornais, e, xa en moi escasa medida, series televisivas, policiais e concursos da televisión. Por outra banda, significativamente constataba que a formación en EpM ocupaba un espacio moi reducido da formación inicial do profesorado e dependía da súa vontade a asistencia posterior a cursos de reciclaxe vinculados a eses contidos. En canto ao propio BFI (institución estatal financiada polo Departamento do Patrimonio Nacional que non depende do ministerio de educación), a súa sección orientada ao ensino móvese de acordo con dous obxectivos: impartir cursos de formación e difundir publicacións relacionadas coa EpM e "loitar por un lugar para EpM dentro do Curriculum Nacional". A opción promovida polo BFI (que CB recoñecía que non era a ideal senón só unha opción

coxuntural) era "soster que a EpM debería ser parte do Inglés". Concluía o informe advertindo que as novas tecnoloxías dixitais serían as protagonistas dos cambios máis importantes "nos próximos cinco anos", obrigando a modificar as concepcións curriculares ata entón vixentes (incluídas as relacionadas coa EpM).

Canadá (Barry Duncan, *Association for Media Literacy*):

A introducción da EpM formalmente se produce a partir de 1986, por unha iniciativa do Ministerio de Educación do Estado de Ontario como resposta ao movemento xerado pola *Association for Media Literacy*, asociación moi influente de profesores que segue aínda ben activa actualmente. A esta asociación foille encargada a organización tanto do *curriculum* como da formación do profesorado que debería aplicalo. Optouse por integrar os EpM dentro dos estudios de Inglés, ao tempo que na Facultade de Toronto se estableceu unha especialización en *Media Education*, que acreditaba para ensinar nesta área, se ben non se impuxo, como obrigatorio para impartila, ter obtido previamente o certificado nesa especialización. Un profesor debe tomar parte en tres cursos para obter este certificado. O curso de introducción céntrase en temas de medios de comunicación e conceptos claves, inclúe algunhas producción de vídeos prácticos e require a presentación de proxectos curriculares. O segundo curso trata a pedagoxía crítica, analiza libros de texto modernos e materiais de apoio e introduce o campo do estudio da audiencia a través de libros como *Understanding Popular Culture* (*Comprensión da cultura popular*) de Fiske. O derradeiro curso trata primordialmente dun proxecto de investigación de audiencias de tipo etnográfico, usando as clases do profesor de medios de comunicación como a principal fonte de datos.

Australia (Robyn Quin e Barrie McMahon):

En Australia, o estudio dos medios de comunicación constitúe un cuarto da carga de estudio en inglés nos niveis de escola primaria e secundaria. Este estudio é obrigatorio para todo o alumnado. En secundaria hai unha asignatura específica chamada Estudios dos medios de comunicación, con carácter opcional. Cerca dun 10 % dos estudiantes cursan esta materia. Unha comunicación recente de R.Quin infórmame de que en 2006 haberá unha nova asignatura co nome de "Producción e análise dos medios de comunicación", para o alumnado do curso previo ao acceso á universidade e que afectará ao 40% da poboación escolar dese nivel.

Estados Unidos (Marieli Rowe do National Telemedia Council, coa testemuña adicional de Kathleen Tyner):

Constata que se está a vivir un momento (1994) que pode ser decisivo na consolidación do que denomina "alfabetización visual", pero ao tempo advirte de que as circunstancias favorables (debidas a un incremento da preocupación social polos contidos da tv, especialmente por aqueles asociados co sexo e a violencia)

poden derivar en prácticas inadecuadas de tipo censor e de control do que os nenos e os mozos poden e deben ver na tv (é o que KT denomina "enfoque de vacinación ou proteccionista"). De feito, dá a entender que algo diso xa ten pasado co dinámico movemento a favor da EpM que nos EEUU se iniciou xa nos anos setenta pero que permanece finalmente reducido a iniciativas de grupos de profesores illados ou de asociacións de influencia reducida aínda que moi activas. Conclúe que unha EpM "seria e de ampla escala" "aínda non existe hoxe" e que iso non ocorrerá ata que "esta disciplina gañe unha posición respectada no mundo profesional e o status dunha disciplina academicamente importante e útil na comunidade académica". Como dato máis favorable sinala, non obstante, a inclusión da Alfabetización audiovisual nos obxectivos xerais para as materias de Artes en todos os niveis de primaria e secundaria e, en menor medida, a implicación da propia industria dos medios (especialmente de productoras de tv por cable como *Discovery* ou as canles educativas) en proxectos de alfabetización visual e formación do profesorado.

Sudáfrica (Susan Court):

No momento de transición que o país estaba a vivir (ano 1994), en pleno proceso de desmantelamento do apartheid, non se contaba aínda con planos de estudio comúns e ben definidos. SC salientaba a existencia de "agrupacións informais de mestres" que se reunían para intertrocar experiencias sobre EpM e os resultados dunha investigación que reflectía un "abrumador consenso" entre o profesorado acerca do "papel básico" que o EpM debían xogar dentro dos estudios de inglés.

3.2. PAÍSES EUROPEOS:

Francia (Sylvie Vadureau e documentos do CLEMI[4]).

A introducción da EpM adoptou fundamentalmente o modelo da transversalidade nos anos noventa. Tanto na Escola Primaria como na Secundaria, os contidos asociados coa EpM aparecían integrados sobre todo nas seguintes materias: Educación cívica, Historia e Xeografía e Francés. Nun dos documentos analizados, Sergio Sarmiento recoñece non obstante que "os ensinantes teñen en ocasións o sentimento de que a introducción dos medios de información nas súas prácticas se mantén como unha actividade extra curricular, é dicir, unha actividade marxinal en relación coa súa disciplina". Vese tamén na necesidade de salientar que "a EpM supón a análise dos medios en tanto que obxectos de estudio" e

[4] En particular o documento ciclostilado *L'éducation civique et les medias dans les textes officiels*, editado polo CFPJ, CLEMI e CRDP para a Universidade de Verán de Montpellier, xullo 1994. Tamén: CLEMI (1995): *L'école et les medias. Pour une éducation à la citoyenneté*. Paris, Medias Pouvoirs Éditions.

que, xa que logo, "non se pode falar verdadeiramente de EpM se os medios de información teñen unha función meramente 'ilustrativa' dos programas (...) utilizados como recursos ou auxiliares para o ensino das disciplinas". O CLEMI foi xustamente creado para dar pulo á "utilización pluralista dos medios en todas as disciplinas e en todos os niveis do sistema educativo nunha perspectiva de educación do futuro cidadán". A creación, a partir de 1995 dunha materia específica de *Imaxe e Medios*, que comezou impartindose experimentalmente nos dous últimos cursos de Primaria, en dez centros e cunha carga horaria dunha hora semanal, semella probar que a solución da transversalidade estaba dando resultados insatisfactorios. A comezos do 2001, unha iniciativa persoal do ministro de Educación Jack Lang derivou na introducción dunha nova asignatura específica centrada no cine, co nome de "*cinéma à l'école*", que se propuña proporcionar ao alumnado "unha primeira formación cultural no cine como arte". Esta nova materia encadrábase dentro dun plano máis xeral que, mediante a cooperación conxunta dos ministerios de Educación e Cultura e ao longo de cinco anos, pretendía implicar a todo o alumnado dos distintos niveis de ensino non universitario, con contribucións tanto do profesorado como de artistas e profesionais da cultura, concernindo a "todos os campos artísticos: cine, músicas, artes visuais, danza, teatro, literatura, patrimonio, deseño arquitectura, gusto..." Este cobizoso plano foi aparentemente interrompido trala derrota dos socialistas e o regreso ao goberno dos partidos de dereitas.

Suecia (Ana Graviz, Jorge Pozo):

A EpM está presente nos planos de estudio desde hai moito tempo. Xa en 1962 fixéronse obrigatorios os "estudios sobre cine" na escola básica. No plano de estudios de 1994, contidos relacionados coa EpM incluíanse nas materias "Estudios de sociedade", Sueco e Imaxe pero constatan que na práctica as actividades efectivamente desenvolvidas son escasas, o que atribúen á inexistencia dunha formación adecuada. Como consecuencia, a EpM "confórmase mediante experiencias illadas e non sistematizadas, dependendo dos mestres interesados en levalas a cabo". Sinalan a existencia de institucións que desenvolven actividades relacionadas coa EpM: o Instituto do Cine Sueco, a Comisión para o regulamento da Televisión por Cable e o Consello dependente do Ministerio de Cultura (*Valdsskildringsradet*), este último especificamente interesado en "impulsar o desenvolvemento da ensinanza dos medios" e en "coordinar accións contra os efectos negativos da violencia no cine e na tv".

Holanda (Teum Velders):

Explica que non hai un *curriculum* estatal, o goberno só dá indicacións xerais sobre os contidos e materias a impartir pero son os centros e o profesorado quen determinan os *curricula* finalmente. Asegura que "O ensino dos medios aínda non é claramente unha disciplina" e sinala que os contidos próximos a EpM están presentes especialmente nas materias asociadas coa Educación en Arte e Deseño.

A Xunta das Escolas Politécnicas ten constituído a partir de 1989 unha "Plataforma de Medios" que promove a inclusión da Educación Audiovisual na Educación en Arte e Deseño. Esta inclusión ten atravesado varias orientacións que deron lugar a catro variantes principais: a EA como Expresión audiovisual, como Comunicación audiovisual, como Tecnoloxía na Educación Audiovisual e como Producción Audiovisual.

Italia (Roberto Giannatelli):

Comeza constatando que a EpM depende sobre todo do voluntarismo e improvisación do profesorado, para logo apuntar algúns datos esperanzadores nos novos planos de estudio (aprobados en 1985) coa creación da área de "Comunicación social e medios de comunicación" na Escola Elemental e a introducción de contidos e metodoloxías relacionados coa EpM en materias como italiano, ensino artístico, musical e técnico. (Explica logo a experiencia particular de "Teleduchiamo", promovida polos salesianos dentro dun "proxecto para a promoción do ensino relixioso nas escolas secundarias").

Rusia (Alexander Sharikov):

Incorporación dunha nova asignatura chamada Cultura dos Medios para o ensino secundario (non precisa se ten carácter obrigatorio ou é optativa) a partir do ano 1992, divida en cinco bloques: Comunicación humana, Elementos de semiótica, Elementos de hermenéutica, Medios de Comunicación de Masas, Comunicación de Masas e sociedade. Antes a EpM en Rusia só existía en forma de actividades de carácter extra e para – escolar e centrada en aspectos parciais (educación cinematográfica, xornalística, etc)

España (información propia):

Trala aprobación da LOXSE, desaparece a asignatura optativa EATP Imaxe e Son, que se impartía no bacharelato, sen que fose substituída por ningunha outra materia específica. Na LOXSE os contidos relacionados coa EpM non son contemplados entre os chamadas expresamente contidos transversais, aínda que si aparecen contidos relacionados coa imaxe e os medios de comunicación en materias como Lingua e Literatura, Educación Plástica Visual e Ciencias Sociais. A Lei da Calidade non introduce ningunha novidade significativa senón, en todo caso, certo retroceso ao pór o acento nos contidos máis tradicionais. En canto á LOE, confeso que aínda non puiden facer unha análise demorada, aínda que a impresión primeira é que continúa a situación basicamente idéntica. Cómpre sinalar que, en teoría, existe a posibilidade de que en Secundaria un profesor calquera tome a iniciativa de solicitar a creación dunha materia optativa sobre ensino da imaxe ou estudio dos medios (e coñezo algún caso), pero na práctica o habitual é que se impoñan nos centros as materias optativas que se promoven desde a administración nas que ata agora predominan materias como o segundo idioma, a informática e, en xeral, materias asociadas coas áreas de coñecemento

xa previamente consolidadas. O Ministerio de Educación creou a finais dos oitenta o programa de Novas Tecnoloxías da Información e a Comunicación (PNTIC) (pódese consultar a páxina web: www.pntic.mec.es), co obxectivo de fomentar a utilización de medios audiovisuais e informáticos nos centros de ensino, mentres que, a medida que as competencias en materia de educación foron pasando aos gobernos autónomos, as consellerías de educación das Autonomías crearon organismos análogos. A impresión é que a tendencia nos últimos anos foi a de pór o acento cada vez máis nos aspectos informáticos mentres que as concepcións máis amplas de alfabetización audiovisual foron en certa medida abandonadas. Desde hai dous cursos, o Consorcio Audiovisual de Galicia, co apoio das Consellerías de Cultura e Educación, ten promovido uns programas de Audiovisual nas Aulas que se están a aplicar experimentalmente en varios centros de Primaria e Secundaria, con sesións desenvolvidas en horario escolar a cargo de monitores formados polo propio Consorcio.

3.3. PAÍSES LATINOAMERICANOS

Chile (José Luis Olivari, grupo CENECA):

Non informa sobre a situación global senón tan só dun programa específico no que participa o seu grupo a partir dun acordo co Centro de Perfeccionamento, Experimentación e Investigación Pedagóxicas do Ministerio de Educación. Este acordo, concretado en 1993, supuxo o desenvolvemento dunha "estratexia de educación para a TV con profesores" que, co nome de "Capacitación de Monitores en Recepción Activa de TV", se desenvolveu en 6 rexións do país. No ano seguinte, nun novo acordo que semella dar continuidade ao anterior, o ME de Chile formou unha "comisión de televisión" co obxectivo de "identificar algúns programas de tv que teñan potencial educativo e incentivar o aproveitamento dese potencial por parte da familia e do sistema escolar". Con ese obxecto publicáronse guías de "uso educativo da Tv".

Brasil (Ismar de Oliveira Soares):

Documéntanse unha serie de iniciativas illadas de diversos grupos privados, ademais de actividades promovidas desde a igrexa católica (moi influente en Brasil no eido da educación a través das súas universidades) pero recoñécese que non existe presencia dos contidos relacionados coa EpM no *curriculum* daquela vixente e, sobre todo, que a maioría do profesorado non dispón de preparación axeitada para impartir eses contidos. Por esa razón conclúe advertindo de que, se finalmente se incluíse a "lectura crítica da comunicación" no texto dunha nova lei en proceso de aprobación no Senado, a súa posta en práctica de forma xeneralizada sería dubidosa.

4.- Atrancos na integración da EpM no curriculum

Tras este rápido repaso, imponse a pregunta: ¿por que non se producen avances a través destes anos na EpM? ¿Por que a informática ten conseguido nun prazo de tempo ben breve unha integración no *curriculum* formal que non se lle acaba de conceder á EpM? Na procura dunha resposta para estas preguntas, no VII Congreso de PdI desenvolveuse un seminario no que participaron varios expertos e no que se tomaron como punto de partida as coñecidas catro fontes do currículo que propón César Coll[5]. Tratábase, logo, de analizar que elementos en cada unha destas fontes poderían estar actuando como atrancos que dificultaban ou mesmo quizais imposibilitaban que a EpM fose definitivamente recoñecida como un área máis de contidos coa que debería construírse o currículo escolar. Aínda que naquel seminario non se chegou a ningunha conclusión que poidamos cualificar de "definitiva", si se apuntaron unhas significativas notas que na miña opinión contribúen a clarificar os porqués apuntados máis arriba[6]. Vexámolo.

4.1. A FONTE SOCIOANTROPOLÓXICA.

Dado que o currículo ten por obxecto seleccionar, de entre o conxunto de saberes que configuran unha determinada cultura, cales son considerados valiosos e adecuados para seren transmitidos ás novas xeracións, a análise da fonte socioantropolóxica débenos proporcionar algunha das claves que explican ou xustifican por qué efectivamente se seleccionan determinados saberes para seren incorporados á escola, e por qué son excluídos outros. Pois ben, cómpre recoñecer que ata o de agora non existe unha conciencia xeneralizada na sociedade sobre a necesidade de que os nenos e os mozos sexan educados no coñecemento dos novos medios. Non existe, en consecuencia, unha demanda social deste tipo de aprendizaxe. Sucede isto, en primeiro lugar, porque mentres o acceso á cultura escrita require obrigatoriamente pasar por un proceso de aprendizaxe, aparentemente isto non é necesario para acceder á cultura audiovisual. En efecto, a natureza icónica da comunicación a través das imaxes produce o efecto, ben coñecido e estudiado, de comunicación espontánea e transparente. A imaxe non sería, logo, unha "linguaxe" propiamente xa que non hai representación entendida como dualidade entre significante e significado, senón que a realidade se "representa" a si mesma co que o significado sería idéntico ao significante. Nas imaxes, unha casa se representa mediante unha casa,

[5] César Coll (1987): *Piscología y curriculum*. Barcelona, Cuadernos de Pedagogía / Laia.

[6] Parto das notas tomadas neste seminario que contou coa participación de Robyn Quin, Antonio Campuzano e eu mesmo, pero sen someterme a elas. É claro, logo, que o que aquí se expón, aínda que alimentado por aquel debate, é responsabilidade final, especialmente no que poida haber de erróneo, de quen presenta este relatorio.

un can mediante un can, etc. Naturalmente, dixemos xa de principio que isto constitúe unha aparencia e xustamente, como recomendan moitos expertos[7], a acción inicial da EpM ha consistir no desvelamento desta aparencia mediante a diferenciación entre "realidade" e "imaxe". Pero é así como semellan interpretalo a maioría dos pais e nais que, comprobando como desde moi pequenos os seus fillos quedan prendidos do feitizo das imaxes televisivas, consideran que os nenos aprenden a comprender as imaxes por si sós do mesmo xeito que aprenden a falar. A conclusión é que pais e nais non ven necesario que a escola ensine aos seus fillos a interpretaren e manexaren habilmente os códigos audiovisuais, como si aceptan que é necesario no caso do código escrito.

Hai un segundo factor, complementario do anterior, que poderiamos definir como a reducción do universo audiovisual a espectáculo banal. En efecto, ao parecer a maioría da poboación acepta unha determinada interpretación sobre os medios de comunicación de masas segundo a cal estes son simples medios de entretemento. Dáse aquí unha efectiva converxencia entre os programadores dos medios de masas e o comportamento das audiencias, converxencia pola que, a estas alturas, é xa practicamente imposible discernir cal foi o ovo e cal a galiña. Os programadores aseguran que eles se limitan a proporcionar o que os espectadores queren, tal e como é testemuñado polas audiencias. E, aínda que as queixas sobre o deterioro dos contidos emitidos pola televisión se multiplican ata chegar aos extremos da "tele – lixo", que practicamente ninguén defende, paradoxicamente os índices de audiencia apoian teimudos a evidencia de que á maioría da xente lle gusta ese "lixo". Así que, en efecto, dado que a maioría só está interesada pola televisión como un instrumento para pasar o tempo contemplando banalidades, ¿como, daquela, defender a incorporación de contidos asociados con ese universo de banalidades ao canon culto que debe rexer a selección do currículo? Sería algo así, protestan algúns, como situar ao mesmo nivel o *Quixote* cervantino e *Supermartes*, os poemas de Rosalía e *Operación Triunfo*, as novelas de Blanco Amor e *Luar*.

Baixo este enfoque latexa un vello problema que veremos reaparecer na análise da próxima fonte: a desvalorización da cultura da imaxe fronte á xerarquía concedida á cultura da palabra. Unha desvalorización que se ten agudizado coa incorporación dos medios de masas e que conta con destacados defensores. Xa nos anos cincuenta, os promotores da Escola de Francfurt Horkheimer e Adorno[8] chegaron a considerar que os productos culturais xerados polos medios de masas eran intrinsecamente contradictorios con calquera tipo de valor estético e cultural

[7] P. ex., eses son os primeiros exercicios que propoñen Ana Graviz e Jorge Pozo no seu método aplicable ás escolas infantís. Cfr. Ana Graviz e Jorge Pozo (1994): *Niños, medios de comunicación y su conocimiento*. Barcelona, Herder.

[8] Max Horkheimer e Theodor W. Adorno: "La industria cultural", en Varios (1974): *Industria cultural y sociedad dse masas*. Caracas, Monte Ávila Editores.

relevantes. É a crítica da chamada "industria cultural": os medios de masas, ao reduciren os productos culturais a simples mercadorías, inevitablemente tenden a matar, por así dicir, calquera alento de risco e investigación estética (e, pódese engadir, mesmo calquera dimensión profunda nos planos ético, social ou político). Esta posición, que anos despois Umberto Eco[9] cualificaría, en feliz metáfora, de "apocalíptica", ten os seus continuadores (desde perspectivas e enfoques, por outra banda, ben distintos) en relevantes críticos como o americano Neil Postman ou o italiano Giovanni Sartori[10]. O curioso é que tanto os "apocalípticos" como os "integrados" (denominación tamén acuñada por Eco e que designa, dito de xeito moi sumario, a posición dos que consideran que a cultura de masas é simplemente a cultura propia do noso tempo e cómpre aceptala sen máis) en xeral acaban coincidindo no mesmo desprezo pola necesidade dun ensino das imaxes, os primeiros por consideraren que a cultura producida mediante o uso das modernas tecnoloxías audiovisuais é culturalmente desprezable, os segundos por entenderen que a cultura da imaxe non precisa de ningún tipo de aprendizaxe especial.

Naturalmente, o que tanto uns coma outros non teñen en conta é a posibilidade de que xustamente a acción escolar puidese contribuír a formar espectadores críticos e esteticamente máis esixentes que poderían chegar a modificar o actual predominio desa cultura icónica banal e degradada. En definitiva, a comparación entre as grandes obras da literatura e os productos televisivos máis comerciais é unha comparación tramposa porque esquece que en todos os tempos houbo tamén unha literatura de éxito de escaso valor estético. Se á escola se lle pide que analice determinadas obras, seleccionadas a través dos séculos, ou que, mesmo nos máis próximos ao noso tempo, se ocupe de, por exemplo, as obras de Cela e non das de Lafuente Estefanía, é porque dese xeito se pensa que no futuro o alumnado así formado terá máis oportunidades de chegar a ser un lector esixente. Do mesmo xeito, se queremos ter no futuro espectadores esixentes que poidan facer imposible o actual predominio da tele – lixo, deberiamos promover a análise nas aulas de, por exemplo, o cine dos grandes clásicos da cinematografía. Só así poderemos combater a fenda que se abre, na sociedade contemporánea, entre unha cultura para as masas degradada e unha cultura elevada só accesible a unha elite minoritaria, fenda que constitúe en si mesma un agravio, e potencialmente un perigo para a democracia.

[9] Umberto Eco (1999): *Apocalípticos e integrados*. Barcelona, Editorial Lumen.

[10] Neil Postman (1991): *Divertirse hasta morir. El discurso público en la era del 'show business'*. Barcelona, Ediciones de la Tempestad. Neil Postman (1994): *Tecnópolis. La rendición de la cultura a la tecnología*. Barcelona, Círculo de Lectores / Galaxia Gutemberg. Giovanni Sartori (1998): *Homo videns. La sociedad telederigida*. Madrid, Taurus.

4.2. A FONTE EPISTEMOLÓXICA

Entendemos por fonte epistemolóxica a que proporciona os fundamentos científicos (entendido aquí "científico" nun sentido laxo que integra tamén saberes que noutro máis estricto consideramos alleos ao campo da ciencia) arredor dos cales se organizan os contidos dunha área ou dunha materia escolar determinadas. Moitos dos especialistas que interviñeron ao longo dos nove Congresos de Pé de Imaxe coincidiron (como en boa medida tamén houbo coincidencia entre os participantes no seminario) en que a inexistencia do que poderiamos denominar, seguindo a terminoloxía acuñada por T. S. Kuhn[11] no campo da filosofía das ciencias, un paradigma suficientemente unificado sobre os fundamentos básicos que deberían constituír a EpM, é un dos atrancos principais que dificultan a xeneralización destes novos contidos e prácticas educativas. Dito de xeito sinxelo, para que uns determinados "saberes" se troquen en "saberes escolares" adoita ser condición previa a existencia dun consenso suficiente verbo de qué é o que se trata de ensinar, tanto entre os lexisladores que determinan os contidos xerais do *curriculum* como entre os propios educadores. É aquí onde cobra pleno sentido o desconcerto que previamente observabamos arredor da denominación desta posible nova área de coñecementos escolares, desconcerto que non é senón o reflexo da ausencia deste consenso no nivel epistemolóxico. Á súa vez, a ausencia deste consenso é o resultado dunha serie de circunstancias que aquí apenas poderemos apuntar. Direi tan só que xeralmente estes consensos son resultado de procesos lentos nos que participa non só a comunidade educativa directamente implicada (neste caso, o profesorado de ensino non universitario) senón, e case sempre sobre todo, os especialistas universitarios. É na universidade onde habitualmente se desenvolven as investigacións e os debates que dan como resultado a construcción e consolidación de determinados paradigmas dos que posteriormente se nutren os outros niveis de ensino. Desde o punto de vista máis obvio, dado que a formación inicial do profesorado non universitario se fai na universidade, é a universidade a que predetermina o que ese profesorado trasladará logo ás aulas, incluíndo non só contidos, senón metodoloxías e procedementos de avaliación. Agora ben, é claro que a formación inicial do profesorado, hoxe por hoxe, apenas contempla estes elementos. Por outra banda, é certo que se observa (en España, só moi recentemente) nos ámbitos universitarios unha preocupación crecente por afrontar esta eiva. Entre estes sectores preocupados, estase a impor a idea de que a EpM debe ter un fundamento interdisciplinario ao que deberán contribuír, entre outras disciplinas,

[11] T. S. Kuhn (1975): *La estructura de las revoluciones científicas*. México, Fondo de Cultura Económica. Para unha revisión recente da concepción kuhniana, pódese consultar Javier Echeverría (2003): *La revolución tecnocientífica*. Madrid, Fondo de Cultura Económica. O concepto de tecnociencia que aquí propón Echeverría é particularmente aplicable sobre o campo das transformacións orixinadas polo que máis abaixo chamo "revolución dixital".

á psicoloxía (teoría da percepción), a lingüística (teoría da comunicación), a socioloxía (estudios de audiencias), etc.[12].

4.3. A FONTE PSICOLÓXICA

Mediante a análise desta fonte, determinamos as condicións de posibilidade da aprendizaxe de acordo coa información que a psicoloxía nos proporciona sobre o desenvolvemento evolutivo de nenos e mozos. Aquí non se trata de pescudar qué pensa e quere a sociedade, senón qué precisa o propio alumnado para a súa mellora persoal e como e cando pode afrontar determinados procesos de ensino e aprendizaxe. En xeral, sobre esta fonte –quizais a que menos atención específica ten recibido ao longo dos Congresos de PdI e posiblemente onde a investigación ten de facto un retraso maior- pódese afirmar dúas cousas:

1: Que non hai nada nela que supoña un atranco significativo para a integración curricular da EdM. Onde se poderían presentar os maiores problemas é seguramente en relación coas primeiras idades (especialmente na Educación Infantil). ¿En que medida é idónea unha educación precoz cos medios audiovisuais? En resposta a esta pregunta, Ana Graviz e Jorge Pozo teñen presentado relatorios e obradoiros en PdI que desenvolven un modelo experimentado ao longo de moitos anos en escolas infantís de Suecia[13].

2: Que faltan, non obstante, estudios que proporcionen guías para a sistematización de moitas actividades, sobre todo nas primeiras idades (Infantil e Primaria). P. ex.: a partir de que idade un neno pode interpretar imaxes secuenciadas, cando recoñece as figuras propias dos discursos icónicos (elipses, flash back e flash forward, tipos de planos), cando é adecuado introducir o estudio dos xéneros das distintas modalidades audiovisuais (cine, televisión), cando e como se debe traballar coas dimensións sociolóxica, política e económica dos medios de comunicación, etc.

4.4. A FONTE PEDAGÓXICA.

Posiblemente sexa aquí onde se atopan os atrancos máis determinantes. Estes atrancos son, principalmente, de tres tipos:

[12] Entre as publicacións recentes que se ocupan desta cuestión cabe citar J. Mª Sancho (coord.) (1994): *Para una tecnología educativa. Barcelona, Horsori.* A. Gutiérrez Martín (1997): *educación multimedia y nuevas tecnologías*. Madrid, Ediciones de la Torre. J. De Pablos e J. Jiménez (coord.)(1998): *Nuevas tecnologías. Comunicación Audiovisual y Educación*. Barcelona, Cedecs. J. A. Ortega Carrillo (1999): *Comunicación visual y tecnología educativa*. Grupo Editorial Universitario. A. García Matilla e T. Lara Padilla (coord.) (2004): *Convergencia multimedia y alfabetización digital*. Madrid, Facultad de Ciencias de Información de la Universidad Complutense.

[13] Cfr.. Pozo e Graviz, op.. cit. Tamén Actas do VI Congreso de Pedagoxía da Imaxe.

1: **Atrancos infraestructurais**. A EpM require modificacións importantes das infraestructuras actuais dos centros docentes. Pero, contra o que se poida pensar, o déficit máis difícil de corrixir non é necesariamente o relacionado coa dotación de medios. Por suposto, este é un problema económico que reclama incrementos en inversión pero neste punto podemos estar seguros de que o cambio se acabará producindo, aínda que só sexa pola propia lóxica do mercado. O risco é que xustamente esta lóxica sexa a que determine o modelo do cambio como, por certo, algunhas intervencións en PdI denunciaron, como a de Robert Ferguson, no 5º Congreso, ao advertir como a producción de materiais por empresas multimedia estaba xa condicionando a forma de presentar os coñecementos, ou como, nunha dimensión máis grave, comentarei máis adiante citando ao pedagogo norteamericano M. W. Apple. Máis difícil de corrixir, na miña opinión, son os problemas derivados da organización dominante na actualidade nos centros, co imperio da aula de clase entendida como un espacio físico e temporal pechado que se adapta ben pouco ás dinámicas requiridas pola EpM.

2: **Atrancos formativos**: Estes remítennos aos problemas xa apuntados en relación coa fonte epistemolóxica. Neste sentido poderiamos dicir que o actual profesorado, que en principio deberá ser quen se encargue de introducir os novos contidos e novas prácticas, adoece dun logocentrismo (valoración en exclusiva da palabra, o número e o texto escrito como únicos elementos culturais valiosos) e dun desprezo da cultura da imaxe que, como mínimo, os fai escasamente sensibles aos cambios educativos que desde aquí reclamamos. Remover estes atrancos supón, logo, un compromiso en cursos de formación do profesorado que ata o momento se está lonxe de asumir, de xeito sistemático e continuado, por parte da administración. PdI, en certo xeito, asumiu durante os seus anos de funcionamento esa tarefa e a indiferencia diante da súa desaparición, sen ser substituída por algún tipo de iniciativa comparable, fala da escasa conciencia da súa necesidade tanto por parte da administración como por parte da propia comunidade educativa.

3: **Atrancos corporativos**: Como se puxo en evidencia coa reacción fronte aos cambios introducidos pola LOXSE (obviando agora os problemas derivados dos defectos inherentes á propia lei e, sobre todo, a ausencia dunha lei de financiamento), o profesorado tende a comportarse como un elemento hostil ao cambio cando este supón (ou pode chegar a supor) modificacións significativas do seu estatuto docente. A introducción dos novos contidos relacionados coa EpM conleva problemas que potencialmente afectan a ese estatuto: pon en discusión as competencias adquiridas e esixe a adquisición doutras novas, cuestiona tamén a organización dos contidos nas áreas e materias previamente existentes. Os corpos de profesores xa constituídos adoitan percibir estas esixencias como ameazas e, como teñen feito en relación coa LOXSE, reaxen reclamando que todo siga igual. Neste sentido, contra a imaxe superficial dos continuos "cambios" que

se terían producido na educación, os estudios sobre historia do *curriculum* demostran que, desde hai ben anos, existe máis ben unha sólida continuidade na organización escolar arredor duns eixes intocables formados polas Linguas (nacional, estranxeira e clásicas), as Ciencias Sociais (Historia e Xeografía), as Matemáticas, as Ciencias da Natureza (Física, Química e Bioloxía) e, en secundaria, a Filosofía. En España, a Educación Plástica, a Música e a Educación Física nunca conseguiron ser aceptadas plenamente dentro deste eixo e permanecen, como é sabido, coa condición de asignaturas de baixo estatus. Calquera introducción dun área de coñecementos ou unha materia que non responda a esa estructura previa, atópase coa resistencia do ben consolidado corpo do profesorado xa existente, dado que, debido ao sobrecargado *curriculum*, esa introducción require previamente o desprazamento (ou a modificación) doutra área ou materia. Xustamente, de aquí se deriva un dilema que a EpM vén arrastrando, como xa puidemos albiscar ao analizar as solucións que os distintos países daban a este problema: por un lado, a introducción da EpM como unha asignatura específica determina, ou ben o desprazamento dalgunha das asignaturas tradicionais, ou ben inflar aínda máis un *curriculum* xa excesivamente denso; por outro, a introducción da EpM como contido transversal que se incorpora a algunha desas asignaturas tradicionais (xeralmente ás Linguas e á Educación Plástica, e en menor medida ás Ciencias Sociais). A solución primeira, que posiblemente sexa a máis eficaz a curto prazo, atópase coa resistencia do profesorado da materia desprazada, de facerse mediante a primeira opción; se se opta pola segunda, atenta claramente contra a racionalidade educativa que impón a fonte psicolóxica: é inaceptable seguir amoreando contidos no *curriculum* porque tal amoreamento conduce inevitablemente a un tipo de ensino memorístico e absurdamente enciclopédico, que impide a aplicación de metodoloxías activas e unha aprendizaxe significativa por parte do alumnado. A solución segunda, que podería ser a máis idónea a medio e longo prazo, presenta o problema, como se comproba nos países que a teñen aplicado, de que o profesorado tende a reproducir os contidos tradicionais, nos que está formado, e resístese a incorporar os novos contidos co que, na práctica, non se produce unha efectiva modificación das prácticas previamente existentes.

Efectuada esta análise, ¿cales son as conclusións que se derivan dela? Poderiamos resumilas nos seguintes puntos:

a) Contra as interpretacións paranoicas inducidas por certo marxismo primario moi en boga nos educadores comprometidos coa EpM dos primeiros tempos, non é a resistencia e o temor dos "poderes fácticos" aos potenciais críticos da EpM o que explica a dificultade para incorporar estes novos contidos ao *curriculum* escolar.

b) É, en primeiro lugar, a ausencia dunha conciencia social sobre a importancia e necesidade dese ensino.

c) En segundo lugar, o déficit en investigacións e estudios nos departamentos universitarios que contribúan a establecer as bases, suficientemente consensuadas, de que é o que se debe ensinar.

d) E, finalmente, tanto o "atranco epistemolóxico" que caracteriza ao profesorado maioritario na actualidade, que só aprecia como culturalmente valioso a palabra e o texto escrito e despreza a cultura audiovisual, como o "atranco corporativo", converten aos propios docentes nun factor de resistencia ao cambio.

En certo modo, cabe dicir que o segundo factor se está a modificar, como o pon de relevo a propia nómina dos especialistas universitarios que teñen pasado por PdI, así como o importante número de novidades editoriais que se veñen publicando estes últimos anos sobre este tema e a atención que se lle empresta nas revistas especializadas en temas educativos[14]. Polo tanto, son o factor primeiro e terceiro os que cómpre remover. Neste sentido, do seminario derivouse a idea clara de que era necesaria a constitución do que poderiamos denominar un "grupo de presión" (un *lobby*) activo, formado por profesorado comprometido coa EpM, pero tamén por profesionais dos medios, asociacións preocupadas polos efectos das mensaxes audiovisuais sobre a infancia e a xuventude, e mesmo grupos empresariais vinculados aos medios de comunicación. Este grupo debería ser o encargado de modificar a falsa conciencia social da non necesidade de alfabetización visual, ao tempo que tentaría contrarrestar as tendencias estreitamente corporativas do propio profesorado.

5.- O Caso da informática e o futuro da EpM

Aquí a pregunta que faciamos nun principio sobre o éxito comparativo na introducción da informática merece un comentario. Fronte á falta de conciencia social sobre a necesidade da EpM, ao contrario a introducción da informática nace en boa medida como resposta a unha auténtica demanda social. Unha demanda social que xorde de dous factores que xustamente botabamos en falta no caso do audiovisual: 1, que a competencia para o manexo dos programas e aparellos informáticos si require dun proceso de aprendizaxe, por sumario que este sexa; 2, que o acceso a esa competencia recibe unha valoración socialmente positiva ao estar asociado á posibilidade de exercer determinadas funcións profesionais nas que os instrumentais informáticos son indispensables.

[14] Atención frecuente en, por exemplo, *Cuadernos de Pedagogía* e, durante o período en que se mantivo viva, a *Revista Galega de Educación*. O grupo andaluz Comunicar, que desde hai anos traballa no campo da EpM, publica a súa propia revista: *Comunicar. Revista Científica Iberoamericana de Comunicación y Educación.*

Estes dous factores serían os determinantes da rápida integración dos estudios de informática no *curriculum* escolar, integración que en boa medida se ten feito (e estase a facer) sen investigacións serias sobre os aspectos epistemolóxicos e psicolóxicos implicados. E non atopou atrancos por parte do profesorado porque o seu ensino foi atribuído, sen maiores debates, ao corpo docente xa existente do profesorado de matemáticas. Outra cousa sería determinar se as clases de informática están realmente supoñendo novidades significativas na formación do alumnado, de que tipo son esas novidades e se con elas se están realmente a satisfacer as demandas sociais que as xustificaron. A falta de estudios sobre o tema, a impresión é que na maioría dos centros as clases de informática están a funcionar como materias de baixo estatus académico coas súas implicacións de pouco nivel de esixencia e tamén baixo rigor e control do *curriculum* que se imparte.

En todo caso, como teñen sinalado varios dos relatores dos últimos Congresos de PdI, as innovacións tecnolóxicas dos anos noventa, cos avances nos procesos de dixitalización da comunicación e as consecuentes sinerxias entre os distintos medios, deberían (e poderían) ser un factor determinante na dirección dese paso decisivo para a incorporación plena da EpM no *curriculum*. Ao redor desta cuestión xirou xustamente o tema central do 7º Congreso, que adoptou o nome de "Labirinto dixital" e, en menor medida, do 9º ("As imaxes de mañá"), pero xa tiña sido obxecto de reflexión en anteriores congresos. Así, por exemplo, no quinto, o británico Robert Ferguson sinalaba que case todo o mundo está de acordo en que o *microchip* supuxo un cambio tan radical na vida dos seres humanos que historicamente só admite parangón co provocado no seu momento pola revolución industrial. Ese cambio necesariamente ha ter tamén consecuencias a nivel educativo. Ferguson argumenta que

> "A presentación multimedia pon na axenda algo que o educador dos medios de comunicación ou o profesor dos estudios culturais vén argumentando durante anos. As mensaxes dos medios *non* se poden fragmentar como unidades discretas de información. Pertencen a un espectro de significación que non pertence a un profesor ou a unha materia. Afectan a todos os educadores. As novas tecnoloxías eliminaron dunha vez por todas calquera distancia entre as materias curriculares e o papel do educador dos medios de comunicación."

É dicir, para Ferguson non só o novo contexto tecnolóxico producido pola revolución dixital esixe definitivamente a incorporación da EpM ao *curriculum* escolar senón que esta está a chamada a ser algo así como o futuro eixo organizador de todo o *curriculum*. Segundo isto, o debate entre asignatura ou transversalidade como solución para a integración da EpM no *curriculum* pasaría a ser xa superado por esta nova esixencia. É obvio que a maioría do profesorado se resiste aínda a aceptar estas implicacións que, sen embargo, se fan evidentes se tomamos en consideración o que o profesor Antonio Rodríguez de las Heras explicaba no último dos congresos de PdI:

> "O libro, en canto obxecto físico, está chamado a desaparecer, como no seu momento desapareceu o rolo de papiro ou o de pergameo diante do avance do libro de papel e a técnica da imprenta. Pero en cambio o libro, desde a perspectiva do seu contido, non só non ten por qué desaparecer, senón que mesmo a nova tecnoloxía dixital vén incrementar todos os seus potenciais abrindo outros novos. Cómpre inventar novas formas de lectura para o novo texto dixital que superen a dependencia dos vellos modos de lectura; cómpre, por exemplo, inventar un novo tipo de formato de lectura porque no espacio dixital xa non hai páxinas e, en consecuencia, imaxinar un novo tipo de libro que supere a dependencia do modelo de libro de papel tradicional. E só así poderase salvar a cultura do libro no novo espacio dixital."

Para albiscar o significado profundo que esta transformación está chamada a ter no ámbito escolar, pénsese na persistencia aínda hoxe do libro de texto como referente central das prácticas da maioría dos docentes e pénsese de seguido no que traerá consigo esa desaparición do libro en tanto que obxecto físico, de que fala de las Heras. Algo que, contra o que se poida interpretar, non é ciencia ficción senón xa presente. A rápida obsolescencia inducida polo cambio tecnolóxico obriga a constatar que o novo espacio dixital xa ten colonizado os ámbitos determinantes da sociedade contemporánea, en especial o ámbito do diñeiro (os bancos). Diante desta situación, a resistencia da escola é un anacronismo chamado inevitablemente a desaparecer. O que está en cuestión non é, polo tanto, se esa transformación se vai producir tamén no ámbito escolar, senón tan só cando acontecerá e como, é dicir, en función de que criterios e con que obxectivos. Neste sentido, tamén varias intervencións escoitadas en PdI, como xa sinalei antes, advertían contra un risco que pode parecer unha caricatura imaxinada polos críticos do neoliberalismo, pero que sen embargo son simples descricións de procesos que xa están a ser unha realidade en escolas dos Estados Unidos, o país que –gústenos ou non- finalmente acaba exportando ao resto do mundo moitas das súas prácticas. Refírome á creación de aulas de informática e medios audiovisuais patrocinadas por marcas comerciais que impoñen a cambio condicións aos centros de ensino onde se instalan.

Nun libro recente e admirable, que eu non me canso de recomendar[15], o pedagogo norteamericano Michael Apple confirma que esta tendencia non só persiste senón que está a producir consecuencias moi preocupantes. Aproveitando a crise económica que viven moitos centros públicos de EEUU debido ás políticas educativas da maioría dos gobernos destes últimos anos (incluídos os presididos por Clinton), unha empresa privada ofrece a estes centros de ensino encargarse de instalarlles gratuitamente unha antena parabólica, dous vídeos e un televisor por cada aula e producirlles a emisión dun telexornal para os estudiantes. Naturalmente, tan desinteresada oferta ten truco e este reside en

[15] Michael W. Apple (2002): *Educar "como Dios manda". Mercados, niveles, religión y desigualdad*. Barcelona, Paidós.

que, a cambio, as escolas deben asinar un contrato de tres a cinco anos de duración comprometéndose a que os estudiantes miren diariamente os programas difundidos por *Channel One*, unha cadea de televisión comercial. Nada nos debe sorprender que Apple nos confirme que as emisións de *Channel One* chegan a máis do 40 % dos estudiantes de secundaria en EEUU. Non me resisto a reproducir a perturbadora conclusión que Apple engade:

> "Estados Unidos é un dos primeiros países do mundo que ten permitido a venda da súa mocidade como unha mercadoría ás moitas empresas dispostas a pagar elevados prezos da publicidade en *Channel One* a cambio dunha audiencia garantizada. Xa que logo, hai variantes do neoliberalismo que, non contentas con colocar ás escolas no mercado, tamén queren facer o mesmo cos nosos fillos."

Sería absurdo pensar que, na era da globalización, Europa ou España han permanecer inmunes a estas tendencias. Do que se trata, logo, non é de negar a realidade senón de responder a ela opoñendo modelos alternativos. Dito de xeito moi concentrado, trátase de que, no canto de deixar que sexa o mercado e os procesos económicos os que guíen a transformación da escola, inevitable polos cambios tecnolóxicos, sexa a propia escola a que determine as condicións en que esa transformación se ten que producir. Ou o que é o mesmo: se non queremos que sexa o mercado quen dicte a axenda educativa do futuro, cómpre que pensemos cal deben ser os modelos educativos capaces de asumir os retos desa escola do futuro onde as novas tecnoloxías están chamadas a cambiar prácticas e obxectivos.

6.- Modelos ou paradigmas pedagóxicos

Neste sentido, os congresos de PdI permítennos facer unha rápida revisión dos principais modelos ou paradigmas pedagóxicos[16] que guiaron as prácticas da PdM no pasado así como os debates arredor dos novos paradigmas emerxentes. A incidencia do cambio tecnolóxico incorporado pola dixitalización levou a dicir a Ferguson, no 5º Congreso, que practicamente era preciso "comezar de cero", xa que os antigos modelos foran pensados para un marco diferente, onde o cine e a televisión ocupaban o lugar central. Sen embargo, el mesmo engadía logo que iso non debería implicar o esquecemento e abandono de canto se tiña feito ata entón

[16] Aínda que aquí non me podo estender neste punto, cómpre distinguir entre o paradigma epistemolóxico a partir do cal adoitan fixarse os contidos dun determinado campo de "saber escolar", e que xeralmente se desenvolve a partir de investigacións de carácter universitario, e os paradigmas ou modelos pedagóxicos que constitúen propostas de aplicación deses saberes na aula que case sempre son elaboradas polos propios educadores. Por suposto, entre os dous ámbitos poden e deben existir vínculos e relacións de influencia mutua.

senón analizar que modelos e prácticas poderían seguir mantendo o seu valor e cales deberían ser modificadas radicalmente ou mesmo deixadas de lado.

6.1. O MODELO CRÍTICO

É doado comprobar que boa parte das intervencións nos primeiros congresos tiñan como referencia principal o denominado "modelo crítico", que xeralmente se asocia coa figura do británico Lem Masterman[17] (quen participou en dúas ocasións en PdI). Este modelo foi o predominante nos anos setenta e oitenta, especialmente nos países anglosaxóns que, como temos visto, foron os pioneiros na introducción da EpM no curriculum escolar. No ámbito europeo continental, posiblemente o modelo predominante por eses anos foi o que poderiamos cualificar de "semiótico", influenciado polos estudios lingüísticos e, especialmente, polo estructuralismo, do que tomaba os seus procedementos de análise textual, ao tempo que interpretaba os productos audiovisuais como "textos" ou "documentos". Simplificando, poderiamos dicir que, mentres o paradigma crítico puña o acento nas condicións de producción das mensaxes audiovisuais (quen son os emisores, cales os intereses económicos, políticos e ideolóxicos que os guían, cales os mecanismos cos que inflúen sobre as audiencias e con que efectos), o semiótico estaba predominantemente interesado en dirixir a atención do alumnado sobre as mensaxes audiovisuais en tanto que realidades obxectivas, un chisco, se se quere, como actúa o profesorado de literatura cos textos que analiza na aula, obviando os procesos a través dos cales o autor chegou a redactalos, as condicións históricas particulares en que chegaron a constituírse en libros, o réxime de difusión dos textos propio da época, etc. Pero, para alén das diferencias de enfoque, cabe dicir que se deu certo movemento de converxencia, de modo que tanto o paradigma crítico como o semiótico adoptaron como obxectivo esencial capacitar ao alumnado para se enfrontar ás mensaxes dos medios cunha actitude crítica, entendendo por tal actitude, en primeiro lugar, o desenvolvemento da conciencia de que toda mensaxe é unha construcción intencional que responde a unha determinada autoría e, polo tanto, a uns intereses que é posible identificar, escapando en consecuencia da visión inxenua da producción audiovisual como simple "espello" da realidade; e, en segundo lugar, un espírito de desconfianza respecto da cultura audiovisual, desconfianza aparentemente imprescindible para desmontar o enorme poder de seducción que emana dela. Resumindo, a EpM, tanto cun como co outro modelo, propúñase como obxectivo formar espectadores críticos capaces de xulgar con autonomía as mensaxes audiovisuais recibidas.

[17] A súa obra de referencia fundamental está editada en castelán: Len Masterman (1993): *la enseñanza de los medios de comunicación*. Madrid, Ediciones de la Torre

Cando, a comezos dos noventa, se convoca por vez primeira PdI, hai xa unha convicción de que estes modelos están esgotados e precisan ser substituídos por outros novos.

6.2. O MODELO DE RECEPCIÓN ACTIVA

Unha acusación dirixida contra o modelo crítico foi a da politización ou ideoloxización da educación. Masterman tense defendido fronte a esa crítica admitindo que estaría ben fundamentada se o profesorado actuase impoñendo sobre o alumnado unha determinada concepción política, é dicir, convertendo a aula nun espacio de propaganda política. Pero non o é cando o profesorado crea as condicións na aula para que o alumnado desenvolva a súa propia capacidade para xulgar os valores ideolóxicos implícitos nas mensaxes dos medios. Un sector importante -e o máis influente- entre os educadores comprometidos coa EpM nos países latinoamericanos se ten amosado especialmente sensible ás inevitables implicacións políticas da EpM. Esta conciencia está presente no chamado modelo de recepción activa que foi presentado en diversas ocasións en PdI por parte dun dos seus principais impulsores, o profesor mexicano Guillermo Orozco[18]. O modelo de Orozco parte da constatación dunha interpretación errónea sobre a actitude dos espectadores de masas, moi frecuente en moitos estudios sobre os efectos da televisión difundidos nos anos sesenta e setenta. O espectador de televisión non é, como se cría, un "espectador pasivo" senón que toda recepción é unha recepción "activa", no sentido de que é esa recepción a que finalmente confire sentido á mensaxe. Nesa recepción activa interveñen dúas instancias, unha individual de carácter cognitivo, e outra social e cultural. Por esa razón, pódese dicir que as teleaudiencias son unha construcción social. Agora ben, é certo que a capacidade de dar sentido ás mensaxes non está distribuída de forma idéntica entre os emisores e os receptores. En particular, en Latinoamérica a construcción social das teleaudiencias é en boa medida producto dunha operación de colonización cultural exercida por grupos minoritarios posuidores dos principais medios e pola poderosa industria cultural dos Estados Unidos de América. Se a EpM quere enfrontarse á análise dos medios de forma seria non ten outro remedio que enfrontarse a esta circunstancia. O modelo de recepción activa promovido por Orozco –e que, con matices diferentes, defende tamén o grupo chileno CENECA, tamén representado en PdI a través de José Luís Olivari- asume, deste xeito, a dimensión inevitablemente sociopolítica da EpM, propoñéndose como obxectivo desenvolver dinámicas de traballo na aula dirixidas a investigar sobre a estructura dos medios (recollendo moitos dos procedementos xa presentes no modelo crítico), a analizar as súas mensaxes, pero tamén a capacitar

[18] A exposición do modelo pode lerse en Mercedes Charles Creel e Guillermo Orozco Gómez (1990): *Educación para la recepción. Hacia una lectura de los medios*. México, Trillas.

ao alumnado para exercer como productor de sentido, tanto creando as súas propias mensaxes alternativas, como facéndoo consciente do seu lugar no conflicto de intereses que se xoga no campo da producción de "realidade" en que consisten os medios. Por iso, Orozco pon o acento na vinculación cos movementos sociais alternativos da EpM, que nos países latinoamericanos se ten desenvolvido sobre todo nas marxes das institucións escolares oficiais. Persoalmente, conservo a memoria da proposta de reinterpretación dos sucesos de Chiapas que o profesor Orozco presentou en PdI apenas uns meses despois da aparición do subcomandante Marcos e o movemento zapatista na selva Lacandona:

> "A relevancia do caso Chiapas para a Educación para a Recepción estriba en dous aspectos. Primeiro, que en momentos e situacións de conflicto social coma este, que ameazan a orde establecida, a autoridade e o poder, é cando a súa cobertura televisiva deixa ver con maior claridade os seus mecanismos de manipulación. E, segundo, que é neste tipo de situacións onde se aprecia o xogo de forzas involucradas na representación mediática dos acontecementos. Isto permite contextualizar as imaxes e discursos específicos dentro da racionalidade maior do conflicto polo poder, a procura de lexitimidade fronte á audiencia e a competencia por gañar a lexitimación dos referentes mediáticos."

O profesor Roberto Aparici, en boa medida, tense movido tamén dentro deste paradigma que, como se ve, non ten medo a afrontar as acusacións de "politización" por considerar que a dimensión política é inseparable do estudio dos medios. A súa presentación en PdI da análise comparativa do tratamento en programas informativos da televisión arxentina do caso duns fillos de desaparecidos durante a terrible dictadura militar foi outro dos momentos que lembro con forza. Non podo evitar pensar nas posibilidades de aplicación deste modelo ao tratamento de temas de actualidade recente como o caso Prestige, o 11 M ou a guerra de Irak. Estou seguro de que se PdI tivese continuado, teriamos comprobado mostras de análise e reflexión sobre estes e outros sucesos que ocuparon a actualidade dos medios.

6.3. O MODELO DOS ESTUDIOS CULTURAIS

Os primeiros congresos de PdI coincidiron cos debates arredor da globalización e as súas consecuencias, coas polémicas asociadas sobre a imposición do neoliberalismo como "pensamento único" e, xa nun plano máis filosófico, a pluralidade de discursos promovida desde posicións posmodernas. As propostas arredor destas cuestións que se escoitaron en PdI non foron unánimes, como non podía ser doutro xeito nunha tribuna plural como sempre se propuxo ser PdI, aínda que certamente predominaron as voces críticas contra as opcións neoliberais e os riscos derivados da mercantilización universal imposta polos procesos globalizadores e de desregulación. Entre os participantes anglosaxóns, a

superación do modelo crítico buscouse preferentemente desde o campo dos chamados estudios culturais. Neste marco poden situarse as propostas dos canadianos Rick Sepherd e Bary Duncan, a norteamericana Kathlen Tyner, o británico Ferguson ou os australianos Robyn Quin e Barry McMahon. Non hai tempo para analizar estas contribucións debidamente, así que me limitarei a algunhas pinceladas.

Os estudios culturais adoitan ser enmarcados dentro das posicións características da posmodernidade que, como sinalou a sudafricana Susan Court no marco do Encontro Mundial, "rexeita a noción dunha verdade única e avoga pola construcción social de coñecemento e a deconstrucción do texto". Para Court, o enfoque posmodernista supón unha corrección do que ela denomina "paradigma da educación progresiva" (interpreto que coincide coas primeiras formulacións do que aquí chamamos "paradigma crítico") no sentido dunha "pedagoxía crítica" que renunciaba ao dogmatismo do que o filósofo francés Lyotard chamou "grandes relatos"[19] ("gran relato" que no "paradigma da educación progresiva" se identificaría co marxismo). Abandonada a pretensión dun discurso lexitimador último, a posmodernidade acepta a pluralidade e fragmentariedade de discursos e propugna o libre xogo entre eles e a renuncia a establecer xerarquías excluíntes. O multiculturalismo, os estudios de xénero e a emerxencia de novas identidades serían algunhas das principais liñas de reflexión promovidas dentro do posmodernismo (e dos chamados "estudios culturais") que teñen evidentes repercusións no campo dos medios de comunicación de masas e, polo tanto, na EpM.

Así, por exemplo, a estadounidense Kathlyn Tyner presentou en PdI experiencias desenvolvidas en escolas californianas que potenciaban a análise dos discursos propios da "cultura popular" aceptada polos grupos adolescentes, como os *grafitty*, a música *hip hop* ou a estética de video clip. Demostrou como era posible desenvolver actividades de metacognición sobre as características deses discursos en base as cales o alumnado producía logo as súas propias mensaxes, combinando imaxes e música para elaborar discursos críticos sobre as condicións de vida dos seus barrios ou mesmo sobre a propia institución escolar:

> "Unha boa forma de comezar un exame crítico que poda mellorar os resultados da aprendizaxe debe ser comprometer aos estudiantes na análise dos seus propios modos de discurso tanto orais como escritos, para que eles mesmos comecen a comprender que hai moitos estilos de discurso para transmitir información. Así os estudiantes terán algunha base para comentar o discurso dos diversos medios, incluídos os permitidos polos cánones tradicionales. Cando os estudiantes comezan a analizar os seus propios estilos de discurso e a probar con modos novos e diferentes, entran dentro dun reino de "metacognición" que

[19] Jean-François Lyotard (1998): *La condición posmoderna*. Madrid, Cátedra.

pode axudalos a crear un contexto que promova a comprensión cara o discurso dos outros que quizais falen dende unha perspectiva cultural diferente.

Os métodos para a aprendizaxe cognitiva teñen unha especial relevancia dentro da aula cultural e lingüisticamente diversa.(...)"

Robert Ferguson, profesor do Instituto de Educación (Universidade de Londres), asumía explicitamente as propostas multiculturais para denunciar a ficción da aparente e daquela tan loada "sociedade multicultural" británica. Fronte ás dificultades, recoñecidas por Masterman, para conseguir que o alumnado de secundaria asumise con interese o traballo sobre as condicións económicas e políticas da producción dos medios de comunicación ("Len Masterman afirmaba, aos inicios dos oitenta, incorrectamente ao meu parecer, que non é probable que moitos estudiantes preuniversitarios se interesen por cuestións de poder e control. Coido que o que Masterman estaba a combater era un enfoque árido e estereotipado da ensinanza do poder e o control nos medios de comunicación"), defende a necesidade de promover análises desde as aulas desas condicións como procedemento para explicar a representación dos diversos grupos étnicos nos programas televisivos e, en xeral, mas mensaxes dos medios de masas.

Pola súa parte, Robyn Quin, que ten desenvolvido unha metodoloxía para a análise dos estereotipos nas representacións de xénero, grupos sociais e grupos étnicos, nos medios de comunicación, presentou no 7ª Congreso un interesantísimo relatorio en que aplicaba esa metdoloxía para analizar a representación específica da figura masculina. As súas conclusións eran enormemente suxestivas: fronte á modificación dos estereotipos na representación das figuras femininas, e mesmo dos *gays*, como resultado das campañas dos grupos feministas e do movemento homosexual, descubría que en boa medida a representación da masculinidade seguía ancorada nos estereotipos machistas, especialmente en programas de tanta influencia popular como os de carácter deportivo. Como resultado, o "macho espectacular", que seguía aparecendo como estereotipo masculino dominante, podía estar contribuíndo a dificultar o establecemento de novas relacións baseadas na igualdade e o respecto mutuo entre home e muller, e na erradicación da homofobia.

6.4. O PARADIGMA DO PRACER

Aínda que é discutible que se poida falar neste caso propiamente dun "paradigma" ou modelo pedagóxico, certas correntes que tamén tiveron a súa representación en PdI teñen insistido na reivindicación dos productos populares dos medios de comunicación de masas desde a perspectiva do pracer. Con isto, estase a denunciar a actitude, característica sobre todo das primeiras manifestacións do modelo crítico, de presentar os medios na aula exclusivamente

desde un enfoque analítico, sen tomar en conta o gozo que de facto provocan no espectador e en especial nos espectadores novos. Xa o propio Masterman, nunha entrevista con Roberto Aparici, confesaba que, fronte a orientación inicial das súas clases, en que tendía a traballar con productos culturais audiovisuais "elevados" (como películas de gran calidade pero difíciles para un público xuvenil), decidiu pasar a traballar coas películas e series de televisión favoritas dos propios adolescentes. Os defensores deste novo "paradigma" dan un paso máis, reivindicando a compoñente afectiva e pracenteira da relación dos espectadores cos medios, salientando, ao mesmo tempo, a capacidade autónoma do alumnado para seleccionar o que queren ver e aceptando o valor específico da cultura dos medios como cultura para o entretemento e o lecer. É unha posición defendida, entre quen interviñeron nalgunha ocasión en PdI, por Jacques Gonnet[20], por entón director do CLEMI francés, e por Joan Ferrés[21]

O debate involucrado nesta opción entendo que é semellante ao que tamén se produce co profesorado de literatura, cando debaten se deben traballar exclusivamente con obras literarias consagradas polo canon ou tamén con obras populares de discutible calidade. Unha opción que pode ser ben lexítima pero que, nalgúns casos (non no dos dous autores citados arriba), semella responder ao relativismo extremo de certo posmodernismo que tende a igualar todos os productos culturais de tal xeito que non sería posible establecer ningún criterio en base ao cal determinar a superioridade, poñamos por caso, dunha sinfonía de Beethoven con respecto ao último éxito do grupo musical de moda. Un relativismo que, pola miña parte, direi que me parece inaceptable aínda que obviamente non dispoño de tempo nin espacio para xustificar debidamente esta aseveración.

7.- Para rematar

Quedan moitas cousas por falar. Pero xa ficou dito que isto só pode ser un balanzo provisional. Hai, non obstante, algo que non quixera deixar sen comentar, e é a presencia en PdI de representantes dos propios medios que non poucas veces contribuíron con reflexións e propostas de enorme valor. Entre estas, para rematar, quixera lembrar a extraordinaria análise que Xabier Obach, reputado realizador de programas de TVE, fixo sobre o futuro da televisión en plena "guerra dixital". Sete anos despois cómpre dicir que a súa análise resultou tan exacta como profética. Todos os prognósticos que adiantou sobre a evolución das

---

[20] Jacques Gonnet (1997): *Éducation et medias*. París, PUF.

[21] Joan Ferres (1994): *La publicidad modelo para la enseñanza*. Madrid, Akal. (1994): *Televisión y educación*. Barcelona, Paidós / Cuadernos de Pedagogía. Máis recentemente pode consultarse do mesmo autor (2000): *Educar en una cultura del espectáculo*. Barcelona, Paidós / Cuadernos de Pedagogía.

canles televisivas se cumpriron agás as que están aínda en fase de cumprimento. Permitídeme que conclúa recollendo algúns daqueles prognósticos:

> "... agás para unha selecta minoría que elixirá as canles temáticas menos visitadas, a televisión dixital de calquera lugar do mundo non ofrece contidos esencialmente distintos á televisión comercial. Cine de éxito, polo xeral de acción, e deporte de éxito, en España fútbol. En resumo, moito máis... pero moito máis do mesmo."

Un comentario final: a alianza entre o profesorado comprometido coa EpM e os profesionais que, como Obach, teñen demostrado unha preocupación polas implicacións da educación no futuro dos medios, é indispensable para a formación dunha cidadanía crítica, única garantía para a mellora en calidade, pluralidade democrática e rigor informativo dos programas televisivos.

A ESCOLA NO LABIRINTO TECNOLÓXICO

Manuel Area Moreira

Catedrático de Didáctica e Organización Escolar
Facultade de Educación
Universidade de La Laguna (Illas Canarias)

O labirinto é un símbolo estendido na maior parte das culturas do planeta desde tempos moi antigos. No oriente próximo, no norte africano, nas costas galegas en forma de petróglifos, en América do Sur ou nos países escandinavos, existen representacións suficientes desta figura xeométrica. O labirinto más afamado na cultura occidental como un referente mitolóxico é o labirinto en que Teseo se enfrontou co Minotauro, na illa de Creta. Poderíase dicir que o labirinto en todas as civilizacións humanas ao longo da historia e, particularmente, para as culturas de orixe mediterráneo, representa a metáfora da sinuidade e da incerteza da existencia, unha especie de representación simbólica da complexa xeometría da realidade. A este respecto o dicionario da RAE identifica dúas acepcións do termo *labirinto,* que define como "o lugar formado por rúas e encrucilladas para confundir a quen se adentre nel de xeito que non poida acertar coa saída" e tamén como "cousa confusa e aquelada".

Por iso, dicir que vivimos actualmente nun tempo histórico labiríntico é facer referencia a que estamos mergullados nun horizonte vital en transformación permanente, en que están a mudar os comportamentos, as pautas e os valores que, en tempos precedentes, sinalaban de forma certeira o rumbo vital para seguir por cada quen ou polo conxunto da sociedade, mais agora andamos á procura do vieiro axeitado. O concepto de labirinto, como unha metáfora, evoca outras palabras tales como confusión, encrucillada, alternativas, dilema...

Falar, hoxe en día, da escola no labirinto tecnolóxico é recoñecer que os sinais de identidade, de desenvolvemento e de funcionalidade social que ata o de agora eran idiosincráticos da institución escolar están en crise, mergullados nun contexto en transformación de fondo calado histórico, provocado polas mudanzas que se están a dar neste comezo do século vinte e un. Neste ensaio analizaremos cales son algúns destes desafíos a que se enfronta a escola como unha institución, tendo como referente a revolución tecnolóxica que se está a producir nos eidos económicos, sociais e culturais empuxada polo rápido avance da computación,

das redes de telecomunicacións e das distintas ferramentas dixitais como os videoxogos, a televisión dixital, o MP3 e outras. Comezaremos coa descrición da institución escolar como unha creación decimonónica vinculada coa sociedade industrial, para posteriormente reflexionar sobre o concepto de "sociedade da información", e para finalizar cunha análise dos problemas e dos retos educativos da institución escolar derivadas desta.

1.- A orixe decimonónica da institución escolar

A escola como unha institución social destinada á formación a grande escala da infancia e da mocidade foi un invento dos estados modernos do século XIX, que xurdiron como consecuencia da sociedade industrial e do proceso de modernidade que desenvolveron as nacións europeas desde o Renacemento. A expansión do racionalismo ilustrado, a reivindicación dos dereitos dos cidadáns como consecuencia da revolución francesa, as loitas dos movementos obreiros, as transformacións económicas e sociais provocadas pola primeira revolución industrial e pola aparición do capitalismo, a consolidación das estruturas políticas modernas nos gobernos, entre outros factores, fixeron que xurdise a necesidade de articular un sistema especializado de educación básica para os nenos e para os mozos (Barreiro e Terrón, 2005).

A modernidade trouxo consigo o concepto de progreso, da cultura como un ben nacional, dos dereitos da cidadanía e da xustiza social. Por iso unha parte importante dos intelectuais progresistas do século XIX defenderon a necesidade de artellar un aparato público destinado a alfabetizar e a instruír a toda a poboación, xa que eran conscientes de que a modernización dun país requiría como unha condición básica dispor dunha masa de cidadáns cun nivel formativo que lles permitise acceder á cultura e, deste xeito, exercer os seus dereitos políticos. En España, o mesmo que noutros países europeos, temos unha importante tradición de pensadores, filósofos, políticos e pedagogos que defenderon estas ideas. Os nomes de Giner de los Ríos, Cossío, Ferrer i Guardia, Luzuriaga, Ortega y Gasset, Fernando de los Ríos, entre outros moitos, son parte desa memoria histórica da xénese dunha rede de instrución pública española.

Por outra banda, os importantes cambios económicos, laborais e sociais que trouxo o paso dun modelo de produción agrícola a outro industrial, impulsaron a necesidade de cualificar profesionalmente os traballadores. Deste xeito, a medida que a produción industrializada se ía especializando e as máquinas se facian máis complexas, foi necesario potenciar a formación dos diferentes sectores de asalariados. Saber ler, escribir e contar foron competencias necesarias para a boa marcha e para o desenvolvemento dos procesos produtivos e da comercialización dos bens manufacturados. Sen operarios minimamente alfabetizados na lectoescrita e na aritmética, o aparello do Estado moderno e industrial non podía avanzar e articularse como unha organización eficaz e competitiva. Por esta razón,

os gobernos europeos de mediados e de finais do século XIX[1] crearon os sistemas escolares nacionais que pretendían, en liñas xerais, e coas variantes específicas de cada país, ofrecer un ensino básico para todos os cidadáns menores de idade regulado pola lei e establecer un currículo común e básico. Este aparello formal encargado da educación dos nenos e das nenas foi chamado "escola".

En poucas palabras, poderiamos dicir que a institución escolar naceu para dar resposta aos obxectivos de:

- alfabetizar na lectura, na escrita e na aritmética
- cualificar a man de obra que necesitaban os procesos de industrialización e a modernización dos estados
- transmitir unha cultura común á cidadanía que servise como un instrumento para a construción dunha identidade nacional

É dicir, o aparello ou o sistema escolar xorde como unha necesidade dos estados nacionais no século XIX para dar resposta tanto ao ideal ilustrado da democratización do coñecemento, como á estratexia para a alfabetización da clase traballadora cara á mellora do funcionamento dos procesos industriais, e como instrumento de concienciación e identidade nacional.

2.- A sociedade da información: o labirinto sociocultural do presente

Os diversos e abundantes cambios e transformacións que se están a producir nestas últimas décadas, a medio camiño entre o século XX e o século XXI, son obxecto dun alto interese no eido da Socioloxía, da Economía e das demais ciencias sociais. Vivimos tempos de cambio acelerado, de mutación dun modelo de sociedade que ata hai pouco foi claramente definible (a sociedade industrial), cara a outro modelo incerto en que as máquinas dixitais para a información e para a comunicación, nas súas múltiples formas (computadores persoais, telefonía móbil, internet, DVD etc.) son parte da nosa vida cotiá. Hoxe en día, calquera empresa privada, institución gobernamental, organización ou grupo social, precisa das tecnoloxías da información e da comunicación para o desenvolvemento da súa actividade. Sen estas tecnoloxías non se podería acceder a unha información valiosa para poder actuar, nin tampouco se podería difundir e dar a coñecer os datos ou as informacións que calquera delas xera.

Como sinala o sociólogo M. Castells "a información estase a converter na materia prima do noso tempo". Por esta razón, moitos expertos comezan a

[1] Por exemplo, en España a primeira lei con que se crea unha rede de instrución pública é a Lei Mollano de 1857.

denominar o noso presente como unha *sociedade informacional*[2], xa que vivimos inmersos nun ecosistema cultural en que a información flúe, se crea, se transmite e se consume a través dunha variedade ampla de artiluxios informáticos. Este autor (Castells, 1997 e 2001), na repetidamente citada triloxía chamada *A era da información,* analiza os principais fenómenos económicos, tecnolóxicos e socioculturais que definen e que caracterizan o tempo actual. Unha década antes outros sociólogos tamén tiñan afrontado a tentativa de identificar os principais riscos do proceso de mudanza que se está a producir desde hai vinte anos nas sociedades industriais avanzadas. Por exemplo, S. Hall (1990) estableceu como os fenómenos caracterizadores desta sociedade da información os seguintes:

- o alto desenvolvemento e a utilización das tecnoloxías da información e da comunicación
- unhas formas máis flexibles e máis descentralizadas do proceso laboral e da organización do traballo
- a decadencia das vellas industrias baseadas na manufacturación e o crecemento das industrias do futuro baseadas nos computadores
- a privatización ou a contratación de funcións e de servizos fóra das propias empresas
- unha maior énfase na elección e na diferenciación dos produtos, así como na comercialización, na embalaxe e no deseño destes
- a elección dos clientes polo seu estilo de vida, gustos e cultura máis que polas categorías tradicionais de clase social
- o descenso da porcentaxe da clase traballadora manual, masculina e cualificada
- o aumento das clases dedicadas aos servizos e aos traballos de oficina, así como a feminización da forza laboral
- unha economía dominada polas multinacionais, cunha nova internacionalización do traballo e cunha maior autonomía a respecto do control do estado nación
- a mundialización dos novos mercados financeiros interconectados pola revolución das tecnoloxías das telecomunicacións

[2] A esta época de mudanza diferentes autores póñenlle nomes variados como, por exemplo, "sociedade da información", "sociedade do coñecemento", "sociedade posindustrial", "sociedade posmoderna", "era dixital", entre outros.



Como pode observarse, o catálogo de mudanzas que implica a sociedade da información leva a que esta sexa definida como a "*terceira revolución industrial*" do modo de produción capitalista, que consiste en que aparece un novo obxecto ou unha materia prima susceptible de ser convertida nun produto manufacturado (a información pasa a ser un obxecto de transformación industrial e de comercialización do mesmo xeito que as materias primas naturais), en que o espazo para o comercio libre e para a actividade económica se expande por todo o planeta (fronte ao proteccionismo nacional do século XIX e do XX, a globalización ou a mundialización económica consolídase como un fenómeno), e na utilización das tecnoloxías dixitais como as ferramentas fundamentais para a xestión e para o desenvolvemento da actividade produtiva. En definitiva, poderiamos dicir que a evolución da industrialización tería tres fases (Lucas, 2000, páx. 53):

"falar da primeira revolución industrial lévanos a pensar na máquina de vapor, que se concreta na fiadora mecánica ou no ferrocarril. Igualmente, a segunda revolución industrial remítenos á cadea da montaxe para a produción en serie e ao automóbil como a súa expresión más relevante. A terceira revolución... centrada no tratamento da información, vén representada polos ordenadores, considerados como a máquina por excelencia da nova forma da sociedade".

Deste xeito, como sinala Castells (2000), actualmente estamos nunha fase da economía que está dominada polo inmaterial e polo coñecemento fronte a

condición material das anteriores revolucións industriais. Por outra banda, as telecomunicacións dixitais permiten que, por vez primeira, a economía funcione como unha unidade en tempo real ao longo do noso planeta. É dicir, a información e o coñecemento son un dos eixes substantivos da produtividade económica e as redes telemáticas fan que estes procesos industriais funcionen como unha unidade temporal por riba das fronteiras xeográficas e das limitacións espaciais.

Por outra banda, *a globalización* (Beca, 1998) é outro dos sinais caracterizadores do presente. Este fenómeno non só implica unha mundialización dos procesos económicos, senón tamén dos procesos de produtividade e de consumo da cultura e dos bens de consumo e de lecer. A música, a alimentación, a roupa, as noticias, os acontecementos deportivos, as películas, os xogos... repítense en case todos os países occidentais (e do resto de gran parte do mundo). Deste xeito, podemos falar, se seguimos a U. Beca, dun proceso de segunda modernidade en que se entrecruzan distintas lóxicas da globalización: ecolóxica, cultural, económica, política...

Este autor fala dunha pluridimensionalidade da globalidade caracterizada por (Beca, 1998, páxs. 29-30):

a) o alargamento do campo xeográfico e a crecente densidade dos cambios a nivel internacional, así como o carácter global da rede de mercados financeiros e do poder cada vez maior das multinacionais

b) a revolución permanente no eido da información e das tecnoloxías da comunicación

c) a esixencia, universalmente aceptada, de respectar os dereitos humanos, polo menos formalmente, como o principio da democracia

d) as correntes icónicas das industrias globais da cultura

e) a política mundial posinternacional e policéntrica: xunto cos gobernos hai cada vez máis actores transnacionais con maior poder (multinacionais, ONGs ou Nacións Unidas)

f) o problema da pobreza global

g) o problema dos datos e dos atentados ecolóxicos globais

h) o problema dos conflitos transculturais nun lugar concreto

Outro dos fenómenos de cambio que se está a producir refírese á eclosión ou á *revolución científico-técnica* que ocorre en eidos tan variopintos como son as telecomunicacións, a Biotecnoloxía, a Enxeñaría Xenética, a Astrofísica, a Nanotecnoloxía ou as Ciencias da Computación, entre outras. Estamos a vivir nun tempo non só de enormes descubrimentos e de avances da chamada "ciencia básica", senón tamén, e sobre todo, do coñecemento aplicado e transformado en

tecnoloxía. O progreso e a mellora na medicina, nos transportes, nos novos materiais, nos sistemas de transmisión de información, na navegación espacial ou nos procesos de produtividade automatizada, son manifestacións da transformación dos descubrimentos científicos en aplicacións tecnolóxicas que afectan á nosa vida cotiá.

A información estase a converter nunha mercadoría ou nunha materia prima arredor da cal está a medrar e a se desenvolver a sociedade actual. A diferenza da primeira e da segunda revolución industrial, que empregaban materias primas obtidas da natureza (animais, plantas, minerais, árbores ou calquera outro produto do medio ambiente) que eran transformadas na fábrica, hoxe en día, as industrias dos servizos traballan coa información e cos datos como a materia prima da súa produtividade. A bolsa, os sistemas financeiros ou a banca, no fondo non son máis que intercambios e movementos de *bits* duns ordenadores a outros. No ámbito cotián das nosas finanzas persoais, cada vez empregamos menos os cartos físicos e máis unha tarxeta de crédito ou a xestión da nosa conta bancaria a través de internet.

Por outra banda, existen outros tipos de industrias como son as do software, as telecomunicacións, as empresas xornalísticas (sexan axencias de noticias, de publicidade ou medios de comunicación) cuxa actividade consiste precisamente en elaborar, empaquetar, difundir e vender información. A elas teremos que sumar as denominadas industrias do lecer e do entretemento, como son os videoxogos, as discográficas, as produtoras de cinema e de televisión, ou as editoriais dedicadas a xerar produtos de consumo cultural elaborados baixo a mesma lóxica capitalista da produción a grande escala, coñecidas como "industrias culturais". A información, en definitiva, é un obxecto económico cun peso cada vez máis relevante no PIB de cada país. Este tipo de armazóns industriais requiren recursos humanos cualificados que posúan as competencias axeitadas para producir, para xestionar e para consumir produtos baseados na xestión da información. De aquí derívase a necesidade urxente de formar quer os traballadores quer os potenciais clientes ou usuarios dos servizos destas empresas.

Non obstante, a información non só é un conxunto de datos neutros, senón que a súa presenza ou a súa ausencia, a maneira en que se comunica e a súa manipulación, afecta significativamente á percepción, ao coñecemento e á interpretación que realizamos da realidade que nos rodea. Os humanos vemos e pensamos sobre o mundo en función da información de que dispoñemos e que recibimos, polo que os chamados medios de comunicación social (prensa, radio, televisión, publicidade...) xogan un papel fundamental na configuración dos valores, das actitudes e das opinións da cidadanía (McQuail, 1991), xa que eles son os difusores de certas representación sociais lexitimadas e hexemónicas.

Tamén temos que dicir que, noutras épocas históricas, a cantidade de información de que dispoñía unha persoa era soamente a que podía obter a

través, ben da súa experiencia empírica no fogar, no traballo ou na súa vila, ou ben a través das narracións orais que outras persoas lles ofrecían sobre os acontecementos afastados no tempo. No mundo antigo, na Idade Media ou na Moderna, ata o século XX, os individuos non dispoñían de ningún sistema de transmisión e de difusión en masa da información como actualmente ocorre, a excepción dos documentos impresos a que accedían soamente certas minorías (Briggs e Burke, 2002). Hoxe en día, a prensa, a radio, a telefonía móbil, internet, a televisión... proporcionan a cada individuo unha cantidade inxente de datos de todo tipo e natureza como non sucedera nunca. As informacións diarias, constantes e ininterrompidas sobre política nacional e internacional, sobre deporte, sobre consumo, sobre lecer e tempo libre, sobre usos e costumes, sobre o tempo climático, sobre sucesos dramáticos ou celebracións...

O cúmulo e a cantidade extrema de datos xera unha saturación informacional que provoca que moitos suxeitos teñan unha visión confusa, inintelixible e de densa opacidade sobre a realidade que os rodea: a capacidade de procesamento e de comprensión racional da información ten un umbral que, ao se superar, provoca o aturdimento e a confusión. Aquí reside un dos paradoxos culturais máis representativos da nosa época: dispoñemos dos recursos e dos medios para a accesibilidade a inmensos feixes de información, mais a limitada capacidade da mente humana fai que, en moitas ocasións, provoquen unha visión distorsionada e parcial da realidade máis que unha visión global e axeitada desta. Por esta razón, moitos autores afirman que a sociedade da información non significa necesariamente unha sociedade de maior coñecemento. Unha cousa son os datos e outra ben diferente é a súa interpretación, darlles sentido, significado e utilidade para certos propósitos (Pérez Gómez, 1998).

Outro fenómeno relevante do labirinto en que nos achamos ten que ver coas grandes *modificacións que están a ocorrer no eido ou na esfera da vida privada* ou na biografía vital dos individuos. Nas últimas tres décadas, nos fogares dos países occidentais están a mudar de maneira notoria os comportamentos, as relacións sociais e os valores de convivencia entre os homes e as mulleres, entre os pais e os fillos, e nas formas de parella. A reivindicación da igualdade de dereitos por parte das mulleres, o cuestionamento da supremacía e da autoridade dos adultos varóns, a modificación das formas tradicionais e lexitimadas de familia, a aceptación de distintos modelos de vivencia da sexualidade e a relevancia que adquiriron os nenos e a mocidade na sociedade actual, son algunhas das manifestacións máis evidentes do que estamos a comentar. Este conxunto de cambios están a supoñer un novo escenario para a biografía privada de cada individuo e para a súa socialización dentro do grupo ou da rede humana en que se desenvolve a súa existencia. Son cambios culturais de fondo calado na nosa civilización: as crises do modelo patriarcal, a aparición de familias monoparentais, a xeneralización dos divorcios, o acceso da muller ao traballo remunerado, a redución do número de fillos, a lexitimación de prácticas sexuais non reprodutivas, as parellas e os matrimonios formados por individuos do mesmo sexo etc.

É de salientar que todo isto xera un cambio radical do contexto e das formas de socialización dos nenos e das nenas que afectan, loxicamente, aos valores da cultura infantil. O feito de que hoxe en día a procreación poida ser controlada, leva a que moitas parellas teñan poucos fillos, aínda que sexan desexados. Deste xeito, a procreación estase a converter nun feito cultural ademais de biolóxico. Estes cativos estanse a criar nun ambiente en que interaccionan con poucos rapaces da súa familia, xa que teñen poucos irmáns e curmáns, están en permanente contacto con adultos, familiares ou non (quer no fogar, baixo o coidado dunha persoa contratada, quer nun centro educativo), están altamente protexidos e coidados nos aspectos básicos da existencia (alimentación, vestimenta, saúde ou educación), reciben gran cantidade de estímulos sensoriais variados e atractivos a través do cinema, da música, dos videoxogos... Son unha xeración que dispón de benestar material, de moita formación e dun protagonismo social, e que está a socializar baixo formas familiares ben diferenciadas do modelo burgués tradicional imperante ao longo dos séculos XIX e XX.

Finalmente o último risco definitorio para salientar do tempo actual, refírese ao clima de relativismo e de desacougo intelectual e moral que se está a vivir nas sociedades occidentais, e que algúns denominan como a *condición posmoderna* do tempo actual (Lyotard, 1989). Fronte ao ideal ilustrado da verdade obxectiva fundamentada na razón e no convencemento da posibilidade de elaborar teorías científicas sólidas e potentes, que iluminasen o camiño cara a unha sociedade máis perfecta e racional, o movemento posmoderno cuestiona estes principios e esta maneira de pensar, e relativiza o coñecemento e as utopías políticas.

A chamada condición posmoderna das sociedades urbanas occidentais refírese á crise das crenzas no progreso ilimitado do coñecemento humano tal e como se desenvolveu ata o de agora, cuestiona as utopías que sexan de orixe relixioso ou ideolóxico, e por contra, instaura unha forma de "pensar" sobre a realidade caracterizada polo escepticismo, pola carencia de certezas absolutas no futuro e por elevar á categoría suprema o presente, o contemporáneo. É o final dos metarrelatos políticos e relixiosos que deron sentido e significado existencial e histórico ás accións individuais e colectivas. Hoxe en día estamos a vivir nunha era do baleiro (Lipovetski, 1986) que se caracteriza polo individualismo, pola exaltación do consumo, polo relativismo do coñecemento, pola subxectividade e pola diversidade cultural. Fronte ao monolitismo e á uniformidade do pensamento racionalista, a posmodernidade estimula a mestizaxe das ideas, a pluridimensionalidade da realidade e a subxectividade das miradas. O pensamento posmoderno seméllase á natureza da sociedade actual: é efémero, cambiante, ecléctico, preocupado polo instantáneo e, moitas veces, cargado cunha dose de abstracción estética que o converte nunha forma de pensar pouco comprometida coa realidade social que nos abrangue.

3.- Unha ollada a algúns dos retos da educación escolar na sociedade da información

Ata o de agora fixemos un breve repaso das principais características ou dos riscos definitorios da chamada sociedade da información. A continuación querería analizar as repercusións dos cambios sociais e culturais referidos sobre o sistema educativo, e especialmente sobre a educación que se imparte nas escolas. Para iso voume centrar en tres eixes que se formulan a modo de novos retos da institución escolar no século XXI:

a) a necesidade de superar unha concepción tradicional e restritiva da alfabetización centrada na aprendizaxe da lectoescrita de textos escritos para asumir unha nova visión da alfabetización como un reto para dar igualdade de oportunidades no acceso á cultura e á tecnoloxía dixital

b) a necesidade de innovar os métodos de ensino e de aprendizaxe na aula de maneira que a utilización das tecnoloxías sexa unha práctica cotiá apoiada nos principios do construtivismo e da Escola Nova

c) a necesidade de revisar as funcións, o papel e a formación do profesorado nun modelo de ensino apoiado no uso das novas tecnoloxías.

3.1. FENDA DIXITAL E ALFABETIZACIÓN NA INFORMACIÓN: ALÉN DA ALFABETIZACIÓN NA LECTOESCRITURA

A definición tradicional de alfabetización fai referencia a que é o proceso de capacitación dun individuo para que poida acceder e comprender as formas simbólicas e os contidos dos libros e dos documentos escritos, así como para que poida expresarse e comunicarse a través da escrita. Alfabetizar os alumnos e as alumnas na lectoescrita foi, durante os dous últimos séculos, unha das metas máis relevantes e substantivas dos sistemas escolares. Ensinar a ler, a escribir e a contar foi, ao longo de moitas décadas, a razón de ser que xustificaba a creación de todo o aparello escolar como unha institución pública. Desde que no século XVI se inventou a imprenta, os libros e os demais documentos impresos convertéronse nos garantes do coñecemento e da información. Quen quixese ter acceso á cultura e ao saber tiña que dominar as competencias da lectura e da escrita. Este proceso de aprendizaxe dos símbolos textuais non é doado nin rápido, xa que estamos ante códigos da natureza abstracta e cuxa sintaxe é complexa. Aprender a ler e a escribir é unha tarefa longa no tempo e require do alumnado un esforzo considerable e constante. Por esta razón, a alfabetización é, fundamentalmente, a chave ou o instrumento esencial que permite a adquisición do resto das aprendizaxes escolares. En moitas ocasións, unha adquisición defectuosa das destrezas que implica a lectoescrita explica unha grande parte do fracaso escolar de moitos alumnos e alumnas.

Porén, no último cuarto do século XX co desenvolvemento da tecnoloxía audiovisual e informática, xurdiron novas formas de expresión e de difusión da cultura vehiculada a través de códigos de representación diferentes do textual, e a través de medios ou de soportes técnicos que non son impresos, senón de natureza electrónica. Os hipertextos, os gráficos en 3D, os mundos virtuais, os videoclips, as simulacións, a comunicación en tempo real e simultánea entre varios suxeitos a través dun ordenador, a videoconferencia, as mensaxes e os correos escritos a través da telefonía móbil ou de internet, a navegación na rede, a presentación multimedia mediante diapositivas dixitais, entre outras moitas formas, representan un calidoscopio de códigos expresivos e accións comunicativas ben diferenciadas do que é a comunicación a través da escrita e da lectura en documentos en papel (Area, 2004 e 2005).

O paradoxo educativo é que, cando nos países altamente desenvolvidos, como o noso, se logrou alfabetizar a case totalidade da poboación nos códigos simbólicos e expresivos da cultura impresa, ten lugar o xurdimento brusco dun novo tipo de analfabetismo: o daqueles colectivos sociais en que moitos individuos non posúen as competencias e as habilidades para obter información e para se comunicar a través da tecnoloxía dixital. Este analfabetismo afecta principalmente ás persoas adultas, xa que moitas son incapaces ou renunciaron ao uso das tecnoloxías porque o esforzo formativo para entendelas e para manipulalas é moi custoso cognitivamente para que o afronten con éxito.

Non obstante, os maiores retos e dificultades na alfabetización na cultura dixital non se achan na adquisición das habilidades de uso do hardware e do software. A formulación de que a alfabetización consiste soamente en obter ese coñecemento de natureza instrumental é manter unha visión reducionista, simple e mecanicista da complexidade da formación ou da alfabetización nos novos códigos e formas comunicativas da cultura dixital. Distintos autores (Bartolomé, 2001; Sancho, 2002; Gutiérrez, 2003; Monereo e outros, 2005) poñen de manifesto que a adquisición das destrezas de uso intelixente das novas tecnoloxías pasa polo dominio instrumental destas, xunto coa adquisición de competencias relacionadas coa procura, coa análise, coa selección e coa comunicación de datos e de informacións, de xeito que o alumnado teña a capacidade reflexiva e crítica de transformar a información illada nun coñecemento con significado útil. É dicir, a alfabetización na cultura dixital supón aprender a manexar os aparatos, o software que se vincula con estes e o desenvolvemento de competencias e de habilidades cognitivas relacionadas coa obtención de información, coa comprensión e coa reelaboración desta, expresada en códigos simbólicos variados (sexan textuais, sonoros ou icónicos). A estes ámbitos formativos teremos que engadir tamén o desenvolvemento de actitudes e de valores que dean sentido e significado moral, ético e ideolóxico ás accións feitas coa tecnoloxía.

Esta formulación ampla do concepto de alfabetización dixital ou tecnolóxica, apóiase nos postulados do pedagogo brasileiro Paulo Freire, sobre o sentido e a

finalidade da alfabetización (Freire e Macedo, 1989). As súas experiencias e as súas teorías educativas foron formuladas hai case trinta anos para facer fronte ao analfabetismo dos países do terceiro mundo, mais os seus principios socio-pedagóxicos seguen a ser aplicables e válidos para analizarmos, actualmente, os programas educativos destinados á formación da poboación adulta no acceso e no uso das tecnoloxías dixitais. Deste xeito, poderiamos suxerir que as diferentes dimensións ou ámbitos formativos da alfabetización dixital abranguerían as seguintes (ver figura anexa):

Dimensión instrumental, relativa ao dominio técnico das distintas tecnoloxías (impresas, audiovisuais e informáticas), é dicir, ao coñecemento práctico do hardware e do software de cada medio ou da tecnoloxía da información e da comunicación.

DIMENSIONS DA FORMACIÓN OU ALFABETIZACIÓN TECNOLÓXICA



Dimensión cognitiva, relativa á adquisición dos coñecementos e das habilidades específicas que permitan procurar, seleccionar, analizar, comprender e recrear a enorme cantidade de información a que se accede a través das novas tecnoloxías. É dicir, aprender a utilizar intelixentemente a información.

Dimensión actitudinal, relativa ao desenvolvemento dun conxunto de valores e de actitudes cara á tecnoloxía, de xeito que non se caia nun posicionamento

tecnofóbico (é dicir, que se rexeiten estas tecnoloxías), nin nunha actitude de aceptación sumisa e acrítica das tecnoloxías.

Dimensión axiolóxica, relativa ao desenvolvemento de valores e de criterios ético-políticos para a análise crítica dos contidos, das mensaxes e da información que proporciona calquera medio ou tecnoloxía.

Outros dos fondos problemas que rodean a incorporación das TICs ás escolas é que as tecnoloxías, hoxe por hoxe, non están ao alcance de todos os cidadáns e grupos sociais. É dicir, a tecnoloxía en xeral, mais especificamente a tecnoloxía dixital, non se democratizou, no sentido de que sexa accesible para todos os individuos. Un feito que está a provocar que a actual sociedade estea dividida entre grupos e persoas conectadas e partícipes da sociedade da información, e aqueles outros colectivos sociais excluídos do avance e do progreso da sociedade dixital.

Esta exclusión e incapacidade de acceso á tecnoloxía e á cultura dixital coñécese como "fenda ou división dixital" (Ballestero, 2002). Este autor sinala ao respecto que a fenda está relacionada con catro grandes factores:

- a dispoñibilidade dun ordenador ou doutro elemento de hardware que permita ao cidadán a conexión a internet
- a posibilidade de se conectar e de poder acceder á rede desde o fogar, o traballo, a oficina ou a escola
- o coñecemento das ferramentas básicas para poder acceder e navegar na rede
- a capacidade axeitada para conseguir que a información que está accesible na rede poida ser convertida en coñecemento polo usuario.

A fenda dixital é un dos efectos sociais perversos da expansión da sociedade da información, xa que unidas aos tradicionais factores de desigualdade e de exclusión social (como son a renda económica, a orixe étnica, o sexo, a idade ou o nivel educativo...), as novas tecnoloxías convértense nun novo factor de desigualdade, debido a que están comezando a provocar unha maior separación e distancia cultural entre aqueles sectores da poboación que teñen acceso a elas e quen non. Este é un fenómeno que, desde unha ética democrática e progresista, resulta a todas luces cuestionable e preocupante. O reto escolar con relación á alfabetización é a formación do alumnado como un usuario competente no tratamento da información á marxe do vehículo ou da tecnoloxía a través de que se transmite, e cualificar os rapaces e as rapazas para que poidan interactuar de maneira racional e intelixente coas diversas formas culturais presentes na nosa sociedade (Pérez Tornero, 2000 e Pérez Gómez, 2001). A escola debería cualificar os alumnos e as alumnas como usuarios cultos e críticos do coñecemento e das formas expresivas que actualmente están vixentes nos medios impresos,

audiovisuais e informáticos. Isto estase a coñecer como a alfabetización múltiple na información, que consiste en capacitar o suxeito nas competencias necesarias para obter, comprender e difundir información a través dos múltiples soportes e en contextos variados (Bawden, 2001 e Gutiérrez, 2003).

De maneira paralela, o feito de que nos centros educativos estean accesibles ao alumnado as distintas tecnoloxías da información e da comunicación, e que este teña que utilizalas para as súas actividades de aprendizaxe, axudará a compensar, polo menos en certa parte, a desigualdade de oportunidades no acceso á tecnoloxía que provocan as diferenzas de orixe social. É evidente que as políticas educativas moito teñen que ofrecer para evitar este tipo de fendas. Desde o sistema escolar, desde os centros de formación ocupacional, desde as instancias de educación non formal como as bibliotecas, os centros culturais municipais, as asociación xuvenís, entre outras, será necesario articular as medidas que favorezan os grupos menos favorecidos na aprendizaxe e no uso das TICs.

3.2. A INNOVACIÓN DO ENSINO E APRENDIZAXE O TRAVÉS DE NOVAS TECNOLOXÍAS: AS TESES CONSTRUCTIVISTAS E A RECUPERACIÓN DOS PRINCIPIOS DA ESCOLA NOVA.

Desde hai case trinta anos lévanse desenvolvendo diferentes experiencias de utilización pedagóxica da informática nas aulas e nos centros educativos. Desde entón ata hoxe, a tecnoloxía avanzou moi espectacularmente, mais tamén os métodos e as concepcións psicoeducativas foron evolucionando. Neste tempo pasouse de proxectos apoiados nos principios do ensino programado de Skinner e das "máquinas de ensino", ata o *eLearning* baseado na utilización de internet e, polo medio, ensaiáronse propostas como o STI (Sistemas Titoriais Intelixentes), o sistema Logo, os multimedia educativos en CD-ROM, ou o software de autoaprendizaxe. Ao longo desde tempo obtivemos un valioso coñecemento, que moitas veces foi máis froito dos erros e das inxenuidades que dos acertos, que nos sinala algúns dos principais criterios e principios para ter en conta no momento de planificar, de pór en práctica e de avaliar os proxectos, as actividades ou as unidades de traballo con ordenadores na aula. Estes principios a que me refiro son os seguintes:

a) O primeiro que debemos ter en conta é que os ordenadores *per se* non xeran unha mellora sobre o ensino e a aprendizaxe. É unha falacia ou unha crenza inxenua supor que polo simple feito de incorporar os ordenadores aos procesos de ensino, de maneira case automática mellorará a calidade educativa e aumentarán os efectos sobre o que aprenden os alumnos e as alumnas. O mantemento da tese de que a presenza da tecnoloxía na aula supón necesariamente unha innovación pedagóxica, así como unha mellora da motivación e do rendemento do alumnado, é unha mitificación do potencial intrínseco dos computadores no ensino (Burbules e Callister, 2001).

Os efectos pedagóxicos das TICs non dependen das características da tecnoloxía que se empregue, senón das tarefas que se están a demandar ao alumnado, do contorno socio-organizativo da clase, da estratexia metodolóxica implementada e do tipo de interacción comunicativa que se estableza entre o alumnado e o docente ante o proceso da aprendizaxe. É dicir, a calidade educativa non depende directamente da tecnoloxía que se utilizar (for impresa, audiovisual ou informática), senón do método de ensino baixo o cal se integre o uso da tecnoloxía, así como das actividades de aprendizaxe que organicen os alumnos con esta (Sanmartin, 1995).

b) En segundo lugar, temos que sinalar que as TICs facilitan a organización e o desenvolvemento de procesos de aprendizaxe de natureza construtivista (Gros, 2002). O construtivismo social ou socioconstrutivismo é, nestes momentos, a teoría psicolóxica da aprendizaxe máis estendida e consolidada na investigación educativa. Apóiase nas achegas de Piaget, Vigotsky, Brunner e doutros teóricos anglosaxóns como Cole, Rogoff ou Kholb, e basicamente defende que a aprendizaxe escolar debe ser un proceso construtivo do coñecemento que o alumnado elabora a través de actividades, para aprender a resolver situacións problemáticas en colaboración con outros compañeiros. Aprender a través da actividade, descubrir e elaborar o coñecemento, resolver situacións problemáticas e traballar colaborativamente, poderían ser a síntese básica dos principios do construtivismo social.

A tecnoloxía, desde estas posicións, non debería ser o eixo ou o centro do ensino, senón un elemento mediador entre o coñecemento que debe construírse e a actividade do estudantado. Fronte ás formulacións condutistas do ensino programado, en que o software é o protagonista do proceso e o papel do alumnado é ser o receptor das indicacións que se lle presentan na pantalla, as formulacións construtivistas da informática poñen o acento no humano que, en colaboración con outros suxeitos, desenvolve accións coa tecnoloxía. A creación de contornos de aprendizaxe en que se lle pide ao alumnado que actúe sobre a máquina, de xeito que esta reaccione ante a acción que se fai, a posibilidade de comunicación con outros compañeiros situados en aulas distantes xeograficamente, de maneira que intercambien opinións e que poidan traballar colaborativamente, ou os contornos en 3D (tridimensionais) en que se simulan obxectos, fenómenos ou situacións de maneira virtual –como é conducir un avión, planificar unha cidade ou visitar o interior dunha pirámide exipcia- son exemplos de utilización da tecnoloxía dixital ao servizo de procesos construtivistas.

Actualmente, estanse a ensaiar diferentes propostas metodolóxicas de uso nas aulas das TICs que, coas súas lóxicas diferenzas, coinciden en propiciar e en favorecer un proceso de aprendizaxe caracterizado por ofrecer ao alumnado a resolución de problemas a través da procura, da selección, da análise e da reelaboración de información traballando en equipo e utilizando internet. Algunhas destas propostas son as *WEBQUEST*, a *aprendizaxe por proxectos* e os

circos de aprendizaxe. Estas propostas supoñen a recuperación dos principios da Escola Activa e Moderna, baseándose no método de proxectos que, en liñas xerais, seguirían un proceso como o que formulamos no seguinte cadro:

O MÉTODO DE PROXECTOS APLICADO Ó USO DAS TICS	
FASE DE TRABALLO	TAREFAS A DESENVOLVER
Formular e definir os problemas ou os tópicos de traballo	O profesor propón e negocia co alumnado os posibles problemas para investigar ou os tópicos dun proxecto de traballo. Analízase o problema e especifícanse as características finais do produto que teñen que elaborar os alumnos e as alumnas.
Crear os equipos e planificar as tarefas	Constitúense grupos de traballo e cada un deles elabora un plano propio, en que se teñen que establecer os obxectivos de traballo e as hipóteses do problema, en que se sinalan as tarefas e se establecen os prazos de cumprimentación.
Procurar datos e informacións en internet	Os membros do grupo procuran os datos e as informacións en internet e noutras fontes bibliográficas (a través de buscadores, de noticias da prensa, de enciclopedias e de bibliotecas virtuais, de sitios web, en foros de debate etc.).
Seleccionar, analizar e reelaborar a información sobre o problema que se estuda	Os membros do grupo fan unha posta en común e discuten a relevancia da información que acharon, seleccionana en función da súa relevancia para os obxectivos do proxecto, e estruturan o contido de traballo ou o informe que teñan que elaborar.
Elaborar documentos multimedia	O grupo desenvolve o documento que teñen que entregar, xa sexa en formato de presentación multimedia, de texto impreso ou de páxina web.
Expor en clase, difundir e debater os traballos realizados	Os distintos grupos da clase difunden os seus traballos, quer a través dunha posta en común ou de exposicións en que explican o proceso de traballo e os resultados obtidos, quer en internet a través da canle máis axeitada: publicación web, poñelo nun foro ou nun taboleiro virtual, ou envialo a través do correo electrónico.
Elaborar conclusións	Elabóranse as conclusións xerais debatidas e compartidas por todo o grupo da clase arredor do problema ou do tópico que se investigou.

A posta en práctica e o desenvolvemento dos proxectos de traballo a través de internet seguindo a metodoloxía exposta no cadro anterior, poderiamos dicir que aumenta a complexidade da xestión da clase, xa que máis que darse un proceso común e homoxéneo para todos os alumnos e as alumnas, por contra, prodúcense uns procesos diversificados e diferenciados da aprendizaxe (Area, 2004). Un modelo de ensino baseado no libro de texto e na clase maxistral do profesor é menos complexo de xestionar que un modelo de ensino-aprendizaxe apoiado na actividade de distintos grupos de alumnos traballando autonomamente con ordenadores. No primeiro caso, toda a clase está implicada na realización da mesma tarefa de maneira simultánea (atender a unha explicación, ler un texto ou realizar un exercicio do libro etc.). Por contra, no segundo caso, cada alumno ou cada pequeno grupo está a realizar tarefas distintas en función do ritmo ou da secuencia de traballo que o propio alumno ou grupo desenvolve. Isto implica que o profesor debe organizar e atender simultaneamente as demandas ou as necesidades variadas, para ofrecer permanente apoio e tutorización. Por esta razón, unha clase cuxo alumnado traballe mediante unha metodoloxía construtivista de desenvolvemento de proxectos de investigación na aula, é de xestión máis complexa que a clase tradicional. Por iso, todos os docentes deberían ser conscientes de que un contorno construtivista de aprendizaxe con ordenadores representa máis un desafío e un reto para a súa profesionalidade que unha solución doada para os problemas organizativos do traballo académico.

c) En terceiro lugar, temos que lembrar que a tecnoloxía informática permite almacenar, manipular, distribuír e recuperar gran cantidade de información variada con máis facilidade e máis rapidez. Fronte ás limitacións e ás dificultades de acceso á información que impoñen os libros ou os vídeos –xa que estes teñen que estar dispoñibles fisicamente na aula ou no centro para que poidan ser utilizados polos alumnos durante o tempo escolar-, internet e os discos dixitais son recursos que distribúen e almacenan inxentes cantidades de datos (sexan documentos textuais para a lectura, sexan ficheiros de imaxes fixas ou iconas, sexan en formato de esquemas ou gráficos, sexan arquivos multimedia con son e con imaxes en movemento...) que poden ser empregados nun proceso construtivista da aprendizaxe que facilite ao alumnado a adquisición e o desenvolvemento de competencias ou de capacidades de uso intelixente e crítico da información.

A tecnoloxía informática, a diferenza da impresa ou da audiovisual, permite utilizar calquera linguaxe, forma ou modalidade de representación simbólica da información. Este feito está vinculado co concepto de multimedia, no sentido de que a tecnoloxía dixital ten o potencial de comunicar empregando contornos que integran textos, imaxes fixas ou en movemento, sons, gráficos e, mesmo, representacións tridimensionais. A estas características temos que engadir a

capacidade de interactividade entre a máquina e o usuario. Unha interactividade entendida como a capacidade do computador para reaccionar ante a acción que o alumno realiza sobre el (sexa pulsar unha tecla, escribir un texto, debuxar ou colorear, responder unha pregunta, seleccionar entre distintas opcións, contestar un test, mover e arrastrar porcións de imaxes ou de palabras, solicitar procuras de datos, activar un ficheiro audiovisual, xogar un xogo de rol...).

Estas dúas cualidades da tecnoloxía dixital –representación multimediada da información e potencial interactivo entre o suxeito e a máquina- permiten xerar os denominados *contornos virtuais* para a aprendizaxe. Estes contornos ou escenarios xerados polo ordenador e presentados a través dunha pantalla teñen unha importante tradición no campo das aplicacións informáticas á educación. Foi S. Papert co seu *proxecto LOGO,* nos anos oitenta do século XX, quen desenvolveu uns escenarios virtuais para a aprendizaxe coa aplicación dos principios piagetianos de aprender a través da actividade. Máis tarde, o denominado como software de simulación, primeiro en formato bidimensional e actualmente con representacións en 3D, permitiron xerar situacións ou contextos de acción, como conducir un coche ou un avión, realizar unha viaxe espacial ou xestionar unha cidade ou un ecosistema biolóxico, cunha enorme potencialidade para que o alumnado teña experiencias propias sobre unha realidade simulada, e a partir destas desenvolver as destrezas ou os coñecementos específicos do escenario representado.

Os videoxogos e a denominada realidade virtual nas súas múltiples e variadas tipoloxías, son actualmente os produtos máis elaborados e que representan os avances máis chamativos da potencialidade de simular a realidade a través dos computadores. O alto grao de desenvolvemento multimedia dos videoxogos (alta calidade gráfica dos obxectos, representación tridimensional, sons realistas, coidado dos guións das historias) e a súa capacidade interactiva en que o usuario pode manipular os obxectos e actuar dentro do contorno como se estivese nunha situación real, son os principais factores de atractivo que teñen para os nenos e para a mocidade. Moitos videoxogos de última xeración están inspirados no principio de aprender a través da experiencia e da acción. Certamente, a maior parte deles son elaborados cunha finalidade lúdica, de entretemento e de lecer, mais aínda así, teñen efectos sobre o desenvolvemento psicomotriz, cognitivo e actitudinal dos usuarios e, mesmo, un importante potencial educativo para o traballo na aula (Gros, 1997).

Os tempos están a mudar moi axiña e os ordenadores hoxe en día son unha parte consubstancial da vida cotiá dos alumnos e das alumnas. Os rapaces que naceron ao longo da década dos noventa foron socializados culturalmente baixo a influencia das novas tecnoloxías da información e da comunicación nas súas diversas variantes, presentando unha serie de riscos de comportamento social e cultural que os diferenza dos nenos e dos adolescentes das décadas anteriores.

Este feito esixe aos pais e aos mestres que teñamos que formularnos novos modelos educativos e uns métodos de ensino máis innovadores.

O alumnado actual da educación primaria, secundaria e bacharelato é unha xeración que está a ser amamantada culturalmente no contacto permanente con variadas tecnoloxías audiovisuais e informáticas. Para estes adolescentes é algo habitual e normal acceder a múltiples canais da televisión e *zapear* de uns a outros, escribir os seus traballos de clase no ordenador, chamar e recibir mensaxes a través da telefonía móbil, facer fotografías dixitais e envialas de maneira inmediata a varias persoas, navegar por internet na procura de información, baixarse música ou películas para velas en MP3 ou MP4, ou falar cos seus amigos a través do *Messenger*. Estes alumnos son usuarios de numerosas e diversas tecnoloxías, que son un elemento familiar e cotián da súa vida e, ata certo punto, indispensables. Inverten diaria e semanalmente moitas horas en actividades realizadas con estas máquinas. Esta nova xeración necesita as tecnoloxías dixitais para se divertir, para realizar os seus traballos académicos e para se relacionar socialmente cos seus amigos.

d) En cuarto lugar temos que lembrar que, fronte á aprendizaxe como unha experiencia individual, o reto é empregar a tecnoloxía na aula para xerar procesos de aprendizaxe colaborativa entre os alumnos e as alumnas da propia clase, e tamén, a ser posible, entre as clases xeograficamente distantes. Precisamente, unha das potencialidades máis interesantes das redes dixitais é a súa capacidade para intercambiar información independentemente do tempo e do espazo e, deste xeito, para facilitar a comunicación entre o alumnado e o profesorado, alén das paredes da aula. Os métodos e as actividades de uso pedagóxico de internet como é a *correspondencia escolar* entre os alumnos de centros diferentes (é dicir, a proposta clásica de Freinet mais empregando os recursos de correo electrónico), os *circos de aprendizaxe* feitos por grupos de clase de distintos colexios que traballan un mesmo tópico, a unidade didáctica ou o tema a través de internet, xunto con proxectos e coas experiencias de colaboración transnacional como *iEARN, iWorks Links, clases xemelgas* ou *KidLink,* poñen de manifesto que unha das maiores e máis significativas innovacións que ofrecen as redes telemáticas á educación é que estas facilitan o traballo en equipo ou a cooperación entre os alumnos á marxe do espazo físico da aula en que están e dos límites que impón o horario escolar.

O emprego do correo electrónico, dos foros de debate, do chat, da videoconferencia ou de plataformas ou de software de teleformación (*WebCT, e-duca, MOODLE, BSCW...*), tamén chamado *eLearning*, permiten xerar aulas virtuais en que un dos eixes centrais de funcionamento é a organización e o desenvolvemento de tarefas de intercambio e a colaboración duns alumnos con outros, aínda que estean distantes, empregando a tecnoloxía.

3.3. O PROFESORADO ANTE AS NOVAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN: NOVOS RETOS E NECESIDADES FORMATIVAS

O profesorado é unha das figuras chaves e substantivas para o éxito dos procesos de cambio educativo e de innovación pedagóxica. Sen unha motivación e sen unha formación axeitada dos docentes, calquera proposta, decreto ou proxecto destinado a integrar e a usar pedagoxicamente as tecnoloxías estará condenado a fracasar. Sen renovación profesional dos actuais mestres non haberá realmente innovación educativa nin integración escolar das TICs.

Os datos que existen en diferentes investigacións e nos estudos feitos quer no contexto español quer no europeo, amosan que a maior parte do profesorado é receptivo e ten unha actitude favorable a empregar as TICs, consideran que estas servirán para a mellora educativa e posúen altas expectativas cara aos potenciais logros das novas tecnoloxías nos procesos de ensino-aprendizaxe. Existe, en definitiva, vontade de cambio e conciencia da relevancia pedagóxica dos ordenadores.

Non obstante, o feito de que o profesorado teña estas crenzas e estas actitudes positivas non garante que estes desenvolvan unhas prácticas educativas de calidade de uso das tecnoloxías dixitais no ensino. Unha cousa é o pensamento sobre a educación e outra ben distinta é a actividade e a práctica profesional. O paso das crenzas á acción non é un proceso automático, senón caracterizado por avances e por retrocesos, polo esforzo de ensaiar, equivocarse e corrixir, e así sucesivamente ata adquirir as novas destrezas de actuación docente.

A utilización dos ordenadores dun xeito máis ou menos habitual co alumnado e que esa práctica docente teña un valor e un sentido pedagóxico, representará para a maior parte do profesorado un enorme esforzo de aprendizaxe na adquisición das novas habilidades relacionadas co cambio nas formas de agrupamento e de xestión da clase, na planificación de actividades baseadas no uso dos recursos de internet ou de multimedia educativo, no establecemento de novos criterios avaliativos dos traballos que realicen os alumnos e as alumnas, na resolución das dúbidas que estes formulen cando se lles "colga" un programa informático ou non o saiban utilizar... O ensino con ordenadores require dunha metodoloxía distinta ao modelo tradicional baseado no libro de texto, a clase maxistral ou os apuntamentos. A mudanza destas rutinas e das habilidades docentes é un problema complexo que esixe moito entusiasmo, tempo e esforzo continuado. O custe persoal e profesional para pasar dun modelo expositivo do coñecemento baseado nos libros a un modelo construtivista apoiado no uso de variadas tecnoloxías é alto e é previsible, que moitos docentes renuncien a gastar tanta enerxía nunhas máquinas que, ademais, non entenden e ante as que se senten inseguros.

Como xa apuntamos noutro traballo: "O profesorado pertence a un grupo social que, pola súa idade foi alfabetizado culturalmente na tecnoloxía e nas

formas culturais impresas. A palabra escrita, o pensamento académico textualizado, o cheiro a imprenta, a biblioteca como escenografía sublimada do saber foron, e continúan sendo, para a maior parte dos docentes o único hábitat natural da cultura e do coñecemento. A brusca aparición, no último lustro, das tecnoloxías dixitais representan para esta xeración unha ruptura das súas raíces culturais. Moitos dos profesores non teñen experiencia de interacción coas máquinas. O almacenamento e a organización hipertextual da información, a representación multimediada desta son códigos e formas culturais descoñecidas para os actuais docentes. Ante esta situación, as reaccións oscilan entre o rexeitamento ou tecnofobia cara ás máquinas ou a fascinación irreflexiva destas formas de maxia intelectual" (Yanes e Area, 1998).

É previsible que moitos docentes comecen ou continúen utilizando a informática para tarefas de planificación ou de avaliación do ensino fóra da aula (por exemplo, para pasar as notas e as cualificacións, para preparar apuntamentos ou actividades, para realizar programacións, para enviar documentos duns mestres aos outros, para procurar na web os exemplos ou as experiencias educativas, para ler e para escribir un correo electrónico etc.). Non obstante, o uso dos ordenadores na clase cos alumnos é un problema moito máis complexo de resolver porque, no fondo, os ordenadores cuestionan todo o modelo de ensino desenvolvido ata o de agora. Dificilmente se poden utilizar as tecnoloxías informáticas co alumnado sen renovar e sen innovar a metodoloxía da práctica docente.

Os novos desafíos e os retos educativos derivados dos fenómenos de cambio tecnolóxico e cultural que estamos a comentar requiren a reformulación de moitas das ideas e das accións dos educadores. Algúns deses novos retos a que teñen que enfrontarse os docentes poderían sintetizarse nas seguintes premisas:

a) *O alumnado de todos os niveis educativos, mais especialmente o de educación secundaria, está sobreinformado.* A diferenza das xeracións precedentes, os estudantes de hoxe en día, igual que o resto da poboación, están expostos a un continuo fluxo de información que lles provoca un empacho ou unha saturación mental de datos. A televisión, internet, o cinema, a publicidade, a radio..., permanentemente están a difundir acontecementos, novas, opinións, ideas... que chegan como unha avalancha interminable. A cantidade de información que os alumnos e as alumnas posúen sobre os acontecementos da realidade –sexa de tipo político, deportivo, musical ou de sucesos- é abraiante. Porén, moita información non significa necesariamente máis coñecemento. Todo o contrario. O problema educativo que se deriva deste feito consiste en como axudar o alumnado a dar sentido e forma a todo ese cúmulo de información que lles chega desde que se erguen pola mañá ata que se deitan pola noite. O reto docente será, pois, axudar a reconstruír a información, darlle sentido, organizala, reflexionar sobre ela e relacionala. En consecuencia, sería preciso que nas aulas se potenciasen nos alumnos actividades dirixidas a que estes adquiran as

competencias e as habilidades relacionadas coa procura de información, coa aplicación de criterios para discriminar o que é información útil e de interese para certos propósitos, para analizar e para contrastar os datos obtidos en diversas fontes, así cono para aprender a organizala, a reconstruíla e a difundila.

b) *O profesor debera asumir a perda do seu monopolio como fonte única do coñecemento, así como recoñecer que o alumnado sabe e domina máis a tecnoloxía que os adultos.* Ata hai pouco o coñecemento que tiñan que aprender os alumnos e as alumnas obtíñase, basicamente, de dúas fontes: o libro de texto e o profesorado. O que ambos dixesen era unha verdade incuestionable. Este monopolio do saber era o que outorgaba carta de lexitimidade á autoridade moral do profesorado sobre o alumnado. Mais, a través de internet ou dunha enciclopedia dixital, calquera alumno pode contrastar o coñecemento que se lle transmite en clase e comparalo co que ache nunha web sen grandes dificultades e en pouco tempo. E contrastalo é o primeiro paso para cuestionalo. A este feito teremos que engadir que os mozos e os adolescentes son, en liñas xerais, uns usuarios máis destros e máis habilidosos das tecnoloxías dixitais que os adultos. Por esta razón os docentes temos que comezar a asumir que nas situacións de uso dos ordenadores nas aulas, o alumnado, ao dominar en moitas ocasións máis as ferramentas tecnolóxicas que o seu mestre, amosará un maior dominio dese coñecemento, o que podería traducirse nunha perda da autoridade do profesor diante do resto dos alumnos. Iso, en principio non é nin bo nin malo. É simplemente un fenómeno novo con que hai que aprender a convivir.

c) *O papel do docente na aula debería ser máis o dun organizador e dun supervisor das actividades de aprendizaxe que os alumnos realizan coa tecnoloxía, que un transmisor de información xa elaborada.* Como xa dixemos, unha metodoloxía de ensino con ordenadores apoiada nas formulacións construtivistas e da Escola Nova, require que o docente teña que inverter tempo na planificación dos obxectivos, dos contidos e das actividades que os nenos e os rapaces terán que realizan cando empreguen os computadores, inverter esforzos en xerar materiais didácticos en soporte electrónico, terán que procurar e seleccionar software educativo, formular as tarefas problemáticas e seleccionar os recursos web para o traballo do alumnado etc.

O desexable será planificar unhas propostas de utilización das TIC baseadas no método de proxectos de maneira similar a como xa comentamos en páxinas precedentes. As denominadas WEBQUEST son quizais, o mellor exemplo deste tipo de formulación e están a ter unha ampla difusión, non só no contexto español, senón tamén no internacional. Deste xeito, o papel do docente na aula será, principalmente, a xestión do uso que o alumnado fará dos recursos e das actividades, a oferta das pautas e das orientacións necesarias para que estes cumprimenten exitosamente as devanditas tarefas, a supervisión de maneira personalizada da realización destas, a resolución das dúbidas, a organización das postas en común e a avaliación do conxunto das actividades e dos traballos

realizados. Como xa dixemos reiteradamente, este modelo de ensino é máis complicado de artellar e de xestionar co modelo tradicional de exposición do coñecemento xa que o profesor debe estar permanentemente atendendo de maneira simultánea a demandas variadas formuladas polos diferentes grupos de alumnos.

d) *A posta en práctica e a xeneralización deste novo modelo de ensino con computadores require de planos de formación dos docentes dirixidos á utilización pedagóxica e innovadora das tecnoloxías da información.* Esta formación non pode formularse exclusivamente na cualificación dos docentes para que saiban utilizar os recursos informáticos, quer de hardware quer de software, é dicir, que saiban entendelo, conectarse a internet, abrir os programas, gardar os arquivos etc. Esta é, soamente, unha formulación instrumental do uso da tecnoloxía e daqueles planos formativos destinados a converter o profesorado nun simple usuario das máquinas dixitais, así como en xestores didácticos desde medios nas aulas, son formulacións que tenden a alienar profesionalmente os docentes. Como xa dixemos nun artigo anterior (Yanes e Area, 1998) a formación do profesorado é entendida como unha parte dun problema de maior envergadura e de máis fondo alcance. A formación de docentes para o uso pedagóxico das novas tecnoloxías da cultura dixital tense que vincular, forzosamente, coa discusión de cuestións relativas aos presupostos ideolóxicos e políticos que están implícitos no cambio educativo que supostamente se quere promover coa incorporación das novas tecnoloxías á escolaridade, coa configuración da cultura que debe transmitir a escola neste tempo de sociedade informacional, co debate sobre o papel do profesorado como un axente socializador e como mediador cultural, e co sentido e coa utilidade da tecnoloxía na construción social do coñecemento.

Por todo iso considero que a formación do profesorado ante as novas tecnoloxías non debería centrarse de xeito exclusivo na adquisición das habilidades técnicas de manexo do software, senón tamén no estímulo dun cambio das mentalidades, dos valores e das actitudes do profesorado cara ao ensino e cara á tecnoloxía. En consecuencia, os ámbitos e as dimensións que terían que abranguer a formación do profesorado serían os seguintes:

- *Formación instrumental*, destinada á adquisición dos coñecementos e das destrezas como usuario de recursos informáticos, quer de hardware quer de software.
- *Formación didáctica* para a adquisición dos coñecementos e das destrezas para utilizar as novas tecnoloxías no proceso de ensino-aprendizaxe na aula e para a planificación, o desenvolvemento e a avaliación de unidades e de actividades didácticas apoiadas no uso dos computadores.
- *Formación organizativo-curricular* dirixida á adquisición dos coñecementos, das habilidades e das destrezas para integrar a planificación didáctica de

cada materia co proxecto curricular de centro, así como para desenvolver as experiencias colaborativas entre aulas doutros centros distantes a través de internet.

- *Formación sociocultural* para a adquisición de coñecementos e de actitudes racionais cara ás novas tecnoloxías e as súas implicacións na formación cultural e democrática do alumnado como cidadáns da sociedade contemporánea.

En definitiva, o reto de calquera plano de formación do profesorado non é soamente a cualificación dos docentes para que sexan usuarios da tecnoloxía, senón para que sexan profesionais que saiban enfrontarse á complexidade dos problemas culturais dos nenos e da mocidade que xorden nun contexto social en que as novas tecnoloxías están omnipresentes e que teñen a capacidade de planificar e de pór en práctica unhas solucións educativas innovadoras e creativas.

4.- Para ir concluindo: na percura da saída do labirinto

A escola como unhas institución social, neste último cuarto, foi perdendo a hexemonía socializadora e cultural que tivo no século XX sobre a infancia e a mocidade, tendo que compartila actualmente cos medios de comunicación de masas e coas tecnoloxías da información e da comunicación. Polo que é previsible que, se nos próximos anos non renova profundamente o seu papel social, as súas metas, os seus contidos e a súa metodoloxía, entrará nunha gran crise.

Cal é hoxe en día a utilidade social da institución escolar? A transmisión do coñecemento? Mais de que coñecemento? A formación para a actividade e para a inserción laboral? Para a formación de cidadáns? Para ser unha grande gardería que coida os fillos mentres os pais e as nais están a traballar? Para ofrecer igualdade de oportunidades de futuro aos máis desfavorecidos ou para seleccionar os mellores estudantes para que acaden os niveis educativos superiores? O debate está aberto e existe unha gran controversia social e política sobre o sentido e sobre o futuro da educación no sistema escolar.

O que é indubidable é que a educación segue a ser un motor de cambio, de progreso e de cohesión social, aínda que estamos a asistir a un certo desconcerto sobre a natureza, o contido e o papel da formación escolar no tempo actual. A escola está nun labirinto. O problema de achar un rumbo para saír dese labirinto xurde da propia definición e da caracterización que fagamos do contexto social en que estamos, é dicir, da sociedade da información e do papel que queremos que xogue a institución escolar dentro desta.

Neste capítulo, defendemos que a educación non só temos que vela como un dereito individual de cada cidadán para a súa promoción e para o seu desenvolvemento persoal, senón tamén unha necesidade colectiva para poder

avanzar cara a un modelo de fondo calado democrático do conxunto da sociedade. Polo que na incorporación das novas tecnoloxías á educación escolar deberían ser formuladas non só como unhas ferramentas asépticas e neutrais, senón como uns recursos que teñen fondas implicacións da natureza política, cultural e social.

A integración e o uso das TICs no sistema escolar, no seu conxunto, e en cada situación educativa particular debería facerse ao servizo dun determinado proxecto e dunha visión da educación que procure, ademais do ensino dos coñecementos disciplinares e científicos, a promoción da formación integral dos alumnos e das alumnas como cidadáns/ás socializados/as nun modelo e nunha concepción da sociedade informacional baseada nos valores da democracia e da xustiza social e na formación destes como suxeitos que fan un uso intelixente e crítico da información. Para acadar estas metas temos que ter moi claro que o reto do futuro está en que os centros educativos innoven non só a súa tecnoloxía, senón tamén as súas concepcións e as prácticas pedagóxicas na súa globalidade: cambios no papel do docentes, cambios no proceso e nas actividades de aprendizaxe do alumnado, na natureza e nos ámbitos da alfabetización, cambios na organización da clase, nas modalidades de tutorización e de avaliación da aprendizaxe... Vivimos na encrucillada dun tempo incerto e os educadores temos moito que ofrecer para achar a saída do labirinto.

Bibliografía

Area, M. (Coord.) (2001). *Educar en la sociedad de la información*. Bilbao: Descleé de Brouwer.

Area, M. (2004). *Los medios y las tecnologías en la educación*. Madrid: Pirámide.

Area, M. (2005). *La educación en el laberinto tecnológico. De la escritura a las máquinas digitales*. Barcelona: Octaedro-EUB.

Ballestero, F. (2002). *La brecha digital. El riesgo de exclusión en la sociedad de la información*. Madrid: Biblioteca Fundación AUNA.

Barreiro, H. e Terrón, A. (2005). *La institución escolar: una creación del estado moderno*. Barcelona: Octaedro.

Bawden, D. (2002). Revisión de los conceptos de alfabetización informacional y alfabetización digital. *Anales de Documentación*, 5, 2002, páxs. 361-408. Versión en liña http://www.um.es/fccd/anales/ad05/ad0521.pdf

Beca, U. (1998). *¿Que es la globalización?. Falacias del globalismo, respuestas a la globalización*. Barcelona: Paidós.

Briggs, A. e Burke, P. (2002). *De Gutemberg a Internet. Una historia social de los medios de comunicación*. Madrid: Taurus.

Burbules, N. C. e Callister, T. A. (2001).*Educación: Riegos y promesas de las nuevas tecnologías de la información*. Barcelona: Granica.

Castells, M. (1997). *La era de la información. Economía, sociedad y cultura. La* sociedad *en red* I, Madrid: Alianza (1ª edición en español)

Castells, M. (2001). *La Galaxia Internet*. Barcelona: Plaza & Janés.

Eurydice (2001). *Basic Indicators on the Incorporation of ICT into European Eduation Systems. 2000/01 Annual Report*. Bruselas:Eurydice European Unit.

Freire, P. e Macedo, S. (1989). *Alfabetización. Lectura de la palabra y lectura de la realidad.* Madrid: Paidós/MEC.

Gros, B. (2000). *El ordenador invisible. Hacia la apropiación del ordenador en la enseñanza.* Barcelona: Gedisa.

Gros,B. (Coord) (1997). *Jugando con videojuegos: Educación y entretenimiento.* Bilbao: Desclée de Brouwer.

Gutiérrez, A. (2003). *Alfabetización digital: algo más que ratones y teclas.* Barcelona: Gedisa

Hall, S. (1990). The meaning of news times. En Hall e Jaques (Comps): *New times: The changing face of politics in the 1990s.* London: Verso.

Kress, G. (2005). *El alfabetismo en la era de los nuevos medios de comunicación.* Málaga: Aljibe.

Lipovetsky, G. (1986). *La era del vacío*. Barcelona: Anagrama.

Lyotard, J. F. (1989). *La condición postmoderna*. Madrid: Cátedra.

Martinez Bonafe, J. (2002). *Políticas del libro de texto escolar*. Madrid: Morata.

Mcclintock, R. (1993). "Elaboración de un nuevo sistema educativo". En R. McClintock; M. J. Striebel e G. Vazquez: *Comunicación, Tecnología y Diseños de Instrucción: La construción del conocimiento escolar y el uso de los ordenadores*. Madrid: CIDE-MEC

Mcfarlane, A. (2001). *El aprendizaje y las tecnologías de la información. Experiencias, promesas y posibilidades*. Madrid: Aula XXI, Santillana.

Monereo, C. e outros (2005). *Internet y competencias básicas*. Barcelona:Graó.

Pérez, Gómez, A. (1998). *La cultura escolar en la sociedad neoliberal*. Madrid: Ed. Morata

Ponce, A. (1988). *Educación y lucha de clases*. Madrid: Akal

San Martin, A (1995). *La escuela de las tecnologías*. Servei de Publicacions Universitat de València, Valencia.

Snyder, I (Comp.) (2004). *Alfabetismos digitales. Comunicación, Innovación y Educación en la era electrónica*. Málaga: Ediciones Aljibe.

UNESCO (1996). *La educación encierra un tesoro*. Madrid: Santillana.

Yanes, J. e Area, M. (1998). El final de las certezas. La formación del profesorado ante la cultura digital. *Píxel-Bit. Revista de Medios y Educación*. núm. 10. Universidade de Sevilla.Versión electrónica: http://www.sav.us.es/pixelbit/articulos/n10/n10art/art102.htm

LA CONTRIBUCIÓN DE LAS TICs AL DESARROLLO Y PROGRESO DE LA ESCUELA RURAL DEL S. XXI

Mª Esther del Moral Pérez
Universidad de Oviedo

1.- Introducción

A lo largo de las últimas décadas se ha podido observar como la escuela rural ha ido perdiendo protagonismo frente a las urbanas. La huida de la población del ámbito rural a las ciudades en busca de nuevas oportunidades, junto con el descenso de la natalidad han sido las causas principales por las que la escuela rural se ha visto abandonada. En los últimos años se han cerrado numerosas escuelas ubicadas en pequeñas aldeas, por no poderse sostener los gastos derivados de su mantenimiento, no sólo de las infraestructuras, si no también de los recursos humanos, es decir, para dotar del profesorado adecuado a los cada vez menos niños y niñas de esos lugares.

Las dificultades añadidas tales como la compleja orografía de algunas zonas, la existencia de unas deficientes redes de comunicación, y todo lo que ello lleva implícito, hacen que las escuelas rurales no sean destinos fijos para el profesorado, sus plazas son cubiertas por interinos que fluctúan cada año, donde no se garantiza la continuidad. Las zonas rurales son destinos poco deseados, lo cual contribuye, en cierta medida, al deterioro y al desprestigio de la escuela rural.

Sin embargo, la preocupación institucional por recuperar la escuela rural, del abandono al que estaba sometida, podemos decir que es relativamente reciente. En algunas Comunidades Autónomas, se han empezado a poner en marcha proyectos más o menos ambiciosos, cuyos objetivos se han centrado en la apuesta por la utilización de las Tecnologías de la Información y la Comunicación (TIC).

Proyectos como Aldea Digital, entre otros, surgieron para contrarrestar el aislamiento, posibilitar proyectos comunes entre escuelas, compartir recursos, favorecer la formación del profesorado e insertar su uso en los proyectos curriculares. Con la implementación del Proyecto de Aldea Digital, en 1998, el MEC decide dotar de equipos a aquellas escuelas que se encuentran aisladas en entornos muy desfavorecidos.

Su objetivo se orientó a favorecer la integración y el uso de las Tecnologías de la Información y de la Comunicación en las actividades cotidianas de la escuela

rural, procurando que profesores y alumnos las utilizasen como una herramienta más en los procesos de enseñanza-aprendizaje, en tanto vehículos de comunicación y acceso a la información.

La facilidad y rapidez para acceder a grandes volúmenes de información multiformato, junto con las nuevas posibilidades de comunicación inmediata que permiten, leer lo que otros escriben al momento, escuchar y ver a los interlocutores de forma simultánea, compartiendo la información "on line'..., pueden dotar de un gran potencial a la educación del futuro, si se aprovecha oportunamente. Investigar sobre ello y adaptar poco a poco la escuela y nuestro quehacer diario es imprescindible si se pretende preparar a los alumnos y alumnas de las zonas rurales para la vida.

No cabe duda de que la implementación de las TIC en el marco educativo ha supuesto una innovación de carácter didáctico considerable, aunque es preciso analizar con mayor profundidad el cambio operado en la escuela rural a partir de la introducción de estas nuevas herramientas en un intento por mejorar cualitativamente el proceso de enseñanza-aprendizaje.

Antes de pormenorizar las ventajas e inconvenientes que ha suscitado la introducción de las TIC, debemos hacer una breve descripción de la escuela rural, con objeto de entender el contexto en el que nos encontramos.

2.- Retrato robot de las escuelas rurales

En gran parte de la geografía española, las escuelas rurales unitarias se encuentran agrupadas formando los **CRA** (Centros Rurales Agrupados) con el fin de aprovechar las sinergias innovadoras que son capaces de generar el profesorado, para lo cual se les ha dotado de los medios y recursos necesarios para compensar las carencias que muchas de ellas sufren al encontrase alejadas del medio urbano, y de las oportunidades que brindan las grandes ciudades. Precisamente, la dotación de medios y la infraestructura con la que cuentan las **escuelas unitarias**, -localizadas en los puntos más diversos, desde aldeas abandonadas en la montaña a pequeños núcleos de población de la costa-, es una de las preocupaciones más crecientes que se plantea al intentar minimizar las diferencias, ya centenarias, que existen entre la **escuela rural** y la urbana. En el fondo, parece ponerse de manifiesto que son los recursos, las nuevas tecnologías... los artífices de un mayor desarrollo de la escuela y, por ende, de los logros de mejores resultados en los alumnos/as.

No se puede afirmar categóricamente que una escuela dotada de más recursos y medios lleve implícito una mejora sustancial en la **calidad de la enseñanza**, puesto que existen otras muchas variables que influyen de un modo determinante, tales como la figura del profesorado, su formación inicial y

permanente; el contexto, las características de los alumnos/as... Sin embargo, pueden considerarse perfectamente como unos poderosos instrumentos, que en manos de un profesorado cualificado y capaz de incorporarlos del modo más idóneo a su quehacer docente, no hay duda que contribuirán a la optimización del proceso de enseñanza-aprendizaje (Del Moral, 1999).

Es evidente que poseer los recursos y los medios más altamente sofisticados no es óbice para que la figura del profesorado quede totalmente eclipsada, es más en este caso su tarea se torna más relevante si cabe, adquiere la nueva responsabilidad de facilitar los medios cognitivos y operacionales para que el manejo de las tecnologías de la información y la comunicación propicie en los alumnos un mayor enriquecimiento en su formación, más acorde con los avances que tienen lugar en el entorno social en el que se ubican.

La distribución de los **CRA** o **ZER** (Zona Escolar Rural, -en Cataluña-) a lo largo de la geografía parece algo compleja, se halla en permanente proceso de cambio y readaptación debido al acusado descenso de la natalidad que hace que numerosas escuelas pierdan el sentido de su existencia, encontrándose ***ratios*** de 3 ó 5 alumnos/as por profesor/a. La atomización de la población escolar ha hecho pensar en nuevas fórmulas de agrupamiento de estos alumnos/as, concentrándolos en escuelas algo más numerosas. Si bien estos intentos por no aislar a los alumnos/as de las zonas más alejadas han tenido su réplica al ocasionar desplazamientos de niños/as de diversas edades a localidades próximas, con los problemas anejos que ello implica, se han ideado nuevas formas de paliar las carencias de estas escuelas, en donde, lo más importante no es sólo la ausencia de recursos tecnológicos, sino el sangrante aislamiento del profesorado que queda al descubierto frente a los embates de una escuela embarcada en una titánica lucha por su supervivencia.

Sin embargo, no podemos adherirnos a una visión tan derrotista de la escuela rural, existen colectivos de profesores preocupados por su tarea profesional, por innovar y por contribuir con su gran dosis de creatividad al desarrollo integral de sus estudiantes, que por los avatares de la vida los ha tocado nacer en el medio rural.

Algunas de sus iniciativas, entre otras muchas de otra índole, han ido en la línea de adscribirse a proyectos de innovación que surgieron a finales de la década de los ochenta y se desarrollaron durante los noventa como el **Proyecto Atenea** y el **Proyecto Mercurio** durante el primer lustro de los noventa, proyectos que, como es bien sabido, pretendían integrar los recursos informáticos y los medios audiovisuales, respectivamente, en el aula en tanto herramientas que facilitaran las tareas docentes al profesorado y que contribuyen a crear entornos de aprendizaje más atractivos y motivadores, para estos alumnos/as que no siempre gozan en sus hogares de las mismas oportunidades que los estudiantes de las zonas urbanas (Del Moral; Del Valle; Miguel; y Prezello, 1998; 395-403).

A través de los **CRA** se han canalizado dichos proyectos, las distintas **escuelas unitarias** han integrado las exiguas partidas presupuestarias que les corresponde individualmente en una única de forma colectiva, -junto con las ayudas de entidades privadas que a modo de donación éstas les facilitan gracias al interés de los profesores-, con objeto de dotar de una infraestructura mínima que les permita trabajar con esos recursos tecnológicos. Por lo que para determinados grupos de profesores el uso de estos recursos ya es una práctica habitual, y su alumnado está familiarizado con este tipo de medios didácticos.

Los grupos tan reducidos de alumnos/as, junto con la posibilidad de acceder a estas nuevas tecnologías, gracias al interés y la motivación de los profesores implicados, pueden ser algunas de las variables que contribuyan a superar los obstáculos de los que tradicionalmente adolece la escuela rural. Mientras las escuelas urbanas se hallan condicionadas por ***ratios*** mucho más desproporcionadas y el acceso a estos recursos tecnológicos se hace inviable desde el punto de vista organizativo, parece lógico que la escuela rural hallándose en mejores condiciones de partida obtenga ventajosas consecuencias para el aprendizaje de estos alumnos/as, como de hecho constatan algunos profesores.

A pesar de todo, esto no sucede en la mayoría de los **CRA**, no sólo es necesaria la voluntad del profesorado por innovar, por superar los planteamientos metodológicos tradicionales ceñidos al libro de texto y la pizarra, sino que se hace preciso un intento de carácter institucional por superar las barreras físicas, la inaccesibilidad de algunas escuelas, y por facilitar la formación permanente del profesorado, junto con la dotación de recursos que hagan factible esa mejora cualitativa en la enseñanza impartida en estos centros rurales.

Por otro lado, debemos subrayar la idea de que unas escuelas con un alto potencial tecnológico (equipos multimedia, acceso a internet...) pero con un profesorado carente de motivación y de una formación adecuada para la utilización de dichos medios, no parece ser el ideal de escuela en busca de la optimización del proceso de enseñanza-aprendizaje. Por lo que, desde aquí no se pretende hacer una apología sin más de los recursos tecnológicos, se quiere poner de manifiesto cómo estas herramientas pueden ser unos importantes vehículos de transmisión de información, creando nuevos entornos de enseñanza-aprendizaje, en donde tanto profesores como alumnos verán modificados sus roles. Para los primeros, las ventajas que puede ocasionarles son, entre otras, las siguientes:

- Acceso a recursos didácticos que de otro modo sería difícil lograr (imágenes de seres microscópicos, animales de otras latitudes, ilustración textual y gráfica de hechos históricos, visitas virtuales a museos, noticias de acontecimientos coetáneos; animaciones o simulaciones de procesos naturales; piezas musicales "on line"...).
- Posibilidad de contactar con colegas, de lugares más o menos próximos, interesados en los mismos temas.

- Participación en listas y foros de discusión con carácter formativo.
- Intercambio de experiencias innovadoras y actividades con carácter didáctico.
Ese interese por constituírse nun novo medio de comunicación, diario e en lingua galega, achega ademais outra dimensión: o feito de facelo de xeito exclusivo a través da rede, de internet, dáballe unha relevancia especial ao proxecto. É dicir, estabamos diante dun dos primeiros proxectos galegos en internet e había unha vontade manifesta de que a lingua que vehiculase esa idea, Vieiros, fose a nosa, o galego.

2.- Introducción

Dúas puntualizacións antes de nada sobre o que imos falar. Primeiro, que estamos diante dun tipo de debate cando falamos de novas tecnoloxías, onde as cousas evolúen a un ritmo aceleradísimo, e que o que podemos dicir hoxe pode estar obsoleto mañá. Segundo, que pensar o lugar das novas tecnoloxías na escola é pensar a propia escola e a súa reforma, e non un debate independente.

En periodismo non é recomendábel partir dunha idea previamente creada e intentar que os feitos ou as declaracións o corroboren, pero en calquera caso, cando hai uns meses decidimos adicarlle un dos nosos "escáneres", un formato de reportaxe que así bautizamos nós, adicarllo como digo ao ensino e as novas

tecnoloxías, o título que nos viña á mente era unha declaración de intencións: XA TEMOS COMPUTADORES NAS ESCOLAS, E AGORA QUE? (Anexo 2)

A idea que tentamos expresar con este título vai incluso alén da propia situación nas escolas, e pode aplicársele a outros ámbitos, á sociedade en xeral. É dicir, nunha sociedade coma a nosa o acceso a computadores e á conexión a internet é a cada paso máis factíbel.... ben é certo que con todas as limitacións: Un repaso ás cifras máis significativas ao respecto amósanos que os indicadores son en todos os casos peores aquí. A fenda da media española respecto da europea é clara, e a fenda galega é aínda maior.

Malia iso, teimamos en pensar que é tempo de ir poñendo outros asuntos entre as nosas prioridades. Sobre todo cando as persoas que deberían dirixir as políticas que promovan as TIC nas nosas sociedades amosan unha desesperante lentitude e ineficacia. Por desgracia, dende as administracións, á hora de encher a boca cos discursos sobre novas tecnoloxías aínda seguen insistindo en prometer computadores para todos. A nivel escolar o exemplo é moi claro: a estrela das propostas vén sendo durante moito tempo poñer un computador no aula, inicialmente, logo un por cada quince nenos, despois un para cada cinco, para cada dous..., agora mesmo computadores de balde para os mestres... pero haberá que facer algo máis, non?

Ou ten maxia o ordenador?

Vai cambiar algo por si só un computador nun aula...??

Nese sentido, e a xeito de anécdota, cóntovos que aínda hai moitos ámbitos nos que se vén teimando con escribir a palabra internet con maiúscula. Nós, desde Vieiros, que traballamos en exclusiva a través de internet, que o convertemos no noso medio de vida e predicamos das súas bondades, queremos malia todo quitarlle esa aureola mitificadora da maiúscula, e ao contrario que a maioria, teimamos en escribirmos internet con minúscula. E cando decidimos iso facémolo coa convicción de que estamos falando dunha ferramenta, importante, que marcou un punto de inflexión, ben é certo, pero do mesmo xeito que no seu momento o fixo por exemplo o teléfono, e hoxe ninguén escribe xa 'teléfono' con maiúscula no medio dunha frase. Xa que logo, así entre nós, falemos de internet, así en minúscula, coma unha nova ferramenta de traballo, unha especie de lapis que nos vai permitir escribir no papel en branco da sociedade de cada día. O protagonismo, maiúsculo, témolo nós en averiguar como imos usar estes novos medios. A persoa é máis importante que os trebellos.

Penso que o gran desafío hoxe é ir cavilando na capacidade de aproveitamento que amosamos sobre eses medios dos que xa dispoñemos. Malia que aínda non hai nada que no rural a rede batía co obstáculo dunhas redes TRAC que imposibilitaban a navegación de internet, ou que a conexión total das escolas é ben recente, que a banda larga penetra paseniño... Iso non quere dicir

que deba dárselle de lado a outras prioridades: como aproveitamos o que xa temos.

Todo isto vén a dicir que cando chegamos a este foro para falar da fenda dixital, estámolo facendo non só dunha fenda cuantitativa, senón tamén dunha fenda cualitativa.

3.- As cifras son claras: somos sempre pechacancelas

No aspecto cuantitativo os números non enganan, estamos moi por tras dos demais e camiñamos máis lentamente cara a converxencia, se cadra isto é o peor, que os nosos compañeiros nos últimos lugares están espabilando antes. (Ver Anexo 1)

4.- Para cando un plan da Sociedade da Información?

Hai catro anos, cando a Xunta andaba a argallar un "Libro Branco da Sociedade da Información", entre o sector que andaba a traballar nisto das novas tecnoloxías en Galiza xa se criticaba que nesa altura non houbese un plan estratéxico para a sociedade da información. Galiza era daquela unha das poucas autonomías que no Estado non tiñan un plan estratéxico para as TIC. É triste dicir que hoxe, en 2005, estamos na mesma situación, inédita, cando por Europa adiante en todos lados teñen, mellor ou peor, o seu plan.

Daquela nos participamos tamén en debates onde se advertía da fenda dixital á que nos enfrontabamos, e criticamos a pouca ambición que había para encher un baleiro que era fundamental cubrir para o futuro social e económico do país. Se cadra interesa lembrar que daquela a Xunta delegou en Telefónica este traballo, operadora dominante e con evidentes intereses nese debate. Así, os millóns que se gastaron serviron para un texto insuficiente que segundo recoñeceron despois desde Telefónica se fixo "sen pensar conscientemente en Galiza" e renunciando á oportunidade de abrilo á participación dos actores da sociedade da información galega. Por non estar ese texto nin sequera estaba en galego. Mesmo á operadora galega, a R, achegáronlle o texto a quince días da data oficial de entrega, polo que dende a empresa decidiron devolvelo avisándolle á Xunta de que había tantos erros e défices que o mellor era comezar de novo.

Naqueles lugares onde se avanzou, onde houbo éxito, había un plan detrás, partiuse dun debate previo, elaboráronse documentos base, deseñáronse estratexias abertas e multidisciplinares para enfrontar o desafío da chegada das novas tecnoloxías a todos os ámbitos: á administración, á comunidade educativa, ás empresas, á sanidade... As cousas non xurdiron polo azar, podemos estar orgullosos dalgúns logros, pero non poden ser logros conseguidos "a pesar de", teñen que ser conseguidos porque había un plan que facilitou que iso fose así.

Xa que logo vaise tratar non só copiar o que de bo vemos noutros lugares, senón tratar de definir o lugar onde queremos estar nós, nas nosas circunstancias particulares. Hai que analizar e trasladar ao contexto de Galiza as iniciativas tecnolóxicas, económicas, políticas, sociais e tamén éticas e legais que están condicionando a evolución da rede internet, definir potenciais puntos fortes e débiles, subliñar oportunidades, priorizar proxectos.

E nesa tarefa hai que ser ambiciosos. Na sociedade da información o concepto de periferia cobra un sentido diferente. A xeografía das TIC é diferente, e exemplo pode ser o modelo finlandés ou irlandés. Dicían dende un actor significativo na internet galega, o capítulo galego da Internet Society: "aspiramos a ver Galiza referenciada como modelo de desenvolvemento telemático nos estudos e Libros Brancos dos demais". Diso hai catro anos xa, queda moito por diante.

5.- A fenda coma expresión doutras fendas

Non hai moito que estaba en primeiro plano a polémica arredor do desbalde dos fondos europeos, de como todo ese fluxo de millóns que vén da Unión Europea, en ocasións semella gastarse de forma un tanto escura ou pouco axeitadamente. Hai tempo, recollendo notas para unha información sobre este asunto, un par de persoas apuntábannos un dato interesante ao respecto de xeito concreto de plans coma o Leader, dicíannos: "vale, pode haber de todo, haberá sitios onde se xestione con máis ou menos eficacia, pero os resultados non dependen só da presión que certas políticas clientelares poidan exercer sobre eses fondos, xa que logo é tamén un problema de estrutura, de capacidade da sociedade local para absorber de forma eficaz eses recursos que lles están proporcionando... Aquí, segundo me explicaban, existe unha desestructuración social que dificulta o traballo.

Imos ver, nese caso falamos de plans para o desenvolvemento rural que buscan a diversificación das actividades económicas nunha zona poñendo en práctica estratexias innovadoras, integradas e participativas. A cooperación interterritorial e a creación e promoción das redes sociais locais é fundamental. No caso galego, parece ser que a capacidade deses protagonistas locais de organizarse e participar era menor que noutros lugares. É un factor máis a ter en conta.

Á hora da implantación activa das TIC nunha comunidade tamén pode haber unha problemática similar, supoño. Penso por exemplo na preexistencia de asociacións socioculturais, de colectivos, que cando teñen unha sólida traxectoria de funcionamento no tempo, no momento en que se lles proporciona unha ferramenta novidosa, poden poñer máis axiña en práctica os recursos necesarios

para integrala no seu traballo diario e tratar de ver todo o que pode dar de si para axudarlles no seu labor. Falo, en principio, de comunidade en sentido xeral, pero deberiamos considerar se no ámbito particular dunha comunidade educativa puideramos estarnos enfrontando a problemas deste tipo.

6.- Necesitamos de verdade a rede? (A rede como ferramenta para a promoción da pluralidade)

Non hai que darllo coma argumento ás administracións e ás operadoras á hora de ir pedirlles facilidades, material, conexións máis baratas, pero si é certo que o rexeitamento ao computador ou a internet si existe entre parte da sociedade, penso que non é o problema clave evidentemente, pero non podemos esquecelo agora que tentamos facer un repaso de todos os factores.

A fenda coma expresión doutras fendas significa que cando falamos das TIC coma factor para o desenvolvemento social, falamos dunha ferramenta máis nunha tarefa sempre titánica, a de tratar de camiñar sempre cara ese desenvolvemento, de sermos mellores e facer as cousas cada día.

Insisto, estamos debatendo o que pode aportar ás nosas comunidades o computador, pero temos aí outros trebellos, pensade no televisor, con moito que debater ao respecto. Non hai moito que aquí acendíamos a tv e tiñamos un escenario que cualificamos de "telelixo", e da televisión pública especialmente nunca estivemos satisfeitos, sempre pensamos que podía dar moito de si pero... No Reino Unido acenden o televisor e teñen a BBC. A programación para cativos da BBC é cousa doutro planeta comparada coa de aquí. Dende a propia web podedes facervos unha idea, o volume de contidos é soprendente e o mesmo a súa calidade, e non só no que lle toca en exclusiva á programación especialmente pensada para os pequenos, tamén naquela outra programación de ámbito divulgativo, e non necesaria e estrictamente no xénero documental, programación que no fondo contribúe a unha formación, a un ensino continuo de todos os afortunados televidentes que sentan nos seus británicos sillóns a vela.

E sempre poñemos coma exemplo a televisión pública británica, pero hai outro bo exemplo, ao meu entender, e máis descoñecido, que é a televisión pública estadounidense, a PBS, da que podedes ver bo exemplo tamén a través de internet e que ofrece un volume de material de uso educativo verdadeiramente sorprendente. Son bos exemplos nos que algúns comités de sabios que andan a voltas co modelo televisivo deberían reparar. Ao fío do caso dos EEUU cóntovos outra anécdota que chama moito a atención da xente: a petición que a través da propia canle se fai de xeito continuo para que o espectador faga doazóns que axuden ao funcionamento da tv. Algo impensábel aquí baixo as nosas concepcións.

É importante pensar nisto, porque camiñamos a un futuro en que internet e televisión semellan ir converxer, e que a medio prazo estaremos navegando con cachifallos híbridos de tv, teléfono, videoconsola, computador...

Por outro lado, non hai que esquecer que foi aló precisamente, nos EEUU, onde definiron ese concepto de fenda dixital, que orixinariamente se refería á división entre quen tiña un computador e quen non.

Xa que logo, hai outra fenda que me preocupa e é a da ignorancia consciente e militante ao respecto das novas tecnoloxías. Penso que deberiamos tratar de superar iso. Ninguén presumiría hoxe en día de non saber ler, e en último caso, defendería que está facendo todos os esforzos posíbeis por iniciarse na lectura. Pola contra, cando falamos das TIC, se cadra esaxero ben é certo, hai quen teima en presumir de que "as tecnoloxías non van comigo" ou "non me levo ben cos computadores" ou "onde estea unha máquina de escribir..."

Un coñecido escritor, cando os correos electrónicos comezaban a popularizarse, falaba da terríbel ameaza dos e-mails para a escrita, acusándoos pouco menos ca de idiotizar aos cidadáns e de empobrecer o uso da linguaxe. Lembro que me pareceron unhas acusacións reduccionistas e inxustas. Moi ao contrario, non vexo onde está a ameaza. Canta xente escribía cartas e cada canto tempo o facía antes da chegada do correo electrónico? Ou máis aínda, canta xente escribía? O computador e a rede axilizaron esa práctica. Non compre o bolígrafo para poñer unhas ideas por escrito. Podo contarlles que a través do correo electrónico eu descubrín por exemplo que tiña unha amiga que era unha excelente escritora. Nunca tería reparado niso de non ser polo mail, e penso que mesmo ela tampouco o tería feito.

Había un artigo moi simpático de Carlos Casares, unha daquelas pílulas que baixo o epígrafe 'Á marxe' publicaba de xeito diario, onde dunha vez confesaba o que el chamaba "Un pecadiño". O tal pecado tratábase dunha máquina coa que alguén o agasallara, un pequeno computador portátil onde podía almacenar libros. Casares confesaba, no que literariamente se lle podería chamar "voz baixiña", o atrativo, práctico e eficaz que lle parecera aquel trebello e deixaba amosar unha certa culpabilidade e ao tempo tamén unha certa ironía sobre o temor tecnolóxico no mundo da edición á desaparición do papel.

Viña a comentar con isto que non é secreto a resistencia que na propia escola existe desde unha parte do profesorado á incorporación das TIC.

Contábame nunha ocasión unha compañeira xornalista de como decidira un día introducir a súa avoa en internet, malia a desconfianza e o escepticismo con que a boa señora miraba para a máquina, e que viraron en declarado interés en canto lle amosaron a información que pola rede andaba sobre algúns temas do seu interés, anzois que neste caso eran "san antonio" e "patróns de ganchillo".

7.- Contidos para a escola

Hai moito na rede para aproveitar para o medio escolar, pero a propia comunidade educativa debe estar en disposición de producir para a rede. Un dos ideólogos importantes de internet, que é Manuel Castells, analizaba a rede "xeograficamente" desde tres puntos de vista, que ben poden servir para falar de candansúas fendas: o mapa tecnolóxico de internet, determinado por onde estan e a onde chegan as conexións e cal é a súa calidade; o mapa de usuarios, é dicir, onde e quen usa internet; e o mapa de producción, isto é onde, quen e que contidos produce. Xa que logo, a rede non deixa de ser unha conxunto de corredoiras para os contidos, para a información, o coñecemento, moitas veces de xeito non pouco caótico.

Á hora de falar de contidos en internet temos que deixar claras varias cousas: cada día nacen e prodúcense milleiros de novas páxinas web e só unha porcentaxe moi pequeniña está ofrecendo cousas realmente interesantes. Hai moito lixo na rede. E hai moita información que, independentemente da súa potencial utilidade, está sen utilizar. A saturación informativa é unha característica á que nos temos que enfrontar hoxe, aínda que paradoxalmente esa pluralidade de fontes que nos bombardean moitas veces seguen deixándonos sen saber o realmente importante.

O pasado mes de xuño chegounos aviso de que había novidades no portal de ensino da consellaría de Educación. Seica a Xunta presentaba unha "renovada oferta de contidos educativos cun deseño orixinal, á vez centrado na didáctica, onde a pedagoxía e as TIC únense para abrirlles novos horizontes a alumnos, pais e profesores". En principio pensamos que era boa cousa, aínda que co oportunismo de chegar ás portas dunhas eleccións, ata que entramos na presunta nova web... Aló puidemos ver que había unhas magníficas viñetas a xeito de interface para a navegación entre o material. Pero curiosamente vimos que non había ningún novo contido elaborado desde a Xunta, senón un directorio temático con contidos preexistentes en internet. O paradoxal do asunto é que se trataba de contidos elaborados en moitos casos a título individual por mestres e profesores, e de seguro que a miúdo a maioría deles con inexistentes apoios oficiais... Pensemos que hoxe que eu saiba as escolas nin sequera conta cunha ferramenta que de xeito organizado lle permita en cómodos pasos poñer na rede a súa páxina web, malia que a administración lle forneza cun nome de dominio xenérico para o sitio.

Como en tantas outras cousas hai moitos avances importantes que están xurdindo gracias á iniciativa individual, ao interés e ao traballo sacándolle tempo a outras actividades de moita xente. Pero non podemos seguir na dinámica de "a pesar de como están as cousas e a falta de axudas que temos conseguimos isto", hai que pedir, moverse e crear un estado de opinión activo que vire dunha vez as

cousas. E necesitamos políticas e plans que estruturen e canalicen esas necesidades.

8.- Os axentes sociais, as persoas, os protagonistas do cambio

A capacidade de interrelación que trae a rede para a a comunidade educativa é incríbel. Pais e profesores teñen ao seu dispor unha ferramenta extraordinaria para permaneceren en contacto, para intercambiar ideas, para participar en foros, organizar eventos, converxer en proxectos e actividades, unificar criterios, promover protestas e reclamacións... O atrativo é inmenso.

A vocación colaborativa que induce no individuo esta nova ferramenta que é internet paréceme unha das claves das que estamos falando. Estamos falando da posibilidade de desenvolver unha nova faceta da persoa e en último término, un novo modelo de cidadán... Un cidadán máis activo e máis consciente. Eu creo que é ao que se reduce ao fin e o cabo este debate. Porque esa é tamén unha tarefa da escola, formar persoas con capacidade de aprendizaxe, que se sintan atraídas por esa vontade de aprender cada día e de buscar novos coñecementos e habilidades de xeito activo, e de formar persoas que teñan espírito crítico, capaces de cuestionarse as decisións que se toman ao seu redor e que lle afectan, capaces de veren diversos puntos de vista, e reflexionaren sobre eles. Dicían os apocalípticos que o universo dixital nos levaba cara a unha sociedade de individuos illados, cada un pechado no seu cubículo. A realidade parece que non lles dá a razón, que a ferramenta abriu novas posibilidades para a interrelación social da persoa en todos os ámbitos, non só persoal, senón académico, profesional e como cidadán activo. Para min ese é un atrativo fundamental de internet.

Se as novas tecnoloxías da información e a comunicación nos axudan nesa tarefa, benvidas sexan.

9.- As fendas que veñen

Calquera novo servizo, ferramenta, aplicación... que xurde, introduce de seu unha nova fenda potencial. Non podemos ir sempre a remolque, enterarnos con atraso do que noutras xeografías incorporaron e enlamarnos en burocracias mentres decidimos como, cando ou de que maneira nos subimos aos novos trens, ás veces mesmo decidir se o facemos ou non.

Hai que ter vontade de estar sempre adiante. E niso ten moito que ver, por exemplo, a promoción do software libre, coma instrumento para adaptar e construír no ámbito das TIC de acordo coas nosas necesidades concretas, e ao tempo innovar e ser capaces de ofrecer cousas novas, de ir á fronte do pelotón.

A velocidade coa que o mundo cambia, a vertixe de acontecementos, de ideas, de propostas, de máquinas, deseños e innovacións é unha característica fundamental do tempo que vivimos. E non podemos ser alleos a iso. O concepto de aprendizaxe continua debe estar hoxe claro para administracións e cidadáns. Hai que estar adaptándose de xeito continuo, se é que aínda non o era, isto cada vez é máis evidente. O coñecemento pasa a ser obsoleto dun ano para outro, mesmo dunha semana para a seguinte.

Contábanme hai pouco o caso dun certo funcionario, do ámbito municipal, que rexeitaba aprender unha determinada e pequena cuestión porque dicía que "iso non é a miña función" e que el aprobara a oposición para exercer unhas tarefas moi concretas. Esa actitude vital é moi reprochábel, tanto desde o punto de vista persoal coma profesional. Sempre pensei que un dos mellores valores que certos profesores aos que gardo en especial estima promoveron en min, foi o estímulo desa cualidade: a vontade de estar disposto a aprender, a saber un chisco máis. Entendo que ese tipo de obstáculos non deberan xa que logo existir no ámbito educativo.

Permitídeme unha frase que veño de subliñar nunha lecura recente:

"Sabemos que calquera innovación molesta porque cambia a orde constituída" Giovanni Sartori. (Homo Videns)

ANEXO 1:

Máis de oito puntos por baixo da media estatal de vivendas con acceso a internet, sete puntos menos en porcentaxe de usuarios da rede, case tres puntos menos en acceso por banda larga, penúltimos no reconto de computadores por fogar... Son mostra da estatística dos obstáculos para a sociedade da información en Galiza dos que lles temos contado.

Ao respecto da fenda dixital galega achegámoslles un resumo dalgúns dos indicadores máis significativos. Os datos proveñen dos informes dos últimos informes de Telefónica e Auna sobre a sociedade da información no Estado español e as fontes últimas están nos estudos da AIMC-EGM e do INE.

Puntualizar que no conxunto de indicadores, Galiza acostuma a ocupar os últimos postos xunto con Extremadura e Castela-A Mancha, malia que por exemplo os autores do informe de Telefónica gaban especialmente o avance destas últimas dúas comunidades nos meses recentes.

AS CIFRAS:

Vivendas con acceso a internet en Galiza: 16,9% (media estatal do 25,2%)

Penetración de internet: 26,2% (media estatal do 33,1%)

Aumento de usuarios no último ano: 2,6% (media estatal do 5,3%)

Fogares con **computador** personal: 35% (media do 43%)

Fogares con computador e conectados a internet: 50,35% (media do 64,12%)

Accesos de **banda larga**: 4,6% (media do 6,9%)

Fogares con internet de alta velocidade sobre o total de vivendas: 8,25% (media do 13,58%)

Motivos dos galegos para non usar internet:

- 38,1% non ten acceso
- 79,8% di non interesarlle
- 17,5% di que é moi caro
- 11,3% di que lle preocupa a seguridade
- 20,9% di non ter tempo

Os motivos dos galegos para non ter acceso á rede no fogar:

- 11,1% acceden dende outro lugar
- 68,1% non saben o que é, non o queren ou din non necesitalo
- 18,9% din que a conexión é cara demais
- 29,7% non ten coñecementos para usalo
- 43% non teñen computador ou o que teñen non é axeitado para navegar

Onde usan os galegos internet:

- 46,8% no fogar
- 43,5% no traballo
- 24,7% no centro de ensino
- 34,7% noutros lugares (cibercafés, puntos de acceso dos concellos, casa de amigos...)

A **frecuencia** de uso de internet:

- Diariamente: 33,9%
- Semanalmente: 41,8%
- Unha vez ao mes: 19,1%

Internet chega lentamente ás empresas galegas

No último ano o empresariado galego tería recurtado a fenda de máis de dez puntos que o separaba da media estatal en canto porcentaxe de conexión a internet, segundo asegura o Observatorio TIC da Xunta. Daquela, máis da metade das empresas que non estaban conectadas dicían non ter previsto acceder á rede e non considerala necesaria para a súa actividade.

- Penetración de internet en pemes: 77% (media estatal do 87%)
- Empresas con correo electrónico: 75,3% (media estatal do 83,7%)
- Empresas con extranet e intranet: 13,2% e 27,4% (media estatal de 16,9 e 32,6%)
- Web corporativa: 28% (media estatal de 33%)
- Uso do comercio electrónico: 23% (=media estatal)
- Empregados que usan o PC en empresas con máis de dez empregados: 93,5% (media do 96,5%); sobre o total de traballadores: 47% (media estatal do 51%)
- Empresas con banda larga: 52% (INE) (media do 71%), o Observatorio TIC amosa un avance no 2004 deica o 68% de empresas con banda larga

Máis datos (Avance 2004 do Observatorio TIC):

- Empresas con acceso a internet: 91% (o 90% das pequenas e o 99% das medianas)
- Teñen computador fixo: 99%
- Teñen computador portatil: 36%
- Teñen antivirus: 93%
- Uso do comercio electrónico: 18,5%
- Empresas con web propia: 41%
- Empregados adicados exclusivamente á informática: 24%
- Empresas non conectadas que cren que se beneficiarían de ter un computador: 62%
- Empresas que cren que se beneficiarían de ter web: 60%
- Empresas que cren que se beneficiarían vendendo por internet: 24%
- Usan a videoconferencia: 1%

10.- A fenda dixital tamén é de xénero en Galiza

Ata catro puntos por baixo aparece a taxa de mulleres que se conectan a internet respecto á dos homes no último estudio realizado polo INE ao respecto. O

informe presentado pola Comisión Europea subliña as eivas no acceso á rede da muller, malia os avances nos últimos anos. En Galiza a peneira dos datos da fenda dixital por xénero amosa aínda resultados máis baixos cando se refire ao acceso da muller ás novas tecnoloxías.

Sobre a porcentaxe do total de persoas que usaran o computador nos últimos tres meses, a enquisa máis recente do INE sinala que un 10% menos de mulleres utilizaran ferramentas informáticas, nunha diferenza que é aínda máis pronunciada no contorno rural.

A última análise do Eurostat sinala a nivel da UE un aumento do uso da rede entre as mulleres do 28,5% ao 39% nos últimos tres anos. No caso dos homes, o aumento foi do 40,5% ao 48% nese período. O Estado español ofrece as diferenzas máis extremas neste indicador entre homes e mulleres: un 40% de homes dixeron conectarse a internet fronte a un 29% de mulleres. A Comisión destaca a importancia das novas tecnoloxías como parte dos programas de loita contra a exclusión social e recomenda deseñar medidas que corrixan a situación.

No anterior estudio do INE, as diferenzas quedaban coma segue:

Internet:

- Perfil de usuario – 41,0% de mulleres
- Taxa de penetración – 19% entre as mulleres (28,8% en homes)

Porcentaxe de persoas que se conectaron á internet en Galiza (datos 2002)

- Mulleres - 14,57
- Homes - 20,37

Porcentaxe de persoas que realizaron algunha compra pola internet en Galiza (2002)

- Mulleres – 0,73
- Homes – 2,15

Porcentaxe de usuarios de móbil en Galiza

- Mulleres – 38,32
- Homes – 51,99

Porcentaxe de persoas que usan computador en Galiza

- Mulleres – 22,02
- Homes – 28,99

ANEXO 2:

Velaquí o que escribimos para o escáner, é un formato de reportaxe especial que arranxamos para Vieiros, no que nos chamamos 'Volta, Revolta e Reviravolta' e que vén a ser un Editorial que neste caso resume a nosa postura sobre o tema, as TIC na escola.

VOLTA

A necesidade de ter computadores e conexión a internet nas escolas, como a de ter auga ou luz, xa non é discusión hoxe e hai que asumila coma infraestrutura básica. Cómpre iso si, non esquecer que os equipos precisan dunha renovación periódica para non quedaren obsoletos, polo que os plans deben incluír compromisos orzamentarios a máis longo prazo.

REVOLTA

O chanzo seguinte, por onde xa camiñan os países máis desenvolvidos, é formar e informar do que se pode facer coas novas tecnoloxías nas escolas. O computador por si mesmo non muda nada na escola, e apostar en exclusiva pola aula informática, ou pola informática como asignatura, fai esquecer as posibilidades das TIC no día a día en todas as materias escolares.

REVIRAVOLTA

A administración galega non pode seguir destacando coma éxito estarlle dando un e-correo gratis a cada mestre. Debe liderar o proceso e non deixalo á iniciativa individual de cada mestre: propoñer aplicacións e ferramentas, insistir na formación do profesorado... Iso implica necesariamente o deseño dunha estratexia completa e clara sobre o desenvolvemento da sociedade da información na comunidade educativa, no canto de chegar sempre tarde e mal a todas as metas.

Documento completo:

http://www.vieiros.com/noescaner/noescaner.php?id=40344&Ed=1

ANEXO 3:

(Captura de pantalla) Aula Galega, o primeiro portal galego de Educación:



DE FENDAS INTERNAS. CONSIDERACIÓNS SOBRE A INFLUENCIA DAS TIC NO DESENVOLVEMENTO ORGANIZATIVO E PROFESIONAL DOS CENTROS EDUCATIVOS.

Mª Lourdes Montero

Universidade de Santiago de Compostela
Grupo Stellae[1]

1.- Introdución

Durante os últimos anos tivo lugar un incremento notable das investigacións sobre as TIC[2] no eido educativo, de maneira tal que Internet, a teleformación ou os multimedia constitúen epicentros que aglutinan boa parte dos estudios e publicacións realizados.

Pese ao notable crecemento da indagación destes temas e aos indubidables esforzos realizados polas diferentes administracións educativas nos seus diversos proxectos,[3] continúa a ser perceptible unha certa insatisfacción producida polo escaso coñecemento verbo dos procesos e resultados da integración das TIC nos centros educativos. En qué consiste esta? Que papel desempeña o profesorado? Que pensan, sinten... cando as utilizan? Para que o fan? Que cambios producironse entre o antes e o despois da súa incorporación? Que dimensións da

[1] O Grupo Stellae, da Universidade de Santiago de Compostela, é un grupo de investigación coordinado pola prof. Mª Lourdes Montero e configurado polos profesores e profesoras Quintín Álvarez, Adriana Gewerc, Mª Dolores Fernández Tilve, Rufino González Fernández, Laura Malvar, Esther Martinez Piñeiro, Eulogio Pernas, Xesús Rodríguez Rodríguez, Mª Dolores Sanz Lobo, Olga Mª González Guisande ea becaria postdoctoral Pilar Vidal Puga. (http://www.usc.es/stellae).

[2] TIC: Tecnoloxías da Información e da Comunicación

[3] Averroes en Andalucía (www.juntadeandalucia.es/averroes); Asturias en red (www.educastur.princast.es); Medusa, en Canarias (www.educa.rcanaria.es); la Xarxa Telemática Educativa de Cataluña (www.stec.es); EducaMadrid (www.educa.madrid.org); la Red Tecnológica Educativa de Extremadura (RTE) (www.extremadurasi.org); el Proyecto Plumier de la Comunidad de Murcia (www.educarm.es); SIEGA en la Comunidad Autónoma de Galicia (www.edu.xunta.es/siega/), entre otros.

organización foron afectadas? Que persoas son claves neste proceso? Cómo se leva a cabo?

O interese por buscar respostas a estes e outros interrogantes levó ao Grupo Stellae a desenvolver un estudio para coñecer as repercusións da incorporación das TIC na organización dos centros de Educación Primaria e Secundaria de Galicia, e no desenvolvemento profesional do seu profesorado[4]. Partimos do suposto de que a influencia das TIC na mellora da calidade do ensino depende estreitamente das características e condicións da súa integración nas prácticas profesionais e organizativas de profesores e centros. Deste xeito, poñemos o énfasis na indagación das *fendas internas*, por entender que o problema das nosas escolas non é tanto unha cuestión de "dotacións" ou de "estar conectadas" (ainda que así o sexa en ocasións) senón, máis bén, das actitudes e a formación do profesorado, dos apoios existentes, da organización educativa ou da existencia ou non de proxectos para a súa incorporación.

2.- Situando o momento da investigación

Cando en 2002 iniciamos o noso estudio, os datos dispoñibles apuntaban cara a constatación dos escasos cambios producidos polas últimas reformas educativas no tipo e uso dos diversos medios e materiais, evidenciando que a escola continúa utilizando os mesmos materiais e recursos, do mesmo xeito, e adaptando cada *nova* tecnoloxía aos usos máis tradicionais (Rodríguez e Montero, 2002). Esta constatación nos levó a formular dúas hipóteses de traballo:

1. Que as culturas profesionais e organizativas dominantes nas escolas constitúen un factor máis poderoso que o pretendido poder innovador dos novos medios, e
2. que continúa persistindo a creencia de que basta introducir un novo medio para que se produzan os cambios esperados.

Ambas hipóteses poñían sobre a mesa o exceso de confianza no poder dos medios, por unha parte, e, por outra, o predominio dun enfoque instrumental na toma de decisións organizativas e de formación do profesorado para os diversos usos dos mesmos.

En consecuencia, entendimos que calquera proposta de incorporación das TIC requería ter en conta a cultura organizativa na que se asenta ese cambio xunto a cultura profesional do profesorado e as condicións da súa formación e desenvolvemento profesional, aspectos indispensables ámbolos dous para a innovación e mellora dos centros educativos. A elección das dimensións

[4] Os resultados do estudio publicaranse a comezos de 2007 en Edicións Xerais baixo o título: *O valor do envoltorio. Un estudio da influencia das TIC nos centros educativos.*

organizativa e profesional facíase así dende o suposto de que a natureza da apropiación das TIC nos centros escolares (valorados como espacios de socialización relevantes nos usos das mesmas), está en estreita relación co desenvolvemento profesional do profesorado no seno da organización na que desempeña a súa tarefa.

Así que, ni cortos ni preguizosos, decidimos mergullar na indagación destas cuestións, conscentes de que o empeño non iba a resultar fácil pero decididos a asumir os riscos e dificultades do propio proceso, entusiasmados coa idea, pois todos, quen máis e quen menos, sentíamos unha grande curiosidade por tratar de desvelar as *verdades* ocultas tras as paredes das escolas da nosa Comunidade Autónoma ante o desembarco das TIC, en momentos nos que se estaba a producir un grande esforzo de dotación de infraestructuras, equipos, servizos e formación, por parte da Administración educativa a través do proxecto SIEGA (Sistema de Información da Educación Galega).[5] Unha curiosidade impregnada dun profundo compromiso coa realidade do ensino público en xeral, e dos seus rumbos no "laberinto tecnolóxico" en particular (Area, 2005), compartido con todos aqueles -investigadores, profesores, formadores, políticos...-que, na actualidade, están chamando a atención sobre a necesidade de atopar solucións en pro de evitar a súa desvalorización. A educación pública "ha formado parte siempre del progreso", afirma Gimeno

> y hay suficientes razones para creer que le restan metas por cubrir... Sigue siendo una apuesta válida que, en la sociedad democrática, del conocimiento y con cierto nivel de bienestar, tiene que demostrar una valía de la que no le excusan las declaraciones de principio, por muy convincentes que éstos sean... siendo críticos con todo lo que motive su obstrucción... provenga de las políticas educativas, de las prácticas y comportamientos de los profesores o de los discursos que legitiman a aquéllas y a éstos". (Gimeno, 2001: 9, 13),

Neste marco conceptual situamos o noso estudio sobre qué está pasando na realidade organizativa e profesional dos centros educativos coa incorporación das novas tecnoloxías (qué se fai con elas, quen o fai, cómo, dónde, cando, para qué, cál é o seu impacto...). Unha problemática convertida, como diciamos, nun motivo máis de preocupación, reflexión e investigación, por moi diversos motivos, entre os que cabe aludir á posición á cola do noso país en relación cos seus contextos de referencia -UE e OCDE- (véxase Gewerc, 2003; Touriñán, 2005). Se cadra, o *motivo* por excelencia.

[5] O proxecto SIEGA xurde en 1998. Para unha análise do mesmo poden consultarse os traballos de Búa (2002), Gewerc (2003), a tese de doutoramento de Vidal Puga (2005) e a páxina web propia: http://www.edu.xunta.es/siega.

Os nosos puntos de partida incidían na consideración da escola[6] como un dos escenarios menos *afortunados* e máis *ameazados* polo poderoso impacto das TIC noutros escenarios sociais. Unha situación que non deixa de resultar paradoxal xa que, en boa lóxica, cabe pensar que unha sociedade que se move sobre a información, o coñecemento e a aprendizaxe supon un marco de condicións favorable para unha institución que lles ten como meta e representa, como argumenta Fernández Enguita (2001), unha "utopía boa" para a escola e o profesorado.

Pero é isto o que está a suceder? Están transformándose realmente os modos de coñecer, aprender e comunicarse coa incorporación das TIC ao ensino? Qué cambios estánse a producir nos procesos de ensino e aprendizaxe? E na xestión dos centros? Qué significados formativos, de desenvolvemento profesional, ten para o profesorado vivir en entornos mediados por TIC?

A incorporación das TIC nos centros educativos pode supoñer un salto cualitativo de tal natureza que trastoque o propio sentido da institución escolar debedora da modernidade ilustrada. E se isto pode chegar a ser así nun futuro -que xa está ahí- débese a que as TIC non son só medios ou ferramentas senon que a súa característica máis sustantiva é a de traer aparellada outra forma de acceder ao coñecemento, reclamando outra forma de ensinar e aprender; ao tempo vehiculan referentes e valores que non "agotan, ou no deberan facelo, os referentes e valores que constitúen a natureza e os propósitos do sistema escolar".

Polo tanto, volve a poñerse sobre a mesa no só a "alfabetización mediática" do profesorado, responsable directo da súa promoción no contexto escolar, senón a propia concepción da función docente, o seu novo papel social -o que non é un problema técnico, senón político e cultural- e non só un problema individual, de cada profesor ou profesora, senón de toda a organización educativa.

Cun enfoque interpretativo-crítico, a investigación desenvolveuse en dúas fases. A primeira, de carácter cuantitativo, mediante a elaboración e aplicación dun cuestionario electrónico a equipos directivos e profesorado do conxunto da población de centros de Educación Primaria e Secundaria de Galicia. A segunda, de carácter intensivo, mediante a realización de tres estudios de caso (dous CEIP e un IES).

No apartado seguinte daremos conta dalguns dos resultados acadados. As sombras e luces que producen posibilitan reflexionar sobre as políticas e prácticas

[6] Utilizamos o término escola nun sentido amplo de institución educativa formal -dende a Educación Infantil á Universitaria- na que teñen lugar actividades e prácticas educativas específicamente pensadas, deseñadas e organizadas para o desenvolvemento dos procesos de ensino e aprendizaxe.

da incorporación das TIC nos centros educativos. A sociedade do coñecemento no só está "á volta da esquina", como afirma Hargreaves (2003: 231), senón que xa le deu a volta e chegou a hora de recoñecer na educación no só o dereito de todos a ter acceso a ela senón a comprometerse cos seus máis altos niveis.

3.- Dos significados dalguns dos resultados acadados

Daremos conta, xa que logo, dalgunhas das conclusións máis relevantes do estudio, tanto cuantitativo como cualitativo, en relación coa influencia das TIC na *dimensión organizativa* (dotación de equipos, espacios, tempos, tarefas e usos, iniciativa para a súa incorporación e ubicación, emprego na comunicación interna, creación de recursos e cambios promovidos),e *profesional* (tempo que levan empregándose, tarefa e modo de iniciación, participación en proxectos, contribución ao desenvolvemento profesional, preparación dos distintos colectivos, formación, apoios, desenvolvemento personal). Entre estas destacamos:

- Hexemonía dos usos tecnolóxicos (coñecer o medio) frente aos propiamente educativos; énfase nos aspectos informativos de xeito que o peso das TIC está máis na súa pata de información que de comunicación.
- Predominio dos usos das TIC para a administración e a xestión dos centros frente a súa utilización no ensino. Hexemonía pois da xestión administrativa versus usos docentes: os mellores ordenadores, os máis potentes, son os que se destinan ás funcións administrativas e de xestión; os "menos bos" a funcións educativas; os alumnos, os últimos na liña de sucesión, reciben os ordenadores máis vellos... Neste contexto, os equipos directivos parecen ter maiores probabilidades de coñecemento e adquisición de habilidades tecnolóxicas que o resto do profesorado e, en simultáneo, un maior coñecemento das necesidades docentes e organizativas.
- Subiace un xeito de entender o traballo dos centros educativos que parece responder a unha concepción taylorista da organización e tradicional do ensino. Os ordenadores no se introducen para innovar senón para reforzar o existente (e en ocasións sobredimensionalo), evidenciando a función simbólica das dotacións de equipos.
- Colocación centralizada dos equipos informáticos e disponibilidade de acceso limitada no caso do alumnado; o principio de "xerarquía estructurante" prima na dimensión organizativa (a maior rango, maior liberdade de uso).
- Escasa influencia da incorporación das TIC na organización dos centros e no desenvolvemento profesional do seu profesorado.

- A adaptación do profesorado á TIC prodúcese, fundamentalmente, como usuario de ferramentas informáticas (alfabetización tecnolóxica) máis que a nivel de integración profesional, curricular e metodolóxica.
- A necesidade de cambio nas actuacións da formación permanente do profesorado, dende un enfoque predominantemente instrumental (coñecer o medio) a enfoques pedagóxicos e didácticos (o que facer con ese medio nun contexto concreto).
- A proposta dunha maior autonomía real dos centros para reubicar as TIC e reformular os seus usos xunto á demanda de apoios (un coordinador de TIC nos centros como existe en algunhas Comunidades Autónomas? un especialista en TIC, como demandan os profesores de noso estudio?).
- A constatación de que as demandas da administración educativa aos centros predeterminan a hexemonía da xestión e limitan un uso máis descentralizado e educativo. A introdución das TIC nos centros educativos parece responder a un modelo de innovación de fora adentro e de enriba abaixo. Incluso os modelos de uso de software están predeterminados e este utilízase como un trasunto dos libros de texto.
- A necesidade de colocar a integración das TIC en contextos de innovación que promovan algún tipo de ruptura cos modelos metodolóxicos desenvolvidos por profesores e profesoras. Se esta non se produce, as TIC favorecen a reproducción da gramática vixente da escola. A incorporación das TIC aos centros educativos non supon unha mellora dos procesos de ensino e aprendizaxe se non va acompañada dun proxecto global de escola no que se consideren os cambios organizativos e didácticos necesarios.

Outros aspectos poderían ser amosados. En canto aos espacios: a idea dun enfoque *residual* de adxudicación dos espacios; con outras verbas, os ordenadores se ubican nos *espacios vacíos*, nos *restos* do edificio que van quedando dispoñibles; a colocación preferente das TIC na *aula de informática,* o que impide ver outras potenciais colocacións quizáis máis apropiadas para os usos educativos das TIC (en las aulas, en la biblioteca...), e facilita, simbólicamente, concebir as TIC como algo propio dunha materia específica, fora do curriculum global; a constatación de que a disposición espacial máis habitual nas aulas de informática é en ringleiras (42,7%), o que permite hipotetizar verbo do predominio dunha metodoloxía receptivo-transmisiva; que se pretende cunha disposición determinada? que sucede cando a disposición espacial é outra? Tamén os espacios falan, xa o sabemos. E a este teor, poderíamos lembrar que o documento do MEC de 2004, previo á reforma educativa da LOE, facía a suxestión de pasar das aulas de informática a informatizar as aulas.

En canto ao tempo: monopolio por determinadas asignaturas e sincronía (en oposición á versatilidade das TIC); se as TIC estiveran nas aulas cabería a posibilidade de fundir espacios e tempos en cada situación curricular; por outra banda, emerxe unha concepción do tempo como algo valioso que grazas as TIC "se pode aforrar" (facilitación de tarefas burocráticas, elaboración de materiais, realización de procesos complexos...), un aforro que supon, paradoxalmente, un tempo engadido para aquelas persoas que se responsabilizan das TIC.

E poderíamos seguir mencionando outros aspectos, como por exemplo, á ausencia dun proxecto educativo xenuino para a súa incorporación que promova algún tipo de ruptura coas prácticas dominantes e á insuficiencia dos apoios formativos postos en xogo para enfrontarse aos cambios esperados... Neste contexto, é insuficiente reclamar máis formación se esta non axuda a repensar as prácticas, non xenera algún tipo de ruptura. A formación parece ter unha certa influencia se nos atenemos ao porcentaxe da mostra (41,4%) para o que a súa iniciación no uso das TIC se produxo a través dun curso de formación; nembargantes, a súa incidencia parece escasa se nos fixamos nos seus pobres efectos en aspectos como o desenvolvemento profesional producido ou a modificación do ambente de ensino e aprendizaxe. Para o profesorado, a actividade por excelencia é a búsqueda de información seguida da preparación das clases e da resolución de aspectos administrativos.

Por outra banda, non todos os profesores do noso estudio ten participado en actividades de formación sobre as TIC. Unha formación na que, en función dos datos dispoñibles, predomina un enfoque instrumental (como afirmábamos en párrafos anteriores), de aprendizaxe do medio como hardware y software, o que se pon tamén de manifesto tras o análise do contido dos plans de formación, unha aprendizaxe sen dúbida imprescindible pero insuficiente. Onde reside o problema? O problema reside no enfoque metodolóxico que vehicula esta forma de actuar, insuficiente para facer fronte aos desafíos da sociedade do coñecemento.

En relación coa valoración do grado de preparación no uso das TIC polas persoas e colectivos presentes no centro educativo, ningún é considerado poseedor dunha alta preparación se ben o profesorado xoven é o considerado como mellor preparado. En contraste con outras investigacións, os formadores obtiveron unha boa valoración. E a pregunta de que necesitan para continuar o seu desenvolvemento profesional coas TIC un dos factores destacados é máis formación (claro que a cuestión non é só máis formación senón que formación en función de que profesional se pretende formar...)

Istos son alguns dos resultados máis relevantes que, en conxunto, dan conta do escaso impacto das TIC nas dimensións organizativa e profesional dos centros educativos e nos modos de ensinar e aprender. A súa luz ben pode afirmarse, como un membro do grupo soe dicir, que as TIC non *atravesan* as escolas porque

non hai proxecto sobre que facer con elas, non hai proxecto de escola, de formación... por iso non as atravesan, se instalan nelas.

Outros estudios –por exemplo o realizado pola Comisión Europea (2004), *Estudio de entornos innovadores de aprendizaje en la educación escolar* no marco da iniciativa e-learning (htto://www.elearningeuropa.info)- ten posto de manifesto cales son os factores considerados como determinantes no éxito o fracaso da incorporación das TIC nos procesos de ensino e aprendizaxe: a existencia dun proxecto institucional; a formación do profesorado; a disponibilidad de apoios, e a abundancia e diversidade de software educativo. E subraiamos, non un ou outro, senón todos xuntos.

O estudio por nos desenvolvido permite concluir que eses aspectos están escasamente contemplados no noso contexto. E non porque non haxa centros sen proxectos (sobre as TIC ou con elas como eixo transversal), que os hai; o porque non teña habido oportunidades de formación do profesorado; tampoco porque se careza estrictamente de apoios pois, ainda que insuficientes, os hai, ou non se dispoña de software educativo... senón porque non se atende debidamente ao conxunto destes factores.

Finalmente, a ninguén se lle ocurre poñer en dúbida hoxe o grande impacto das TIC no noso mundo. E seguramente é perceptible tamén o xogo de luces e sombras, promesas e realidades, que a súa omnipresenza posibilita, os seus lados positivos e os que non o son tanto (por exemplo, posibilidades de comunicación instantánea independente das distancias dos interlocutores, de solidaridade con causas xustas... xunto ao desenvolvemento do fraude, o terrorismos o a pornografía...). As oportunidades para coas TIC potenciar unha escola aberta ao mundo e colaborar para facer deste un lugar máis xusto, solidario, democrático... son enormes. Enorme é tamén a responsabilidade de traballar este doble xogo das TIC no eido educativo no só para non deixar aos nosos alumnos inermes fronte a elas senón para facilitar o "rearme crítico" dos futuros ciudadanos.

De modo que non só deberíamos preguntarnos que poden facer as TIC pola mellora da educación, das escolas e do profesorado e que está a suceder realmente coa súa incorporación ao día a día dos centros educativos, claros interrogantes do noso estudo, senón tamén que pode facer a educación, a escola e o profesorado por unha maior comprensión e transformación do mundo a través das TIC. Nelo estamos por entender que as TIC forman parte dese mandato máis amplo como educadores que é comprender e transformar o mundo no que tocounos vivir. Porque, nas verbas de Fullan (2002: 281), "si ha existido alguna vez una función social que tenga consecuencias para todo el género humano esa es la educación". A educación é a "forza do futuro". Mágoa que a miúdo estas máximas queden esquecidas.

Bibliografía

- Uns grupos de aula asumiron un total de 5 roles en relación ao tráfico: peón, ciclista, motorista, automovilista e xestor de tráfico. Isto significaba que debían buscar información que lles permitira estudiar os problemas do grupo no que estaban en relación ao resto para propoñer unha serie de reivindicacións.

- Para axudalos a coñecer a problemática dos grupos, preparamos unha páxina Web que lles permitía coñecer algúns deses aspectos directamente ou abrir outras páxinas Web ás que podían acceder vía a páxina creada e consultada.

Fig 13. Imaxe comezo da páxina de inicio de internet. Pode consultarse desde a páxina do centro (opción titoría).

Imaxe comezo da páxina de inicio de internet. Pode consultarse desde a páxina do centro (opción titoría).

Ademais deses accesos tamén se lles propuña que buscaran outras páxinas en internet e que tiveran interese ou relación co tema do grupo. Tamén se lles propuña consultar xornais para coñecer problemas de tráfico: accidentes ou colas de entrada/saída etc.

O traballo destes grupos debía rematar en:

- Preparar unha serie de preguntas a facerlle ao doctor Alberto Ulloa do Servizo de Traumatoloxía do Hospital Clínico de Santiago de Compostela que víu a darlles unha charla coloquio sobre tráfico e accidentes e que estivo especialmente interesante e participativa.

- Realizar un debate a partir das propostas e reivindicacións expostas polos membros de cada grupo. Deste xeito podían comprender que a problemática do tráfico é de todos e non hai un único punto de observación. Isto soe ser esquecido por todos, pero toma especial gravidade cando son os que máis poder teñen (por exemplo os automobilistas) non queren asumir os límites do seu poder.



Fig 14. Un intre da charla coloquio.

Tanto unha como a outra actividade tiveron unha participación do alumnado do grupo de titoría moi notábel. Tanto no coloquio da charla como no debate, presentaron datos, argumentaron en base a razonamentos non sempre coñecidos pero con certa solidez e que probaba que coñecían algo a problemática considerada polo correspondente grupo.

5.- Conclusións

Dunha parte, mostraron que os contextos vencellados coa educación vial, proporcionan situacións moi interesantes a traballar na aula de Matemática. Non só polo propio interese a nivel da formación integral do individuo nunha sociedade complexa. Tamén tiña aspectos dentro da propia Matemática educativa que resultan moi ricos para algunhas partes da Matemática e das que se mostraron detalles desta.

Por outra parte, analisando as formas nas que se poden empregar as TIC na aula, vemos que nos permiten:

- Intercambiar información.Chat, correo, videoconferencia.
- Recoller información. Internet, intranet.
- Operar e presentar Modelizar e deseñar. Planificación de tarefas e construcción de obxectos audiviosuais.
- Transmitir datos duns a outros programas, o que permitirá tratar información recollida de moitos lugares.
- Empregar a información usando novos formatos. Cálculo inmediato e permite recalcular de xeito instantáneo.
- Reproducir unha experiencia realizada. Ademais esta reproducción pode ser selectiva ou incompleta.
- Repetir e autocorrexir un número indefinido de veces.

Boa parte de todas estas posibilidades foi empregada nestas actividades de aula polo que quedamos satisfeitos da extensión e resultado do traballo realizado.

Por útlimo, a propia sesión de titoría, deu pé a traballar como un grupo máis consolidado e que sabe aproveitar o tempo da aula para formarse e informarse e comprobar que os problemas dun grupo na actual sociedade involucran ao resto na maior parte dos casos. Polo tanto unha actitude individualista dos membros dun grupo non será tolerada nin ten razón de ser nunha sociedade democrática que ten desenvolvido instrumentos de defensa dos dereitos dos outros colectivos.

PÁXINA WEB do Ies Pontepedriña de Santiago de Compostela
http://centros.edu.xunta.es/iespontepedrina

EMAIL: **lcachafeiro@edu.xunta.es**

"PONTE... NAS ONDAS", NOVAS E VELLAS TECNOLOXIAS AO SERVICIO DA INTERCULTURALIDADE

Xosé Manuel Cid
Xerardo Feijoo
Santiago Veloso

Ponte nas Ondas é unha experiencia pedagóxica que na súa orixe fomentaba a radio interescolar, co obxectivo de buscar elementos culturais transfronteirizos, e procurar pontes que eliminen as barreiras de comunicación que se construiron con estas fronteiras, tanto entre pobos veciños da raia galego-portuguesa, como entre pobos mais lonxanos, portadores de elementos culturais e lingüísticos semellantes.

A radio continua a ser o recurso educativo nuclear do proxecto, pero os seus protagonistas non dubidan en recurrir a procedementos mais clásicos ou ás tecnoloxías mais modernas, sempre que poidan contribuir al logro dos obxectivos educativos formulados.

É polo tanto unha experiencia que tenta superar a fenda dixital, dende o momento en que o uso das tecnoloxías non ten fin en si mesmo, nen está excluido do seu proxecto pedagóxico. Intégrase no proceso educativo de xeito natural no momento en que é necesario, e procúrase acceder a eses medios, ainda que non se conte con eles no propio centro educativo ou nas vivendas dos escolares. Intégrase no proxecto a outras institucións educativas e mesmo a colectivos sociais do mundo cultural-educativo ou da empresa privada.

Ponte nas Ondas ven abordando, con rigurosidade desde a súa orixe en 1995, non só a problemática da "fenda dixital", pois como centros rurais, periféricos nos respectivos sistemas educativos galego e portugués, contan con menos oportunidades de acceso ás tecnoloxías de información e das comunicacións, senon tamén outros aspectos da renovación pedagóxica, a miudo esquecidos nas prácticas educativas, como son o do traballo en equipo do profesorado, a conexión co entorno, a implicación nos procesos educativos doutras persoas e colectivos alleos á escola, como son as radios locais ou nacionais, os axentes culturais, as persoas maiores, os Concellos, ou a compañía Telefónica.

Nun proxecto educativo destas dimensións, as novas tecnoloxías non son só as relacionadas coa informática e internet, -que tamén están presentes- senon a radio, as tecnoloxías da imaxen, da producción musical, da exposición pública das realizacións escolares...

Todas elas están ao alcance de profesorado e alumnado, pero non só para o seu coñecemento técnico, senón ao servicio dos obxectivos educativos que se formulan por parte do colectivo de profesorado, se reformulan non claustros e consellos escolares, se revisan cos axentes sociais e culturais convidados a participar do proxecto pedagóxico, e se implementan nunha práctica educativo-social, con amplias implicacións da comunidade.

Por estas razóns consideramos que Ponte nas Ondas contribúe a este Congreso desde unha doble perspectiva: por unha parte, para dar conta dunha experiencia que tenta asumir os retos que formulan na educación as TICs; e por outra parte, reclamar o papel principal dos suxeitos da educación (persoas que se educan no contexto da escola e da comunidade) e papel auxiliar e complementario das tecnoloxías ao servicio desa educación.

Con esta perspectiva faremos un percorrido pola historia de Ponte nas Ondas, facendo especial fincapé nas accións desenvolvidas nos últimos anos, en apoio da Candidatura da Cultura Galego-Portuguesa para a proclamación como Obra Mestra por parte da UNESCO, que se decidirá o 25 de novembro de 2005. Actividade intensa que non ten como obxectivo final esa proclamación, senon como un proceso mais a desenvolver na nosa sociedade, para a toma de conciencia do valor que encerra a nosa cultura tradicional e da necesidade da súa incorporación nos procesos educativos e nos procesos de difusión e creación cultural.

1.- Orixe de ponte nas ondas

Ponte...nas Ondas é unha Asociación Cultural e pedagóxica que naceu no ano 1995 para introducir nas nosas escolas o mundo das novas tecnoloxías e os modernos medios de comunicación.

Partindo da existencia en moitos dos nosos centros de obradoiros de Radio Escolar e co gallo da inauguración da ponte que sobre o Río Miño estaba a piques de inaugurarse unindo as poboacións de Salvaterra e Monçao, a un grupo de profesores e profesoras de ámbalas dúas marxes ocurriusenos a idea de facer coincidir coa inauguración da infraestructura terrestre outra "ponte" inmaterial, virtual, que dándolle o protagonismo aos nosos alumnos e alumnas, unise tamén as dúas beiras do río. Nacía así a primeira Xornada de Radio Interescolar Ponte...nas Ondas que como é obvio xogaba coa polisemia da palabra ponte,reunindo o acto de "porse" maila construcción dunha "ponte" virtual.

Para levar a cabo este acontecemento contamos coas instalacións da radio comercial de Monçao chamada Ecos da Raia, cedidas desinteresadamente toda a xornada, e coa emisora escolar que, cos medios dos que dispuñamos nas escolas, montamos na Casa da Cultura de Salvaterra de Miño. A emisora monçanense seguiu ofrecéndonos a súa colaboración incondicional ao longo de tódolos anos que realizamos a nosa experiencia.

Contamos tamén dende o primeiro momento coa axuda desinteresada e mesmo entusiasta do equipo da sección de Marketing de Vigo da Compañía Telefónica de España, que nos brindaron sempre a súa axuda e a colaboración entusiasta, facendo posible a realización técnica da experiencia xa que, de non contar coa boa disposición desta compañía tería sido materialmente imposible conquerir as metas que nos marcaramos naquel ano e nos seguintes. Por isto a historia da nosa experiencia debe escomezar por un agradecemento sentido e necesario á antedita Compañía Telefónica.

Así escomenzou a aventura. 12 horas durou a nosa primeira emisión na que, quer dende o estudio de Salvaterra quer dende a Ecos da Raia de Monçao foron emitíndose ao ar os programas elaborados nas 15 escolas e institutos que participaron nesta primeira edición.

Perante todo día , liñas de teléfono atendidas por alumnos e alumnas nos dous estudios, a maiores dos programas radiofónicos emitidos, recolleron mais de cincocentas chamadas respondendo á pregunta ¿Que vas facer ti para mellorar as relacións entre os dous pobos?

Facendo un balanzo daquela xornada chegamos á conclusión de que ao longo de todo o día tivemos unha audiencia de entre 12 e 15 mil pequenos ouvintes co que a valoración daquela primeira experiencia non puido ser mai positiva.

O éxito impresionante acadado na primeira edición obrigounos a seguir adiante e no ano seguinte repetir a experiencia contando coa incorporación de mais escolas e institutos doutras bisbarras da Galiza e outros concellos de Portugal. Así continuou a historia do achegamento dos rapaces e rapazas galegos e miñotos á andaina da Radio Escolar.

Dada a importancia maior que cada ano ia adquirindo a nosa experiencia decidimos ampliala e que non fose só unha mera xornada anual de Radio Interescolar, senón que tivese unha certa proxección no curriculum escolar e un reflexo meirande na vida das escolas, e decidimos, a partires do ano 97 propor que cada nova edición se lle adicase a estudiar unha das vilas ou pobos do entorno raiano. Así, o ano 97 traballamos sobre Salvaterra de Miño, o 98 estudiamos Monçao, o ano 1999 foi para estudiar Arbo e Melgaço, co gallo da inauguración da nova ponte e por fin no 2000 chegoulle o turno a Tui e Valença do Miño. Como se ve seguiamos a ruta das pontes que hai enriba do río Miño

seguindo a nosa vocación de ser "outra" ponte mais a maiores das infraestructuras feitas sobre o río.

O equipo de organización suministraba ampla información sobre a localidade a estudiar e coela, en cada escola elexiase o motivo preferente, gastronomía,literatura, rotas turísticas, xeografía etc, para desarrollar cos alumnos e alumnas.

Ponte nas Ondas comezaba, deste xeito, un proxecto pedagóxico intercultural, cando este concepto ainda non estaba moi introducido na nosa literatura pedagóxica e menos ainda na práctica escolar. Respondía educativamente ao conflicto da incomunicación histórica entre pobos fronteirizos, provocada polo modelo de Estado-nación, o cal en realidades políticas autoritarias –como foran o Portugal de Salazar e a España de Franco – incrementa as súas connotaciones patrióticas e o distanciamiento con respecto a outros pobos e culturas. Realidades políticas que, a súa vez, reprimían as manifestacións interiores de diversidade cultural e lingüística. (Cid e outros, 2003

Nun contexto democrático non só procede eliminar as barreiras que impiden ou limitan esa comunicación, senon tamén é conveniente a realización de accións favorecedoras dunha maior cooperación e intercambio entre esos pobos limítrofes. A idea de comunicalos mediante unha ponte sobre o río, inspirou esta outra idea dunha "ponte nas ondas", que permitise esa outra comunicación cultural e educativa. Entre os obxectivos iniciais sinalábanse: fomentar as relacións entre grupos de alumnos dun lado e outro, intercambiar experiencias entre alumnos de ambalas marxes, realización conxunta de programas de radio..., contribuir a vencer estereotipos e clichés sobre ambolos dous pobos, fomentar o ensino multicultural, contribuir ao acercamento entre culturas próximas, etc. (Veloso, 1996:57).

Non só estamos ante a posta en marcha dunha experiencia de educación intercultural, senon que incluso estase constatando que estas culturas, a pesares de desenvolverse en contextos políticos diferentes , teñen moitos elementos comuns: poboacións rurais, con modos de vida semellantes, medio natural común, lingua semellante e patrimonio cultural inmaterial con moitos elementos compartidos. Tema éste que se presenta desde a octava edición, en 2002, como monográfico a abordar nas escolas participantes, tal como veremos logo.

2.- Introducción de novas tecnoloxías e novas emisoras para extender xeográficamente a experiencia

Pero, antes de seguir, temos que facer referencia ao ano 1998 porque marcou un punto de inflexión na nosa experiencia conferíndolle unha nova dimensión.

Sendo conscientes de que as limitacións físicas da transmisión radiofónica terrestre supuñan unha eiva moi grande porque impedían a nosa proxección mais aló do territorio onde nos era posible chegar físicamente coas ondas de radio, desarrollamos a idea de emitir a nosa programación a través de Internet cousa que nos permitiría abrir a nosa experiencia ¡a todo o mundo!

E así lanzamos a nosa proposta a través da Web. Creamos unha páxina co noso nome www.pontenasondas.org e emitimos ese ano todo a programación a través dela. Seguían sendo 12 horas, pero agora ademais das emisións convencionais de radio emitiamos tamén por Internet.

Foron moitos os centros que nos coñeceron a través deste sistema que, xunto ao correo-e permitiunos entrar en contacto con escolas de moitas partes do mundo,sendo escolas de Cáceres (o IES Gregorio Marañón de Caminomorisco), de Braga, (as Escolas do Nascente do Este de Gualtar) e dous institutos galegos (un de Sarria e o IES A Xunqueira de Pontevedra) os primeiros que nos confirmaron a audición da programacion a través da Rede. Este feito abriunos grandes posibilidades de contacto con sitios que de ningunha outra maneira seriamos quen de telos feito e deunos a posibilidade de abrir a nosa experiencia a moitas partes do mundo.

No ano 98 abrimos unha vía que nos daría bazas moi importantes nos anos vindeiros. Esta nova canle foi a conexión en directo que realizamos dende os estudios de Salvaterra coa periodista Julia Otero, que naquel intre dirixía e presentaba o programa "La Radio de Julia", lider de audiencia na súa franxa horaria. Durante os dez minutos que durou a conexión, Ponte....nas Ondas escoitouse a través da emisión de Onda Cero en todo o Estado Español o que foi considerado como un respaldo moi importante para a nosa labor e un acicate mais, se cabe, para os nosos alumnos e alumnas, ao saberen que grandes estrelas da radio profesional respaldaban e recoñecían o noso traballo e o deles mesmos.

O ano 1999 e o 2000 consolidáronse como dous anos de gran crecemento da experiencia, non só no aspecto numérico de escolas participantes que non deixaba de medrar ano a ano, senon tamén no aspecto técnico pois neses anos produciuse a entrada na nosa experiencia de dúas radios profesionais mais que foron a "Radio Ines Negra", de Melgaço e a "Radio Municipal" de Tui constituíndose esta última dende entón nun bastión técnico e humano imprescindible para nós ano tras ano.

A nómina de periodistas famosos cos que tivemos contacto medrou tamén e novamente outra vez contactamos con Julia Otero, e nos anos seguintes falamos con Iñaki Gabilondo e Genma Nierga da Cadena SER, e con Diamantino Jose, da Antena 1 de Lisboa, todos eles periodistas radiofónicos de grande sona nos seus respectivos paises.

Tamén a nosa experiencia escomenzou a chegar a sobranceiros personaxes da música e da cultura que gavaban o noso traballo e nos animaban a continualo,

mesmo participando nos nosos programas e colaborando con nós nos nosos proxectos. Mención destacada neste campo merecen os cantantes Joao Afonso e Uxía Senlle que sempre estiveron atrás da nosa experiencia co seu apoio mais entusiasta e mesmo no ano 2000 grabaron conxuntamente un tema en exclusiva para Ponte...nas Ondas, que foi estreado na programación daquel ano. Ao longo dos anos poderiamos citar artistas da talla de Mercedes Peón, Dulce Pontes, Caetano Veloso, Chico Cesar, Filipa Pais, Milladoiro, Manu Chao, Pinto D´Herbón, Fausto, Daniela Mercury, Fuxan os ventos, Gaiteiros de Lisboa, Treixadura, Xistra de Coruxo, Cabaquiños de Lovelhe.... Como vemos o mais granado da música galega e portuguesa tivo nalgún intre relacións con Ponte...nas Ondas ao longo distes anos.

3.- Afondando na realidade intercultural e no contacto coa propia tradición

A nosa experiencia deu un novo salto cara adiante e mesmo un xiro radical no ano 2001. Conscientes de que o modelo de adicar cada edición do noso programa a unha localidade fronteiriza tiña fecha de caducidade ademais de ser un pouco reiterativa e estar caendo na monotonía, un dos socios da nosa Asociación que, ao mesmo tempo pertence á Rede de Escolas Asociadas da Unesco, propuxo cambiar e adicarlle a edición daquel ano a un programa que esta entidade da ONU tiña aberto que era "A Ruta dos Esclavos". A proposta causou desconcerto e certo debate na Asociación pero unha vez que se aceptou e nos puxemos ao traballo profundizouse moito no tema da esclavitude, dende o punto de vista histórico e dende o punto de vista moderno da esclavitude infantil e xuvenil e sairon traballos de moi fondo calado e moita importancia para a nosa actividade. A Ruta dos Esclavos reafirmou a estructura triangular entre centros de Europa, América e África e axudou na sensibilización da Comunidade Educativa da necesidade de intercomunicación e da solidaridade entre iniciativas e proxectos que podemos compartir a través da nosa experiencia.

Dende o punto de vista técnico temos que salientar un feito moi importante acaecido nesta edición do 2001. Escomenzou a colaboración de Ponte ...nas Ondas coa Radio Galega, que se traduciu en que esta emisora presta equipos e mesmo dispón persoal para facer a emisión radiofónica e incluso emitirá ao longo dos anos parte das nosas programacións, sendo á vez unha ponte de conexión moi importante con outro tipo de institucións.

Á vista do éxito tido con esta iniciativa, no ano 2002 voltamos a ollar cara as propostas UNESCO buscando nelas un punto de inspiración que nos dera unha pista para encarar o noso traballo de ese ano. Este organismo educativo ten un programa de protección de monumentos para declaralos Patrimonio da Humanidade con altísima repercusión en todo o mundo. Na Galiza están así considerados as murallas de Lugo, o Camiño de Santiago e o casco histórico de

Compostela ...pero tamén ten outro que se achegaba mais ao noso traballo que é o de Declaración como Patrimonio da Humanidade de feitos do Patrimonio Cultural, Oral e Inmaterial. Neste eido,no Estado Español só ten esta consideración O Misteri de Elxe.

A UNESCO entende como Patrimonio Cultural Inmaterial "as práticas, representacións e expresións, os coñecementos e saberes que as comunidades e os grupos e, en certos casos, os individuos, recoñecen como parte integrante do seu patrimonio cultural"

Dende a primeira das nosas edicións, unha das inquedanzas que nos moveu foi o achegar entre sí duas realidades moi próximas, nacidas dun tronco común, pero que durante séculos permaneceron moi alleadas. A nosa práctica anterior nos indicaba que nos dous pobos, o galego e o portugués, había un sustrato cultural que permanecera vivo pero que, polos cambios que conleva a vida moderna están a piques de desparecer moios deles.

De aí naceu a proposta para tratar ese ano o patrimonio oral e inmaterial galego-portugués nas nosas escolas e institutos e expolo todo no gran escaparate que é a Xornada de Radio Interescolar. A proposta tivo unha grande difusión en todas as escolas participantes. Cada centro elexiu un apartado específico do patrimonio e todos nos puxemos a traballar.

Nese ano realizáronse nas escolas exposicións, murais, recolleitas de adiviñas, xogos tradicionais, recetas de meiciña tradicional.... e un amplo abano de actividades todas realizadas co gallo da nosa proposta. Da profundidade dos traballos realizados e diante da seriedade con que tódolos compoñentes da nosa Asociación tomaron o traballo analizamos, debatimos e tomamos por fin a decisión como Asociación Cultural e Pedagóxica Ponte...nas Ondas! de iniciar os trámites para presentar diante da UNESCO a candidatura Galego-Portuguesa, para que este organismo declare o patrimonio cultural común desas dúas nacións como Obra Mestra da Humanidade. A complexidade da tarefa fixo que se acometese a tres anos vista do final do plazo, fixado entón a finais de setembro do 2004 para poder optar á declaración que tería lugar en xullo de 2005. A partires dese intre escomenzamos a traballar coa vista posta nese horizonte.

A edición do 2002 rexistrou a incorporación á nosa programación da Emisora ECCA de Vigo o que nos permitiu alongar o noso "espacio aéreo" e chegar ata esa importante cidade aumentando así a nosa audiencia potencial.

Dende este ano 2002 e para reforzar o traballo "teórico" arredor do patrimonio immaterial, tratamos de completar esa proposta con actividades variadas, algunhas das cales xa relatamos mais arriba. Falar de todas é un feito imposible xa que moitas delas leváronse a cabo nas nosas escolas e enriqueceron a vida e o coñecemento dos nosos alumnos e alumnas. Pero outras actividades que realizamos tiveron un carácter mais xeral xa que estiveron abertas a todo o

mundo e mesmo tiveron unha grande repercusión. Falamos dos Festivais da Oralidade que organizamos, un cada ano dende o 2002.

Coa idea de traballar a oralidade dende o aspecto práctico e co gallo de mostrar as potencialidades das nosa cultura galego-portuguesa organizamos a I Mostra da Oralidade no teatro Caixanovade Vigo cun elenco impresionante de artistas . Para facelo constar neste que quere ser un pequeño rexistro histórico da nosa actividade poderemos relacionalo así:

Nome da actividade: I Mostra da Oralidade Galego Portuguesa

Lugar de Celebración: Teatro Caixanova de Vigo

Presentadores:José Font e Beti Rey

Artistas participantes: Grupo de Concertinas do Alto Miño, Malvela, Grupo Río, Os cavaquinhos de Lovelhe; Xistra de Coruxo; Uxía Senlle; Susana Seivane; Guadi Galego; Uxía Pedreira; Mercedes Peón; Paula Carballeira; Mini e Mero; Pancho Álvarez; Augusto Canario; Luis Caruncho; Pinto D´Herbón; Alberto Mbundi.

Tivo lugar o 13 de abril de 2003

O ano 2003 seguimos traballando o patrimonio común pero foi o curso onde se produciu o feito tremendo do fundimento do petroleiro Prestige, ó que a nosa Asociación non podía permanecer alleo, e así, para buscar de xuntar as dúas propostas, adicámoslle esa edición ao Patrimonio Inmaterial Marítimo, Galego-Portugués.

Para introducir o tema convocamos unha xeira de conferencias na que expertos das duas beiras do Miño nos informaron e ilustraron sobor do tema, para con esa información levada ás nosa escolas desarrollar cos alumnos e alumnas o apartado elexido en cada caso.

A riqueza e variedade dos traballos que se fixeron deixa traslucir a importancia e o interese que existía sobre o tema, como mostra referenciaremos algúns dos títulos dos programas que se emitiron o día da Xornada Radiofónica: Unha escola no fondo do mar, O mar non está lonxe, Pesca nas ondas, Contamos co mar....etc.

Pero outro feito importantísimo ocurriu neste ano 2003.

Dende os noso comenzos e como xa explicamos antes, o noso campo de acción circunscribiase tanto na Galiza como en Portugal ás escolas e aos institutos, polo que abarcabamos unha franxas etarias dende os cinco anos dos cativos de Educación Infantil ata os dezaseis ou dezasete dos alumnos e alumnas do antiguo COU e do moderno Bacharelato ou dos Ciclos Formativos do Ensino Profesional. Era a nosa intención pechar o círculo de toda a franxa de estudios e para eso tiñamos que entrar na Universidade.

Escomenzamos os contactos coa Universidade de Vigo, con profesores, alumnos e alumnas dos Campus de Ourense e Pontevedra e a acollida foi entusiasta. A Facultade de Ciencias da Educación de Ourense incorporouse ás nosas actividades, participando o propio Decano nas reunións de Ponte nas Ondas. Dende este ano, os alumnos de Educación Social se encargaron de facer toda a programación nocturna do Ponte...nas Ondas, dende as cero horas ata as 10 da mañá do día seguinte. En algunha edición tamén colaboraron de Filoloxía Galega de Vigo e Ciencias Sociais de Pontevedra. Non só pechabamos o círculo do ensino, como antes mencionamos senón que tamén pechabamos o horario xa que logo por primeira vez na historia o noso programa de Radio Interescolar duraba ¡24 horas!. Algunhas alumnas portuguesas de Erasmus ou de programas de Doutoramento levaban novas da experiencia a distintas Universidades portuguesas. Especialmente importante foi a colaboración de escolas de Chaves, Montalegre e Santarém, así como aportacións artísticas en CD, por teléfono ou en directo, da fadista Celia Barroca e do Grupo Traiano, entre outros.

Seguindo co costume que introducíramos o ano 2002 patrocinamos a realización da II Mostra da Oralidade que resumimos así:

Nome da actividade: Concerto Mar da Oralidade

Lugar de Celebración: Pavillón do Berbés de Vigo, día 9 de maio de 2003.

Presentador: Xurxo Souto

Artistas participantes: Quempallou; Retrincos; Lugnasad; Na Virada; Puta Miseria; Ronda; Batuko Tabanka; Renato Spencer; Forró Brasil; Alberto Mbundi

Ponte nas Ondas tivo sempre unha connotación de interculturalidade, aproximando aos pobos galegos e portugueses, lindantes xeográficamente, mais distantes en interaccións e intercambios. Pero con esta nova dimensión da experiencia, o interculturalismo pasa a ser un principio fundamental, tal como o conciben diversos autores, agora que xa é obxecto de moitas análises e experiencias educativas. Compartimos o concepto que defende Sales i Ciges, (1998:274): "interacción dialógica entre culturas, en un clima democrático que defiende el derecho a la diversidad en el marco de la igualdad de oportunidades, flexibilizando los modelos culturales que se transmiten en la escuela".

Ponte... nas Ondas foise aproximando a esta concepción de educación intercultural. En primeiro lugar, ampliando o número de países participantes, que a través de internet, ou de conexións telefónicas, realizan a sua programación radiofónica co mesmo obxectivo xeral de comunicar pobos e culturas (nas últimas edicións, países de África e América). Ao redor do tema que protagonizou as edicións octava e novena, recomendabase especialmente aos participantes mostrar elementos do patrimonio inmaterial dos diferentes países de expresión

galego-portuguesa (Galicia, Portugal, Brasil, Cabo Verde, Guiné-Bissau Angola, Mozambique e outros nos que a emigración galega ou portuguesa tivese colectivos importantes, como é o caso de Arxentina que se comunicou tamén na novena edición de Ponte nas Ondas, describindo a súa experiencia a través de 150 emisoras agrupadas na Asociación Internacional de Radios Escolares). E, en segundo lugar, respondendo, cada vez máis, ao concepto elaborado a partires dos traballos de Aguado Odina (1996) e os de Sales i Ciges (1998), e outros que se poden agrupar no mesmo paradigma sociocrítico: educación, dirixida a toda a poboación, non pensada específicamente para os grupos de culturas minoritarias ou colectivos inmigrantes en situación de conflicto social, desde o convencimento de que a formación dunha conciencia intercultural é unha cuestión de educación social da cidadanía no seu conxunto e non so de aquelas persoas ou grupos que padecen en maior medida a inexistencia de este tipo de educación. Trátase dunha educación orientada á transformación social.

Esta última idea ten a súa máxima expresión na edición de 2003, ao ter como tema monográfico a cultura inmaterial relacionada co mar. Os máis de cincuenta programas elaborados abordaron a tradición oral relacionada co mar, pero non puido obviarse o presente dos pobos mariñeiros, teñido por unha ampla marea negra, non só de tipo físico senon tamén de tintes político-sociais. Tampouco foi allea a creatividade infantil ao fenómeno migratorio, tanto dos galegos e portugueses que embarcaron sin rumbo fixo desde os distintos portos de mar, como polo numeroso colectivo de inmigrantes que chegan de manera legal ou ilegal ás nosas costas. O expoñente máis visible da experiencia intercultural, vivida en Ponte... nas Ondas deste año, foi a participación, no festival nocturno, de Batuko Tabanka, un grupo de música popular composto por un colectivo de caboverdianas residentes na localidade luguesa de Burela. O seu nivel de integración na sociedade galega reflexase na súa participación nas eleccións, formando parte incluso de alguna candidatura ao Concello.

4.- Dez anos da experiencia: primeiros recoñecementos internacionalis

O ano 2004 foi unha edición especialmente importante. Considerando que xa podemos pensar que a experiencia está plenamente consolidada e convertida nun referente de actividade circunescolar importantísima non só en Galiza e Portugal senón no resto do Estado español tamén, este ano producíronse varios feitos trascendentais para a nosa experiencia: seguimos adiante coa presentacion da candidatura, inauguramos a exposición dos 10 anos de Ponte...nas Ondas, e produciuse a declaración do EBLUL.

No tocante á candidatura a traxectoria marcada anteriormente seguiu os seus pasos, que nos levaron á grande data do 31 de setembro de 2004 día no que representantes da nosa asociación xunto con responsables dos gobernos español e portugués presentaron en París diante da UNESCO o texto elaborado por

expertos etnógrafos galegos e portugueses. Sen pecar de fachendosos pensamos que esta data quedará como un fito importantísimo non só na historia da nosa Asociación senon que tamén terá un antes e un despois nas relacións entre os pobos galego e portugués.

O EBLUL (European Bureau For Lesser Used Languages) é un organismo consultivo da Unión Europea e da UNESCO que se encarga de estudiar e defender as lingoas minoritarias. Na reunión do ano 2004, que tivo lugar en Flesbourg, Alemania, unha responsable de Ponte...nas Ondas foi representando á nosa Asociación para presentar a nosa experiencia. Dentro deste organismo reúnense representantes de moitos dos paises europeos decidindo todos, no Plenario do EBLUL, que a nosa experiencia era merecedora do maior recoñecemento como experiencia innovadora e que axuda á consolidación e desenrolo da nosa lingoa.

A seguinte actividade importante que fixemos este ano 2004 foi a exposición conmemorativa dos 10 anos de vida do Ponte...nas Ondas.

Efectivamente lonxe queda xa aquel 29 de marzo de 1995 ano no que, como contamos mais arriba puxemos en marcha con mais ilusión que medios a I Xornada de Radio Interescolar. Esta data non podía quedar sin a súa correspondente celebración e así un equipo de compañeiros e compañeiras da Asociación puxéronse a traballar arreo para bucear na maraña de materiais que se foron acumulando, de xeito moitas veces caótico, ao longo de todo este tempo e o resultado final foi unha magna exposición que trata de resumir o que foi este organismo vivo, cheo de impulso e corazón que é Ponte nas Ondas.

A exposición inaugurouse o día 4 de maio no Verbum, Museo da Palabra de Vigo, percorrendo a continuación vilas e cidades da Galiza e de Portugal, como Vilanova de Cerveira, O Porriño, Salvaterra de Miño, Ourense, Allariz, (especialmente significativo por ser acollida na casa da Fundación Risco), Monforte ou Silleda onde estamos agora, tendo en todas estas localidades un grande número de visitas.

Un dos contactos exteriores dos que nos sentimos mais orgullosos, produciuse este ano. Xa comentamos mais arriba que o grupo dos artistas cos que tiñamos relacións era moi grande, e xa no ano 2002 coñeceramos ao cantante e músico Brasileiro Chico Cesar. Este informáranos de que alá no Paraiba, Estado do que el é oriundo, na súa cidade, Catolé do Rocha, estaba a levar a cabo unha interesante labor social consistente na creación dun Instituto Cultural chamado Casa do Beradero, no que ducias de rapaces e de rapazas desa vila aprendía música. A idea pareceunos moi salientabel e interesante e no ano 2004 decidimos traer acá un grupo de alumnos e alumnas para que coñeceran a nosa experiencia e nos deleitaran coa súa música e convivencia. Así foi. Un grupo composto por 18 alumnos e alumnas, un profesor e unha profesora, desplazáronse ata a Galiza e Portugal e estiveron con nós ao longo de duas semanas. Era a Orquestra "Gente que Encanta". O nome non poido ser mais axeitado á realidade porque lugar que

visitaban, sitio no que conquistaban a todo o mundo co seu encanto persoal e o seu bonfacer musical. Cando marcharon, despois de convivir con nós e de contarnos cales eran os seus problemas alá, sentimos que tiñamos que facer algo e decidimos, despois de propolo e de que a Asamblea da nosa Asociación así o aceptara, iniciar os contactos para establecer un programa de cooperación tanto co Instituto Beradero como co Proxecto Amatreco de Río de Janeiro co que tamén nos unen lazos de afecto e traballo conxunto.

Neste curso tamén realizamos a Mostra da Oralidade que xa alcanzou a súa terceira edición . Podémola resumir así:

Nome da actividade: Mostra da Oralidade Galego Portuguesa.Do Miño?...Minhoteiro

Lugar de Celebración: Teatro Principal de Pontevedra, 9 de maio de 2004

Artistas participantes: Gaiteiros de Xistra de Coruxo; Cantares do Minho; Luís E. "O Caruncho"; María Xosé López; Paco Martínez Barreiro

Como se pode observar a lista de artístas é sobranceira e podemos decir que estas actividades constituiron un rotundo e sonoro éxito nas tres edicións.

As nosas colaboracións con músicos, e artistas en xeral, sempre foron fluidas e conquerimos colaboracións cos nosos proxectos na meirande parte das veces de xeito totalmente altruista e desinteresado. Tal é o caso do tema que gravaron para nós simultaneamente o grupo Treixadura da Galiza e os Gaiteiros de Lisboa de Portugal.

No ano 2005 a XI edición de Ponte...nas Ondas estivo marcada, como non podía ser doutro xeito pola presentación da candidatura diante da UNESCO, os traballos que isto trouxo apareados e polo desenrolo normal do traballo nas escolas e institutos e da IX Xornada de Radio Interescolar que tivo lugar o día seis de maio.

No tocante á candidatura, no mes de febreiro o comité que valora os diversos dossiers de tódalas candidaturas do mundo que se presentan para conquerir o recoñecemento do organismo internacional da educación, dirixiuse á nosa Asociación para reclamarnos, quer correccións, quer ampliacións no documento ou dossier que presentaramos no mes de setembro en París. Novamente, traballando contra o reloxio, adicámonos un grupo de integrantes da Asociación apoiados polo traballo especializado dos profesores Reboredo e Campelo a redactar de novo o dossier coas engádegas que a UNESCO nos solicitou, rematando estes traballos para poderen ser presentados en París no prazo requerido. O organismo da ONU fará públicos os resultados e proclamará Obras Mestras da Humanidade no mes de novembro.

Tamén neste curso conquerimos levar a cabo unha das arelas mais vellas que tiñamos como era a edición dunha publicación que permitira a difusión masiva

das ideas e os contidos da Candidatura. Por fin logramos este vello obxectivo e no mes de maio saian do prelo 3000 exemplares dunha revista na que resumimos tódolas informacións sobre o noso proxecto. Na revista explícase pormenorizadamente cales son os contidos do dossier dividido no que chamamos os cinco campos nos que repartimos o tema:

1.- Tradición oral asociada ás actividades agro-marítimas e fluviais.

2.- Tradición oral asociada ás actividades agrarias.

3.- Saberes de transmisión oral relacionados cos procesos artesanais e cos oficios tradicionais

4.- Universo festivo, lúdico e de lecer.

5.- Literatura de tradición oral.

Neste curso presentamos a páxina web da candidatura, www.opatrimonio.org para divulgar tamén na rede este acontecemento. Ao mesmo tempo encetamos roldas de presentación da candidatura diante de centros de ensino, concellos galegos e portugueses, institucións políticas de ámbalas duas marxes do Miño así coma asociacións de todo tipo, ofertando a posibilidade de constituirse en entidades promotoras ás institucións e asociacións que así o desexaran. Este chamamento tivo un grandísimo eco e a día de hoxe concretaron o seu apoio oficial posicionándose como Entidades Promotoras o seguinte número de entidades:

Escolas e Institutos.....	69
Concellos Galegos e Cámaras Portuguesas.....	19
Instirucións Oficiais.....	18
Asociacións diversas	29

Todos estes datos, así como novas incorporacións, están ao dispor de todo o mundo na páxina web da candidatura.

Os materiais que elaboraramos para a Exposición do X aniversario da nosa Asociación, foron un reclamo importántísimo, xa que a repercusión mediática que acadou no seu intre fixo que as solicitudes para que achegáramos estes traballos foran moitas e variadas. Así, neste curso presentamos a exposición nos seguintes lugares: Facultade de Humanidades do campus de Ourense, Fundación Vicente Risco de Allariz, Casa das Campás de Pontevedra, Asamblea das Escolas UNESCO de España realizada en Pontevedra, VII Encontro de Embarcacións Tradicionais en Cambados e I Mostra de Barcas do Río en Monforte de Lemos.

As actividades propias da XI de Ponte...nas Ondas edición comenzaron os días 29 e 30 de abril coa celebración da IV Mostra da Oralidade que este ano tivo lugar en Paredes de Coura e alén de conter o IV Festival da Oralidade foi mais

concebido como unhas xornadas completas de apoio á Candidatura. Ao longo dos dous días desenroláronse xogos tradicionais infantís, unha demostración de construccións de maios galegos e de maias portuguesas, diversas exposicións e conferencias, proxeccións de películas, un serán tradicional do norte de Portugal e, como xa dixemos, a IV Mostra da Oralidade que corresponde a esta ficha:

Nome da actividade: Mostra da Oralidade Galaico Portuguesa

Lugar de Celebración: Praza maior de Paredes de Coura, 30 de abril de 2005

Artistas participantes: Luís Portugal; Grupo de Pandereteiros Eiravella; Escola de Concertinas da Ass. de Moselos, Paredes de Coura

O día 6 de maio foi o gran día da XI Xornada de Radio Interescolar Ponte...nas Ondas. Alumnos e alumnas 52 escolas, institutos e universidades galegas, portuguesas, cubanas e brasileiras participaron realizando os seus programas, e como ouvintes dende a súas casas, no que constitue xa a estas alturas unha das experiencias pedagóxicas mais importantes do estado tanto polo número de escolas e rapaces e rapazas que envolve, coma calidade e variedade da propria experiencia. Pois así, repartidos nos nove estudios de radio cos que contou a rede que montamos este ano, a nosa programación abarcou 24 horas de radio.

A estratexia foi a mesma de anos anteriores. Cada escola, instituto ou os alumnos e alumnas da universidade escollen ao principio do segundo trimestre do curso, o tema que desexen traballar, relacionado con algún aspecto do Patrimonio Oral e Immaterial que nós simbolizamos nunha árbore coas súas polas adicadas cada unha a un aspecto patrimonial. Así estudáronse e elaboráronse materiais sobre os curros, cantigas tradicionais, entroido, oficios, contos refráns...etc que despois o día da emisión se traduciron nos programas radiofónicos que adoptando tódolos formatos da radio convencional (debates, entrevistas, enquisas...etc) saltaron ao ar para ledicia de todos.

Este ano a rede de emisoras participantes na nosa experiencia medrou, xa que ás que xa son tradicionais na nosa programación xuntouse a emisora Radio Montealegre o que permitiu que os nosos programas se vaian extendendo pola "raia seca" e vaian ultrapasando a demarcación territorial na que nos movemos ata de agora.

Os estudios de radio integrantes da rede terrestre este ano foron:

- Rádio Ecos da Raia de Monçao.
- Rádio Ines Negra de Melgaço.
- Rádio Cultural de Vilanova de Cerveira.
- Rádio Montealegre
- Radio Municipal de Tui.

- Radio ECCA de Vigo.
- Radio Allariz.
- Emisora Escolar Casa da Cultura de Salvaterra de Miño.
- CMHW La Reina Radial del Centro de Cuba.

A maiores, a nosa emisión puido seguirse a través de INTERNET en calquera parte do mundo.

As 24 horas de radio son a culminación dun traballo más permanente nos centros educativos, no que se implicaron, durante moitas horas de horario lectivo e non lectivo, moitos profesores, escolares, familiares e outras persoas da comunidade, convertidas en axentes culturais transmisores da cultura popular. Entre os programas universitarios da noite temos que salientar o que nos trasladou a Cambedo da Raia, con testemuñas dos vecinos do pobo de Cambedo sobre os refuxiados galegos da guerra do 36, (Varios, 2004), símbolo do máximo grao de colaboración entre galegos e portugueses en tempos difíciles. Tamén se fixeron estudios importantes doutros acontecementos singulares dos pobos limítrofes da raia seca, sempre inspirados pola literatura de Ferrín ou Vento da Cruz, e polas investigacións de Luis García Mañá (1988; 2000).

5.- Un curso moi longo: sacando lustre á nosa cultura común para ser merecente da distinción de obra maestra

O noso compromiso coa candidatura por nós impulsada e defendida contra vento e marea, fixo que nos plantexaramos a posibilidade de organizar un gran encontro do patrimonio no que se resumiran e visualizaran algúns dos aspectos deste que candidatamos a patrimonio mundial. Así, colaboramos na organización dunha xornadas tituladas "GALIZA E NORTE DE PORTUGAL:1 PATRIMONIO PARA O FUTURO"

que tiveron lugar na localidade de Melgaço o 3, 4 e 5 de xuño. En diferentes lugares da vila portuguesa recreáronse ambentes que fixeron posibel que durante ese fin de semán o patrimonio tradicional fora visionado polas xeracións de galegos e portugueses que o viviron hai anos e que fora descuberto polos mozos e mozas mais novos para os que esta experiencia non forma parte da súa vida cotiá. Exposiciós de barcas do río, do mar, proxeccións de documentais sobre artes e oficios, demostracións ao vivo de oficios tradicionais: cesteiros, canteiros, selleiros, palilleiras, ferreiros, oleiros..., xogos tradicionais infantís e xuvenís, expuxéronse maios e maias tradicionais, nos restaurantes da vila e ao longo de todo o fin de semana ofertáronse comidas tradicionais da zona, instalouse un polveiro galego na vila e celebráronse diversos debates e reunións sobre o estado de conservación do patrimonio e a pertinencia do seu mantemento. Tamén se celebraron dous importantísimos festivais chamados "Festival da tradición oral".

O primeiro destes festivais o que se celebrou o venres 3, estivo agrupado polo que no dossier da candidatura ben recollido como o ciclo festivo e tivo os seguintes contidos:

- Os romances de cego: Mini e Mero do grupo A Quenlla.
- Os cantores beiroes: María Xosé e Alafun
- As regueifas galegas: Luís Caruncho e Augusto Canario
- As melodías ao norte do Miño: Gaiteiros de Xistra
- Os gaiteiros: Os Terribles de Donas
- As melodías a sul do Minho: Cantares do Minho
- As melodías do Miño: Galiza-Portugal.

O segundo festival dos celebrados en Melgaço tivo lugar o sábado 4 e agrupouse baixo o nome de "Os ciclos do ano, da vida e do traballo" e tivo as seguintes compoñentes:

- O natal: Cantos de reis e janeiras: Galiza e Portugal
- O entroido: O folion e os boteiros de Vilariño de Conso
- A cuaresma: A serraçao da vella de Afife
- Os maios: Os maios de Ourense.
- As festas: Os gaiteiros de Gave, Melgaço
- Os bailes: Rusga de San Vicente de Braga
- Os xogos: A roliña de Vilar de Cabeiras, Arbo
- A voda: Regueifa da Voda de Santa Comba
- Os traballos: O liño de San Pedro do Sul e o millo de Mondariz
- Os seráns: Cantos de pandeiro de Soutomaior, Cantos de adufe de Tras-os-montes
- As danzas: O rancho de Guláns, Pontearease osPauliteiros de Miranda do Douro

Como se ve estas foron unhas xornadas de grandísima trascendencia como así o acredita a gran cantidade de público que asistiu a cada un destes acontecementos e a gran repercusión mediática que tivo tanto na prensa e na televisión galega como nas publicacións portuguesas.

A última das actividades na que a nosa asociación estivo embarcada neste curso esomenzou con unha idea que bulía nas nosas cabezas dende fai anos pero

que non poidemos concretizar ata este curso e ainda a finais del está en plena "construcción". Trátase do proxecto "Meniños cantores"

Dende o ano 2001 que escomenzaramos os nosos proxectos de estudio do Patimonio Oral e Immaterial, démonos conta de que no campo da música tiñamos un grandísimo terreo no que traballar, e así o entenderon moitas das nosas escolas, que ao longo dos anos escolleron este tema para desarrolar as propostas de Ponte...nas Ondas. O noso reto e o gran desafío que acometemos neste curso foi reunir, editar e gravar un CD no que se contiveran algúns destes traballos elaborados e cantados nas escolas galegas e portuguesas.

O proxecto pasou por moitas dificultades, polo dificil de organizalo e, fundamentalmente, polo seu custe económico que facía que as posibilidades da nosa asociación se visen desbordadas e que fose preciso buscar recursos alleos, o que retrasou moito e, ás veces puxo en serio perigo o proxecto. Nembargantes con tesón e traballo fumos conseguindo que 15 escolas e institutos galegos e portugueses se involucraran na gravación e nos estudios de Casa de Tolos en Gondomarao longo de todo este curso foron realizando este estupendo traballo. A edición deste material estará composto polos seguintes elementos:

APOIO Á DECLARACIÓN DO PATRIMONIO ORAL E INMATERIAL

Cincocentos nenos gravan un vídeo-clip sobre a tradición musical galego-portuguesa

Un día moi importante para a vida de este proxecto de Meniños Cantores foi o día do mes de xuño no que reunimos a cincocentos rapaces e rapazas portugueses e galegos no alto da ponte de Tui e alí, mediante cámaras a pé, en barca polo río e ata nun helicóptero procedeuse a gravar os materiais que despois, unha vez editado e montado convenientemente comporán o video clip que formará parte, como xa dixemos mais arriba dos materiais que integrarán a edición de Meniños Cantores.

O resultado final, previsto para o mes de xuño, vai ser plasmado nun DISCO-LIBRO cun soporte audiovisual que terá as seguintes características:

- Un CD con:

- 32 cancións
- Unha pista interactiva con fotos, letras e partituras.
- Un documental sobre as nosas culturas e costumes, os lugares de procedencia dos temas musicais, a vila onde está o colexio ou instituto, sobre o centro

educativo, etc, narrado, en moitos casos, polos propios protagonistas: os/as nenos/as.

- Uns vídeoclips do proceso da gravación de cada un dos centros.
- Un making off de cómo se fixo o traballo.
- Karaokes dos temas do disco, con voz e con só a música.
- Fotografías dos lugares de procedencia, o centro, os grupos de alumnos, ensaios, gravacións, etc.
- Textos dos temas e referencias a súa orixe, tradicional ou de creación, contexto, xénero, estilo, etc.

Neste traballo están a colaborar músicos e artistas de Galicia e do Norte de Portugal.

A nosa Asociación, como promotora principal da Candidatura está a facer un grande labor de espallamento e difusión desta para conquerir que o coñecemento dela chegue á meirande cantida de xente posible. Para elo estivo presente en variados acontecementos que teñen lugar ao longo do país durante a primavera e o verán. Entre estes actospodemos salientar a presencia en sendos estands no VII encontro de Embarcacións Tradicionais celebrado en Cambados e o I Encontro de Barcas Tradicionais do Río tido lugar en Monforte de Lemos.

Pero o ámbito xeográfico de influenza da nosa candidatura, non só se circuscribe á Galiza e Portugal senón que, dada a potencia da propia cultura esta foi irradiada en tempos históricos aos lugares próximos. Esta característica que xa remarcamos como sobranceira no dossier apresentado en París, fai que esteamos interesados en presentar a nosa iniciativa nestes lugares nos que a nosa cultura forma parte inequívocamente do acervo popular. Esto lévanos a que imos representar e apresentar a Candidatura en dous lugares, "políticamente" alén da Galiza pero moi próximos culturalmente. Trátase do oriente asturiano e do Bierzo leonés.

San Tirso San Tirso de Abres é un val atravesado polo río Eo. Dada a súa situación xeográfica, fronteira entre Asturias e Galiza, presenta unha riqueza cultural e etnográfica singulares, xa que toma costumes e tradicións das dúas culturas, o que lle confire unha personalidade propia e única.

Dende o ano 2003 veñen facendo unha malla tradicional que, nos seus elementos fundamentais, é moi parecida á que se pode faceren calquera parte da Galiza e portugal. Esta actividade estivo sempre organizada pola Asociación Cultural an Tirso de Teo. Posto en coñecemento dos responsables desta Asociación o contido da Candidatura mostráronse estusiasmados coa idea e decidiron, ao mesmo tempo que fan a malla tradicional a organizar o I Encontro de Portadores dopatrimonio Inmaterial

Con este evento, trátase de visibilizar a existencia dun rico e variado patrimonio de carácter inmaterial, e polo tanto asociado coa existencia das persoas que o preservan, denominadas de maneira xenérica como "portadores" na terminoloxía da UNESCO. As tradicións orais galego.portuguesas maniféstanse no Occidente de Asturias dunha forma especialmente intensa, dadas as afinidades xeográficas e culturais existentes, e a existencia de formas de vida tradicionais ata hai moi poucos anos, debido ao illamento xeográfico da rexión.

A presencia destas formas de cultura tradicional galego-portuguesa no territorio do Principado de Asturias contribúe á diversidade cultural e lingüística no mesmo, dentro dun espírito de tolerancia, convivencia e respecto mutuo.

De maneira paralela á III Festa da Malla, poderemos contemplar en San Tirso de Abres unhas mostras deste rico Patrimonio Inmaterial, como son as seguintes:

- Malla con mallos de madeira, procedente do Concello de Taramundi.
- Lenda da "Pena do Encanto" en Salcido (San Tirso de Abres)
- Lenda da Casa Grande de San Tirso de Abres (con referencias a Galiza e Portugal)
- Traballos do Liño, de Taramundi
- Forxa do ferro con mazo de río, da Comarca de Oscos
- Museo Etnográfico de "Pepe o Ferreiro", Grandas de Salime
- Cestería tradicional de Grandas de Salime
- Teitado de casas con colmo de centeo, de Ibias
- Grupos de gaita galega, de San Tirso de Abres

O outro punto onde imos participar na presentación da candidatura, xuntándoo con actividades culturais propias do lugar, será en Villafranca del Bierzo no mes de setembro.

Como xa dixemos mais arriba o Bierzo, "limes" no senso latino do termo, recolle a cultura galaico portuguesa como súa, xa que en tempos históricos formou parte da mesma sociedade. Esta cercanía fai que moitas manifestacións culturais que son proprias de esta terra teñan unha evidente similitude coas galegas xa que proceden dun tronco cultural único.

Villafranca del Bierzo é un Municipio da Comarca do Bierzo, na provincia de León.O seu término municipal ocupa parte da Reserva Nacional de los Ancares Leoneses. O seu municipio está cheo de viñedos. Os celtas foron habitantes destas terras. Varios son os "*castros*" que así o atestiguan no seu término municipal, como o de Redoniña no río Valcarce. Posteriormente chegaron os romanos e levaron o ouro que atoparon ao longo do río Burbia, que cruza todo o

municipio.O Concello está situado na localidade de Villafranca del Bierzo (3.945 habitantes) en plena ruta do Camiño de Santiago.

As actividades propostas para realizar no Acto Cultural de Apoio á Candidatura divídense en tres apartados:

Área lúdico-musical.

Área Teórica con mesas redondas e exposicións

Área artesanal con mostras vivas de artesáns da zona,

As seguintes accións previstas para a promoción da candidatura, que pode obter a proclamación de obra mestra o 25 de novembro de 2005, están tamén respaldadas pola Consellería de Cultura, que desde a toma de posesión da nova Conselleira, ven prestando un apoio notorio ás nosas propostas. Os traballos musicais dos "Meninos Cantores" centrará moitas actividades en Galicia e Portugal. Asimesmo as presentacións da Candidatura, acompañada de mostras vivas de tradicións orais, percorrerán todo o pais e diversos puntos do planeta, incluído París e os Centros Galegos de América.

6.- En fin

Como diciamos anteriormente, a decisión da UNESCO non vai ser o ponto final da nosa experiencia, pois a vitalidade que está a adquirir a nosa cultura segue a presentar un reto importante para os educadores: a escola non pode vivir de costas á nosa realidade cultural, senon convertila no eixo conductor dos proxectos educativos que se propoñan os centros.

Con estes proxectos, que unirían todolos pobos limítrofes do Sur de Galicia e Norte de Portugal, a educación estaría na dirección adecuada para favorecer a amizade entre pobos e culturas e para minimizar os efectos da incomunicación, non só a que afecta aos pobos galegos e portugueses entre sí, senon a outros pobos que emigran a Galicia e Portugal, coas súas linguas e culturas que enriquecen o panorama de interculturalidade. (Fernández, 1996)

Na avaliación que fixemos da edición de 2003 podemos salientar algúns dos resultados. En primeiro lugar, "Ponte... nas ondas" estase convirtindo nunha marea humana, unida por este obxectivo de abrir fronteras a través da radio e, recentemente tamén de internet, que engloba ao sistema educativo formal, a medios de comunicación, a familias, a asociacións, e a institucións de educación non formal. O 75 % dos entrevistados (alumnado, profesorado, músicos d concierto nocturno do 2003 e asistentes ao mesmo, locutores de radio...) considera que a experiencia repercute en toda a poboación: a implicación da radio e do Concello, "os que escoitan cambian a súa opinión sobre os outros pobos para ben, si non a tiñan antes", "os amigos, pais e abós que escoitaron e moitos

colectivos da poboación aos que se entrevistou", "os que foron ó concerto, cambian a mente decindo 'ainda que sexan negros ou de otra cor, cantan e bailan moi ben'", "os que escoitan puderon participar dando una opinión sobre o tema ¿qué aprendices do mar? para participar nun concurso, ou libremente sobre outros temas".

Tamén nos interesamos pola contribución da experiencia ao acercamiento de pobos e culturas, obtendo todas as respostas positivas; un 70% entende que contribue moito, e o resto muchísimo. Entre as razóns: "xúntase xente de moitas culturas distintas cun mesmo obxectivo", "póñense en contacto diversas culturas a través da música e dos programas", "os temas contribuen a un maior coñecemento sobre a nosa cultura", "anímase a xente a coñecer outras costumes e a valoralas", "podemos colaborar uns con outros", "non hai diferencias entre as culturas de orixen galego-portugués", "a pesar de ser vecinos, queda moito camiño por andar e é importante empezar cos pequenos", "intercambiamos cultura, aprendemos a convivir", "traballamos en grupo centros de moitos pobos".

Moi en relación con estas respostas están aquelas outras que se producen ante a pregunta sobre ¿qué foi o que máis contribuíu ao cambio de valoración? O mais sinalado foi "a escoita de programas elaborados polos alumnos do outro país". Os pobos e culturas que se valoran máis positivamente por parte dos participantes en Ponte.. nas Ondas, a xuicio dos entrevistados, son en primeiro lugar os galegos e portugueses, dado que son os máis implicados, mentras que non hai referencias directas a outros pobos de lingua portuguesa, agás unha resposta que cita a Brasil (sorprende esta lagoa, e debe ser obxecto de novas indagacións, xa que produciuse unha grande sintonía co público dos grupos musicais de Cabo Verde, Brasil e Angola). Sin embargo, hai respostas xenéricas que inclúen a "pobos en vías de desenvolvemento" e outras que se refiren a pobos de América Latina.

Con esta perspectiva pedagóxica, a experiencia Ponte nas Ondas ten que seguir acendendo novas luces no noso sistema educativo, pois é unha mostra palpable da calidade educativa, non só polo uso de novas tecnoloxías, senon polo uso axeitado das mesmas.

Bibligrafía

Aguado Odina, M. T. (1996). *Educación multicultural. Su teoría y su práctica.* Madrid: UNED. 2ª reimpresión.

Carita, L.; Veloso, S. e Prado, X. (2005). *A tradición oral galego-portuguesa: Um patrimonio para o futuro.* Comunidade de Traballo Galiza – Norte de Portugal.

Cid, X. M. e outros (2003). El fenómeno migratorio a la luz de la teoría crítica de educación para la paz: análisis de una experiencia intercultural. En Luque, P. e outros (coords). *Educación social e inmigración*. Sevilla: SIPS / Diputación de Sevilla.

Fernández González, M. R. (1996). *Educación Intercultural: análisis de los conocimientos y actitudes recíprocas entre los escolares del sur de Galicia y del norte de Portugal*. (Traballo de investigación, material multicopiado).

García Mañá, L. M. (1988). *La frontera hispano-lusa en la provincia de Ourense*. Ourense: Museo Arqueológico Provincial.

García Mañá, L. (2000). *O Couto Mixto. Unha república esquecida*. Vigo: Universidade de Vigo.

Ponte... nas Ondas 2002. "VIII Xornada de radio interescolar. 14 horas de radio". Tríptico informativo.

Ponte... nas Ondas 2003. "O mar e nós, sós. 24 horas de programación". Tríptico informativo de la novena edición.

Sales i Ciges, Mª A. (1998). Programa de formació d'actitudes interculturals envers la diversitat cultural i la cultura paia i gitana en educació primaria. En *Temps d'Educació, 19*, 273-295.

Varios (2004). *O Cambedo da Raia 1947*. Asociación de Amigos da República/ Concello de Ourense.

Veloso, S. (1996). "Ponte... nas Ondas". *Revista Galega de Educación*, 26, 55-59

O HIPERTEXTO COMO ALTERNATIVA AO LIBRO DE TEXTO

Unha experiencia de traballo a través de Internet no ensino da filosofía

Alicia Eva Garea Traba

IES Virxe do Mar (Noia)

Como indica o título desta sesión vou tentar relatar cal foi a miña experiencia co traballo coas Tics no ámbito das miñas clases de Filosofía no IES Virxe do Mar ao longo de xa case 7 cursos académicos.

Comecei a desenvolver algunhas das experiencias con Internet na aula sen ter en principio un proxecto pedagóxico preciso que me permitira artellar os materiais dunha forma verdadeiramente proveitosa para o alumnado o que veremos máis tarde, faise imprescindible se queremos ter algún control sobre o que queremos ensinar e as formas en que os alumnos deben realizar a súa aprendizaxe. Eu comecei, só coa intuición de que se podían utilizar os avances informáticos e comunicativos para conseguir levar a cabo os principios educativos que no grupo de didáctica Enxergo, levabamos mantendo durante moitos anos: a motivación do alumno, a formación independente do alumno, a eliminación do papel autoritario do profesor como transmisor de coñecemento, a adaptación dos materiais curriculares aos intereses e capacidades dos alumnos.... pero sen perder de vista a formación filosófica que corresponden á materia.

Como resultado dos intentos da Consellería de levar aos centros de ensino "ás novas tecnoloxías", implantáronse en case todos os centros aulas informáticas cun número elevado de ordenadores, que en moitas ocasións están infrautilizadas, xa que só se usan para as clases de informática. Partindo da idea de que as Tics deben integrarse no curriculum de xeito que o importante non sexa aprender o uso das distintas tecnoloxías, senón aprender os conceptos dunha determinada materia usando a tecnoloxía como vehículo.

A miña intención foi inicialmente facer uso do recurso a internet que ofrecía a constitución de esas aulas para tratar de "enganchar" aos alumnos na materia de Ética e Filosofía do Dereito, pois a rede ofrece moitas posibilidade de acceder a noticias de actualidade, foros de opinión, chats de discusión... Esta pluralidade de información parecíame moi interesante pois permitía vincular os temas da materia

con cuestións de relevancia social e permitía que o alumno se sentira "un pouco" axente de eses debates. As tecnoloxía informática permite ademais artellar as distintas informacións, en distintos formatos para enlazala cos demais compoñentes do curriculum nun todo harmónico e non como apéndices ou recursos que deben usarse fora da ensinanza regular da materia. O obxectivo era usar dun xeito transparente a tecnoloxía de xeito que permitira a aprendizaxe.

Tras as primeiras experiencias de interacción coa rede dinme conta de que tiñan lugar varios fenómenos:

1. O que me resultou máis raro é que a maioría da información que podemos atopar na web é texto escrito, con moi poucos elementos gráficos, e que sen embargo os alumnos non se queixaban, senón que se dedicaban a ler a información ata atopar as repostas que se solicitaban, pese a que sempre nas clases, cando se lles subministraba un texto, ocorría o contrario.

2. Sen embargo, e pese ao voluntarismo do alumnado e a que a información na rede e inmensa (respecto a calquera tema), esa inmensidade e a carencia de buscadores adecuados para a materia que interesa, fai que o alumno investigador se perda na selva de información, que non saiba diferenciar entre informacións irrelevantes ou defectuosas e informacións útiles. Por outra parte a propia construcción da rede como unha arañeira que vincula diversas informacións entre si de xeito que, case todos os coñecementos están relacionados, produce un fenómeno de dispersión que unha vez establecido é moi difícil de eliminar do proceso de traballo na aula.

3. Outro problema engadido aos anteriores consiste en que, pese a que os alumnos logran atopar a información e estructurala con axuda do profesor, á hora de utilizar esa información, por exemplo nun foro de opinión, as súas elaboracións conceptuais son mínimas, quizais debido a que se a rede se usa só como un mecanismo de busca de información, remata por suceder con ela o que sucede con calquera libro de texto, se non se elabora a información, que o alumno repite, pero non comprende e, polo tanto, non pode usar esa información para construír información nova nin para xerar opinións autónomas.

4. Ao darme conta de estes problemas decidín embarcarme no proxecto e no compromiso de axudar aos meus alumnos a facer uso do instrumento que supón a Web, facendo dela un instrumento ao servicio da producción de coñecemento, con todo o que eso implica de integración, e reformulación dende a propia experiencia das informacións que se recollen na rede. Por suposto que esta intención inicial levoume a unha "presentación" do traballo a desenvolver, que requiría unha investigación

persoal sobre a información presente na rede sobre cada tema da materia que quería desenvolver co meu alumnado, para axudarlles no camiño... E así comezou a tentativa de ter nun só documento toda a información necesaria para o desenvolvemento dun curso académico.

Comezamos o curso cun documento inicial que permitiu empezar a usar a rede dunha forma racional... O documento permitía ademais que os alumnos fixeran a súa propia investigación acerca dos temas propoñendo unha serie de exercicios de investigación (na rede ou a través de documentos complementarios), tamén unha serie de exercicios de aplicación dos seus coñecementos (redaccións, solución de dilemas...), subministrándose ademais unha información resumo que permitira concentrar os coñecementos adquiridos. Introducíronse ademais elementos de traballo paralelos, como a construcción dun diccionario básico para a materia, a elaboración de fichas bibliográficas, de fichas de películas... A partires de ese documento inicial o alumnado foi xerando o seu propio documento paralelo cos resultados da súa investigación e as súas achegas ao diccionario, fichas, etc.

1.- A construcción do material hipermedia

Un dos momentos máis importantes para a creación dun material hipermedia consiste en decidir como estructurar a información e ata que punto. Cando se levou a cabo a proposta do documento inicial a decisión máis difícil foi a de elixir entre un material estructurado cunha explícita de conexións ou un non estructurado. O material non estructurado semellaba moito máis atractivo para unha materia na que as achegas individuais e o interese polo autoaprendizaje era moi importante, pero a inmadurez do alumnado e a falta de recursos informáticos destes non a facía aconsellable. A elección de dotar dunha estructura determinada ao material estivo influída por dous factores: Por unha parte quería desenvolver un material que recollera as virtudes dun libro de texto, pero que superara as súas carencias (fontes alternativas, posibilidades múltiples de investigación, material audiovisual...) e por outra queriamos garantir que o alumnado non se dispersara cunha navegación libre pola rede.

Unha organización conceptual, determinada pola subordinación dos conceptos da materia, por exemplo dos máis xerais aos máis precisos pero que ao mesmo tempo tivera en conta os coñecementos previos do estudiante e os organizara cognoscitivamente. Posteriormente introducíronse algunhas actividades que requiriron unha organización problemática (simulando problemas ou tomas de decisión que van describindo un itinerario segundo as respostas do usuario).

O material xerado a partir destas decisións foi un sitio web que recollía inicialmente os materiais básicos para poder levar a cabo as aprendizaxes

conceptuais que se presentaron para todo o curso académico. As vantaxes deste tipo de presentación, son moitas:

1. Internet é en si mesmo un gran hipertexto que pode ser usado como unha fonte de información global e que pode chegar a formar parte do noso documento. Cada vez que se accede a un documento html, observamos unha mestura de texto, gráficos e encadeamentos a outros documentos. Se seleccionamos un encadeamento o documento relacionado ábrese sen importar a súa localización, e xera a súa vez novas fontes potenciais de información.
2. Permítenos tamén non depender do lugar físico de traballo e converteu a aula nunha parte moi pequena do traballo do alumnado.
3. Os alumnos e alumnas poden colaborar na elaboración e presentación de materiais, aprendendo ademais no proceso o manexo dos programas máis habituais para este tipo de labores, de xeito que a clase de filosofía permite tamén a capacitación, en certa medida, para o traballo coas Tics. O alumnado
4. Aprender a usar programas editores de páxinas web ou mesmo procesadores de textos que, aínda que cunha calidade moito máis reducida, nos permiten crear páxinas Web interconectadas cunha presentación aceptable.



2.- Criterios metodolóxicos

No momento de deseñar un material didáctico co propósito de ser publicado en Internet, atopas que debes buscar un equilibrio entre o deseño e os principios de aprendizaxe que require a materia que se debe ensinar. No caso da filosofía a reflexión acerca das relacións que poidan manter Hipertexto e Filosofía, vólvese ela mesma unha discusión filosófica. Existen actividades filosóficas que semellan ter elas mesmas un formato hipertextual (debates filosóficos na historia, comentarios de texto multilineais...), pero só son aplicación subsidiarias do hipertexto (engadidos á clase tradicional transmisora de coñecemento) que teñen como función axilizar e facer máis amena a aprendizaxe.

Mais pode darse tamén unha relación entre filosofía e Tics máis innovadora e reformadora, que aparte á actividade filosófica dunha estructura cognitiva baseada na aprendizaxe secuencial e lineal de conceptos. Esta actividade debe ter como fundamento unha lóxica do diálogo que converta á actividade filosófica nunha construcción de textos nos que a argumentación lineal sexa substituída por comentarios ou textos alternativos, producindo unha obra colaborativa. A filosofía ao longo da súa historia, aínda que segue unha estructura de razoamento en liña, está chea de complementos, xustaposicións, citas, etc. Os textos filosóficos sempre manteñen relacións con outros textos, ou con grandes debates no contexto dunha época ou de toda a historia da filosofía. Segundo lle parece a Kolb, debemos introducir á filosofía na argumentación dialóxica do mesmo xeito que "No noso mundo postmoderno estamos tentando crear formas sociais e políticas que no teñan unidades atómicas indivisibles nin estructuras totalizadoras"[1]. Nestes espacios estaríamos comezando a non pedir conclusións fixas, do mesmo xeito que o hipertexto imposibilita as obras completamente pechadas.

Pese a estas ideas tan innovadoras, as limitacións que manifesta o alumnado cando traballa coas tics na aula de filosofía obrigan a que nos fagamos algunhas preguntas respecto a estas novas ferramentas. Algunhas destas preguntas xurdiron no proceso de construcción dos materiais, fundamentalmente a partir das achegas do alumnado tiveron relación coa dicotomía información/ coñecemento:

1. ¿Pode o hipertexto ser o vehículo de novos xeitos de pensamento complexo, ou só é unha técnica máis de rexistro e acceso á información? A nosa experiencia ten que respostar que o proceso de busca de información e a selección da mesma logrou que os alumnos e alumnas reflexionaran sobre a pertinencia da información, o lugar onde implementala e o xeito de presentación, estes procesos indican un

[1] * "Sócrates en el laberinto" de David Kolb en Landow Teoría del Hipertexto Paidós

coñecemento do tema e unha aprendizaxe máis significativa que a aprendizaxe tradicional.

2. ¿Podería instalarse a través destas redes un pensamento menos dogmático que o característico da Filosofía na súa historia? A nosa experiencia novamente indicou que o coñecemento que xeraban os alumnos e alumnas tiña un carácter que non admite o cualificativo de non dogmático, pero si máis susceptible de ser debatido, criticado e reelaborado que a transmisión lineal do coñecemento. Pero tamén é xusto recoñecer que o volume de datos que o alumnado recolle con esta forma de construcción de coñecemento e moito menor que o que se pode realizar cunha aprendizaxe memorística simplemente. De algún xeito, dende a situación do profesor resulta en ocasións molesto que os obxectivos de aprendizaxe que se propoñen non se cumpran, pero debese recordar que é máis importante que o coñecemento sexa comprendido e asimilado que só acumulado. Existen como é ben sabido intentos de aplicar o hipertexto á filosofía neste sentido que vimos falado, pero sempre en contextos que non teñen que ver coa actividade curricular na aula, ou que se o fan deixan fora o papel de coautor do alumno dificilmente transmisible a través dun material que se oferta elaborado.

A resposta a estas cuestións respecto ao traballo cos alumnos deuse no propio traballo na aula. Un documento hipertextual ten que garantir a independencia do alumno/lector, respecto do profesor/autor, pero ao mesmo tempo estar dirixido a lectores que non teñen coñecementos previos da materia e que precisan ser dirixidos cara un coñecemento productivo. A experiencia na aula sempre resolve estas contradicción, e neste caso semella indicar que un documento hipertextual debe ser un documento aberto en varios sentidos e niveis:

A NIVEL DE CONTIDOS:

En primeiro lugar porque se presenta como un documento inconcluso que o alumno, o grupo e o profesor deben, coas súas achegas, ir ampliando e mellorando.

En segundo lugar, porque entre as referencias que se ofrecen como documentos de traballo, algunhas poden ser consideradas inmutables (textos históricos, declaracións, imaxes...) outros, en cambio, como as direccións electrónicas, poden decaer co paso do tempo. Será misión do profesor e dos usuarios do documento mantelas ao día e mellorarlas, engadindo outras novas.

En terceiro lugar, porque as actividades que se ofrecen deben ser abertas e poden ter múltiples lecturas e referencias. Debese potenciar a interdisciplinariedade, introducindo relacións con outras áreas como a literatura, o cine, o arte, a antropoloxía.... E sería desexable que esa interdisciplinariedade se potenciara, na medida do posible, involucrando para iso tanto ao alumno como aos demais profesores do centro, que poderían usar o material e introducir innovacións e melloras nas referencias a través das súas achegas.

A NIVEL DE ESTRUCTURA:

En primeiro lugar o carácter aberto do modelo tense que manifestar tamén na súa estructura de traballo. O alumno deberá realizar un documento paralelo no que se desenvolverán os temas principais que se programan (respostando cuestións, elaborando resumos, aportando novos datos e novas perspectivas)

En segundo lugar o desenvolvemento do traballo tamén debe permitir diferentes lecturas, polo que debe poder usarse de modo lineal; neste caso seguirase a orde xeral, por bloques consecutivos cun índice de referencia. Ou ben debe poder usarse nun sentido transversal, usando só aqueles capítulos ou seccións que nos parezan máis relevantes. Neste ultimo caso debe atenderse á necesidade de incluír mapas e guías do documento que impidan a desorientación do alumnado.

3.- O Proceso interactivo

O traballo con material hipertextual esixe a actividade independente dun alumno/a ou parella de alumnos que traballaban cada nun ordenador. Esta situación produce unha limitación ao traballo interactivo que debería vehicular a clase de filosofía, sobre todo en materias como a ética na que o intercambio de opinións se converte en fundamental. Para tentar paliar este problema pódense usar ferramentas, algunhas propias do entorno Tic, como o uso do correo electrónico, os Chats e Foros de opinión, e outras mais próximas aos modelos máis clásicos de aprendizaxe, como sesións de posta en común do traballo, fora da aula de informática, traballos cooperativos.

Das ferramentas informáticas que nos usamos na nosa experiencia con este tipo de materiais, algunhas non resultaron operativas como o correo electrónico que só deu algúns resultados como ferramenta de consulta. Por outra parte os chats dispersaban moito a atención dos estudiantes e introduciron moitos elementos alleos á aprendizaxe. O foro que se mantivo operativo durante o curso académico foi o único destes elementos que realmente deu froitos, pero xa cara o final do curso académico cando o alumnado tiña unha base conceptual que permitía a discusión. A ferramenta que si permitiu intervir dunha maneira operativa no traballo do grupo e tamén do traballo individual, foi a constitución

dun grupo de traballo en internet que posibilitou unhas comunicacións máis áxiles e un fondo no que ir introducindo os documentos de traballo dos alumnos.

Por outra banda as sesións de traballo na aula ordinaria leváronse a cabo semanalmente como sesións de lectura de traballos, discusión de cuestións e intercambio de opinións acerca do material, tanto inicial como o elaborado polo alumnado. Un ámbito no que a labor do profesor quedou restrinxida a guiar ao alumnado para que foran quen de integrar a información recibida e dialogar sobre ela, de xeito que se puidese xerar coñecemento.

Aínda así, calquera interacción entre os compoñentes do grupo na nosa experiencia de aula (discusións, complementariedade dos traballos...) quedaba restrinxida a dous escenarios: a un foro de discusión en internet (que moitas veces non obtiña a participación dos alumnas e alumnos menos colaboradores) ou ben ás horas que se desenvolvían na aula normal (o que impedía que as discusións se fixeran no momento en que xurdían os problemas). Por iso se fai necesario introducir nestes materiais exercicios que permitan algún tipo de interacción entre alumnado e que propicien o debate e o interese pola aprendizaxe das formas correctas de expresión e argumentación. Na nosa experiencia esta necesidade obrigou á incorporación de dilemas e xogos ao documento inicial de traballo.

Outra das estratexias que incidiron de maneira notable no interese e vinculación do alumnado na nosa experiencia foi a inclusión no documento de materiais audiovisuais producto da investigación do alumnado, que enriqueceu o formato do texto. Todo o documento inicial se presentou, desde un primeiro momento como un conxunto de materiais (textos, imaxes, vídeos, direccións web....) cos que traballar os diversos temas que se ían desenvolvendo, non tiveron cabida nestas achegas as redaccións que os alumnos e alumnas desenvolveron a partir destes materiais, pero o material, en xeral, quedou moi mellorado con estas.



4.- Outras formas de integrar as TICs na aula de filosofía

Entendemos que o uso das ferramentas informáticas está condicionado tanto polos espacios (temporais e físicos), coma pola natureza da materia (a nivel de contidos, estructura, metodoloxía...) Dependendo da natureza da materia a traballar o uso do hipertexto pode tomar a presentación dunha biblioteca de aula que recolla todo o material para traballar un curso ou unha secuencia temporal dun curso (trimestre, avaliación, unidade didáctica...). Este foi o formato elixido na materia *Ética e Filosofía do Dereito*[2] na que se optou por traballar o curso completo con este tipo de material, debido fundamentalmente a inexistencia (como xa se dixo) de materiais para traballar unha materia tan vinculada á actualidade como esta.

Outras opcións de traballo co hipertexto presentan o material de traballo como unha proposta de investigación para o alumnado. O material é necesariamente incompleto e non garda unha secuencia temporal nin estructural de contidos, senón que simplemente ten a misión de orientar e/ou guiar a investigación independente do alumnado. Esta é a opción que eliximos para unha materia que, coma a cultura relixiosa, ten un horario de unha hora semanal que impedía un traballo continuado na aula. O material que se pode atopar na rede co título *Crenzas e Descrenzas*[3] pretende que o alumnado xere os materiais que lle permitan abordar os temas de investigación propostos dende o seu propio entorno persoal de das experiencias ás que ten acceso. Os materiais elaborados pódense compartir nun entorno definido por uns contextos e marcos teóricos, producindo un conxunto de materiais en colaboración. Neste sentido o hipertexto presenta á súa faciana máis productiva, creativa e cooperativa. Coma queira que este tipo de material non está pensado para avaliar ao alumnado en contidos, senón en procesos, os mecanismos de avaliación baséanse na presentación de resultados e non na aprendizaxe de contidos.

Por ultimo está a opción de usar o hipertexto como unha ferramenta de construcción de contidos polo propio alumnado, dunha forma cooperativa, pero xestionando eles mesmos toda a producción de nexos, enlaces, información alternativa, a partir da proposta dun texto. Esta forma de traballo é moi gratificante para o alumnado e cambia dun xeito moi significativo os papeis que xogan profesor e alumnos/as, pero tropeza como moitas dificultades, sobre todo pola carencia de competencias do alumnado e a falta de espacios para exercer, nos centros docentes, este tipo de traballo cooperativo (acceso aos ordenadores, falta de intranets nos centros educativos, o tempo das sesión de aula é claramente insuficiente, os espacios nas mesas de traballo deberían permitir a escritura ao

[2] pódese ver o material para esta materia en:
http://www.edu.xunta.es/ftpserver/portal/CONTIDOS/PREMIOS/ETICA/index.htm

[3] http://personales.ya.com/enxergo/materiais/crenzas/index.htm

mesmo tempo que o ordenador...). Por eso, se quere usar o hipertexto neste ultimo sentido dun xeito que non sexa esporádico na aula, debería pensarse nun cambio na estructura tanto dos espacios nos centros de ensino, coma da estructura das materias, a nivel de contidos, de carga horaria, de avaliación.... A este nivel aínda queda moito camiño que percorrer. Unha proposta de traballo deste tipo presentárase no Obradoiro Ntics e ensino da filosofía nas Xornadas de didáctica da Filosofía (Santiago 12-15 de Setembro 2005)[4]

5.- Resultados da experiencia

Ao remate do primeiro curso académico realizado con ferramentas informáticas levouse a cabo unha valoración do traballo a través dunha enquisa na que se pedía aos alumnos e alumnas que compararan as actividades realizadas co novo material, fronte ás actividades académicas na aula ordinaria. Pediuse que valoraran o interese pola materia, a aprendizaxe de contidos, o papel do profesor, a adaptación ao alumno, a orde na aula, as relacións cos compañeiros e a mellora na competencia informática.

Antes de facer un resumo destes resultados, debe facerse constar que non se pode, en ningún caso, inferir que estes resultados sexan aplicables ao conxunto do alumnado dos centros galegos, fundamentalmente por varios motivos:

- A enquisa está referida a un número de alumnos moi limitado (30 alumnos que cursaron a materia o primeiro ano)
- Non existiu un grupo de control
- Só se refire aos materiais presentados para a materia de Ética e Filosofía do Dereito, polo que os resultados só son aplicables ao tipo de materiais que alí se presentan e non poden aplicarse a outro tipo de iniciativas como traballos cooperativos e/ou de investigación.
- A enquisa pretendía fundamentalmente avaliar o grao de satisfacción do alumnado coa actividade dunha aula concreta de traballo.

Aínda con todo penso que subministra unha información valiosa non tanto nos datos concretos (porcentaxes, ítems..), senón polas conclusións que poden tirarse das relacións que mostran os resultados entre as cuestións que se propoñían e, tamén polas diferentes percepcións que manifestan alumnado e profesor.

A aula tradicional foi mellor valorada en: aprendizaxe de contidos, papel do profesor e tamén orde a aula. Pola contra, o novo formato de clase foi mellor valorado en: interese pola materia, adaptación ao alumnado. Tamén é

[4] http://personales.ya.com/enxergo/ntics/

significativo a valoración positiva na cuestión da mellora nas competencias informáticas. Este último dato é moi relevante, sobre todo se temos en conta que un 50% do alumnado iniciábase nese momento en tarefas deste tipo[5].

Ante este datos podemos facer as seguintes reflexións:

Penso que a valoración do alumnado na aprendizaxe de contidos a favor da aula tradicional ten moito que ver co modelo de ensinanza aprendido. O alumnado de 1º de Bacharelato ten tras de si moitos anos dunha aprendizaxe con libro de texto e clase tradicional que non reclama tanta actividade por parte do alumnado.

Recordemos que na aula tradicional o alumno ten uns contidos prefixados de antemán que facilitan moito a orientación do seu traballo, un sistema de avaliación referido a eses contidos e baseado fundamentalmente neles, e un marco de referencia estable que se propón no libro de texto.

Pola contra, no novo formato de aprendizaxe a sensación de inseguridade ven provocada por unha grande mobilidade dos contidos e por unha oferta moito maior (as veces inabarcable) que a presente no libro de texto. O sistema de avaliación tamén sufre unha transformación xa que ten que avaliar, non só contidos, senón fundamentalmente procesos que son máis difíciles de determinar dun xeito cuantitativo. O marco de referencia, pola súa banda tamén xera inseguridade o alumnado porque aumenta á súa cota de responsabilidade na creación do mesmo e tamén porque o tempo dedicado a conformalo e un tempo que pode semellar "perdido" ao comparalo cunha oferta de materiais estándar (libro de texto).

O rol do profesor sufre tamén co novo modelo porque deixa de cumprir o cometido fundamental que lle tiña asignado a aprendizaxe tradicional (fonte de información) para asumir novas competencias, moitas veces non relacionadas coa materia mesma (guía de procesos, asesor informático...). En moitos casos estas novas competencias requiridas deixan ao descuberto falta de competencia no profesor que poden parecer un demérito ao alumnado. Por outra banda, a competencia do profesor respecto á materia non é tan manifesta nunha metodoloxía na que o profesor debe limitar a súa intervención á guiar e resolver problemas.

A orde na aula é unha das cuestións máis rechamantes. O alumnado semella percibir como diminuída esa orde no novo formato. Esta percepción está probablemente asociada ao cambio de roles profesor-alumno. Recordemos que na aula tradicional a orde estriba fundamentalmente no silencio por parte do alumnado no momento de transmisión da información e no turno de palabra no

[5] A presentación e os resultados da experiencia pódense atopar en: http://personales.ya.com/enxergo/silledaweb/

momento de intervencións por parte do alumnado. Nun formato no que as interrupcións ao longo da clase son continuas (co motivo de pedir información, solucionar problemas, preguntar sobre informacións relevantes, amosar opinións....) a orde deberá ser percibida doutro xeito, pero establecer estes novos parámetros require unha familiaridade co novo entorno que os estudiantes actualmente non perciben.

Debe resaltarse que contra todas estas valoracións negativas, o intereses pola materia está sen embargo moi ben valorado no novo formato, aínda que este interese non pode disociarse, aló menos na nosa enquisa, do interese polas novas tecnoloxías.

6.- Conclusións e propostas

As conclusións puidemos extraer da experiencia relativamente recente do traballo con tics na aula de filosofía teñen moito que ver cos resultados que vimos no apartado anterior. As diferencias de percepción entre alumnado e profesor son indicativas, penso eu, dos problemas que deberán ser solucionados se queremos que o traballo coas ferramentas informáticas sexa realmente rentable nos procesos de ensino-aprendizaxe.

En primeiro lugar debemos sinalar que é fundamental que se inicie unha investigación sobre as vantaxes e dificultades que presenta o uso cotiá de recursos informáticos na aula, porque sen esa investigación o noso camiño como docentes será un camiño ás apalpadelas.

En segundo lugar quero aportar algunhas propostas derivadas da miña experiencia docente nos ámbitos que temos descrito máis arriba, para que estas propostas poidan servir de guía para aqueles docentes que coma min tenten deseñar materiais curriculares que poidan ser traballados na aula:

En relación co interese que esperta no alumnado o traballo na aula de informática teremos que ter en conta que a fonte dese interese reside por unha parte na estructura investigadora coa que se presentan os materiais e o papel activo que lle corresponde aos estudiantes, logo deberán mellorarse as estructuras de investigación con elementos que permitan a independencia do alumnado respecto tanto dos materiais tradicionais como do profesor. Por outra banda, como é imposible, polo de agora, desvincular ese interese pola materia do interese pola rede mesma deberase tentar que os materiais fagan recaer o peso na actividade en contidos da materia e non nos procesos tecnolóxicos. Por ultimo, pero non menos importante, débese ter presente que a sensación de interese ía unida a unha sensación de maior deficiencia na aprendizaxe, polo que se fai urxente cambiar a mentalidade do alumnado tentando que se oriente cara unha

valoración da calidade e non da cantidade dos contidos (habitual nos modelos tradicionais).

Con respecto á aprendizaxe de contidos é urxente tamén eliminar a falta de seguridade do alumnado e respostar á súa necesidade de concreción curricular. Os materiais deberan estar deseñados tendo en conta estas esixencias para o que se deben introducir nos mesmos elementos de apoio e guía na aprendizaxe aos que o alumnado poida recorrer e relacionar aprendizaxe e avaliación dun xeito coherente. Tamén é fundamental eliminar a sensación de "perda de tempo" limitando o tempo de exploración na rede e prefixar de antemán as tarefas de forma que se impida tanto un estancamento no traballo como a falla de elaboración dun producto final.

Finalmente no que se refire á avaliación temos que ter en conta que o alumnado comprende peor a avaliación por procesos que a avaliación tradicional, onde as respostas son únicas e os contidos prefixados, pero tamén é de salientar a imposibilidade de avaliar procesos nun sistema educativo baseado fundamentalmente na avaliación de contidos. É difícil para o alumnado crer que o sistema será finalmente unha avaliación por procesos e non unha avaliación cuantitativa de contidos, cando o sistema avaliativo do centro é fundamentalmente cuantitativo. A avaliación interactiva (mediante test ou publicacións na rede) tómase como un elemento de referencia (autoavaliación) pero non se asume case nunca como avaliación real. Se queremos que este cambie faise preciso deseñar un proceso de avaliación acorde cos novos materiais que sexa transparente, que avalíe contidos e procesos dun xeito coherente co novo modo de traballo e que estea a disposición do alumnado desde o inicio do traballo cos novos materiais.

En terceiro lugar quero reflexionar tamén sobre as condicións necesarias para aumentar a eficacia do ensino con Tics no ensino secundario. Esta reflexión faise desde a miña perspectiva como docente de filosofía que non é un experto en tarefas informáticas, nin en organización educativa, nin en deseño de centros educativos. Só quero deixar constancia dos cambios que, ao meu xuízo, facilitarían a labor cotiá de traballar coas tics na aula (de filosofía, pero coido que tamén pode ser ampliable a calquera materia que non teña un carácter técnico).

O primeiro punto ten que ver cos materiais didácticos, elemento fundamental nun proceso no que o profesor pasa a un segundo plano no proceso de información. Se queremos aumentar a eficacia deste tipo de materiais deben deixar de ser unha mera copia informática do libro de texto tradicional para aproveitar as vantaxes que proporcionan as tics:

- Incorporar máis elementos interactivos que obriguen ao alumnado a involucrarse na tarefa de aprender, por suposto que isto esixe mellorar as competencias do profesorado e/ou dotalos de recursos para conseguilas.

Unha boa medida sería incluír a figura do formador en centros dedicado ás novas tecnoloxías que proporcione apoio técnico e formativo ao profesorado

- Incorporar materiais con orixe diversas: vídeo, audio, xogos interactivos... A elaboración destes materiais está na meirande parte dos casos fora do alcance da maioría dos centros educativos. Por iso se queremos que os materiais de traballo con tics sexan algo máis que meros textos electrónicos deberase incorporar aos centros a tecnoloxía necesaria para construílos (capturadoras de vídeo, software...) e no caso de que xa estean presentes nos centros crear a conciencia de que non son só instrumentos ao servicio do profesorados de ciclos formativos.
- Introducir no sistema educativo sistemas de código libre que abaraten o proceso de elaboración de materiais de xeito que o custo desa elaboración non recaia sempre no profesorado.

Nun segundo punto quero plantexar a necesidade de mellorar as condicións de acceso de profesorado e alumnado aos recursos informáticos dos centros. Na meirande parte dos centros, aló menos no que se refire á nosa comunidade, os recursos informáticos dos centros dedícanse fundamentalmente á materia de informática. Esta situación produce, ao meu xuízo, o resultado de que o alumnado aprende coñecementos informáticos que non aplica nas súas actividades reais (a aprendizaxe das demais materias do curriculum). Como queira que a meirande parte do alumnado non ten este tipo de ferramentas á súa disposición nos seus fogares, esta aprendizaxe das ferramentas informáticas vólvese inútil. A aprendizaxe da informática e a súas ferramentas debe ir ligada sempre ao seu uso en situacións cotiás, por eso que se debera dar prioridade a proxectos que pretenderan unir ambas aprendizaxes. No mesmo sentido debería priorizarse o uso dos recursos informáticos tendo en conta a presentación de proxectos pedagóxicos para o uso das mesmas. Esta nova situación esixiría tamén a organización didácticas xeral dos centros tendo en conta estes proxectos e tendo en conta, así mesmo, a coordinación entre as materias puramente instrumentais como a informática e as materias que queiran usar estes instrumentos nos seus procesos de ensino-aprendizaxe.

Finalmente quero rematar chamando a atención sobre a maior vantaxe que presentan, ao meu xuízo, as ferramentas informáticas no proceso de ensino-aprendizaxe: o impulso que poder dar á implantación de estratexias cooperativas, tanto para o alumnado como para o profesorado. Unha forma de traballo que permite compartir experiencias, coñecementos, contidos, traballos, pero tamén comunicación entre distintos centros, países e persoas, debería ser tida en conta polo actual sistema educativo. Nin que dicir ten que o aproveitamento destas ferramentas pasa como vimos dicindo por lograr a competencia do alumnado e o profesorado, lograr unha autoxestión por parte do alumnado, redefinir o rol do profesor e modificar os sistemas de avaliación-cualificación, para que se axusten a

este novo modelo, pero as institucións educativas (centros, profesores, alumnos...) deben facer fronte a este reto senón queremos que a escola quede ao marxe do mellor que pode traer este novo modelo de traballo, que xa está sendo aproveitado por instancias alleas ao sistema educativo.

COMUNICACIÓNS

BLOQUE A

AS TIC NOS CONCELLOS

A ESTRADA DIXITAL

Carlos Andújar

aestradadixital

A SOCIEDADE DO COÑECEMENTO COMO IMPULSORA DO BENESTAR SOCIAL

XUNTA DE GALICIA

CAIXAGALICIA

A REALIDADE DA ESTRADA

aestradadixital



dous entornos, **rural e urbano moi diferenciados**, deben ofrecerse **os mesmos servizos a todos os ciudadans**

PRINCIPAL PREMISA

debemos salvar a **Brecha Dixital**, no caso da Estrada a Brecha das Infraestructuras

aestradadixital



51 PARROQUIAS

473 NÚCLEOS DE POBLACIÓN

65 % POBOACIÓN NO ENTORNO RURAL.

aestradadixital

EXEMPLO SIGNIFICATIVO: PARROQUIA DE SABUCEDO
"RAPA DAS BESTAS"

REFERENCIA TURÍSTICA DA VILA

ENTORNO COMPLEXO EN CANTO A INFRAESTRUCTURAS DE COMUNICACIÓNS

aestradadixital

SECTORES PRODUCTIVOS

MOBLE, MADEIRA – e.r.p. da madeira
TURISMO RURAL – Estradaverde
COMERCIO MINORISTA – comerci@
GANDEIRÍA – identificación mediante bolo ruminal



aestradadixital

ACTUACIÓNS

- **FORMACIÓN**
  Presencial, on-line...
- **INFRAESTRUCTURA DE REDE E EQUIPAMENTO**
  Banda ampla no rural, paps, cpd...
- **TELEADMINISTRACIÓN**
  Plan de calidade, e.r.p. Municipal, mobilidade P. Local...
- **DINAMIZACIÓN SOCIAL PARA O DESENVOLVEMENTO DA S.I.**
  Teleduca, comerci@, videovixiancia, estradaexterior, Gandeiria, moblenet, Estradaverde...
- **DIFUSIÓN E MARKETING**
  Sistemas multimedia e audiovisuais...
- **POSTA EN MARCHA E OPERATIVIDADE**

FORMACIÓN aestradadixital

Antecendentes:

- FORMACIÓN CASI EXCLUSIVAMENTE NO ENTORNO URBANO
- COSTE DOS CURSOS
- OBXECTIVOS DISPARES DOS ALUMNOS NA FORMACION
- ESCASO INDICE DE PENETRACIÓN DE ORDENADORES NOS FOGARES



FORMACIÓN aestradadixital

A IMPORTANCIA DOS AXENTES LOCAIS

- EMPRESA DE FORMACIÓN LOCAL
- AXENTES DE DINAMIZACION RURAL
- RESPONSABLES LOCAIS DE FORMACION NA OFICINA DO PROXECTO

FORMACIÓN aestradadixital

Objetivo: Alfabetizar dixitalmente a todos os cidadáns, tanto no entorno urbano como no rural, así como a todos os sectores da poboación (sectores productivos, xuventú, maiores, amas de casa, sectores con requirimentos especiais, etc).

- Plan de "alfabetizacion dixital" 2005 entorno rural

Nas 51 parroquias de A Estrada

1ª FASE

- Iniciacion a informatica

1.100 alumnos
75 cursos
4 aulas itinerantes



FORMACIÓN aestradadixital

- Plan de "alfabetizacion dixital" 2005 entorno rural

Nas 51 parroquias de A Estrada

2ª FASE

- Iniciacion a aplicacions ofimaticas
- Iniciacion a internet

900 alumnos
61 cursos
8 aulas itinerantes

actualmente en fase de impartición ***iniciación a internet***

FORMACIÓN

aestradadixital

- Plan de "alfabetizacion dixital" 2005 entorno urbano

1ª FASE

- Iniciacion a informatica
- Iniciación a aplicacions ofimaticas
- Iniciacion a internet
- Informatica para maiores
- Informatica amas de casa
- Iniciacion a Linux

600 alumnos
40 cursos



FORMACIÓN

aestradadixital

- Media de idade de 37anos.
- Máis de 800 alumnos maiores de 40 anos.
- Idades entre 5 e 80 anos.

FORMACIÓN

aestradadixital

Próximos obxectivos:

- Deseño das seguintes fases do plan de alfabetización dixital.
- Complementar formación presencial con formación on-line.
- Especial fincapé nos sectores educativos.

25 de octubre



pl@n acceda

aestradadixital

PLAN DE SUBVENCIÓN DE EQUIPOS INFORMÁTICOS

- Posta en marcha o 25-11-2004
- Vixencia ata el 31-12-2006

Beneficiarios Directos: 719
Beneficiarios Indirectos: 2600

Distribucion Solicitudes

aestradadixital

pl@n acceda





Subvención de **180** euros a particulares
Subvención de **300** euros a Asociaciones sin ánimo de lucro

ADQUISICIÓN DE ORDENADORES EN ESTABLECMENTOS HOMOLAGADOS

ANO 2004: 2 TENDAS DE INFORMÁTICA ➡ ANO 2005: 9 TENDAS DE INFORMATICA

REPERCUSION DA FORMACION NAS SOLICITUDES DE SUBVENCIÓNS

aestradadixital

pl@n acceda





aestradadixital

Comunicacións

AMPLIACIÓN DA REDE DE BANDA AMPLA

DIXITALIZACIÓN DAS 6 CENTRALIÑAS DO ENTORNO RURAL

MÁIS DE 150 LIÑAS DE PAR DE COBRE NOVAS NO MUNICIPIO

PRÓXIMO DESPREGUE DE REDE INALAMBRICA CON ESPECIAL FINCAPÉ NO ENTORNO RURAL

ZONAS PÚBLICAS DE INTERNET SEN FIOS

ELIMINACION EN GRAN MEDIDA DA 'BRECHA DIXITAL' NA ESTRADA

aestradadixital

RuralCentros

25 PARROQUIAS
90 ORDENADORES
25 SCANNERS e IMPRESORAS

CONEXIÓN A BANDA ANCHA
DUAS FASES DE IMPLANTACIÓN

1ª fase
Matalobos,
Agar,
Paradela,
Taberiños,
San Xurxo de Vea,
Sto. André de Vea,
Couso,
Guimarei,
Rubin,
Pardemarín
Berres
Moreira
San Miguel de Castro
Codeseda
Sabucedo

2ª fase
Arca,
Arnois,
Callobre,
Lagartóns,
Unpio,
Loimil,
S. Miguel de Barcala,
Santeles,
Ouzande,
Vinseiro

INTERCONEXIÓN DE 30 PARROQUIAS CON REDE WIFI

UN NOVO CANAL DE COMUNICACIÓN NO RURAL

RuralCentres

aestradadixital



C.P.D

aestradadixital

CENTRO DE PROCESAMENTO DE DATOS

- SUPÓN O CENTRO FISICO DE MÁQUINAS E SOFTWARE EN DONDE SE ALBERGARAN TODOS OS SERVIZOS DA CIDADE DIXITAL



aestradadixital

GRACIAS POLA SÚA ATENCIÓN

Oficina do proxecto
Rúa San Antón 18, 1º B – A Estrada
Teléfono: +34 986 570 997
mail: info@aestradadixital.org

LUGO DIXITAL

Julio González Morandeira
Concello de Lugo

Os termos Sociedade da Información e Sociedade do Coñecemento representan o novo contexto no que se ha de desenvolver a sociedade actual, caracterizado por un papel predominante da información e o uso cada vez mais intenso das Novas Tecnoloxías da Información e as comunicacións.

O desenvolvemento da Sociedade da Información converteuse nunca prioridade en todos os países e rexións mais avanzadas, como base para o seu desenvolvemento económico e social. Moitos son os exemplos a nivel europeo (p.e. plan e-Europe 2005, da Comisión Europea), onde se marcan as líneas estratéxicas básicas co obxectivo de converter a Europa na Economía basada no coñecemento mais competitiva e dinámica do mundo no 2010.

O proxecto de **Cidade Dixital de Lugo** pretende o acercamento das novas tecnoloxías a os ciudadanos. Pretendese facilitar o acceso a servicios locais de entidades públicas e privadas, perseguindo unhos obxectivos concretos, que son...

- Modernizar e mellorar a infraestructura na cidade das NTICs.
- Mellorar a imaxe e o coñecemento exterior da cidade
- Potenciar e consolidar unha oferta diversificada e de calidade de servicios públicos sociais e personaxes, na cidade que melloren a calidade de vida, e en especial a dos colectivos con maiores necesidades.
- Potenciar Lugo como cidade con alta cualificación, coa proxección social de a súa actividade dentro e fora da cidade.
- Impulsar en Lugo unha maior actividade turística, coa potenciación da súa oferta de recursos culturais, naturais e de ocio.
- Facer da participación e o pluralismo unha das bases da dinamización da cidade e dos fundamentos do desenvolvemento estratéxico da mesma.

- Consolidar a estructura asociativa e institucional da cidade, a través das entidades representativas, recoñecidas socialmente e comprometidas co proxecto estratéxico da mesma

O principal obxectivo que se pretende é impulsar o desenvolvemento do Concello de Lugo e da Sociedade Lucense en xeral na Sociedade da Información, definindo un conxunto de liñas de actuación dirixidas aos diferentes ámbitos: cidadáns, empresas e a propia administración.

Preténdese incidir no lado da oferta e sobre todo no da demanda, mellorando a dispoñibilidade de infraestructuras, aplicacións/servizos e contidos, pero sobre todo, estimulando a demanda e favorecendo a utilización das aplicacións e servizos.

Con este impulso quérese acelerar a incorporación en igualdade de condicións dos cidadáns e as empresas de Lugo.

E por isto que os recursos relacionados coas TIC e a Sociedade da Información teñen experimentado neste Concello un grande aumento, en canto a volume e complexidade.



O esquema anterior reflicte a estructura do proxecto "lugo dixital" que contribuira non soamentes coas accións horizontais e verticais a reducir esta fenda dixital, mediente a mellora de servizos senón que plantexa accións innovadoras como o proxecto ABRED de foración a distancia para nenos que non poden asistir ás súas clases por mor dunha enfermidade.



Todo elo, unido ó achegamento de internet á ona rural e a ampliación progresiva da oferta ós cidadans, dentro dun modelo de integración de sistemas cos servizos de información 010 e outros, cremos que pode contribuir eficazmente á reducción da "Fenda Dixital" no territorio da nosa cidade.



VILAS DIXITAIS. INTERNET AO SERVIZO DOS CIDADÁNS

Manuel Caínzos López
Coordinador de Vilas Dixitais

1.- Resumo

Vilas Dixitais é un proxecto para o desenvolvemento da sociedade da información nos concellos das Pontes (A Coruña) e Vilalba (Lugo). Integrado no programa de Ciudades Digitales do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, esta experiencia piloto concrétase en dúas actuacións que se completarán durante este ano 2005:

- **Creación dunha rede cidadá.** Esta medida permitirá ofrecer acceso público a internet desde 40 puntos do rural de Vilalba e As Pontes, formar aos cidadáns no coñecemento das TIC e dotalos de contidos, aplicacións e servizos axeitados.
- **Dixitalización dos medios de comunicación municipais das Pontes, a RTVi As Pontes**. Esta actuación permitirá ofrecer contidos e servizos de calidade multicanle incorporando aos cidadáns na súa elaboración, modernizar as infraestructuras dos medios e optimizalos, abaratando o seu custo.

Vilas Dixitais é un ambicioso proxecto dos concellos de Vilalba (Lugo) e As Pontes de García Rodríguez (A Coruña), que pretende sentar as bases para a transformación do seu territorio. Partindo dunhas características comúns certamente complexas, como a gran extensión, a dependencia productiva (enerxética nas Pontes e agraria en Vilalba), a dispersión da poboación, o déficit de infraestructuras de comunicacións ou as condicións orográficas, estes dous municipios tratan de dotar aos seus cidadáns coas ferramentas máis útiles para reducir a distancia existente hoxendía entre a zona rural e a Galicia urbana e o resto de España.

Este proxecto conta cun orzamento de preto dun millón de euros e parte dos planos de acción das Pontes e Vilalba para a implantación da sociedade da información e do coñecemento (SIC) nos seus ámbitos xeográficos, dos que recolle os seus obxectivos fundamentais:

- reducir a fenda dixital
- fixar poboación
- transformar a forma de comunicación entre os cidadáns e destes coa administración e cara ao exterior
- convertir ás persoas e diversos axentes do concello en parte activa da SIC
- mellorar o nivel de vida dos cidadáns.

2.- Un territorio camiño da exclusión dixital

As deficiencias do sistema de telefonía TRAC, que imposibilita a conexión a internet, deixaron ao rural galego abandonado ante o avance tecnolóxico que se asentaba nas cidades. Esta eiva fíxose máis profunda, se cabe, en Vilalba e As Pontes, dous dos concellos máis extensos e cunha orografía máis complexa de Galicia.

Ás dificultades xeográficas hai que engadir as tecnolóxicas, xa que os operadores de telecomunicacións non consideran rendible ofrecer servicio ás zonas illadas destes concellos.

En definitiva, partimos dunha situación bastante complexa, cuns índices e estatísticas que amosan a pantasma da infoexclusión, a forma de exclusión social do século XXI.

Ante este panorama, as administracións deciden actuar e nace Vilas Dixitais, co obxectivo de cubrir as necesidades básicas dos cidadáns, pero á vez tratando de constituir un modelo de recuperación e desenvolvemento tecnolóxico exportable ao resto do rural e das zonas illadas que se atopan ao abeiro da exclusión dixital, tanto en Galicia como no resto do Estado.

3.- 40 telecentros para levar as últimas tecnoloxías ao rural

Coa vista posta en tecnoloxías alternativas, neste caso a conexión vía satélite, e aproveitando o importante asociacionismo e a rede de antigas escolas rurais existentes nas parroquias dos dous concellos, Vilas Dixitais promove a creación de espacios públicos de conexión a internet nas parroquias. Estas 40 escolas, rebautizadas como telecentros, permitirán a todos os veciños ter acceso ás vantaxes da rede dende calquer punto do concello sen ter que acudir ao centro urbano.

4.- Un portal creado exclusivamente para os veciños

Unha vez garantida a conexión pública de calidade, os cidadáns disporán de servizos, aplicacións de interrelación e contidos feitos á súa medida, recollidos nos

portais aspontes.net e vilalbadixital.net. Tras a posta en marcha desas ferramentas de participación, serán os propios veciños os que lle engadirán valor cos seus textos, imaxes e creacións.

5.- Alfabetización dixital no rural

Tendo en conta a situación de partida, o proxecto contempla a necesidade de alfabetizar dixitalmente aos cidadáns, por medio de cursos de formación nos que acadarán os coñecementos básicos para poder desenvolverse nas tecnoloxías indispensables para o noso tempo.

6.- RTVi As Pontes, comunicación dixitalizada e de calidade, elaborada por e para todos

Xunto á inclusión dos cidadáns na SIC, Vilas Dixitais contribuirá cunha iniciativa innovadora á modernización dos medios de comunicación das Pontes, a radio e televisión municipais, unificados xunto co servizo de novas a través de internet baixo o nome RTVi As Pontes. A súa dixitalización permitirá optimizar os medios públicos, abaratar os custos e crear contidos conxuntos de calidade, elaborados por profesionais multimedia coa absoluta implicación veciñal, tanto na xeración de informacións como no proceso da súa construcción.

Este aspecto é importante cara á inclusión social e a creación dunha masa crítica cidadá, xa que aportarán a súa visión aos medios públicos e afondarán en temas que doutro xeito sería imposible de cubrir polos xornalistas da RTVi As Pontes.

7.- Un proxecto dos cidadáns

En definitiva, Vilas Dixitais é un proxecto que require a participación de todos, xa que malia o liderazgo e os esforzos das administracións, deben ser os propios usuarios do proxecto os que contribúan a darlle o pulo necesario coas súas aportacións, xa que os cidadáns de Vilalba e As Pontes serán o verdadeiro referente do proxecto, co obxectivo de implicalos na construcción dunha sociedade tecnoloxizada que lles permita alonxarse da forma de exclusión do noso tempo, a fenda dixital.

AS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN NO ENSINO. A CIBERESCOLA DE PEDROUZOS E O CIBERINSTITUTO DE VICESO NO CONCELLO DE BRIÓN

Yolanda García Vázquez
Francisco Xosé Armas Quintá
Xosé Carlos Macía Arce

Grupo de Investigación Socio-Territorial. IDEGA
Universidade de Santiago de Compostela

1.- Resumo

O Grupo de Investigación Socio-Territorial (GIS-T), pertencente ó Instituto Universitario de Estudios e Desenvolvemento de Galicia (IDEGA) da Universidade de Santiago, está a levar a cabo, no marco do proxecto SINDUR, unha experiencia piloto nos centros de ensino de Brión, co obxectivo de achegar as tecnoloxías da información e comunicación ás novas xeracións, así como de empregar estes recursos tecnolóxicos na docencia e incorporalos no proceso de ensino-aprendizaxe. Para elo, o GIS-T IDEGA en colaboración con outros investigadores da Universidade de Santiago, profesores e alumnos dos centros de ensino de Pedrouzos e Viceso, crearon a plataforma de Cibereducación dentro do entorno web www.infobrion.com. Na presente comunicación preséntase de forma sucinta a metodoloxía levada a cabo, así como unha valoración crítica da participación da comunidade educativa neste proxecto piloto.

2.- A e-inclusión no concello de Brión a partir de WWW.INFOBRION.COM. A experiencia da ciberescola de Pedrouzos e o ciberinstituto de Viceso

E-inclusión forma parte dun proxecto de investigación denominado SINDUR: Sociedade da Información e desenvolvemento urbano-rexional, financiado polo Ministerio de Educación e Ciencia. SINDUR está artillado en varias unidades temáticas de investigación, sendo E-inclusión unha das súas pezas clave. E-inclusión ten como finalidade localizar o fenómeno coñecido como Fenda Dixital, é dicir, grupos sociais e espacios excluídos ou marxinados da Sociedade da Información e das Tecnoloxías da Información e Comunicación, no concello de Brión.

E-inclusión leva a cabo un estudio social pormenorizado acerca das necesidades, problemas e posibles expectativas que poderían desenvolverse para enganchar e incluír a estes grupos sociais e espacios marxinados na Sociedade da Información. Para facer fronte á Fenda Dixital elabora unha proposta de intervención social a partir da creación dun entorno virtual dixital, multimedia e interactivo, e dunha Rede de Puntos Dixitais contra a marxinación.

Para desenvolver a unidade E-inclusión creouse unha plataforma web interactiva chamada InfoBrion. Esta web nace no ano 2002 como iniciativa do Grupo de Investigación Socio-Territorial (GIS-T) IDEGA da Universidade de Santiago de Compostela en colaboración co Concello de Brión, o Centro de Educación Infantil e Primaria de Pedrouzos e o Instituto de Educación Secundaria de Viceso, ambos emprazados no Concello de Brión (ver figura 1). Infobrion é un instrumento telemático deseñado como un portal interactivo multimedia, que impulsa a creación dunha comunidade virtual nun pequeno municipio rural de 7.000 habitantes, localizado na periferia da cidade de Santiago de Compostela. Exerce un papel dinamizador da comunidade local, dando moita importancia á formación de capital humano en Brión. A investigación dos impactos da telemática na comunidade e institucións de Brión ofrecen a posibilidade de analizar o medio rural do futuro nunha rexión periférica como é Galicia.

Figura 1: Mapa de localización do Concello de Brión en Galicia



Fonte: Elaboración propia (GIS-T IDEGA. Universidade de Santiago).

Infobrion concíbese como unha estratexia de intervención social para vence-la Fenda Dixital e pretende impulsa-lo desenvolvemento social, económico e cultural no Concello de Brión a partir da difusión das novas Tecnoloxías da Información e Comunicación (TIC). Así mesmo, aposta pola recuperación da memoria histórica e a revalorización da cultura popular no contexto da Sociedade da Información.

O módulo de investigación E-Inclusión, mediante o portal www.infobrion.com, artillase en tres programas de actuación: Brión Folk Project, Cibereducación e Inmersión na sociedade da información[1]. Dada a orientación desta comunicación de cara a implantación das TIC no ensino, desenvolveremos como se está a levar a cabo o programa de intervención Cibereducación.

Cibereducación é un programa que pretende impulsar nos centros de ensino de primaria e secundaria no concello de Brión, un entorno virtual que chegue a promover o uso das Tecnoloxías da Información e Comunicación (TIC), que motive á comunidade escolar, profesores, alumnos, e pais e nais de alumnos, a elaborar materiais informacionais para dito entorno virtual. Pretende desenvolver a comunidade escolar e que cada un dos seus membros poda atopar información de interese no portal de www.infobrion.com. Este portal web ofrece información continua e actualizada sobre as actividades da escola e o instituto acerca do traballo diario que desenvolven os profesores, alumnos e a comunidade escolar no seu conxunto.

Uns dos primeiros pasos que se deron para levar adiante este programa de actuación, foi a sinatura dun convenio de colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia. A continuación, levouse a cabo por parte do Grupo de Investigación da Universidade de Santiago, unha rolda de presentacións, nos dous centros de ensino, do portal web www.infobrion.com, e en especial da plataforma de Cibereduación e as utilidades do correo electrónico. Ó mesmo tempo, impartíronse cursos de formación entre os docentes coa finalidade de manexar recursos dixitais (fotografías e sons) para a súa publicación en Internet, así como o manexo do sistema editorial de InfoBrion. A coordinación coas institucións de ensino estableceuse dende un primeiro momento coa asignación de dous profesores encargados de dinamiza-lo proxecto nos seus respectivos centros. Así, contouse coa colaboración activa de Luz Ramos, en representación do CiberInstituto de Viceso, e de César Sieiro nas actividades de colaboración coa CiberEscola de Pedrouzos.

[1] Ver FERRÁS SEXTO, Carlos (et al.). "Metodología de intervención para vencer la Brecha Digital. La experiencia de www.infobrion.com." *Scripta Nova. Revista electrónica de geografía y ciencias sociales*. [en línea]. Vol. VI, núm. 170. 1 de agosto de 2004. Disponible en Internet: http://www.ub.es/geocrit/sn/sn-170-72.htm

Froito do convenio formalizado coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, concedeuse a cada centro de ensino unha axuda de 3.000 euros, prorrogables por tres anos máis, coincidindo co período de execución do proxecto SINDUR. O primeiro ano, os centros con esta axuda mercaron gravadoras de son e cámaras fotográficas dixitais, ordenadores portátiles e canóns de vídeo. Ademais da adquisición destes recursos informáticos, fixéronse esforzos para dotar ós centros educativos de Pedrouzos e Viceso dunha mellor conexión a Internet, mediante contactos con empresas de telecomunicacións. Durante este primeiro ano do proxecto leváronse a cabo cursos de formación entre o profesorado interesado en participar. Impartíronse cursos de edición de imaxe dixital de cara a publicación de imaxes en InfoBrion con parámetros previamente establecidos. Ó mesmo tempo, o curso contemplaba a edición de reportaxes no sistema editorial, con recursos de imaxe e reportaxes relacionadas.

Os cursos de formación tiveron unha segunda edición para aqueles docentes interesados en incluír nas súas reportaxes recursos de son dixital. Os cursos estaban dirixidos a seleccionar os cortes de son máis interesantes, convertelos a un formato de reproducción universal e comprimilos para a súa publicación en Internet. Os cursos impartíronse no Instituto Universitario de Estudios e Desenvolvemento de Galicia, da Universidade de Santiago.

Os cursos de formación dirixidos ó profesorado, foi un paso moi importante para poñer en funcionamento a sección de Cibereducación, cunha participación moderada nos cursos aínda que significativa. En total, realizaron os cursos de formación uns quince profesores entre os dous centros de ensino, o que supón un 20% aproximadamente da comunidade docente. Por outra parte, os profesores que inicialmente decidiron colaborar non tiveron despois unha participación activa, salvo contadas excepcións, tendo que facer a gran maioría dos esforzos os investigadores da Universidade de Santiago. É certo que a meirande parte dos escollos deben de ser salvados nas primeiras fases desta experiencia piloto; algúns deles xa foron superados pero é necesario unha maior implicación e traballo por parte de ambas comunidades docentes. Observouse que en moitos casos, os profesores estaban máis interesados en recibir a acreditación correspondente por parte da Universidade de Santiago que en colaborar nesta experiencia piloto.

Superada a fase de formación dos docentes que decidiron colaborar, e co apoio dos investigadores do GIS-T IDEGA da Universidade de Santiago, dende o curso académico 2003-2004 o colexio de Pedrouzos e o instituto de Viceso están a levar a cabo distintas reportaxes acerca da vida diaria nos centros; dende as excursións didácticas, actividades na aula, festas, etc. Os alumnos e alumnas dos centros de ensino de Brión publican en Internet as actividades que realizan día a día, con especial interese nas distintas actividades que levan a cabo nas aulas; así van acumulando un amplo abanico de recursos dixitais e reportaxes que poden ser empregados como unidades didácticas para futuros estudiantes.

Na figura 2 pódese observar que os centros de primaria e secundaria do Concello de Brión atópanse nuns niveis de dotación de ordenadores por cada 100 alumnos netamente superiores ós rexistrados nos principais países de Europa, cunhas taxas de máis de 14 e 8 ordenadores por cada 100 alumnos de primaria e secundaria respectivamente. A sección de Cibereduación ofrece imaxes, sons e vídeos dixitais, así como documentos de interese pedagóxico, opinións, información de actividades, foros de debate, etc. Infobrion.com xera contidos didácticos en formato dixital a partir do propio traballo das comunidades escolares (alumnos, profesores, pais e nais de alumnos). Infobrion dispón dun sistema de xestión editorial que permite que a propia comunidade edite na rede os seus propios traballos, xere as súas noticias, formule os seus foros, etc.

Figura 2. Ordenadores conectados a Internet por cada 100 alumnos en primaria e secundaria



Fonte: Elaboración MCYT a partir de Flash Eurobarometer 94/101, proxección 2001/06.
Fonte: GIS-T IDEGA, datos relativos Concello de Brión ano 2004.
Gráfico: GIS-T IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.

Cibereducación está conformado por quince seccións. A primeira delas comeza cunha breve *presentación* das institucións, na que pode atoparse información relacionada coa historia dos centros, infraestructuras básicas, profesorado e alumnado. Esta sección compleméntase cunha segunda na que se recolle información relacionada coa *xestión e administración* dos centros. O *obradoiro do sabio* conforma a sección máis destacada, constituíndo un valioso e amplo temario de unidades didácticas de apoio na formación de alumnos e alumnas. A *vida cotiá*, tanto na escola como no instituto, recolle en cinco seccións as *actividades deportivas*, as *excursións didácticas*, as *festas* e outras actividades destacadas. O apartado de CiberEducación tamén ten a súa cita coa historia na

sección *a escola na memoria* e na *revista na escola*, nas que se lembran as principais actividades e actos acontecidos nos derradeiros anos. Por último, a participación, comunicación e información entre os distintos membros da comunidade educativa é posible nas seccións axenda, taboleiro de novas, cartas ó director, asociación de ex-alumnos e asociación de pais e nais. Na plataforma Cibereducación foron publicadas dende decembro de 2003 ate abril de 2005, unhas 150 reportaxes, máis de 2.200 imaxes, 250 sons e 60 vídeos.

Todas elas teñen o seu papel destacado de cara a inmersión dos escolares e da sociedade en xeral na Sociedade da Información, pero teñen especial relevancia algunhas delas como por exemplo, o obradoiro do sabio e excursións didácticas, xa que poden dar lugar a interesantes recursos pedagóxicos para empregar nas aulas, cambiando substancialmente o tradicional proceso de ensino-aprendizaxe. Non cabe dúbida do inmenso valor cultural e pedagóxico que supón dispoñer de recursos multimedia de acontecementos históricos, como foi a Gerra Civil Española, con relatos de octoxenarios que foron partícipes deste tráxico suceso. Nesta comunicación expoñemos dous exemplos de reportaxes elaboradas polo centros de ensino do Concello de Brión: o Colexio de Pedrouzos e o Instituto de Viceso.

Dos variados exemplos que se atopan publicados na Ciberescola de Pedrouzos, decantámonos por amosar unhas breves pinceladas dunha reportaxe elaborada conxuntamente por docentes do CEIP de Pedrouzos e investigadores do GIS-T IDEGA da Universidade de Santiago http://www.infobrion.com/publico2/e_excursions.php?id=336. Trátase dunha saída didáctica que tivo como finalidade o coñecemento dos muíños tradicionais, as súas partes, etc. (ver Figura 3). Durante esta saída, os alumnos e alumnas de Pedrouzos puideron ver un muíño en funcionamento emprazado en Sanín, na parroquia dos Ánxeles, no concello de Brión. Os alumnos, ademais de velas distintas partes dun muíño de auga, recolleron material fotográfico e de son dixitais e publicouse en Internet acompañando dunha reportaxe onde se especificaba a función dos muíños en Galicia, as súas partes, etc. A continuación amosamos un pequeno fragmento da reportaxe elaborada polos alumnos e alumas de Pedrouzos coa colaboración e supervisión dos investigadores do GIS-T.

"En Galicia existen numerosos muíños situados á beira dos ríos e regatos. Trátase de construccións que, antigamente, utilizaban con frecuencia os habitantes de cada lugar, para conseguí-la fariña derivada dos grans de millo, trigo ou centeo dos que dispoñían. Actualmente xa se empregan novas máquinas que obrigan ós antigos muíños a seren abandonados, pois practicamente ninguén utiliza este mecanismo tradicional. Moitos destes muíños, algúns en ruínas, foron restaurados coa finalidade de mostrar ó visitante cómo se realizaba o proceso de elaboración da fariña de forma tradicional."

"A propiedade dos muíños de auga podía ser privada (dunha persoa) ou colectiva (dun grupo de veciños ou dos habitantes dunha aldea). Neste último caso, os diferentes propietarios do muíño establecían un horario coa finalidade de que todos puidesen moe-los seus grans de millo, trigo ou centeo. Cando algún veciño tiña que ir ó muíño pola noite, o medo á escuridade dos montes e ó posible ataque de animais salvaxes, obrigaba a moitos habitantes a traballar no muíño acompañados polos seus amigos ou coñecidos. Aproveitando estos momentos de encontro para cantar, contar contos, falar, etc. existindo numerosas cancións, historias e lendas que falan de cousas que sucedían neses intres onde se mesturaba o traballo co lecer."

Figura 3. Muíño tradicional.

Outra das reportaxes que amosamos a continuación, realizada o Ciberinstituto de Viceso, foi a elaboración dunha reportaxe acerca dunha entrevista que fixeron os alumnos de Viceso a unha veciña octoxenaria do concello de Brión, que fala sobre a vida cotiá durante a Guerra Civil Española e a época do franquismo http://www.infobrion.com/publico2/e_excursions.php?id=336 (ver Figura 4). Esta octoxenaria de Brión, compartiu as súas vivencias cos escolares do Instituto, a súa infancia, os xogos populares, a Guerra, o medo e as necesidades sufridas durante o franquismo, etc. Amosamos a continuación un breve fragmento da reportaxe publicada na sección do Ciberinstituto de Viceso.

"Señora Amelia, fálenos da súa infancia, como era a escola na súa época.

Cando eu era nena iamos á escola xuntos os rapaces e as rapazas e había entre nós moito compañeirismo, levabámonos moi ben uns cos outros e iso que eramos moitos, na miña escola había uns sesenta ou setenta, o que pasa e que non sempre viñan todos, dependía da época do ano. Había rapaces pequenos e grandes e para atendernos a todos só tiñamos un mestre, estábase na escola ata os catorce anos e despois íase aprender un oficio. A escola tiñámola onde hoxe está o teleclub de Ons."

Figura 4. Amelia Cajuso.

"Sabemos que vostede viviu a época da guerra, gustaríanos que nos explicara como era a vida neses tempos.

A vida nesa época era moi mala, aínda que aquí nas aldeas non se pasaba tanta fame coma nas vilas onde non había nada que comer; nas aldeas sempre había algo de patacas, millo, un cacho de touciño... de todas maneiras tamén nas aldeas houbo quen o pasou moi mal, se cadra non tiñan millo para cocer e ó mellor tiñan unha manada de rapaces, houbo moita xente que comía do que lle daban os veciños; era moi triste para unha nai que os fillos lle pediran un cacho de broa e que non lla puidera dar. Pero a fame non só foi mentres durou a guerra senón que despois nos anos 40 e 41 tamén se pasou moita miseria."

Estes son dous exemplos de reportaxes publicados na área temática Cibereduación dentro do portal web www.infobrion.com. A dicir verdade, esta web tivo e segue a ter un notable éxito entre a comunidade local e foránea. Tendo en conta que o concello de Brión conta cuns 7.000 habitantes, InfoBrion chegou a ter no mes de decembro de 2004, máis de 1.700 visitantes distintos e máis de 95.000 páxinas visitadas (ver cadro 1).

Cadro 1. Visitas www.infobrion.com no período setembro 2003 – decembro 2004

Mes	Visitantes distintos	Número de visitas	Páxinas
Setembro 03	28	42	43
Outubro 03	76	367	10.437
Novembro 03	184	914	22.975
Decembro 03	127	735	18.852
Xaneiro 04	202	848	18.653
Febreiro 04	664	1.581	30.918
Marzo 04	990	1.996	30.864
Outubro 04	887	2.754	58.933
Novembro 04	1.090	3.916	70.948
Decembro 04	1.766	5.711	95.881

Fonte: GIS-T IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.

Pero a pesar do éxito acadado nos dous anos de vida do proxecto SINDUR, existen numerosos problemas e dificultades no que se refire ó desenvolvemento da plataforma de Cibereduación. Por un lado, existe pouca implicación por parte da comunidade docente, tanto no Colexio de Pedrouzos como no Instituto de Viceso. Son poucos os profesores que se brindaron a colaborar nesta experiencia piloto no ámbito da educación e, destes, a súa implicación na mesma é, máis ben, escasa. Polo outro, as infraestructuras no que atinxe á conexión a Internet nos centros de ensino é moi precaria. Cando se comezou con esta experiencia piloto, os dous centros de ensino dispoñían dunha conexión telefónica ordinaria, co que se facía moi dificultosa a publicación de recursos dixitais e reportaxes dende os centros educativos, aínda que, despois conseguiuse mediante contactos coas

operadoras de telefonía, e coa Consellería de Educación dotar ó CEIP de Pedrouzos con conexión ADSL.

O obxectivo primordial do GIS-T IDEGA no que atinxe ó desenvolvemento de Ciberedución, é intentar conseguir que os propios alumnos editen, coa supervisión dos profesores, os seus traballos de aula en Internet, os acontecementos diarios dos centros, etc. Pero para iso, é moi importante que o equipo docente sexa consciente das vantaxes que brindan as TIC no ámbito da educación, e que se impliquen na súa difusión e implantación entre os escolares; isto último sen dúbida é o escollo máis difícil e importante de superar.

Bibliografía

Cairncross, F.(2001). *The Death of Distance 2.0*. Londres: Texere.

Castells, Manuel (2000). *La Era de la Información*. Tomo I y II. Madrid: Alianza.

Dodge, M. E Kitchin, R. (2000). *Mapping Cyberspace*. Londres: Routledge.

Ferrás Sexto, C. (Coord.) (2004). *Internet e Educación*. Santiago de Compostela: IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.

Ferrás Sexto, C. (2002). Globalización, sociedad de la información y desarrollo socio-territorial. Apuntes para una reflexión crítica. En: *Territorio, Globalizaçao e Trajectórias de Desenvolvimento*. Coimbra: Centro de Estudos Geográficos, Universidade de Coimbra, p. 23-44.

Ferrás Sexto, C.; García Vázquez, Y.; Macía Arce, X. C.; Armas Quintá, F. X. Metodología de intervención para vencer la Brecha Digital. La experiencia de www.infobrion.com. *Scripta Nova. Revista electrónica de geografía y ciencias sociales*. [en línea]. Vol. VI, núm. 170. 1 de agosto de 2004. Disponible en Internet: http://www.ub.es/geocrit/sn/sn-170-72.htm

Ferrás Sexto, C.; García Vázquez, Y.; Macía Arce, X. C.; Armas Quintá, F. X. Novas tecnoloxías e desenvolvemento rural. Unha experiencia no concello de Brión (Galicia). Ponencia presentada no *II Congreso Internacional de Investigación e Desenvolvemento Socio-cultural*. Paredes de Coura, 28-30 de outubro de 2004. (Pendente de publicar).

Ferrás Sexto, C.; García Vázquez, Y.; Macía Arce, X. C; García Vázquez, P. (2001). El territorio como mercancía. Fundamentos teóricos y metodológicos del marketing territorial. *Revista de Desenvolvimento Econômico*. 2001, nº 5, p. 67-78.

Ferrás Sexto, C. (2000). Ciudad dispersa, aldea virtual y revolución tecnológica. *Scripta Nova* (en línea). nº 68. Disponible en la World Wide Web: http://www.ub.es/geocrit/sn-69-68.htm

Ferrás Sexto, C. (1999). La ciudad dispersa y las aldeas virtuales. Los estudios geográficos y el retorno a la cultura. En AGE: *El territorio y su imagen*, V. II, Malaga.

Kellerman, A. (2000). "It's not only what you inform-it's also where you do it; The location of production, consumption and contents of web information". *Taub Urban Reserch Centre* [en línea]. Universidad de Nueva York. Disponible en la World Wide Web: <http://www.informationcity.org/research/kellerman-inform/location-web-info.pdf>

RETEVISIÓN: *e-España 2004. Informe anual sobre el desarrollo de la Sociedad de la Información en España*. Madrid: Fundación Retevisión auna, 2003.

WEB EDUCATIVA MUNICIPAL

Ana Isabel Quián Roig
José Rodríguez Martínez

1. Resumen

La introducción de ordenadores en los colegios e institutos, un mayor y mejor acceso a internet, el aumento de oferta de teleformación y de cursos on-line,... están situando a la informática en un puesto destacado dentro de los procesos de enseñanza/aprendizaje actuales.

La proliferación de páginas web gestionadas directamente por los centros escolares nos ha llevado a estudiar estos espacios virtuales como un elemento más de la realidad educativa presente en nuestra sociedad.

Sin embargo, en lugar de decantarnos por una web particular de un centro determinado, hemos decidido profundizar en otra más global.

La página web que analizamos pertenece al ayuntamiento de La Coruña. Esta página (y todos los enlaces que contiene) se define como una web educadora que siendo de La Coruña, y siendo educativa, trasciende de lo meramente local y estrictamente educativo.

2.- Presentación

Hoy por hoy es habitual la presencia de ordenadores en nuestros centros escolares, lo que acerca al alumnado y al profesorado a la red global de información.

No es extraño que los colegios e institutos tengan su propia página web, en la que tomar el pulso a la comunidad escolar. Un punto de encuentro entre todos los agentes educativos que dan vida al centro.

En dichas páginas se trata la realidad de la escuela, se informa de acontecimientos y novedades, se organizan reuniones de antiguoas/as alumnos/as, se crean foros de opinión, se resuelven dudas, se facilitan enlaces con otras webs de interés, etc.

Cada página es tan específica como el centro que la gestiona, con sus características particulares, aunque con multitud de rasgos y cuestiones coincidentes.

Así pues, nosotros -psicopedagogos e investigadores educativos- hemos decidido estudiar, y presentar en esta comunicación, una web que recoge y aglutina muchos de los temas comunes de las páginas escolares, pero que al mismo tiempo no pertenece a un centro educativo concreto. Se trata de la *Intranet Escolar* municipal dispuesta por el Ayuntamiento de La Coruña.

3.- Descripción de la WEB

Esta web, conocida como Intranet Escolar, tiene la siguiente dirección *www.edu.aytolacoruna.es*, y supone un espacio virtual en el que se pueden dar cita todos/as los/as docentes y estudiantes de los centros educativos de la ciudad, así como visitantes en general a los que les resulte de interés la temática de la página.

Para acceder a ella y a sus contenidos simplemente es necesario conocer la dirección web, no obstante, para formar parte de la red de usuarias/os, colaborar y tener acceso a determinados recursos, es imprescindible darse de alta en la página.

El análisis que se presenta en este artículo está hecho en base a lo que cualquier persona sin ser usuario/a registrado/a puede obtener de la web.

En la página de inicio de la web educativa municipal, nos encontramos con los diferentes bloques temáticos, que hacen referencia a la propia Intranet educativa, a informaciones locales relacionadas con la educación, el empleo, cursos, actuaciones, curiosidades, centenarios, viajes, así como enlaces a múltiples páginas que informan sobre becas, ayudas y premios, teleformación, consejos escolares, etc.

El margen izquierdo queda reservado para que las personas dadas de alta en la página puedan escribir su nombre de usuario/a y su contraseña, accediendo así a los servicios restringidos de la web. Además se dispone un acceso directo al foro educativo.

En el margen contrario aparecen ordenados los diferentes menús que componen esta página, y que llevan por nombre:

- Inicio.
- Correo Electrónico.
- Aula virtual.
- Pensar en educación.
- Enred@te.
- Noticias.

- Programas informáticos.
- Foro Educativo.
- Centros Escolares.

Situándonos en la página de Inicio y clicando en la Intranet Educativa Municipal, se nos presenta un menú con cuatro bloques.

El primero de ellos, llamado *Vida escolar*, es un espacio en el que se informa acerca de las noticias más destacables del ámbito educativo. Así, nos encontramos diferentes secciones con noticias relacionadas con la empleabilidad, comportamientos juveniles (dentro y fuera de la escuela), fiestas y acontecimientos de la ciudad, noticias sobre ecología, recomendaciones de libros, exposiciones, así como pequeños juegos de habilidad, publicaciones, etc.

Otra de las secciones que forma parte de esta Intranet lleva por título *7 días en La Coruña*, y en ella ya se ofrece una información exhaustiva de lo que va a acontecer en la ciudad a lo largo de la semana: conciertos, medio ambiente, efemérides, y noticias culturales... Así mismo, en esta sección se hace una pequeña biografía de dos personas relevantes para el desarrollo de la ciudad.

En el siguiente bloque, *Estamos enredad@s*, se publica cada semana una noticia relacionada con la informática y se sugieren diferentes links a través de los que profundizar en un tema distinto semanalmente.

La última sección, *Galicia en fotos*, nos expone series de islas, ciudades, etc., contando las historias de las diferentes localizaciones geográficas. Del mismo modo, y tal y como indica el nombre de este bloque, nos va enseñando fotografías del camino de Santiago, rutas, paisajes, fiestas tradicionales, monumentos, artesanía,... Además permite, mediante un sistema de búsqueda, seleccionar los contenidos de semanas anteriores.

Volviendo a la página de inicio, entramos en el menú *Pensar en Educación*. En él se hace hincapié en los temas transversales, así como en aspectos educativos que van más allá de lo estrictamente académico y que son primordiales para nuestro desarrollo personal y profesional, como son la tolerancia, la paz, el medio ambiente o la sexualidad.

En esta misma línea, también se presentan diversos contenidos sobre tutorías, problemas personales, informática, orientación profesional, metodología del aprendizaje, normativa básica educativa,... Además de informar sobre estos ámbitos, estos contenidos son recursos que permiten solucionar dudas personales, dar estrategias de intervención y que promueven un foro de innovación. En esta sección, además de participar como usuario/a en la página, se pueden enviar colaboraciones para su publicación.

El menú *Programas informáticos*, facilita información de diferentes softwares de las más variadas aplicaciones y utilidades. Desde tutoriales para el manejo de

Word o Access, hasta programas para modificar los iconos, animación de gifts, etc. todo este software es gratuito y en la información se especifican los requerimientos informáticos necesarios para su instalación.

En otro menú, denominado *Centros escolares*, se hace una relación de los centros registrados en la web municipal. Esta información no es de acceso público, sino que se restringe a las/los usuarias/os dadas/as de alta en la página.

Además de los menúes ya comentados y que forman el cuerpo de contenidos de esta web, existen varios iconos que se mantienen constantes a lo largo de los diferentes bloques y secciones como son: *Aprender en Coruña*, *Museos*, y *Centro de Información Juvenil*.

Aprender en Coruña es una sección informativa muy completa, en la que se puede acceder, siguiendo su menú de inicio, a los siguientes servicios: Servicio Municipal de Educación, Programas Educativos del Servicio Municipal de Educación , Centros Educativos de Titularidad Municipal, Programas Educativos de otros Servicios Municipales, y Entidades con Programas Educativos. En todos ellos se explicita el nombre del programa, la dirección del servicio y/o entidad que lo lleva a cabo, así como el número de teléfono, dirección y persona de contacto para participar en el programa.

Algunos de estos programas tienen por objetivo que las y los usuarias/os descubran la música, el teatro, los estudios, los libros,... También hay programas para aprender a disfrutar del tiempo libre de una manera óptima y otros, como el programa madrugadores, para facilitar la vida de quienes residen en La Coruña y tienen niños/as en edad escolar.

4.- Objetivos y funcionamiento de la página

Como se ha ido indicando en el análisis de las diferentes secciones que componen la web educativa, el objetivo fundamental de la página es acercar la vida educativa de la ciudad a los/as ciudadanos/as.

Para ello se facilita información que va desde la vida de los propios centros escolares coruñeses, a todas aquellas actividades y acciones que se llevan a cabo en La Coruña, planteadas desde su vertiente educativa.

Todo esto para conseguir cotas de calidad más altas en la educación de los/as ciudadanos/as, el desarrollo de la ciudad y la mejora de la sociedad.

Otro de los objetivos de la página es servir de apoyo a docentes y alumnos/as para la superación de sus dificultades diarias, y ser un sistema de información en el que dar y pedir estrategias educativas y de desarrollo personal.

Como se ha mencionado, también es objetivo prioritario de la web establecer un foro de debate e innovación que permita optimizar la educación, creando y

desarrollando programas y actuaciones formativas eficaces que faciliten el desarrollo personal, profesional y la calidad educativa.

Por supuesto, cada programa tiene sus propios objetivos concretos, pero todos ellos se rigen por las finalidades anteriormente mencionadas.

En lo que a la participación en la página se refiere, y siempre para conseguir los objetivos y evitar contenidos no deseados, la inscripción se realiza mediante una gestión centralizada desde la Web Educativa Municipal.

Los/as usuarios/as pueden pertenecer a uno o más centros educativos, pero al menos a uno; cada centro tiene asociado automáticamente un correo electrónico.

Existen cuatro tipos de usuarios/as diferentes:

- Alumno/a: se borran cada año mediante un proceso automático, a no ser que el/la encargado/a de aula comunique al sistema lo contrario.
- Profesor/a: usuario/a permanente del sistema.
- Profesor/a administrador/a: el/la cual puede realizar las mismas tareas administrativas que el/la encargado/a de aula.
- Encargado/a de aula: uno/a por centro.

Una vez realizada la solicitud de inscripción en la página, ésta es valorada, pudiendo resultar aceptada o rechazada.

Cuando la solicitud se aprueba, el/la interesado/a tiene acceso a la información a través de su nombre de usuario/a y contraseña.

5.- Conclusiones

Una de las características de la página es la facilidad que presenta para encontrar los contenidos, así como la opción de ayuda que aparece a lo largo de toda la web y que resultas de gran utilidad.

Así mismo, gracias a las preguntas que se exponen en cada bloque, a las imágenes y al formato de la información, tanto la motivación como la interacción se ven potenciadas.

En nuestra opinión, una de las mayores ventajas que presenta la Intranet del ayuntamiento de La Coruña, es el sentido amplio de educación que pretende dar. Ello se observa desde la página de inicio, donde queda muy claro que, además de educarnos en el ambiente formal del aula, también nos educamos mientras leemos un libro, vemos una película o vamos a un concierto, lo cual es una visión más que acertada, ya que la educación forma parte de todas las personas a lo largo de su vida.

En este sentido, podemos señalar que desde siempre se ha culpado a la escuela de estar alejada de la vida real o de las necesidades sociales, y con este

tipo de páginas, y con ésta en concreto, evitamos este desfase, ya que todas las noticias se revisan semanalmente, las dudas o problemas se consultan y contestan con la mayor celeridad y se premian y publican noticias, concursos y premios sobre innovación educativa.

Otra ventaja que presenta es que aglutina en un mismo espacio los diferentes servicios y entidades educativas, facilitando la información a las personas que lo necesiten.

Por supuesto al tener una plataforma de teleformación, también permite realizar cursos on-line, lo que supone formarse al ritmo que cada uno/a prefiera, sin tener unos horarios prefijados. Además al tener una amplia clasificación de cursos nos permite diversificar nuestra formación.

De hecho, todas las ventajas que ofrece esta web podrían ser aprovechadas por otros colectivos como por ejemplo usuarios/as de bibliotecas y de servicios municipales, universitarias/os,... por lo que consideramos que la mejora más importante que podría hacer la página educativa municipal, sería facilitar el acceso de los usuarios/as no pertenecientes a centros escolares a una mayor cantidad de los servicios que oferta.

Bibliografía

Aparici R. (1996). *La revolución de los medios audiovisuales. Educación y nuevas tecnologías*. Madrid: Ediciones de la Torre.

Cabero, J. y otros (2000). *Nuevas Tecnologías aplicadas a la Educación*. Madrid: Síntesis.

De Pablos, J. (1994). *La tecnología educativa en España*. Sevilla: Universidad de Sevilla.

Sarramona, J. y otros (1990). *Educació i noves tecnologies*. Barcelona: Cruilla.

Zaragoza, J. M. y Cassadó, A. (1992). *Aspectos técnicos y pedagógicos del ordenador en la escuela*. Madrid: Bruño.

A ALFABETIZACIÓN DIXITAL: REALIDADE E EXPERIENCIA

Carmen Mª Prego Lamas

Alfabetizadora dixital do Plan de Alfabetización Dixital, 2002-2003

1.- Resumo

A presente comunicación trata de aproximarse ás iniciativas e propostas concretas de alfabetización dixital, desenvoltas dende o Plan de Alfabetización Dixital da Deputación provincial de A Coruña. A experiencia presentada contextualízase na Aula de Informática do Concello de Ponteceso (A Coruña); concello rural de tamaño pequeno, cunha poboación que ronda os 7000 habitantes. A actividade desenvolta, enmarcada dentro do proxecto socioeducativo da Aula, parte co obxectivo básico de aproximar e "familiarizar" o uso "crítico" e responsable das Novas Tecnoloxías da Información e da Comunicación ás mulleres deste Concello, dende a perspectiva da dinamización sociocultural.

2.- Paso a paso

A apertura das Aulas de Informática por parte da Deputación da Coruña nos concellos, marcou, sen dúbida algunha, un paso importante de cara a favorecer o uso (e tamén desfrute) das Novas Tecnoloxías naquelas zonas onde o acceso a este tipo de tecnoloxía era máis ben limitado. Pero resulta evidente, que co feito de ter os ordenadores non estaba todo solucionado. Era necesario, polo tanto, ir máis alá: favorecer o proceso de aproximación a estas Novas Tecnoloxías, pero dende unha perspectiva educativa. En definitiva, mediar nun proceso bastante complexo cheo de medos, inquedanzas, e, moitos límites. A figura do educador/a, faise fundamental. De ai xurde a necesidade de que nestas Aulas se atopasen profesionais do ámbito educativo: os alfabetizadores/as dixitais , como mediadores esenciais deste proceso.

A nosa aterrizase nas Aulas foi complexa; por unha banda, tiñámonos que "ubicar" non só nunha realidade concreta (os Concellos nos que estabamos a traballar) senón tamén tratar de "dixerir" e sacar a diante as nosas funcións como alfabetizadores/as. Funcións e tarefas que tamén era necesario dar a coñecer, xa que... como explicar que traballabamos nunha Aula de informática, pero non

eramos informáticos? Como explicar que traballábamos para proporcionar as ferramentas para o uso das Novas Tecnoloxías, pero non eramos profesores/as de informática? Os primeiros meses foron TODO UN RETO.

Pero pasiño a pasiño, chegamos a ubicarnos nas nosas tarefas profesionais e empezamos a planificar e executar os proxectos socioeducativos das Aulas de Informática.

As peculiaridades de cada proxecto iban a vir determinadas en gran medida pola idiosincrasia dos distintos Concellos, polo que se fixo necesario, nada máis empezar a traballar, coñecer en profundidade as necesidades, peculiaridades, e, demandas da poboación de referencia en relación ás Novas Tecnoloxías, para deste xeito, promover a dinamización (socioeducativa) da infraestructura dispoñible nas distintas Aulas.

3.- Unha experiencia concreta en alfabetización dixital

O proxecto socioeducativo da Aula de Ponteceso, pasaba necesariamente por propor actividades e accións educativas encamiñadas a "favorecer" o proceso de aproximación á tecnoloxía dispoñible na Aula. Deste xeito, e partindo dunha análise (diagnose) previa da realidade, decídese, poñer en marcha unha serie de actividades dirixidas a diferentes destinatarios/as. Esta comunicación presenta a experiencia desenvolta coas mulleres do Concello de Ponteceso, con idades comprendidas entre os 25 e os 50 anos.

3.1. DE ONDE PARTIMOS? ANÁLISE DA REALIDADE- XUSTIFICACIÓN

Conscientes das demandas (en moitos casos expresadas cara á alfabetizadora dixital) decídese incluír actividades e accións formativas dirixidas fundamentalmente aos pais e as nais do Concello de Ponteceso. Foron moitas as demandas neste senso. Por unha banda, o Colexio Rural Agrupado "Monte do Faro", estaba a empregar a Aula de Informática, para desenvolver actividades de formación para os pais dos seus alumnos. Este foi un feito-clave, xa que deste xeito, tamén se favoreceu "o dar a coñecer a Aula", e, en segundo lugar, posibilitar, que moitos destas nais e pais, se sentisen "interesados" por aprender algo máis sobre a informática, e, visen a Aula de Informática como un referente no que acadar esta aproximación e formación nas Novas Tecnoloxías.

Coñecidas estas demandas, e tra-las conclusións do Estudo de necesidades decídese, programar actividades e accións educativas dirixidas ás mulleres de Ponteceso. De seguido mostramos de xeito aproximativo as Características deste grupo poboacional do Concello[1]:

[1] Datos recollidos do IGE: Padrón Municipal do 1996

- O programa vai dirixido a un total de 1.155 mulleres do Concello de Ponteceso cunha idade comprendida dende os 25 ós 50 anos.
- Atendendo á titulación académica, temos que:

TITULACIÓN ACADÉMICA	MULLERES
- Titulación inferior graduado escolar ou sen estudios	2210
- Graduado escolar ou equivalente	787
- Bacharelato,FPII, ou títulos equivalentes ou superiores	329

Respecto á taxa de Analfabetismo, temos unha porcentaxe do 6.3%, taxa moi superior a que presentan os homes do Concello (1.8%).

- Atendendo á actividade económica temos que as mulleres activas do Concello son 1088, deste dato temos que extraer ás mulleres activas ocupadas (978) fronte ó número de mulleres paradas (110). Segundo a rama de actividade económica temos que a meirande parte das mulleres ocupadas do Concello dedícanse a Agricultura (409) seguido das actividades no sector servicios (376) e finalmente o sector da industria (165). As mulleres paradas do Concello distribúense por orde nas seguintes actividades económicas: Servicios e Industria.
- Así mesmo, temos que a taxa de mulleres inactivas é de 2181, dedicándose a maior parte destas mulleres as labores do fogar.

Vistas algunhas das características da poboación feminina do Concello de Ponteceso, viuse necesario promover dende os servicios da Aula de Informática Municipal, un programa que permitise: *aproximar a rede de Internet ás mulleres do Concello.* E deste xeito, tratar de diminuír as diferencias entre aquelas persoas que posúen as ferramentas necesarias de acceso a este novo servicio e aquelas outras que permanecen "lonxanas" o seu uso e as súas utilidades, e que pode xerar nun futuro próximo novas desigualdades sociais, motivadas por ***causas*** como as que de seguido se sinalan:

- **Dificultades de índole económica**, a escaseza de recursos materiais para poder acceder as Novas tecnoloxías da Información e da Comunicación.
- **Dificultades de índole cultural e educativa**, a falta de recursos educativos pode xerar un problema a hora de poder acceder a esta nova forma de coñecemento. Non dominar, en definitiva, as ferramentas

culturais necesarias para comprender e empregar as posibilidades tanto formativas como educativas de Internet.

- **Outra tipoloxía de dificultades:**Por exemplo as territoriais, xa que para o acceso a estas novas formas de coñecemento e comunicación faise necesario estar dotado dunha infraestructura mínimas para así lograr un acceso con garantías.

Partindo desta xustificación ,entendeuse que dende os servicios da Aula de Informática de Ponteceso,era necesario mitigar na medida das nosas posibilidades moitas destas potenciais desigualdades.

Como único requisito para poder participar nestas Xornadas, era que as mulleres tivesen unha idade comprendida entre os 25 e os 50 anos. Para cada grupo (en ámbalas dúas edicións: horario de maña e de tarde) ofertáronse un total de 20 prazas (10 para o grupo da maña e outras 10 para o grupo da tarde). Finalmente o número de matriculadas foi de 18 mulleres.

3.2. QUE SE PRETENDÍA ACADAR?.-OBXECTIVOS E ACTIVIDADES DESENVOLTAS

Para o proxecto determinamos como obxectivos fundamentais os seguintes:

- Que as mulleres participantes nesta actividade dominasen as ferramentas básicas para poder acceder do xeito máis axeitado á Internet (e as súas posibilidades)
- Desenvolver novos hábitos na busca da información empregando as utilidades da rede.
- Desenvolver actitudes criticas ante moita da información que se pode atopar en Internet, valorando de xeito crítico e constructivo as páxinas infantís.

Para a consecución destes obxectivos de partida, o longo das sucesivas sesións, mulleres participantes puideron aprender a:

↳ ***Crear a súa propia conta de correo electrónico (na plataforma de yahoo.es)***: A través desta tarefa, aprenderon non só a enviar e-mails entre elas, senón tamén coñecer as utilidades deste servicio de Internet. Aprenderon de igual xeito a adxuntar información en arquivos (tarefa que lles custou un gran traballo, sobre todo pola súa complexidade, pero que finalmente foi superada sen maiores problemas).

↳ ***Aprenderon novas formas de comunicarse e de coñecer xente a través dos Canais de Chat e do messenger***: Foi sen dúbida algunha, a "actividade – favorita", a pesares de que inicialmente, tiñan os seus prexuízos respecto de "falar" con xente que non coñecían e a que non lle podían "ve-la súa cara", pero finalmente, "abríronse" sen problemas, e en moitas ocasións elas mesmas accedían por iniciativa propia ós Canais de Chat.

↳ ***Empregar os buscadores temáticos***: Aprenderon o que é un buscador, e como empregalo para buscar a información que lles interesa. A través destes buscadores (o de google, fundamentalmente) crearon o seu propio listado de páxinas interesantes en relación a temáticas como: recetas de cociña, actividades de inglés para nenos/as, páxinas de información sobre Ponteceso, medios de comunicación, facer compras en Internet, viaxes, etc. Para a selección das páxinas interesantes da súa guía temática particular, empregaron unha plantilla de Avaliación de páxinas web

↳ ***Finalmente, fixeron unha Valoración críticas das páxinas infantís***: Elaborouse unha selección de páxinas ás que acostuman acceder os rapaces que empregaban a Aula Aberta[2]. Entre elas analizaron e avaliaron algunhas destas páxinas. Podo dicir que as "impresións" foron moi variadas, creándose grupos de discusión e de debate sobre algunhas destas páxinas. Resultou ser unha das actividades máis enriquecedora tanto para as participantes nas Xornadas como para a Alfabetizadora.

Ao inicio das Xornadas entregóuselles un material didáctico as alumnas, nas que se recollían os contidos a traballar na aula e a relación de tarefas a desenvolver. Así mesmo, e de cara a traballar a análise crítica das páxinas web infantís elaborouse unha ficha de avaliación de páxinas web. Esta ferramenta de traballo seguía as seguintes pautas de análise:

- Análise "inicial" da páxina de xogos[3]: Tras unha primeira ollada as diferentes páxinas infantís (recordamos que avaliamos aquelas páxinas que eran as máis visitadas polos rapaces na Aula de informática de Ponteceso) facíamos a seguinte pregunta: deixarían xogar aos seus rapaces na casa con estas páxinas?
- Análise do contido dos xogos (obxectivos): parécenvos violentos, axeitados para os vosos rapaces?
- Análise formal: gráficos, ferramentas do xogo, etc.
- Outros aspectos de análise: imaxe da muller, sexismo, potencialidades didácticas dese recurso web, etc.

[2] A Aula de informática permanecía aberta en modalidade de acceso de luns a venres das 16.00 ás 20.00 horas. Moitos/as nenos/as empregaban este servizo para buscar información (tarefas escolares) e, sobre todo, como recurso lúdico: xogos na web.

[3] Resulta interesante resaltar o feito de que a maior parte das alumnas participantes respostaron que NON deixarían ou NON lles gustaría que os seus fillos/as xogasen a eses xogos ou entrasen nalgunhas das páxinas "infantís" analizadas.

4.- Para concluir

A modo xeral pódese afirmar que as Xornadas de introducción a internet acadaron os obxectivos inicialmente propostos, aínda que este proceso non estivo exento dalgunha dificultade.

Así por exemplo, algunha destas dificultades atopouse inicialmente, xa que houbo que adaptar ó máximo os horarios ás necesidades das destinatarias da actividade. Por exemplo, co grupo da tarde (en horario das 15.00 ás 16.30 horas), houbo que escoller un tramo horario no que as mulleres (moitas delas con fillos/as en idade escolar) tiveran os seus rapaces na Escola, xa que fora dese horario xa non podían asistir as Xornadas. A adaptación a este tipo de necesidades foi máxima.

Ao remate das Xornadas as alumnas cubriron un cuestionario de avaliación. De dita ferramenta extraéronse as seguintes conclusións: as mulleres participantes valoraron moi positivamente a experiencia, e botaron de menos, que non durase moito máis tempo. Entre as distintas actividades desenvoltas o longo das Xornadas as mellor valoradas foron as seguintes: emprega-la súa conta de correo electrónico, canais de Chat, utiliza-los buscadores de información e elaborar o seu dossier de páxinas interesantes, e finalmente a valoración das páxinas infantís.

Finalmente concluír, que experiencias como a descrita hoxe aquí, son unha pequena mostra, dos primeiros pasos dados en Galicia na aproximación e uso das Novas Tecnoloxías, no ámbito da Educación non formal. Pero a realidade tamén nos di, que é neste ámbito (no da Educación Non Formal) onde queda aínda, un longo camiño por percorrer.

O PLAN DE ALFABETIZACIÓN DIXITAL PARA A PROVINCIA DA CORUÑA. REALIDADES DA LEXISLATURA 1999-2003

Carlos Manuel Varela Ulla

Coordinador do Plan de Alfabetización Dixital
Asesor Cultural na Deputación de Coruña de 1999 a 2003

1.- Resumo

A Deputación Provincial da Coruña no período 1999-2003 marcou un fito no avanzo da *alfabetización dixital*, forma amable esta para expresar doutro xeito o que se quere dicir cando se fala de *fenda dixital*.

A creación de **93 aulas informáticas** municipais, con case que **900 postos informáticos** dedicados exclusivamente á cidadanía, **conectados a internet 24 horas e 7 días á semana**, cunha inversión de **3.500.000,00** lograron que máis de **200.000 usuarios** acudiran a elas a formarse, a informarse e como non a culturizarse gracias a programas innovadores e creativos postos ó seu servicio.

Esta comunicación pretende amosar as realidades dun compromiso gobernativo que se puxo coma meta *rachar coa fenda dixital da provincia coruñesa alfabetizando dixitalmente ós seus cidadáns*. Os datos que a acompañan foron extraídos da Memoria do Plan de Alfabetización Dixital 2001-2003; documento que nunca se dou publicado por razóns alleas ó goberno provincial que rematou o seu mandato en 2003.

2.- Os puntos de partida

A Deputación Provincial da Coruña é unha administración local, considerada de segundo nivel[1] pois atende principalmente ós concellos da súa provincia,

[1] Na arquitectura institucional emanada da Constitución Española de 1978, correspóndelles ás Deputacións as tarefas de auxilio técnico e material das outras entidades locais consideradas de primeiro nivel: os concellos. Sirva para definir o mesmo concepto a idea de "administración paraugas".

especialmente aqueles con maiores dificultades de facilitarlles servicios de calidade ós seus veciños.

A Deputación Provincial da Coruña amosou dende antes de 1996, un firme compromiso coa incorporación da provincia á incipiente Sociedade que íase conformando: a **Sociedade da Información, o Coñecemento e a Aprendizaxe (SICA)**. É nesa data cando a Deputación e a Xunta de Galicia unen esforzos para implantar novos servicios de telecomunicacións en todos os concellos da provincia a través de varias ferramentas, destacando o uso da **Rede Privada de Datos da Xunta**. Froito desta colaboración os concellos paulatinamente fóronse modernizando gracias principalmente á implantación das novas tecnoloxías da información (redes de comunicación, ordenadores, software específico de xestión, ...)

En 1998 a Deputación pon en marcha a **Rede Telemática Provincial**. Este foi un proxecto tecnolóxicamente sinxelo pero que facilitou a todos os concellos, a Deputación e a todos os funcionarios destas administracións o acceso a múltiples servicios provinciais especialmente o acceso a internet (www.dicoruna.es), a unha intranet propia e contar cunha conta de correo gratuíta. Desta etapa destacar tamén a posta en marcha de **MERLÍN** un buscador en internet específico para a provincia. O acceso ó Boletín Oficial da Provincia, o acceso ó Rexistro de Contratistas, a consulta das Ofertas Públicas de Emprego ou Contratas así coma a permanente actualización do Directorio Público Local foron fitos importantes que pronto quedaron igualados por moitas institucións que sempre viron na Deputación un exemplo a seguir.

A lexislatura 1999-2003 supuxo un forte avance na incorporación da provincia á Sociedade da Información, o Coñecemento e a Aprendizaxe. O aporte valiosísimo da experiencia de políticos implicados na causa de reducir a fenda dixital e a modernización da administración para facilitar a todos os cidadáns máis e mellores servicios e de maior calidade configuraron unha etapa na que a Deputación Provincial púxose á cabeza das iniciativas públicas no eido das novas tecnoloxías e o seu uso por parte da cidadanía.

Desta época destaca o proxecto **BASICO**. Este fixou as ***B***ases de ***A***cción para o desenvolvemento da ***S***ociedade da ***I***nformación e do ***Co***ñecemento na provincia da ***Co***ruña. Era pois o marco estratéxico de moitas das actuacións que se levaron a cabo nesa lexislatura.

A preocupación do goberno foi a de situar á Deputación de Coruña na cabeceira das rexións españolas en servicios administrativos de calidade no eido da Sociedade da Información. Xurdiron moitas e importantes iniciativas. Actualizáronse programas dotándoos de maior vigor e implementáronse iniciativas pioneiras. Quería se unha provincia "dixitalizada", moderna e á vangarda no uso das novas tecnoloxías, na que a fenda dixital fora un problema menor pola súa

escasa dimensión. Así se expuxo no TECNIMAP do ano 2002 celebrado na Coruña a iniciativa do goberno provincial.

De todos os programas desenvoltos resumo para esta comunicación os principais fitos do ***Plan de Alfabetización Dixital da Deputación Provincial da Coruña no período lexislativo 1999 a 2003***.

3.- O Plan de Alfabetización Dixital

O goberno da Deputación de Coruña ía facilitar **un novo servicio ós cidadáns** da provincia, e elixiu coma protagonistas deste importante esforzo ós **94 concellos coruñeses**. Queriamos que calquera veciño en calquera concello tivera a facilidade de acceder ás novas tecnoloxías nun marco propicio para a formación e a cultura. Nace así a idea, en consonancia coas novas demandas da emerxente Sociedade da Información, da ***Alfabetización Dixital***. Esta era a ferramenta idónea que xunto coa dotación de modernos equipamentos axudaría notablemente a acurtar a *fenda dixital coruñesa*.

Conceptos coma *Fenda Dixital, Alfabetización Dixital* ou mesmo os cada vez máis manidos *Sociedade da Información ou Novas Tecnoloxías,* aínda non formaban parte da linguaxe común dos cidadáns. Hoxe, no 2005 ó igual que no ano 2000, un novo proceso de adquisición de destrezas para a vida en sociedade fan que as persoas que se dedican á educación, á cultura ou á política tomen en serio o novo reto deste comezo de século: ***que todos e cada un dos cidadáns sexan capaces de utilizar as Tecnoloxías da Información para a Adquisición do Coñecemento a través de novas formas de Aprendizaxe e Socialización.***

Está claro que as novas xeracións de mozos teñen unha maior facilidade para incorporarse con éxito a esta nova situación. Pero a maioría dos cidadáns, sobre todo os que forman parte actualmente do tecido productivo do país, atópanse nunha clara desvantaxe que se agranda proporcionalmente ós rápidos avances desa mesma sociedade na que se desenvolven. Dito doutro xeito, son os nosos pais e irmáns maiores os que necesitan unha rápida e eficaz segunda alfabetización para non verse distanciados dos novos tempos que se achegan. O cambiante mundo laboral, a demanda da formación continua, o perfeccionamento intelectual e o acceso a inxentes cantidades de información (sen entrar a valorar a súa "calidade") van conformando un mundo de cidadáns máis informados, máis formados, máis cultos, máis polivalentes, máis interesados e consecuencia de todo o anterior, paradóxicamente máis inquietos respecto o seu futuro que é con toda seguridade un futuro cambiante ó respecto do que foi para os nosos avós e moitos dos nosos pais.

Se esa nova alfabetización, a alfabetización dixital, axuda a reducir a fenda dixital podemos dicir que con satisfacción que os que servimos á provincia coruñesa na lexislatura 1999-2003 aportamos o noso grao de area para elo.

O **Plan de Alfabetización Dixital** perseguiu os seguintes obxectivos:

A creación dunha Rede de Aulas Informáticas nos 94concellos da provincia, para a realización de programas socioeducativos de Alfabetización Dixital.

Os programas máis destacados para acadar os obxectivos foron:

- Programa de Dotación de Aulas Informáticas
- Centro de Atención ós Usuarios
- Programas de Alfabetización Dixital
- Rede de Alfabetizadores Dixitais
- Web do Plan de Alfabetización Dixital.

4.- As aulas informáticas

4.1. A REDE DE AULAS INFORMÁTICAS.-

A precariedade dos concellos para ofertar servicios relacionados coas Novas Tecnoloxías era de sobra coñecida desde as distintas administracións que operan na provincia da Coruña.

Se queriamos que os veciños usasen internet, tiñan que facelo nalgún sitio. De aquí xurde a idea de contar cun espacio estable, referente entre a veciñanza, de fácil acceso e sobre todo vinculado a outros espacios socioculturais ou socioeducativos dos concellos como son os centros socioculturais, as bibliotecas ou as casas de cultura. Así naceron as **AULAS INFORMÁTICAS**.

A rede tiña dous ámbitos de acción, un dirixido experimentalmente ás asociacións de veciños das vilas de máis de 50.000 habitantes e outro, o que aquí nos ocupa, dirixido a todos ós concellos da provincia.

Os obxectivos da **Rede de Aulas Informáticas Municipais** eran:

- Facilitar o acceso dos cidadáns ás novas tecnoloxías nun ambiente socioeducativo axeitado.

- Habilitar cada aula para conectarse a internet 24 horas, 7 días á semana e todo elo de xeito gratuíto.

A provincia da Coruña conta con 94 concellos, dos cales só tres teñen máis de 50.000 habitantes. A maioría conta con menos de 30.000. Polo tanto establecer un modelo único de aula non tiña moito sentido, sobre todo si se introducen criterios de eficacia e eficiencia no Plan.

Deseñáronse tres tipos de aulas atendendo ó tamaño poboacional do concello. O elemento modulable era o número de postos para os usuarios, establecéndose a seguinte tipoloxía:

TIPOS	EQUIPAMENTO INFORMÁTICO	OUTRO EQUIPAMENTO
AULA DE 1 MÓDULO Concellos de menos de 5.000 habitantes.	5 PCs usuarios 1 PC formador 1 impresora láser Rede de datos Liña de comunicación (RDSI/ADSL) 1 HUB 1 Router 1 Rede de comunicación 1 CD Office 2000 6 Office 2000	1 TV de 28" en rede 5 mesas usuarios 5 cadeiras usuarios 1 mesa formador 1 cadeira formador 1 bloque de caixóns 1 mesa da impresora 1 moble soporte router
AULA DE 2 MÓDULOS Concellos de entre 5.001 e 50.000 habitantes.	10 PCs usuarios 1 PC formador 1 impresora láser Rede de datos Liña de comunicación (RDSI/ADSL) 1 HUB 1 Router 1 Rede de comunicación 1 CD Office 2000 11 Office 2000	1 TV de 28" en rede 10 mesas usuarios 10 cadeiras usuarios 1 mesa formador 1 cadeira formador 1 bloque de caixóns 1 mesa da impresora 1 moble soporte router
AULA DE 4 MÓDULOS Concellos de máis de 50.000 habitantes.	20 PCs usuarios 1 PC formador 1 impresora láser Rede de datos Liña de comunicación (RDSI/ADSL) 1 HUB 1 Router 1 Rede de comunicación 1 CD Office 2000 21 Office 2000	1 TV de 28" en rede 20 mesas usuarios 20 cadeiras usuarios 1 mesa formador 1 cadeira formador 1 bloque de caixóns 1 mesa da impresora 1 moble soporte router

O éxito deste programa fixo que a Deputación propuxera na convocatoria seguinte a posibilidade de que concellos con aulas dun módulo puideran ampliala a dous. Na práctica a tipoloxía de aulas dun só módulo desaparecía.

O primeiro reto para "colocar" unha aula informática en cada concello, foi o de artellar un sistema que non complicase excesivamente a instalación e configuración das aulas. A esto se lle sumaba as importantes deficiencias que moitas aulas presentaban. Optamos por secuenciar as instalacións. **Dúas fases** chegaron para que no prazo dun ano estivese a rede de aulas operativas.

Cada aula era un todo. Non se podían dividir e moito menos trasladar sen causa debidamente xustificada. É importante anotar esto pois foron moitas as dúbidas que xurdiron en moitos concellos, especialmente naqueles que lles tocaba máis dun módulo.

O balanzo do programa non puido ser mellor. Dos 94 concellos da provincia **participaron 93**, non querendo participar o concello de Toques por falta de espacio.

Os resultados foron sen dúbida, excelentes. A Rede de Aulas Informáticas "Municipais" quedaba constituída por:

93 AULAS

CON 860 PCs

32 AULAS DE 1 MÓDULO

CON192 PCs

55 AULAS DE 2 MÓDULOS

CON 605 PCs

3 AULAS DE 4 MÓDULOS

CON 63 PCs

A inversión global, só en equipamento foi de pouco máis de **2.000.000, 00** .

4.2. O CENTRO DE ATENCIÓN ÓS USUARIOS.-

93 aulas con 860 PCs cun funcionamento intensivo provocan numerosas incidencias técnicas. Para elo a propia Deputación creou na estructura do seu Servicio de Informática o **Centro de Atención ós Usuarios (CAU)**.

O CAU converteuse na peza clave do funcionamento cotiá da Rede de Aulas. Nel rexistrábanse todas as incidencias e dábanselle as solucións máis axeitadas. Nos casos nos que o CAU non podía atender as demandas, estas derivábanse cara os departamentos da Deputación correspondentes.

O CAU puxo en funcionamento un sistema de recepción de incidencias a través da WEB e contou cunha liña telefónica atendida 12 horas ó día. Atendéronse desde setembro de 2002 a outubro de 2003, **1.675 incidencias**.

Evidentemente a infraestructura de comunicacións na provincia da Coruña non é nin moito menos "homoxénea". As enormes diferencias entre concellos e entre lugares dun mesmo municipio, condicionaron a *conectividade* de cada Aula. Alí onde se situase cada aula os accesos á internet eran diferentes. O noso obxectivo foi en todo momento asegurar a mellor conectividade posible, así que despois de instalar as RDSI xa estabamos traballando por transformalas en ADSL. Con todo o mapa de conexións da Rede de Aulas Informáticas quedou composto por un **53% de RDSI e un 47% de ADSL.**

5.- A alfabetización dixital

O compromiso do goberno provincial non era só quedarse na "distribución" de novos e modernos equipamentos para que cada concello fixera o que puidera. A finalidade de todo o Plan foi sempre a de **reducir a fenda dixital** e para elo había que aumentar os usos das novas tecnoloxías, especialmente por aqueles que non presentaban unha demanda urxente.

Estando as aulas na primeira fase da instalación, chegou o momento de preocuparse polo seu próximo uso. Experiencias anteriores doutros programas provinciais, ensinábannos que senón mediabamos no funcionamento posiblemente a finalidade perseguida iríase distorsionando.

Para evitar un mal funcionamento ou un funcionamento inadecuado das aulas, tiñamos que centrar importantes esforzos no persoal das Aulas.

A Alfabetización Dixital, dende a nosa perspectiva, era e **é un fenómeno educativo**. Polo tanto interveñen docentes e discentes. Ó tratarse dun programa socioeducativo, propio do ámbito non formal da educación, o docente da aula non sería un profesor, nin un técnico informático. Debía ser un educador que mediase empregando técnicas de animación sociocultural principalmente, e catalizar todo o proceso de aprendizaxe das aulas.

Desde aquí creamos os seguintes programas de Alfabetización Dixital:

- A Rede de Alfabetizadores Dixitais
- Programas Socioeducativos de Alfabetización Dixital.

5.1. A REDE DE ALFABETIZADORES DIXITAIS.-

A principal innovación acometida en todo o desenvolvemento deste Plan foi sen dúbida a creación dunha **Rede de Alfabetizadores Dixitais**.

Esta rede tiña por finalidade principal o de dotar a cada aula dun "*educador-mediador en novas tecnoloxías*". As súas funcións principais combinaban o socioeducativo coa propia xestión da aula, permitíndolles ós técnicos municipais de cada concello descargarse da cantidade de traballo que se ía a realizar.

Esta nova figura a cabalo entre a Deputación e o concello, non viña a substituír a responsabilidade municipal en canto á dinamización da súa aula. Máis ben ó contrario, poñía a disposición de cada concello profesionais motivados na consecución dos obxectivos do plan xa compartidos entre a Deputación Provincial e o concello con aula informática.

O reto para a Deputación era obter os recursos económicos necesarios para contratar durante o tempo necesario a case 100 persoas[2]. Afrontabámonos a un novo reto, crucial para alcanzar con éxito a finalidade encomendada polo goberno provincial. Estábamos a falar de máis de **1.000.000,00** .

Xunto coa sección de Promoción Económica do servicio de Fomento da Deputación, logramos unha solución axeitada aínda que complexa. Acudimos á participación combinada de programas de promoción do emprego da **Xunta de Galicia** e do **INEM**. Ámbalas institucións propoñían obxectivos distintos pero complementarios que incardinados maxistralmente polos técnicos da Deputación, deron pe á creación da **Rede de Alfabetizadores Dixitais**.

Gracias ó programa *Xuventude e Emprego* do INEM e ó *LABORA* da Xunta, o Plan de Alfabetización Dixital contou con **77 educadores en novas tecnoloxías**, desde aquela xa "**ALFABETIZADORES DIXITAIS**".

Para coordinar, dirixir, avaliar e sobre todo apoiar os inicios profesionais destes *"novos traballadores"*, creamos **un equipo coordinador** formado por unha pedagoga social, un licenciado en ciencias empresariais e unha especialista en informática. Os tres formaron un tándem perfecto coa coordinación do plan asumindo moitas responsabilidades con elevado éxito. A súa función máis importante foi a de enmarcar todas as actuacións que se empezaban a desenvolver nas aulas baixo o deseño de programas globais que satisfacesen necesidades locais sen desviarse da perspectiva global que se impoñía no Plan.

Dende a coordinación do proxecto queriamos que o Alfabetizador/a Dixital gozase de autonomía plena para o desempeño da súa misión, esforzándonos en ofrecer o apoio e recursos necesarios para que aquela foxe un éxito. Ademais de

[2] O lector/a desta comunicación saberá dimensionar este novo reto tendo en conta que a Deputación de Coruña no ano 2000 contaba con pouco máis de 700 funcionarios.

rachar coa fenda dixital, este proxecto fortemente condicionado pola financiación tamén tiña por obxectivo **rachar coa "fenda laboral".** A moitos dos alfabetizadores custoulles asumir o seu novo papel. Para moitos non foi doado **deixar de ser estudiantes para converterse en profesionais** con plena responsabilidade no exercicio dos seus cometidos.

A nosa idea inicial era contar co maior número de profesionais da educación non formal. Queriamos alomenos 70 educadores sociais. A selección tíñase que facer por concello, cubrindo onde faltaban os perfís requiridos con aspirantes dos concellos limítrofes. Os sondeos nas bases de datos duraron 15 días. Ó final optamos por ampliar o perfil da titulación abrindoo as titulacións do eido das Ciencias da Educación.

O gráfico seguinte ofrece os perfís da primeira promoción de Alfabetizadores Dixitais. Os comentarios á mesma son obxecto dunha reflexión máis longa que a que permite esta comunicación.



As funcións básicas de cada alfabetizador/a dixital foron:

- Responsabilizarse da Aula Informática.
- Deseñar, propoñer, executar e avaliar o programa de alfabetización de cada Aula.
- Manter informados de todo o que acontecía na Aula ó concello e a Deputación.

5.2. OS PROGRAMAS DE ALFABETIZACIÓN DIXITAL

A razón de ser de todo o Plan era o de **realizar actividades "socioeducativas"** que puxeran en contacto a informática e internet cos cidadáns, axudando a rachar coa fenda dixital da provincia.

As actividades realizadas foron moitas e diversas pero as agrupamos nos seguintes tipos:

Aula Aberta	Dedicando un mínimo de 10 horas semanais ó uso libre da aula.
Actividades socioeducativas en Novas Tecnoloxías	Xeralmente xornadas de iniciación, visitas á aula, xogos on-line,iniciación á informática, accións puntuais de tipo sectorial e temático, ...
Programa de Formación en Novas Tecnoloxías	Programas formativos de alomenos 20 horas de duración baixo o formato de cursos ou seminarios. Desde a coordinación impulsouse un modelo de programa formativo, especificando os contidos mínimos aconsellábeis.
O Programa de Ensinanza Virtual	Experiencia piloto que pretendía impulsar un programa socioeducativo de ámbito provincial en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela.

5.3. A AULA ABERTA

A obriga de **abrir a Aula Informática para o acceso libre** foi a iniciativa de máis calado social. Moitas persoas utilizaron eses tempos para realizar traballos, para os seus estudios, para acceder a plataformas de teleformación e en moitos casos para comunicarse cos seus parentes na emigración.

Os obxectivos educativos tamén de este tempo de uso libre, foron:

- Dispoñer dun equipamento para realizar traballos persoais.
- Acceso libre a internet.
- Uso do correo electrónico.
- Practicar o aprendido nos cursos, seminarios, etcétera.

Usaron o programa de Aula Aberta de outubro de 2002 a setembro de 2003 un total de **167.609 cidadáns** da provincia. Deles lográronse fidelizar (carné de usuario, rexistro na Aula, ...) máis de 63.000.

5.4. ACTIVIDADES SOCIOEDUCATIVAS EN NOVAS TECNOLOXÍAS

Baixo este epígrafe recolléronse datos de moitas e diversas actividades cun claro carácter "puntual". Tamén agrúpanse moitas actividades sectoriais que tiñan por finalidade familiarizar ós usuarios cos elementos e funcionalidades da Aula. Foron moitas as actividades de "visita" á aula, xornadas de iniciación para os avós, ou accións temáticas como por exemplo a búsqueda de receitas de cociña solicitadas por grupos específicos de poboación (solteiros, amas e amos de casa, ...)

Realizáronse un máis de **1.270 actividades** deste tipo nas que participaron preto de **12.000 veciños**.

5.5. PROGRAMAS DE FORMACIÓN EN NOVAS TECNOLOXÍAS

A demanda crecente de actividades con máis "contido" foi aumentando a medida que as actividades do epígrafe anterior ían resultando satisfactorias para os veciños. A xente quería máis. Querían cursos con máis contidos e máis duración. A Alfabetización Dixital era xa unha realidade percibida.

Desde a coordinación técnica do proxecto puxemos en marcha un modelo de **programa de formación tipo** para axudar tanto ós alfabetizadores como ós "formadores" que exercían na aula. Con esto queríamos garantir que calquera curso impartido na aula informática contara cuns mínimos de calidade.

Fixéronse **570 cursos baixo este modelo** formando a máis de **11.509 veciños** da provincia.

5.6. O PROGRAMA DE ENSINANZA VIRTUAL DA DEPUTACIÓN

Motivados polo avance destes resultados quixemos dar un paso máis. Sabiamos, a realidade nolo dicía, que nos cursos aprendíase moito pero o certificado de aproveitamento valía para ben pouco. Necesitabamos o recoñecemento dunha institución educativa para valorizar a formación nas aulas.

Así en colaboración coa **Universidade de Santiago de Compostela** (USC), desenvólvemos un primeiro **Programa de Ensinanza Virtual**, propio da Deputación. A USC poñía ó noso servicio os seus amplos coñecementos nesta materia e así nós poderiamos aportar un valor engadido ás aulas.

O programa final coincidía cos nosos requirimentos plenamente. Era un programa estructurado en niveis, cada un conducente a un diploma, e en cada un deles os contidos agrupábanse modularmente. As posibilidades de elixir itinerarios personalizados eran totais.

O cadro seguinte reflicte resumidamente o que estamos a describir:

NIVEL INICIAL	- Introducción a MS Windows XP. - Introducción a MS Office. - Introducción a Internet.
NIVEL MEDIO	- Microsoft Word. - Microsoft Excel. - Internet.
NIVEL AVANZADO	**DIPLOMA DE OFIMÁTICA** (MS Outlook, Microsoft Access, Microsoft Power Point, Corel Draw) **DIPLOMA DE DESEÑO GRÁFICO** (Adobe Photoshop, QuarkXpress, Corel Draw, Microsoft Power Point) **DIPLOMA DE PUBLICACIÓN WEB** (Macromedia Dreamweaver, Macromedia Firewors, Macromedia Flash, Adobe Photoshop)

Realizouse unha **Fase Piloto** no que se elixiron **6 aulas diferentes** en canto a súa tipoloxía, as súas incidencias, a conectividade, o alfabetizador etc. O programa durou **30 días**. Cada aula podía inscribir un máximo de 20 alumnos que se podían conectar cando quixeran. A súa disposición tiñan **titores da USC** e os mesmos alfabetizadores podían solucionar moitas dúbidas. **Participaron 95 "alumnos",** dos cales superaron con éxito o curso 85. O informe avaliativo dos alumnos destacaba que os 10 alumnos que "suspenderon" o fixeron pola falla de participación tanto no desenvolvemento temporal do curso como nas probas finais de avaliación.

Este experiencia piloto ofreceunos datos de alto valor cualitativo tanto nos acertos como nos erros, dándonos pistas para mellorar o programa de teleformación e algún aspecto do funcionamento das aulas.

6.- A WEB do plan de alfabetización dixital

www.dicoruna.es/pad/apad

Como non podía ser doutro xeito nun programa de Alfabetización dixital, non podiamos prescindir do uso de internet dun xeito máis corporativo. A realización da **web propia do Plan de Alfabetización Dixital** tiña unha dobre misión. Por un lado servir de "escaparate" do propio Plan e por outro de canle de comunicación directa con cada Aula.

A web estructurouse nos seguintes apartados:

O PAD
Onde se ofrecía toda a información institucional para comprender o Plan.

AS AULAS
Onde se ofertaba información detallada de todas e cada unha das aulas. Horarios, programas, o alfabetizador, o equipamento, etc. Estaba a disposición dos internautas.

AULANET
Sección dedicada a teleformación.

BANCO DE ACTIVIDADES
Onde as actividades máis significativas eran compartidas.

RECURSOS
Espacio dedicado á contar coas fontes de recursos máis notables para o labor na aula. Contaba con referencias bibliográficas, documentos on-line, directorios, cuestións frecuentes, e a posibilidade de realizar consultas e suxestións.

FOROS

Tiñamos previsto abrir foros concretos baixo demanda. O único que funcionou activa, moi activamente foi o dos alfabetizadores dixitais. Eso si, este non foi "publico".

6.1. Unha ollada retrospectiva hoxe

Foron máis de doce meses de plena efervescencia *"dixitalizadora"*. Realizamos moitos programas que tiñan por obxecto non so reducir a *"fenda dixital"* senón que desde unha perspectiva máis pragmática queriamos *"alfabetizar"* os cidadáns da provincia.

Cometemos erros, moitos froito da inexperiencia, que nos valeron para afinar nos nosos propósitos e actuacións. Pero claramente foron máis os acertos. Aí está a tarefa duns educadores comprometidos co desenvolvemento do territorio, con recursos postos ó servizo da cidadanía de xeito coordinado, invertidos en cultura e educación de maneira eficaz e eficiente. Unha inversión superior ós 3.500.000,00 , máis de 200.000 participantes, 93 aulas informáticas, 860 ordenadores conectados, avances nunha nova profesión educativa son o reflexo amable dun traballo ben feito.

Houbo tamén avances "*colaterais*". Cambios na cultura organizativa da Deputación Provincial, cambios de mentalidade en moitos concellos, un revitalizamento de moitas casas de cultura e centros socioculturais, a renovada utilidade da Deputación como un servicio os concellos e os cidadáns, etcétera.

Hoxe, desgraciadamente o Plan durme no faiado dos proxectos intencionadamente esquecidos do novo goberno provincial desde 2003. Moitas Aulas parecen abandonadas, sen dúbida por falla de recursos económicos ou profesionais. A sensación dos que traballamos no Plan é que deron ó traste coa alfabetización dixital en moitos concellos, especialmente nos máis pequenos, sempre máis "ruralizados" máis lonxe das oportunidades das vilas ou cidades. Os concellos que puideron, os menos, detraeron os seus sempre escasos recursos para manter viva a súa aula.

Nas últimas convocatorias de subvencións ós concellos non hai nada concreto para a alfabetización dixital. No mellor dos casos que os concellos soliciten cos seus programas "de sempre" e xa se verá. Nada coordinado, nada rentable, nada en rede.

Desde unha perspectiva menos política e máis educativa, os datos falan por si solos. A Alfabetización Dixital emerxe como un foco de atención, un novo campo para que os educadores experimenten con programas de acción orixinais, creativos, para os cidadáns. E por suposto a aprendizaxe continua, a formación cultural da cidadanía e xa posible gracias as novas tecnoloxías.

Correspóndelle pois as administracións públicas principalmente, asumir coordinadamente o liderazgo e realizar plans e proxectos, que como o Plan de Alfabetización Dixital 2001-2003 traten de rachar coa fenda dixital galega. Ese é o reto. Aí queda algúns feitos.

BLOQUE B

AS TIC NA SOCIEDADE DO COÑECEMENTO

LA ALFABETIZACIÓN DIGITAL: HACIA UNA CORRECTA CONCEPCIÓN DEL PROCESO

Álvaro Lorenzo Rey
Universidade de Santiago de Compostela

1.- Resumen

Nuestras sociedades evolucionan, cambian, se transforman, ...todo ello a tan vertiginosas velocidades que, en buena parte de las ocasiones, resulta imposible comprender y asumir esos cambios. No digamos ya interiorizarlos y hacerlos nuestros.

En ese contexto, el macroproceso de alfabetización digital tiene un importantísimo papel: formar parte del bagaje de aptitudes y actitudes de las personas de un modo útil y eficaz.

Pero el hecho de que la adecuación de los procesos formativos que componen a la alfabetización digital sea la más apropiada, comienza por partir de una concepción correcta de aquello que se entiende por `alfabetizar digitalmente´. Sólo de este modo es posible construír sobre una base de conocimiento realmente sólida.

2.- Introducción

Pese a que muchos autores coinciden en afirmar que nos encontramos en una era que se ha dado en denominar como "sociedad de la información" (Marín, 2000; Pérez Tornero, 2000; ...), con toda probabilidad sea más prudente realizar una mayor concreción, y decir que realmente nos hallamos en una subfase que podríamos caracterizar como de "sociedad de gestión de la información". Los pilares básicos de esta subfase social los tenemos principalmente en una creciente voluntad de globalización, tanto de tipo económico como cultural por un lado, y en los progresivos avances de tipo científico y tecnológico por el otro.

Los problemas en la gestión de la información vienen provocados por el hecho de que el contenido haya nacido y se haya desarrollado mucho antes (y a

una velocidad mucho más rápida) que el marco estructurante del mismo. Es decir, la información es hoy día capaz de desbordar ampliamente a los múltiples intentos de sistematización y estructuración que se realizan desde contextos muy diversos. La magnitud de este problema aumenta cuando somos conscientes, no sólo de la cantidad de información que nos rodea, sino también de sus múltiples caracteres, que han pasado en relativamente poco tiempo de lo meramente textual, auditivo o visual, a lo audiovisual, multimedia e hipertextual.

Nuevos soportes, por tanto, para la información, y nuevos modos de entenderla. En consecuencia, más posibilidades para el conocimiento, pero también mayor número de problemáticas asociadas. Una de las más importantes es la introducción o adaptación de la sociedad adulta no familiarizada con las NTIC, en su empleo y aprovechamiento. De ella se deriva, de modo directo, el concepto de "analfabetismo digital"

Nadie cuestiona a estas alturas la necesidad y conveniencia de educar con, desde y para las Nuevas Tecnologías, pero simplemente el hecho de abordar el analfabetismo digital supone un esfuerzo considerable, debido a su gran complejidad. Es por esto que la alfabetización digital, a pesar de tener un sentido muy genérico, es un concepto habitualmente muy recurrido para, en el mejor de los casos, dar respuesta únicamente a una pequeña parte de la necesidad real. Esto es más obvio delimitando, previamente, qué entendemos por alfabetización digital.

3.- Alfabetización digital: aproximación al concepto desde el análisis de la terminología

La alfabetización digital, es el segmento del conocimiento encargado de analizar, crear, sistematizar, organizar y transmitir los contenidos relacionados con las tecnologías digitales susceptibles de ser aplicadas desde, en y al mundo de la educación, sea ésta formal o no formal, o bien en procesos informales de la misma.

Veamos un ejemplo clarificador: un curso para introducir a sujetos de mediana edad en el concepto y empleo de un explorador de Internet, realizado en el aula de informática de un centro sociocultural, no supone estrictamente un proceso completo de alfabetización digital, pero sí una pequeña parte del mismo. Por tanto, cuando hablamos de "alfabetización digital", a menudo nos referimos en realidad a ciertos procesos de aprendizaje que, en conjunto, forman el macroproceso denominado "alfabetización digital". Se trata de determinadas experiencias que tienen la posibilidad, por su naturaleza, de encuadrarse en el mencionado macroproceso.

El número de experiencias relacionadas con la alfabetización digital en nuestro país crece de modo exponencial, y ello se debe a una serie de factores (de

tipo social, cultural, educativo, económico, político, ...) que han hecho surgir nuevas necesidades formativas al respecto. Algunos de ellos son los siguientes:

FACTORES QUE PROPICIAN EL PROGRESIVO AUMENTO DE LAS EXPERIENCIAS RELACIONADAS CON O ENMARCADAS EN LA ALFABETIZACIÓN DIGITAL

- El progresivo envejecimiento de la población.
- Las continuas necesidades de adaptación a las transformaciones sociales.
- La popularización de la educación permanente y la educación de adultos.
- La apertura de las NTIC a la sociedad.
- La proliferación de experiencias educativas innovadoras.
- El fenómeno de la inmigración.
- ...

Todos estos factores nos llevan automáticamente a plantear la alfabetización digital desde una doble vertiente: la del derecho y la del privilegio.

4.- La alfabetización digital, ¿posibilidad o necesidad?

Tomemos uno cualquiera de los factores expuestos anteriormente, por ejemplo, el de la inmigración. Se trata de un fenómeno actual y realista en multitud de países, y muy especialmente en el nuestro. Para un sujeto inmigrante en situación regular y no alfabetizado "digitalmente", este proceso supondría en principio una posibilidad, una oportunidad de cubrir un vacío formativo. Pero, contemplando a ese sujeto desde la perspectiva de una plena inserción en la sociedad en la que se encuentra, la alfabetización digital pasa a suponer, para él y para toda la sociedad, una necesidad en tanto que carencia de un elemento de formación necesario para su desarrollo integral. En efecto, para Pere Marqués (2000):

"En este nuevo contexto, y para afrontar los continuos cambios que imponen todos los órdenes de nuestra vida los rápidos avances científicos y la nueva 'economía global', los ciudadanos nos vemos obligados a adquirir unas nuevas competencias personales, sociales y profesionales que, aunque en gran medida siempre han sido necesarias, hoy en día resultan imprescindibles".

Pero esta afirmación quizá nos lleve a contemplar los procesos de alfabetización digital de un modo equivocado, pues no parece correcto decir que las competencias en esta materia son una obligación para los ciudadanos, más bien al contrario, la adquisición de competencias en NTIC, así como dentro de la

alfabetización digital, se presentan como mucho más atractivas a la sociedad si se ofrecen como una posibilidad y, a un tiempo, como una pieza clave para el desarrollo personal y profesional del individuo.

5.- Desmitificando el concepto popular de alfabetización digital

Ahora bien, son muchos los autores que hablan de "conocimientos y competencias básicas sobre las TIC", "competencias básicas en TIC", "competencias en TIC", etc., pero todos se refieren de un modo u otro a lo mismo: una serie de competencias referidas exclusivamente al uso de las Nuevas Tecnologías. En ocasiones, incluso, entendiendo por TIC solamente la utilización del ordenador y su entorno próximo. Sirva como ejemplo de ello una investigación desarrollada en España por el "Consell Superior d'Avaluació del Sistema Educatiu de la Generalitat de Catalunya" (en conjunción con siete Comunidades Autónomas: Asturias, Islas Baleares, Islas Canarias, Castilla-La Mancha, Valencia, País Vasco y Murcia), que identifica 39 competencias básicas en TIC, agrupadas en 11 dimensiones:

1.- CONOCIMIENTO DE LOS SISTEMAS INFORMÁTICOS (HARDWARE, SOFTWARE, REDES)

- Conocer los elementos básicos del ordenador y sus funciones.
- Conectar los periféricos básicos del ordenador (impresora, ratón, ...) y realizar su mantenimiento (papel y tinta de la impresora, ...).
- Conocer el proceso correcto de inicio y apagado de un ordenador.
- Instalar programas (siguiendo las instrucciones de la pantalla o el manual).

2.- USO DEL SISTEMA OPERATIVO

- Conocer la terminología básica del sistema operativo (archivo, carpeta, programa, ...).
- Guardar y recuperar la información en el ordenador y en diferentes soportes (disquete, disco duro, ...).
- Organizar adecuadamente la información mediante archivos y carpetas.
- Realizar acividades básicas de mantenimiento del sistema (antivirus, copias de seguridad, eliminar información innecesaria, ...).
- Conocer distintos programas de utilidades (compresión de archivos, visualizadores de documentos, ...).
- Saber utilizar recursos compartidos en una red (impresora, disco, ...).

3.- BÚSQUEDA Y SELECCIÓN DE INFORMACIÓN A TRAVÉS DE INTERNET

- Disponer de criterios para evaluar la fiabilidad de la información que se encuentra.
- Uso básico de los navegadores: navegar por Internet (almacenar, recuperar e imprimir información).
- Utilizar los "buscadores" para localizar información específica en Internet.
- Tener claro el objetivo de búsqueda y navegar en itinerarios relevantes para el trabajo que se desea realizar (no navegar sin rumbo).

4.- COMUNICACIÓN INTERPERSONAL Y TRABAJO COLABORATIVO EN REDES

- Conocer las normas de cortesía y corrección en la comunicación por la red.
- Enviar y recibir mensajes de correo electrónico, organizar la libreta de direcciones y saber adjuntar archivos.
- Usar responsablemente las TIC como medio de comunicación interpersonal en grupos (chats, foros, ...).

5.- PROCESAMIENTO DE TEXTOS

- Conocer la terminología básica sobre editores de texto (formato de letra, párrafo, márgenes, ...).
- Utilizar las funciones básicas de un procesador de textos (redactar documentos, almacenarlos e imprimirlos).
- Estructurar internamente los documentos (copiar, cortar y enganchar).
- Dar formato a un texto (tipos de letra, márgenes, ...).
- Insertar imágenes y otros elementos gráficos.
- Utilizar los correctores ortográficos para asegurar la corrección ortográfica.
- Conocer el uso del teclado.

6.- TRATAMIENTO DE LA IMAGEN

- Utilizar las funciones básicas de un editor gráfico (hacer dibujos y gráficos sencillos, almacenar e imprimir el trabajo).

7.- UTILIZACIÓN DE LA HOJA DE CÁLCULO

- Conocer la terminología básica sobre hojas de cálculo (filas, columnas, celdas, datos y fórmulas, ...).

- Utilizar las funciones básicas de una hoja de cálculo (hacer cálculos sencillos, ajustar el formato, almacenar e imprimir, ...).

8.- USO DE LAS BASES DE DATOS

- Saber qué es y para qué sirve una base de datos.
- Consultar bases de datos.
- Introducir nuevos datos a una base de datos a través de un formulario.

9.- ENTRETENIMIENTO Y APRENDIZAJE CON LAS TIC

- Controlar el tiempo que se dedica al entretenimiento con las TIC y su poder de adicción.
- Conocer las múltiples fuentes de formación e información que proporciona Internet (bibliotecas, cursos, materiales formativos, prensa, ...).
- Utilizar la información de ayuda que proporcionan los manuales y programas.

10.- TELEGESTIONES

- Conocer las precauciones que se tienen que seguir al hacer telegestiones monetarias, dar o recibir información, ...
- Conocer la existencia de sistemas de protección para las telegestiones (firma electrónica, privacidad, encriptación, lugares seguros, ...).

11.- ACTITUDES GENERALES ANTE LAS TIC

- Desarrollar una actitud abierta y crítica ante las Nuevas Tecnologías (contenidos, entretenimiento, ...).
- Estar predispuesto al aprendizaje continuo y a la actualización permanente.
- Evitar el acceso a la información conflictiva y/o ilegal.
- Actuar con prudencia en las Nuevas Tecnologías (procedencia de mensajes, archivos críticos).

Clasificaciones como ésta son las que desvirtúan lo que debe entenderse por "alfabetización digital" pues, como decía con anterioridad, las competencias enmarcadas en los procesos de alfabetización digital no deben limitarse a meras habilidades de tipo instrumental.

Por otra parte, el bloque que en todo caso podría encabezar cualquier clasificación al respecto, debería ser el que en ésta figura como último ("Actitudes

generales ante las TIC") y, en el mismo, todos sus contenidos deberían girar en torno a la idea de las actitudes críticas ante las NTIC. De hecho, éstos son los contenidos más importantes en relación con la alfabetización digital.

6.- El complejo mapa de la alfabetización digital y su clasificación como producto y factor científico-educativo

En tanto que la alfabetización digital es una disciplina científica (pues es susceptible de ser sistematizada, estudiada, etc.), posee un origen y también una razón de ser fundamentada. De este modo, podemos hablar de ella como producto y factor, o bien como causa y efecto:

La alfabetización digital es, como la hemos definido al principio, un segmento del conocimiento. Esto quiere decir que se trata de una pequeña porción de saberes (donde también se encuentran otros, como pueden ser los diversos tipos de alfabetización, etc.), dentro de un conjunto de conocimientos y disciplinas más generales. En este sentido, se puede hablar de la alfabetización digital como producto o efecto de otras disciplinas científicas más amplias.

Pero, al tiempo, la alfabetización digital reúne dentro de sí otra serie de conocimientos más concretos (entre los cuales se hallan las competencias y destrezas, pero también las actitudes ante las NTIC), por lo que además es lícito hablar de ella como factor o causa de los mismos.

Por tanto, y de un modo más sencillo, se podría afirmar que la alfabetización digital se sitúa dentro de los procesos de alfabetización en general, mientras que en su interior se enmarcan otros contenidos y procesos que se refieren con exclusividad a ella.

7.- Objetivos básicos de la alfabetización digital

Situado ya el macroproceso en el complejo entramado de las acciones formativas, parece oportuno reflexionar acerca de sus objetivos más generales, aquellos objetivos últimos y comunes a su ámbito de acción, fuere cual fuere el colectivo social al que se dirijan:

- Formar a la población con déficits o ausencia en las destrezas básicas referentes al empleo de Nuevas Tecnologías de comunicación, formación e información; es, sin ningún género de duda, el motivo que impulsa la acción formativa de la alfabetización digital. Por "destrezas básicas", como ya hemos visto, debemos entender las conceptuales, las procedimentales y, muy especialmente, las actitudinales.

Quadros Flores (2005) refere no seu estudo de caso no Concelho de Gondomar que as acções de formação em TIC são as mais procuradas no Centro de Formação desse concelho; além disso, constatou que a formação em TIC é uma das que mais satisfaz os professores, contribuindo para o seu desenvolvimento pessoal e profissional, diminuindo assim a angústia muitas vezes sentida na sala de aula face aos seus alunos. Segundo as declarações de um formador em TIC, não havia necessidade da obrigatoriedade ao crédito nestas acções, pois os professores procuram-na voluntariamente. Todavia, a maioria dos professores ainda se encontra num nível elementar: não comunicam por email (é curioso verificar que, segundo o estudo da Bareme Internet 2004 da Marktest (Visão, 2005), mais de dois milhões de portugueses utilizam o correio electrónico sendo este o serviço mais utilizado na Net); os professores usam os seus conhecimentos para proveito próprio (textos, grelhas, fichas e investigação); são poucos os professores que dizem aplicar "qualquer coisa" na sala de aula. A escassez de computadores e a falta de manutenção são apontadas como os factores principiais que justificam a baixa utilização das TIC na sala de aula. É curiosa a expressão de Ruivo (2005) relativamente à utilização das TIC no contexto de trabalho afirmando que "*é a escola do gato e do rato*", pois os professores dão aulas com dados de sites que não revelam aos alunos e os alunos elaboram trabalhos com dados que omitem aos professores, limitando-se a copiar e a imprimir os textos sem reflectirem no seu conteúdo. Não estará aqui a ideia de que "conhecimento é poder" e, por isso, o professor procura os conhecimentos para si, para se sentir sabedor face aos seus alunos e, por outro lado, os alunos fazem o mesmo para serem mais valorizados na sua avaliação? Não estará aqui representada a imagem do professor tradicional, transmissor de conhecimentos e de uma sociedade que selecciona os alunos mais sabedores?

Morais (2004) refere um estudo do Ministério da Educação que concluiu existirem dificuldades de integração das TIC nos planos curriculares dos cursos superiores e que, além disso, a nível dos recursos, a situação continua preocupante.

3.- Conclusão

Subitamente o pano de fundo em que tudo fazia sentido mudou. O poder da tecnologia facilita a abertura da escola ao mundo, permite o acesso à informação de forma fácil e cómoda, valoriza a comunicação e a interacção, mas impõe uma formação continuada ao longo da vida para que o indivíduo acompanhe a par e passo as rápidas mudanças ocorridas na esfera global. Essas mudanças intensificaram as inovações, desafiam as tradições e atribuem importância a novos valores e formas de estar na vida e na profissão. Por conseguinte, muda a missão da escola e dos professores e alteram-se as expectativas sociais face ao modo como se educa e ao que se deseja da sociedade do amanhã. As TIC são um novo recurso didáctico e uma ferramenta potencialmente transformadora dos métodos ensino/aprendizagem, modificando a relação entre professor/aluno/saber /materiais de estudo. Consequentemente impulsionam uma nova vida à escola, exigindo novos espaços, derrubando os seus limites, os tempos de formação, a forma de comunicar e de se relacionar com os outros. Aprende-se no mundo reflectindo com os outros. Todavia, existem ainda grandes lacunas na formação dos professores que deverão ser colmatadas num futuro próximo para que a escola possa desfrutar das vantagens que as novas tecnologias promovem. Educar para uma sociedade da informação e comunicação passa imperativamente pelo investimento nas competências dos seus agentes e pelo apetrechamento necessário à sua execução.

Bibliografia

Brito e Duarte (2002). As utilizações educativas dos computadores. In *As Tecnologias da informação e comunicação, Manuais de formação de professores.* Lisboa: Ministério da Educação - Departamento de Avaliação Prospectiva e Planeamento. http://www.dapp.min-edu.pt/

Brito et al (2002). As TIC e o Desenvolvimento da escola. In *As Tecnologias da Informação e Comunicação, Manuais de formação de professores.* Lisboa: ME-Departamento de Avaliação Prospectiva e Planeamento. http://www.dapp.min-edu.pt/

Garcia, C. (2005) La profesores como trabajadores del conocimiento. In *A escola que aprende, tecnologias, informação e conhecimento.* Castelo Branco: Associação Nacional de Professores, p. 23-64.

Ministério Da Educação (2001). *Estratégias para a acção - As TIC na Educação.* http://www.dapp.min-edu.pt/

Morais, N. (2004). *Formação de Professores em TIC abrandou em 2003.* http://www.educare.pt/Noticia_novo.asp?fich=NOT_20040602_3691

Paiva J. (2002). *As Tecnologias de informação: utilização pelos professores.* Lisboa: Ministério da Educação, Departamento de Avaliação Prospectiva e Planeamento.

Peres, A. (2005). Revisitando a formação dos professores. . In *A escola que aprende, tecnologias, informação e conhecimento.* Castelo Branco: Associação Nacional de Professores, p. 65-82.

Ponte, J. (2000). As tecnologias de informação e comunicação na formação de professor: que desafios? *revita Iberoamericana de Educatión.* Nº 24.OEI-Ediciones.

Ponte, Oliveira E Varandas (2003). *O contributo das tecnologias de informação e comunicação para o desenvolvimento do conhecimento e da identidade profissional.* Departamento de Educação e Centro de Investigação em Educação, Faculdade de Ciências da Universidade de Lisboa. http://www.educ.fc.ul.pt

Quadros Flores, P. (2005). *Identidade profissional e formação contínua, estudo de caso no concelho de Gondomar*, Dissertação de Mestrado, Universidade Portucalense do Porto.

Ruivo, J. (2005). As tecnologias digitais e o ambiente educativo. *A escola que aprende, tecnologias, informação e conhecimento.* Castelo Branco: Associação Nacional de Professores, p. 109-116.

Varandas Et Al (1999). *A internet na formação de professores.* Departamento de Educação e Centro de Investigação em Educação: Faculdade de Ciências da Universidade de Lisboa. http://www.educ.fc.ul,pt/

VISÃO (18 a 24 de Agosto, 2005). Caderno especial Internet Banda Larga, Ligar Portugal.

FORMAÇÃO DOCENTE PARA O USO EDUCATIVO DAS TECNOLOGIAS DA INFORMAÇÃO E A COMUNICAÇÃO NA ESCOLA

María del Pilar Vidal Puga

Departamento de Didáctica y Organización Escolar
Universidad de Santiago de Compostela

Bettina Steren Dos Santos

Universidade de Santa Cruz do Sul (Brasil)

Resumo

Presentamos um projeto de pesquisa e intercâmbio, denominado FormAI (Formação docente em Ambiente Informáticos de aprendizagem), entre varias escolas de Brasil, de Portugal y de Galicia, para o troco de ideais e propostas metodológicas entre professores e de atividades entre alunos através da internet, utilizando ferramentas de comunicação como o e-mail e fóruns de discussão. Para isto utiliza-se o apoio da página web do projeto (www.formai.tk), como ponto de encontro entre os professores e de seus alunos, para a interação e o intercâmbio de experiências e informação. Se pretende com isto pôr em prática uma experiência de trabalho cooperativo para a formação docente utilizando as Tecnologias da Informação e a Comunicação (TIC) na busca de reduzir a distância da "brecha digital".

Introdução

Desde a educação, teria que tratar de evitar que siga aumentando a distância, a chamada "brecha digital", entre quem têm acesso à informação e aos novos conhecimentos e quem não o têm. Para isso é necessário que os professores contem com uma formação completa para o uso das tecnologias na escola.

Nas conclusões do Trabalho de Investigação Tutelado (Vidal Puga, 2001), descrito no próximo apartado, considerávase que a formação e conhecimentos em Tecnologia da Informação e Comunicação (TIC) aplicadas à educação, era muito escassa entre os professores das escolas primarias analisadas, como

revelaram os dados encontrados nos questionários e entrevistas, resultados comuns aos encontrados em outras investigações inclusas as levadas a cabo nos contextos de Portugal (Carioca, 1997; Silva e Silva, 2002) e Brasil (Falavigna, 1999; Santos e Radtke, 2004).

Essa formação e conhecimentos na aplicação didática das TIC consideram-se importantes pela sua implicação para a transformação dessas tecnologias em recursos mais adequados e adaptados para facilitar a aprendizagem dos alunos e seu acesso às possibilidades que oferecem estas tecnologias.

Mas, para os entrevistados, esse conhecimento tem que vir precedido de uma formação em informática como matéria em si mesma e como ferramenta. Desse modo, a "alfabetização informática" é considerada como passo "prévio" e imprescindível para afrontar os medos e a falta de segurança ante um meio desconhecido e pouco utilizado. Igualmente, consideram também importante a formação didática no uso desses meios nos contextos de ensino e aprendizagem.

Sobre o tipo de formação dos entrevistados, tanto informática como aplicada, é em ambos casos principalmente autodidata. Isto coloca de manifesto uma necessidade de oferta por parte dos distintos organismos e instituições responsáveis desta classe de atividades formativas centradas nesta temática.

Esta demanda de formação específica acentua-se entre o coletivo de profissionais que não podem adquiri-la de forma autônoma, como foi realizado por nossos sujeitos, por falta, em outras muitas, de tempo. Este é um tema que preocupa e aparece constantemente em outras pesquisas (Cabero y otros, 1993; Cabero y otros, 2000; Gallego Arrufat, 1994).

Como resposta a estas necessidades organizamos um projeto de pesquisa, denominado FormAI (Formação docente em Ambiente Informáticos de aprendizagem), que é descrito a seguir.

1.- Pesquisa previa: integração das TIC em centros educativos de primaria

O objetivo principal desse trabalho (Vidal Puga, 2001) era descrever o estado da questão da introdução dos computadores e materiais multimídia educativos nas escolas de primaria de Galicia, a través da análises de questionários que recolhem informação sobre os recursos desses centros e das entrevistas realizadas a professores que utilizam estas novas tecnologias na prática de sus aulas.

Devemos ter clara a idéia de que tanto as potencialidades, como as limitações desses materiais não encontram-se exclusivamente em si mesmos, e sim que enquadram-se dentro de um contexto físico, tecnológico, psicológico, formativo, curricular, metodológico e organizativo, que repercutiram nos resultados encontrados. Portanto, a necessidade da descrição do contexto onde

encontramos esses materiais, quer dizer, do tipo de centros, a localização dos recursos, a formação, conhecimentos dos professores, etc.

Por essa razão, este trabalho constitui uma primeira aproximação a situação atual, no que a integração de computadores e material multimídia refere-se, do contexto de investigação, neste caso, escolas de Primaria de Galicia.

Para isto utilizaram-se de forma complementaria as metodologias quantitativas e qualitativas, em uma pesquisa na qual realizou-se um estudo descritivo com duas fases diferentes: na primeira, através de questionários, tentou-se obter uma imagem global do estado de questão da integração tecnológica nessas escolas; e a segunda fase, onde implementou-se a metodologia qualitativa com entrevistas a professores que realizam experiências com estas tecnologias com seus alunos.

Não tratava-se somente de analisar a quantidade de computadores que existem nas escolas, e sim, fundamentalmente do uso educativo dado a essas ferramentas. Portanto, selecionaram-se o uso de computadores pelos alunos como um indicador na base da análise.

Entre os dados do estudo cabe destacar que somente 55'2 % dos centros estudados tinham computadores para uso dos alunos tanto para aulas de informática como para outros usos por parte do professor nas suas aulas. Dentro deste percentual encontrouse um uso extra-escolar de computadores num percentual de quase 3 %.

A dificuldade de integração, segundo os dados das entrevistas realizadas a professores, acontece tanto pelos recursos disponíveis; pelas limitações de tempo para o trabalho com esses materiais e pela escassez de conhecimentos e formação docente, tanto tecnológicos como de uso didático desses meios. Estes resultados coincidem com os de outras investigações postas em prática em escolas de Brasil (Falavigna, 1999; Santos e Radtke, 2004) e de Portugal (Carioca, 1997; Silva e Silva, 2002).

Em relação a essa falta de formação docente, como problema comum nas escolas destes contextos, trata de dar resposta o projeto que apresentamos a continuação.

2.- Formação docente para atuar em ambientes informáticos de aprendizagem (FORMAI)

Como mencionamos, trata-se de um projeto de pesquisa entre varias escolas de Brasil, Portugal y Galicia, procurando desenvolver o intercambio de idéias e propostas metodológicas entre os professores e de atividades entre os alunos.

Também procuramos promover encontros presenciais, com reuniões periódicas em cada sede, coordenadas por diferentes investigadores de cada universidade.

O objetivo principal é organizar um trabalho conjunto com professores, para poder desenvolver e aprofundar sobre importantes aspectos do processo educacional e assim possibilitar uma aprendizagem significativa que promova um adequado uso das ferramentas tecnológicas com os alunos.

Trata-se de um projeto interinstitucional, no qual buscamos, além disso, fomentar e desenvolver atitudes de cooperação e intercambio entre a Universidade de Santiago de Compostela (USC) de Espanha e a Universidade de Santa Cruz do Sul (UNISC) de Brasil; entre duas escolas de Brasil, uma de Espanha e uma agrupação de escolas rurais de Portugal, com o propósito de alcançar um intercambio de produção de conhecimento entre professores e entre alunos y fomentar a formação de todos no uso das TIC.

Os objetivos foram operacionalizados através das reuniões presenciais com os professores e "virtuais", através de e-mail, com os profissionais das instituições, bem como a partir de uma constante revisão bibliográfica.

Os temas tratados foram estabelecidos e negociados por todos. Fizemos questão na temática aludida nos objetivos colocados, principalmente com o objeto de identificar problemas e necessidades de formação dos professores, para poder colocar uma proposta de formação adequada. Em todas as escolas procuramos tratar os mesmos temas, intercambiando idéias, experiências e materiais bibliográficos. Assim, pretendemos organizar um grupo de estudo on-line, através de um "fórum de discussão" no qual, os participantes do projeto puderam conjuntamente construir conhecimento sobre o trabalho interativo via rede. Essa fase do projeto acontecerá até finalizar o trabalho.

Deste modo, começamos o trabalho de formação dos professores proporcionando espaços de discussão e reflexão sobre a prática na introdução das TIC nos processos de ensino e aprendizagem.

Atualmente, estamos propondo atividades com os alunos de diferentes escolas, sendo o professor organizador e o pesquisador assessor e colaborador. Inicialmente realizamos uma exposição oral para os alunos que participam do projeto, explicando os objetivos do mesmo, qual a sua importância e o papel deles durante o trabalho.

Uma das atividades via Web com os alunos aconteceu no dia 19 de outubro do 2004, no fórum da página do FormAI. Desde uma das escolas de Portugal uma professora propôs uma atividade a sus alunos de oitavo curso, media de idade entre 13 y 14 anos, trocaram informações com alunos de Brasil, utilizando o fórum e o e-mail, com o propósito de criar uma página Web sobre um tema de interesse para eles.

Assim, propôs aos seus alunos que formassem grupos de duas ou três pessoas e escolhessem um assunto para trabalhar. Eles escolheram "a arte" como tema geral do qual tiveram que selecionar outros assuntos mais específicos, subtemas como: pintura, gastronomia, dança, escultura, poesia, humor, etc... Começaram buscando informação na Internet, para que cada grupo trabalhasse seu tema e realizasse intercambio com alunos de Brasil, pedindo a sua opinião e informação (artesanato, receitas, etc.) através do fórum o da página do FormAI.

Desse modo, a professora, assessorada pela coordenadora de Espanha e Portugal, enviou uma mensagem ao fórum (dia 13 de outubro) apresentando sua proposta e facilitando seu e-mail para quem quisesse participar.

Também entrou em contato com a coordenadora do Brasil a través de e-mail para organizar o intercambio, assim, no dia 19, terça-feira, que é o dia que na escola de Portugal eles tem aula do que eles chamam de "área de projetos", esta professora mostrou para seus alunos a página do FormAI e ensinou os alunos a utilizar o fórum. Apresentaram-se por grupos escrevendo seus nomes e o tema sobre o qual gostariam de trabalhar, pedindo ajuda aos seus interlocutores brasileiros que responderam logo em seguida, tornando a experiência em uma atividade sincrônica, quase como um chat.

A atividade continuou na semana seguinte, dia 26 de outubro, com mais respostas e apresentações por parte dos alunos de Brasil e Portugal.

A pesquisa compreende um movimento reflexivo, sistemático e crítico, objetivando estudar aspectos da realidade como fonte de conhecimento. O estudo está sendo dimensionado ao longo do processo de introdução das TIC, e na análise das interações interpessoais.

Continuamos a obtenção dos dados a través de entrevistas, análises de documentos e outras observações.

3.- Resultados preliminares

Pelo que se refere aos resultados do projeto de intercâmbio através de Internet, estes foram muito satisfatórios, até o momento, com uma participação ativa, ainda que irregular, dos professores nos foros e no uso do correio eletrônico. As atividades com os alunos também resultaram proveitosas, apesar de certos problemas de conexão.

No que se refere aos resultados da investigação, dizer que consideramos, a partir dos resultados das nossas pesquisas (Vidal Puga, 2001, Santos e Radtke, 2004) e do observado nestas escolas, uma ausência de decisão sobre "para que" da integração das TIC.

Esta situação tem diversas conseqüências, que foram constatadas pelos resultados da pesquisa, os centros onde não surgem iniciativas de integração,

muitas vezes por falta de formação e/ou conhecimento por falta de meios, consideram-se estas tecnologias como recursos auxiliares de tarefas administrativas e de gestão do centro e deixando de lado o uso em processos de ensino e aprendizagem (Gewerc y Vidal Puga, 2002).

Portanto, o docente atua como agente de mudança, valorizando os interesses e necessidades de seus alunos ao utilizar, como ponto de partida de seu trabalho pedagógico, os conhecimentos cotidianos emergentes no contexto, os quais são trabalhados com o uso de todos os meios tecnológicos disponíveis, destacando-se os recursos de Informática, em busca de melhor compreendê-los e de desenvolver uma Educação emancipa tória (Santos e Radtke, 2004).

As Administrações educativas deveriam responder a necessidade de recursos, bem como adotar medidas paralelas para seu funcionamento, entre elas a formação dos professores, e inclusive iniciando previamente a inserção dos meios informáticos nos centros e não posteriormente, como é costume acontecer.

Bibliografia

Cabero, J., y otros. (1993). *Investigaciones sobre la informática en el centro*. Barcelona: PPU.

Cabero, J., y otros. (2000). Los usos de los medios audiovisuales, informáticos y las nuevas tecnologías en los centros andaluces. Las entrevistas (II). En J. Cabero, D, C, E y C (Eds.), *Las nuevas tecnologías para la mejora educativa* (pp. 503-534). Sevilla: Kronos.

Carioca, V. J. (1997). *Validação de uma escala de atitudes de docentes relativa a utiliçação da informática educativa na sua formação continua*. Sin publicar. Tesis doctoral. Universidad de Extremadura, Badajoz.

Falavigna, G. (1999). *Processos de inovação centrados na multimídia, em escolas de secondo grau públicas e privadas de Porto Alegre, Rio Grande do Sul, Brasil*. Sin publicar. Tesis doctoral. Departamento de Didáctica y Organización Escolar. Universidad de Santiago de Compostela (USC), Santiago de Compostela.

Gallego Arrufat, M. J. (1994). *La práctica con ordenadores en los centros educativos* (1ª ed.). Granada: Universidad de Granada.

Gewerc, A. y Vidal Puga, M. P. (2002). *Llegan los ordenadores a los centros escolares ¿Cuál es la situación en Galicia y qué dicen los profesores?* Ponencia presentada en: II Congreso Europeo de Tecnologías de la Información en la Educación y la Ciudadanía: Una Visión Crítica, Barcelona: Essi projects.

Santos, B. S. y Radtke, M. L. (2004). Inclusão digital: reflexões sobre a formação docente. In Pellanda, N. M. C.; Schlünzen, E.; Schlünzen, K. (Org.). *Inclusão Digital: tecendo redes afetivas e cognitivas*. São Paulo, v. 1.

Silva, B. y Silva, Á. (2002). *Programa Nónio Século XXI: O desenvolvimento dos Projectos das Escolas do Centro de Competência da Universidade do Minho - Relatório Final de Avaliação (1997-2001)*. Braga: CIED da Universidade do Minho.

Vidal Puga, M. P. (2001). *Estudio descriptivo de la integración del ordenador y los materiales multimedia educativos en escuelas de Primaria de Galicia* (Trabajo de Investigación Tutelado). Santiago de Compostela: Universidad de Santiago de Compostela (USC).

A FENDA DIXITAL CONXUGANDO ELEMENTOS EDUCATIVOS E LÚDICOS

Rocío Chao Fernández e Vicente López Pena

Conservatorio Música de Villalba
rfchao@edu.xunta.es

Resumo

Este traballo reflexa a experiencia realizada a raíz da necesidade que encontramos de acercamento aos nosos alumnos de música e pola cal eu –Rocío Chao- recibín o 2º Premio de Innovación Educativa 2003 nesta Comunidade Autónoma. Os anos de docencia demóstranos que na actualidade o alumnado está cada vez menos atraído polo aprendizaxe, polo que nos vemos na obriga de buscar novos modelos de ensinanza que involucren máis ao discente. Podemos asegurar que temos nas nosas mans unha ferramenta fantástica, e moitas veces infrautilizada: a informática. Por iso ideamos un xogo educativo pioneiro en educación musical deseñado para ser utilizado en ordenador e cuxo principal obxectivo cando o deseñamos foi aproximar aos alumnos (especialmente aos inadaptados ou desintegrados no sistema educativo), aos contidos musicais básicos, a través dunha metodoloxía diferente, lúdica, e máis adecuada a súas inquietudes, para que tódolos discentes se sintan atraídos pola materia.

1.- Obxectivos

Este traballo trátase dunha unidade didáctica a través da cal os alumnos poidan, con axuda dunha metodoloxía práctica e participativa, adquiri-las destrezas e coñecementos necesarios sobre os contidos mínimos de 3º de ESO.

Con ela temos a intención de que os discentes alcancen os seguintes obxectivos xerais:

1. Aproximar aos alumnos aos contidos básicos a traveso dunha metodoloxía diferente, lúdica, para que todos se sintan atraídos pola materia.
2. Acercar aos alumnos ao emprego da informática como medio de aprendizaxe.

3. Aproximalos ás manifestacións musicais, a traveso do xogo como elemento educativo.
4. Coñecer, apreciar e disfrutar do patrimonio cultural musical da humanidade, e desenrolando unha actitude de interese e respecto cara a el.
5. Atraer aos alumnos desmotivados ao mundo da música a traveso das novas tecnoloxías.

2.- Contidos do xogo educativo

O xogo abarca todo o currículo de 3º de ESO.

3.- Estrutura e metodoloxía

Existen 5 bloques de preguntas, sendo os descriptores de cada materia, os seguintes:

⇒ Esta imaxe representa as preguntas referidas a **Músicos**

Imaxe que representa as preguntas referidas a **Linguaxe Musical**

Este tipo de preguntas inclúe contidos dos catro apartados anteriores, e, aínda que formuladas con picardía, son de contido menos denso cas anteriores

⇒ Imaxe que representa as preguntas de **Verdadeiro ou falso**

Esta imaxe representa as preguntas referidas a Instrumentos



⇒ Imaxe que representa as preguntas referidas a **Períodos ou Formas musicais**

En todas as **preguntas** ofrecemos no enunciado a posibilidade de **COÑECER MAIS** sobre a mesma. Dado que o xogo pretende ser eminentemente educativo, pulsando este cadriño o alumno poderá acceder a unha base de datos, que será de gran utilidade para el, xa que lle pode aportar nova información sobre o que se lle inquire.

O xogo consta dunha páxina principal con 59 preguntas organizadas en cinco bloques, cada un dos cales pretende responder a un aspecto curricular diferente. Está estruturado do seguinte xeito:

Hai un cadriño de inicio, identificado coa figura dunha corchea e que unha vez comece o xogo, estará sempre en movemento, situándose na posición en que se atope o alumno cada vez que tire o dado. Se o discente falla a pregunta, o cursor retrocederá dous cadriños como penalizacion.

A partir deste cadriño se suceden os diferentes grupos de preguntas, estruturados en forma de espiral, e identificadas cada un con un debuxo distinto, como se pode observar na seguinte imaxe:

Á dereita da pantalla, se atopan os botóns de interese para todos os usuarios. Dende aquí o alumno iniciará o xogo, pulsando na tecla TIRAR DADO. Á dereita se atopa un número, que sae de forma aleatoria cada vez que o discente xogue. Aquí atoparemos tres botóns, onde poderemos comprobar o número total de respostas que leva o alumno ("CONTESTACIONS"). O número de acertos se poderá comprobar no cadriño "ACERTOS" e o de fallos en "ERROS". Cada resposta correcta sumará 10 puntos e a fallada restará outros 10.

Na parte superior do taboleiro ofrécese a posibilidade de executar o mesmo en diferente idioma: GALEGO, ou CASTELLÁN. O xogo continuará no idioma seleccionado. Unha vez comezado o xogo, tras pulsar o cadriño de TIRAR DADO, o cursor (corchea) se situará no cadriño no que se caeu. Nese momento aparecerá unha nova pantalla coa pregunta.

É fundamental que o profesor incida sempre na necesidade de pulsar este cadriño, que aparece en todos os grupos de preguntas, xa que non podemos obviar que a finalidade do xogo é eminentemente educativa, polo que o noso interese estará sempre dirixido a fomentar a busca de máis información.

Unha vez que o alumno estea en condicións de seleccionar unha das opcións que se lle ofrece para responder, pode atoparse cunha resposta falsa, ou coa correcta.

Dada a finalidade educativa do xogo, tanto si o alumno chega á resposta acertada, como si responde inadecuadamente, entendemos que non se trata só de dar unha contestación, senón que o que se pretende vai moito máis aló, e polo tanto é necesario afondar máis.

Deste xeito na pantalla das respostas de novo aparecerá a opción de **COÑOCER MÁIS** sobre cada unha das opcións de resposta que se ofrece, como se pode apreciar nos exemplos seleccionados a continuación.



(Exemplo de pregunta de Linguaxe Musical)



As preguntas sobre músicos están formuladas dentro dun contexto histórico, e se proporcionará aos alumnos tres posibles opcións (dúas correctas e unha falsa). Buscando un maior impacto educativo, o discente poderá acceder a unha base de datos con información relevante tanto na pregunta, como nas repostas.





COÑECER MÁIS da pregunta

COÑECER MÁIS da resposta

Buscando sempre unha maior incidencia educativa, cada vez que apareza o seguinte debuxo, o alumno terá a oportunidade de escoitar un fragmento dunha obra musical representativa dun compositor, dunha época, dun estilo, ou dun instrumento como solista, segundo o tipo de pregunta na que se atope.

ESCOITAR

Os fragmentos seleccionados son breves, para non provocar o fastío no alumnado, e motivalos a escoitar todas as opcións que se lles aparecen.



ACEPTAR.

Por último, con esta opción saímos da pregunta, o alumno continuaría xogando.

O xogo terminará cando o alumno chegue ao cadriño 59.

4.- Experimentación cos alumnos

O xogo foi experimentado en primeiro lugar cos meus alumnos de 3º de ESO no terceiro trimestre do curso 2003-04 e 04-05 (xa que o contido do xogo abarca a totalidade do currículo), e cos de 4º de ESO como repaso da materia do curso anterior.

En xeral entro o alumnado do 3er curso adoita haber moitos repetidores, cun interese polos estudos en xeral nulo. Tras un intento de acercamento aos contidos da área de música, a traveso de realizar unha busca nas diferentes páxinas Web existentes relacionadas coa materia, puxen en práctica o xogo musical. Ademais, e dado que en 3º da ESO a materia de música ten un contido máis teórico, resultoulles moito máis amena a nova experiencia, polo que foi moi ben acollida entre os discentes, que desexaban constantemente acceder aos ordenadores, dende o momento en que coñeceron o xogo.

Incluso foi de grande utilidade como axuda na avaliación, xa que eu podía valorar o avance diario que tiña cada alumno, o seu esforzo por contestar axeitadamente, o que podía comprobar tanto a traveso do seguimento dos alumnos, como no número de respostas correctas e incorrectas acertadas, ou nos puntos obtidos. A este respecto cabe destacar que esto repercutiu nos resultados

obtidos a final de curso, xa que conseguín chegar a un 80% de aprobados, cifra impensable a principio de curso (na 1º avaliación chegamos tan só ao 50%).

En definitiva, o resultado obtido foi magnífico, constatado cun aumento considerable no número de aprobados (aproximadamente un 30% más con respecto ás avaliacións anteriores) xa que espertou un gran interese e expectación entre o alumnado, quizais pola innovación que para eles supón o uso de material informático en materias que tradicionalmente non o requirían.

Posteriormente repetimos a experiencia cos nosos alumnos de historia da música e audicións do conservatorio de Vilalba, experiencia moito máis enriquecedora que en Secundaria, xa que partimos de alumnos motivados pola materia.

O xogo é moi sinxelo de manexar, polo que cos datos sinalados anteriormente, calquera persoa pode ter acceso a el, sendo fácil a súa utilización incluso para alumnos con problemas de aprendizaxe.

5.- Conclusións

Consideramos que os profesores debemos sentirnos na obriga de introducir na educación e formación do noso alumnado o mundo cibernético e virtual, para adaptarnos deste modo ás novas demandas sociais e de aprendizaxe que na actualidade se solicita aos centros educativos de ensino primario e secundario, á vez que con elo podemos atopar ese punto de acercamento que podemos ter cara ao discente.

As conclusións ás que chegamos con esta experiencia nos inducen a pensar que é fundamental que o profesorado busque novas técnicas e estratexias de traballo para lograr unha maior aproximación a un alumnado cada día máis dispar, e que estas están intimamente vinculadas coa introdución na aula da informática, as novas tecnoloxías, Internet, etc.

Pola nosa parte, só nos resta constatar os bos resultados conseguidos coa introducción na aula da informática, a través da busca en Internet, e en especial có uso deste xogo, e que, en definitiva:

- ✓ O seu uso é altamente motivador para o alumno.
- ✓ Permite adquirir experiencias e coñecementos dun modo moi enriquecedor para os alumnos.
- ✓ Desenrola de xeito ameno a capacidade de resolución de cuestións formuladas con certa picardía.

Bibliografía

Alàs, A.; Bartolomé, A.R. y Otros (2002). *Las tecnologías de la información y de la comunicación en la escuela*, Col. Claves para la innovación educativa, nº 18, Barcelona: Graó.

Ardley, N. (1995). Cómo funciona la música. Londres: Dorling Kindersley Book.

Ausina, R. et Al. (2003). Reflexiones sobre la educación musical en la enseñanza obligatoria. *Eufonía* 28. Barcelona: Grao. Pp.30-42.

Ausubel, Novak y Hanesian (1983). *Psicología Educativa: Un punto de vista cognoscitivo*. 2ª Ed. México: Trillas.

Barrios Manzano, Mª P. (1999). La formación del profesorado universitario de música didáctica de la expresión musical: Características y problemática. En *Revista electrónica Interuniversitaria de Formación del Profesorado*, 2(1). [Disponible en http://www.uva.es/aufop/publica/revelfop/99-v2n1.htm] (8/07/05)

Bartolomé, Antonio R. (2002, 3ªed.). *Nuevas tecnologías en el aula. Guía de supervivencia*, Col. Materiales para la innovación educativa, nº 13, Barcelona: Graó & ICE de la UdB.

Beltrán, J.M. (2002). Juguetes sonoros. En BELTRÁN, J.M.; DÍAZ, J.; PELEGRÍN, A. y ZAMORA, A. *Folklore musical infantil*. Madrid: Akal. Pp.61-141.

Euridyce (2001). *Indicateurs de base sur l'integration des TIC dans les systèmes éducatifs europèns. Faits et chiffres*. Bruxelles: EURYDICE.

Hemsy De Gaínza, V. (2002). *Pedagogía musical: dos décadas de pensamiento y acción educativa*. Buenos Aires: Lumen.

López Rodríguez, A. y Otros (2002). *Música*. Coruña: Galinova S.L

Marqués Graells, P. (2003). La escuela del futuro ya está aquí: así están cambiando nuestros centros docentes. En el *VIII Congreso de Informática Educativa*. UNED. Madrid.

Roch, J. (2000). Educar mediante la música. En revista electrónica *Barcelona, Metrópolis Mediterránea nº* 49. [Disponible en http://www.publicacions.bcn.es/bmm/49cs_index.htm]. Pp 4-7 (3/08/05).

Roche, E.M. (1987). Música y Sistemas Educativos en Europa. En el *Primer Congreso de Música en la Escuela*. Las Palmas de Gran Canaria.

Sadie, S. (1994).*Guía Akal de la música*. Madrid: Akal.

Sanjosé Huguet, V. (1997). *Didáctica de la expresión musical para maestros*. Valencia: Piles.

Swanwick, K. (1991). *Música, pensamiento y educación*. Madrid: Morata M.E.C.

Trahtemberg, L. (2000). El impacto previsible de las nuevas tecnologías en la enseñanza y la organización escolar. *Revista Iberoamericana de Educación*. 37-62. México.

Weeks, M. (2000). *Música Clásica*. Madrid: Celeste Ediciones.

CONCLUSIÓNS

CONCLUSIÓNS

Ana Mª Pose Blanco
Mª Helena Zapico Barbeito
Universidade de Santiago

Concibimos este encontro como unha oportunidade de crear un espazo común, onde portugueses, galegos e representantes doutras comunidades e centros de investigación do Estado podemos reflexionar, compartir e intercambiar ideas e experiencias entorno ás TIC e ás repercusións das mesmas na educación de hoxe, abrindo camiños comúns cara a superación dos retos que nos plantexa o futuro.

Ó longo destas tres intensas xornadas tivemos a oportunidade de afondar entorno a un concepto que se perfila amplo, complexo e multidimensional: a Fenda Dixital que caracteriza á actual Sociedade da Información e da Comunicación. Esta quebra obsérvase entre os países ricos e os países pobres (onde a brecha convértese nun auténtico abismo), entre o urbano e o rural, entre sexos, idades, dentro dos propios centros educativos... en definitiva, créase unha fenda entre aquelas persoas que teñen acceso e se poden beneficiar das novas tecnoloxías (NNTT) e aquelas outras que por cuestións económicas e/ou educacionais teñen o seu uso vetado, quedando marxinadas nun novo tipo de analfabetismo, o analfabetismo dixital.

A pesar das limitacións coas que aínda nos atopamos a nivel estructural, non podemos obviar que cando menos no caso galego e portugués estas non deixan de ser solventables a medio ou longo prazo. Tal e como sinalou o Reitor da Universidade de Vigo, Domingo Docampo, "hoxe en día a variedade de medios e accesos xa non constitúen un problema", de feito en moitas ocasións atopámonos ante o problema inverso: contamos con recursos tecnolóxicos pero non sabemos aproveitar as potencialidades que estes nos ofrecen.

A intensa experiencia de reflexión que se compartiu ó longo deses días puxo de manifesto a capacidade para crear un debate rico, caleidoscópico, heteroxéneo, colmado de ideas e plantexamentos inspiradores entorno as realidades portuguesa e galega.

Unha das ideas recorrentes nas diversas sesións foi a de que nos atopamos nunha sociedade caracterizada pola omnipresencia da tecnoloxía e a sobreabundancia de medios de información e comunicación. Manuel Area falaba de "empacho, fartura, de saturación de información", en detrimento dos procesos de construcción do coñecemento.

Xa na Conferencia Inaugural, Docampo apuntaba que "extraer información nunca foi tan doado como agora pero escoller aquela máis relevante e veraz nunca foi máis difícil" e viamos cómo "a fenda" pode estar na maneira na que nos aproximamos á tecnoloxía, enfatizando a necesidade de "aprender facendo" e de deixar tempo a alumnado e profesorado para pensar.

Miguel Vázquez Freire comezou a súa intervención cun percorrido pola historia do grupo de traballo "Pé de Imaxe", inscrito en Nova Escola Galega e adicado á análise e reflexión entorno á Educación para os Medios (EpM). Fixo fincapé, asemade, nas resistencias ou as dificultades da integración da EpM no currículo, debido substancialmente á ausencia de conciencia social, ó déficit de investigacións e estudos, e ós atrancos formativos, epistemolóxicos e corporativos que presentan os docentes. O autor considera que o mellor xeito de integrar a EpM no curriculum é valéndose da transversalidade, alertando do perigo de deixar en mans do mercado a introducción das novas tecnoloxías, sen as necesarias reflexións pedagóxicas previas.

Nesa mesma mañá coñecimos dúas experiencias, as de María José Vitorino e Cristina Novoa, que poñían de manifesto cómo as TIC pódense converter en instrumentos dinamizadores das bibliotecas escolares, conscientes de que estes recursos deben ser concibidos como medios e non como fins, unha idea que foi constante en numerosas intervencións. Vitorino deu a coñecer diversas páxinas web de bibliotecas escolares de distintas nacionalidades, centrándose especialmente na Rede de Bibliotecas Escolares de Portugal. Pola súa parte, Novoa reflexionou sobre o sentido da introducción das TIC nas bibliotecas escolares, para que se convertan en verdadeiros centros de información e espazos vivos de convivencia e aprendizaxe.

Pola tarde tivémo-la oportunidade de coñecer diversas experiencias sobre a introducción das TIC nos eidos formal e non formal. No eido formal, María Gabriel Bulas e Luis Cachafeiro mostráronnos cómo empregan as TIC na súa práctica diaria, en infantil e en secundaria respectivamente, sen caer no erro de mitificar estas ferramentas senón facendo un uso intelixente e baseado nun modelo pedagóxico axeitado. Así, mentres que a profesora portuguesa Bulas Cruz falou do seu proxecto para crear hábitos de convivencia coas NNTT nos nenos e nenas de infantil, procurando incluír ós rapaces con necesidades educativas especiais, Cachafeiro, pola súa banda, foi quen de amosarnos as posibilidades que ofrecen as TIC no traballo coas matemáticas, entendidas na súa dimensión social ó vencellalas directamente coa Educación en Seguridade Vial.

En canto ó eido non formal, vimos as posibilidades de dinamización das relacións sociocomunitarias que poden ofrecer as *vilas dixitais*: A Estrada, Vilalba, As Pontes ou Lugo son un exemplo.

Na segunda xornada, Manuel Area, tras facer un repaso histórico e achegarnos ás orixes da institución escolar, reflexionou sobre o papel actual da escola no que el denomina *labirinto tecnolóxico*, destacando a necesidade urxente de crear políticas educativas destinadas a facilitar a integración escolar das novas tecnoloxías. Segundo Area, unha das claves para superar a fenda dixital radica sen dúbida na formación do profesorado na cultura dixital e na creación de materiais didácticos multimedia por parte destes profesionais, dacordo cun modelo de ensino-aprendizaxe socioconstructivista. O autor remataría a súa intervención plantexándonos un inquedante dilema: cómo educar ós cidadáns do s. XXI con profesores do s. XX nunha institución nacida no s. XIX?.

Con ese interrogante ainda bulindo nas nosas cabezas, a segunda xornada continuou coa participación de Alfonso García Tobío, Joaquín Escola e Roberto Noguerol, quenes nos axudarían a comprender as dimensións e implicacións reais que trae consigo a fenda dixital, tanto a nivel galego-portugués como a nivel internacional, incidindo nas consecuencias sociais, económicas e culturais que trae consigo a implantación das novas tecnoloxías dacordo cun modelo máis pensado no mercado que na educación e a formación de calidade. A agudización das desigualdades e das situacións de inxustiza e exclusión, así como a privatización do coñecemento, serían algunhas desas nefastas consecuencias contra as que os poñentes nos animaban a loitar.

Nesa mesma liña e xa pola tarde, teriámo-la oportunidade de afondar nunha iniciativa que certamente axuda a loitar contra esa fenda: a experiencia de "Ponte... nas Ondas", un exemplo de uso intelixente das novas tecnoloxías. Aproveitamos estas breves notas para pór de manifesto que o I Congreso Ibérico "A Fenda Dixital" apoia a candidatura de Ponte nas Ondas á Unesco para a proclamación de Obra Mestra da Humanidade para a cultura galego-portuguesa. Asemade, valora moi positivamente o traballo realizado por esta asociación dende o ano 1995 no aproveitamento axeitado das tecnoloxías ao servizo duns obxectivos educativos que neste congreso tamén asumimos, como os de tender pontes educativas, culturais e mesmo afectivas entre os pobos galego e portugués.

Ó longo da derradeira xornada comezamos achegándonos, da man de Esther del Moral, á contribución das TIC ó desenvolvemento e progreso da Escola Rural do s. XXI, nunha exposición na que deu a coñecer algunhas das experiencias que se están a levar a cabo nas aldeas asturianas en materia de incorporación das TIC ó ensino e que poñen de manifesto como o profesorado, a súa formación e o modelo pedagóxico que defenda, erixese incuestionablemente como peza clave do cambio.

A continuación, Jesús Rodríguez e José Joao Bianchi adentraríannos nun mundo de interrogantes e reflexións respecto da necesaria relación entre as TIC e os libros de texto. Así, o primeiro insistía na necesidade tanto de levar a cabo investigacións máis profundas e rigorosas en relación ás posibilidades reais que nos ofrecen as TIC no ensino, coma de xerar un debate respecto á integración curricular dos novos materiais, sen deixar a toma de decisións en mans das editoriais e tentando contribuir realmente coas TIC á democratización cultural. Pola súa parte, o profesor Bianchi transmitíunos as súas inquedanzas respecto ó valor da oralidade, que non debe ser esquencido entre tanto ruido mediático, e reivindicou así mesmo a valía do libro de texto e as súas posibilidades, que poden evoluir parellamente ás das TIC, nunha convivencia rica.

Como colofón á última mañá, a profesora Eva Garea presentounos a súa valiosa experiencia de apricación das TIC na súa práctica profesional, empregando o hipertexto como unha alternativa ó libro de texto no campo da Filosofía, e adentrándonos no universo de posibilidades e limitacións que trae consigo o deseño e utilización de páxinas web para facer atractiva a disciplina e achegala ós rapaces dun xeito práctico, cuestionador e xerador dunha auténtica aprendizaxe significativa.

Finalmente, Javier Echeverría axudaríanos a por punto e final ó encontro que durante tres días viñemos compartindo, a través dunha intervención inspiradora na que nos axudou a comprender os diversos significados que poden ter realidades como a riqueza e a pobreza, interpretables en base a unha xenial proposta conceptual vencellada cos "tres entornos", así como a albiscar as auténticas e múltiples dimensións da fenda dixital, que van do científico ó militar, do económico ó tecnolóxico, pasando polo lingüístico, o cultural, o social e, por suposto, o educativo.

En definitiva, houbo tempo para abordar temas certamente serios, para bosquexar e poñer sobre a mesa grandes inquedanzas, temores, dúbidas, demandas... Mais tamén houbo tempo para o diálogo, a convivencia, o sorriso, a música, o intercambio e o compartir trazos das identidades culturais que nos unen, nos achegan e nos enriquecen mutuamente.

Coidamos, en calquera caso, e tamén como se insistiu durante eses días de traballo compartido, que debemos ser humildes, co cal temos que dicir que somos plenamente conscientes das limitacións e das posibilidades de mellora das xornadas, facéndonos eco dalgunhas das peticións e propostas que xurdiron ó longo do congreso:

- darlle máis protagonismo ás experiencias prácticas;
- abrir máis espazos de encontro, debate e traballo grupal;
- incorporar máis momentos de expansión cultural e lúdica;

- ou mesmo tentar crear videoconferencias para ampliar os límites do foro.

Nembargantes, non podemos esquecer que este non foi máis que o primeiro dun conxunto de encontros ós que pretendemos dar pulo e continuidade no tempo.

A FENDA DIXITAL

Organización

Dr. Xosé Manuel Cid Fernández
Universidade de Vigo-Nova Escola Galega

Dr. Xesús Rodríguez Rodríguez
Universidade de Santiago-Nova Escola Galega

Mariló Candedo Gunturiz
Universidade da Coruña-Nova Escola Galega

Dr. Américo Nunes Peres
Univ. De Tras-Os-Montes e Alto Douro (Portugal)

Miguel Vázquez Freire
Pé de Imaxe- Nova Escola Galega

Alfredo Abeledo Penas
Concelleria de Cultura - Concello de Silleda

Comité científico

Profa Dra. Mª Lourdes Montero Mesa
Catedrática e Directora do Dpto de Didáctica e Org. Escolar da Universidade de Santiago de Compostela

Prof. Dr. Manuel Area Moreira
Catedrático de Didáctica da Universidade da Laguna

Prof. Dr. Xesús Rodríguez Rodríguez
Profesor Titular do Dpto de Didáctica e Org. Escolar da Universidade de Santiago de Compostela

Prof. Dr. Xosé Costa Pinto
Profesor Titular da Universidade de Tras-Os-Montes e Alto Douro (Portugal)

Prof. Dr. José Afonso Bulas Cruz
Profesor Titular do Dpto. de Engenharias e Vicereitor da Universidade de Tras-Os Montes e Alto Douro (Portugal)

Colaboración

Ana Pose Blanco

Mª Helena Zapico Barbeito

Patricia A. Fernández García

Ana Castro Rodríguez

Mª Concepción Cochón Núñez

Mª Isabel Ferreiro González